



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

IX lexislatura
Número 159

Sesión Plenaria
29 de xuño de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 4. Mocións

4.1 51384 (09/MOC-000188)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego público. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 3778, publicada no BOPG nº 58, do 26.02.2013, e debatida na sesión plenaria do 07.06.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 659, do 15.06.2016

4.2 51385 (09/MOC-000189)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co tratamento das augas residuais. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 42684, publicada no BOPG nº 539, do 21.10.2015, e debatida na sesión plenaria do 07.06.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 659, do 15.06.2016

4.3 51386 (09/MOC-000190)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa xestión do Goberno galego no referido á situación do sector lácteo, as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 43220, publicada no BOPG nº 545, do 04.11.2015, e debatida na sesión plenaria do 07.06.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 659, do 15.06.2016

Punto 5. Proposicións non de lei en Pleno

5.1 46042 (09/PNP-003819)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Asociación Galega de Familias Numerosas

De iniciativa popular, sobre redución do tipo impositivo do IVE dos cueiros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 658, do 14.06.2016

5.2 50551 (09/PNP-003711)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a posición do Parlamento de Galicia a respecto do establecemento dun marco de relacións laborais e negociación colectiva

Publicación da iniciativa, BOPG nº 646, do 19.05.2016

5.3 50798 (09/PNP-003739)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Goldar Güimil, Jesús Antonio, e catorce deputados/as máis**

Sobre a solicitude polo Goberno galego aos concellos da Coruña, Lugo, Santiago de Compostela, Vigo e Ourense da adopción das medidas necesarias durante o ano 2016 para estender a gratuidade do transporte urbano aos menores de dezaioito anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

5.4 50889 (09/PNP-003756)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Adán Villamarín, María do Carme, e dous deputados/as máis**

Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

5.5 50903 (09/PNP-003757)**Grupo Parlamentario Mixto****Fernández Rodríguez, Mónica, e Martínez García, María Consuelo**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias reflectidas no informe presentado pola organización de conservación da natureza World Wildlife Fund respecto do Plan director da Rede Natura 2000 en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

5.6 50924 (09/PNP-003759)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia, e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de decreto polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 656, do 08.06.2016

5.7 51317 (09/PNP-003792)**Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda****Vázquez Díaz, Ramón, e cinco deputados/as máis**

Sobre a aplicación polo Goberno galego, para o curso 2016-2017, dunha tarifa de matrícula reducida a todos os estudantes universitarios sen dereito á docencia procedentes das antigas licenciaturas e dos novos graos establecidos polo Espazo Europeo de Educación Superior

Publicación da iniciativa, BOPG nº 659, do 15.06.2016

5.8 51285 (09/PNP-003787)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ferreiro Vidarte, María de los Ángeles, e tres deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co baremo para a valoración do grao de discapacidade das persoas con enfermidades neurodegenerativas, e os seus procesos de revisión e actualización

Publicación da iniciativa, BOPG nº 659, do 15.06.2016

Punto 6. Interpelacións

6.1 44913 (09/INT-001706)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, e catro deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación demográfica de Galicia e as súas consecuencias para a economía e a sociedade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 573, do 16.12.2015

6.2 51050 (09/INT-001979)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a política de prevención e defensa contra incendios forestais da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 656, do 08.06.2016

6.3 51309 (09/INT-001984)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción, e dous deputados/as máis

Sobre a diminución do persoal docente e investigador no Sistema universitario de Galicia nos últimos anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 659, do 15.06.2016

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

7.1 51617 (09/POPX-000195)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre o balance da política xeral do Goberno galego en relación coa mellora dos dereitos da cidadanía

Publicación da iniciativa, BOPG nº 663, do 22.06.2016

7.2 51621 (09/POPX-000196)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa dirección que está a seguir Galicia en materia de emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 663, do 22.06.2016

7.3 51639 (09/POPX-000197)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as razóns da crítica aos médicos do sistema sanitario público que denunciaron o atraso na dispensación dos medicamentos contra a hepatitis C

Publicación da iniciativa, BOPG nº 663, do 22.06.2016

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.2 51638 (09/PUP-000282)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel, e cinco deputados/as máis

Sobre as medidas que vai implementar o Goberno galego para evitar o incremento dos accidentes laborais graves

Publicación da iniciativa, BOPG nº 663, do 22.06.2016

8.3 47349 (09/POP-004508)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente, e dous deputados/as máis

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da posibilidade de dotar de tabletas os centros educativos que imparten a etapa de educación infantil

Publicación da iniciativa, BOPG nº 606, do 24.02.2016

8.4 45707 (09/POP-004226)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen, e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do disposto na Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 590, do 27.01.2016

8.5 51626 (09/PUP-000281)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Paz Franco, María Tereixa

Sobre as razóns do Goberno galego para non asinar un convenio colectivo cos traballadores do Consorcio Galego Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 663, do 22.06.2016

8.6 45253 (09/POP-004129)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa ampliación dos contratos dos traballadores e traballadoras de Seaga

Publicación da iniciativa, BOPG nº 585, do 20.01.2016

8.7 49019 (09/POP-004744)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón, e cinco deputados/as máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para recorrer a traballadores do sector privado en lugar do persoal de Seaga para os traballos de limpeza dos montes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 06.04.2016

8.8 49617 (09/POP-004837)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel, e sete deputados/as máis**

Sobre as actuacións concretas susceptibles de realización, ao abeiro do convenio de colaboración proposto a través da Consellería do Medio Rural aos concellos galegos, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

8.9 50310 (09/POP-004929)**Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda****Fajardo Recouso, Juan Manuel, e cinco deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da instalación dos medios técnicos necesarios para posibilitarlles aos mariscadores da ría de Ferrol a obtención das guías de transporte de xeito telemático sen necesidade de desprazarse fisicamente á máquina de expedición do documento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 646, do 19.05.2016

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Patricia Vilán Lorenzo, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o balance da política xeral do Goberno galego en relación coa mellora dos dereitos da cidadanía. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 16.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 17.)

Réplica da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 19.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 20.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión do Goberno galego en relación coa dirección que está a seguir Galicia en materia de emprego. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 21.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 22.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 24.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 25.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as razóns da crítica aos médicos do sistema sanitario público que denunciaron o atraso na dispensación dos medicamentos contra a hepatite C. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 27.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 29.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 31.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 32.)

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego público. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Rodríguez Arias) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 34.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 34.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 37.) e *Sr. Fajardo Recouso (AGE)* (Páx. 38.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Paz Franco (BNG)*. (Páx. 40.) e *Sr. Fernández Gil (P)* (Páx. 42.)

Nova intervención da señora Blanco Rodríguez (S) (Páx. 44.)

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co tratamento das augas residuais. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Rodríguez Arias) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 45.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Sánchez Bugallo (S)* (Páx. 45.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Fajardo Recouso (AGE)* (Páx. 47.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Fernández Rodríguez (M)* (Páx. 49.), *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 51.) e *Sr. Trenor López (P)* (Páx. 52.)

Nova intervención do señor Sánchez Bugallo (S) (Páx. 54.)

Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa xestión do Goberno galego no referido á situación do sector lácteo, as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 56.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 59.), *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 60.), *Sr. García García (S)* (Páx. 62.) e *Sra. García Pacín (P)*. (Páx. 64.)

Nova intervención do señor Sánchez García (AGE). (Páx. 66.)

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego público: *rexeitado por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención* (Páx. 67.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co tratamento das augas residuais: *rexeitado por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención* (Páx. 67.)

Votación da Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa xestión do Goberno galego no referido á situación do sector lácteo, as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención* (Páx. 67.)

Proposición non de lei de iniciativa popular, promovida pola Asociación Galega de Familias Numerosas e asumida polo G.P. Popular de Galicia, sobre redución do tipo impositivo do IVE dos cueiros. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 68.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 69.), *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx.71.), *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 72.) e *Sr. González Santín (S)* (Páx. 73.)

Nova intervención da señora Rodríguez Arias (AGE). (Páx. 75.)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e D. Francisco Jesús Jorquera Caselas, sobre a posición do Parlamento de Galicia a respecto do establecemento dun marco de relacións laborais e negociación colectiva. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 76.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 77.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 81.), *Sr. Fajardo Recouso (AGE)* (Páx. 82.), *Sra. Quintas Álvarez (S)* (Páx. 84.) e *Sra. Romero Fernández (P)*. (Páx. 86.)

A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse sobre as emendas e pechar o debate. (Páx. 88.)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Jesús Antonio Goldar Güimil e catorce deputados/as máis, sobre a solicitude polo Goberno galego aos concellos da Coruña, Lugo, Santiago de Compostela, Vigo e Ourense da adopción das medidas necesarias durante o ano 2016 para estender a gratuidade do transporte urbano aos menores de dezaoito anos. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 89.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Goldar Güimil (P)*. (Páx. 91.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Fernández Rodríguez (M)* (Páx. 93.), *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx.94.) e *Sr. Fernández Fernández (S)* (Páx. 96.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)* (Páx. 98.)

O señor Goldar Güimil (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 99.)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María do Carme Adán Villamarín e dous deputados/as máis, sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 102.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 105.), *Sr. Vázquez Díaz (AGE)* (Páx. 106.), *Sr. Val Alonso (P)* (Páx. 108.) e *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 110)

Nova intervención da señora Adán Villamarín (BNG). (Páx. 112.)

Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Mónica Fernández Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias reflectidas no informe presentado pola organización de conservación da natureza World Wildlife Fund respecto do Plan director da Rede Natura 2000 en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 113.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Fernández Rodríguez (M)*. (Páx. 113.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Trenor López (P)* (Páx. 116.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 118.), *Sr. Jorquera Caselas (BNG)* (Páx. 119.) e *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 120.)

A señora Fernández Rodríguez (M) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 122.)

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de decreto polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Gallego Lomba (S)*. (Páx. 123.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 125.), *Sr. Vázquez Díaz (AGE)* (Páx. 126.), *Sr. Pombo Rodríguez (BNG)* (Páx. 128.) e *Sra. Romero Fernández (P)*. (Páx. 129.)

Nova intervención do señor Gallego Lomba (S). (Páx. 131.)

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Ramón Vázquez Díaz e cinco deputados/as máis, sobre a aplicación polo Goberno galego, para o curso 2016-2017, dunha tarifa de matrícula reducida a todos os estudantes universitarios sen dereito á docencia procedentes das antigas licenciaturas e dos novos graos establecidos polo Espazo Europeo de Educación Superior. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 132.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Vázquez Díaz (AGE) (Páx. 133.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Burgo López (S) (Páx. 135.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Fernández Rodríguez (M). (Páx. 136.), *Sr. Pombo Rodríguez (BNG)* (Páx. 138.) *e Sr. Fariñas Romero (P)* (Páx. 139.)

O señor Vázquez Díaz (AGE) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 141.)

Proposición non de lei do G.P dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Ferreiro Vidarte e tres deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co baremo para a valoración do grao de discapacidade das persoas con enfermidades neurodexenerativas, e os seus procesos de revisión e actualización. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Ferreiro Vidarte (S). (Páx. 142.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Iglesias Sueiro (M) (Páx. 145.), *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 146.), *Sra. Adán Villamarín (BNG).* (Páx. 147.), *e Sr. Núñez Centeno (P).* (Páx. 148.)

Nova intervención da señora Ferreiro Vidarte (S). (Páx. 150.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei de iniciativa popular, promovida pola Asociación Galega de Familias Numerosas e asumida polo G.P. Popular de Galicia, sobre a redución do tipo impositivo do IVE dos cueiros: Aprobada por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 151.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre a posición do Parlamento de Galicia a respecto do establecemento dun marco de relacións laborais e negociación colectiva: rexeitado por 14 votos a favor, 57 en contra e ningunha abstención (Páx. 151.)

Votación da Proposición non de lei G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Jesús Antonio Goldar Güimil e catorce deputados/as máis, sobre a solicitude polo Goberno galego aos concellos da Coruña, Lugo, Santiago de Compostela, Vigo e Ourense da adopción das medidas necesarias durante o ano 2016 para estender a gratuidade do transporte urbano aos menores de 18 anos: *aprobada por 39 votos a favor, 8 en contra e 24 abstención* (Páx. 152.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María do Carme Adán Villamarín e dous deputados/as máis, sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia: *aprobada por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención*. (Páx. 152.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Mónica Fernández Rodríguez e D^a María Consuelo Martínez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias reflectidas no informe presentado pola organización de conservación da natureza World Wildlife Fund respecto do Plan director da Rede Natura 2000 en Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención* (Páx. 152.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de decreto polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención* (Páx. 153.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Ramón Vázquez Díaz e cinco deputados/as máis, sobre a aplicación polo Goberno galego, para o curso 2016-2017, dunha tarifa de matrícula reducida a todos os estudantes universitarios sen dereito á docencia procedentes das antigas licenciaturas e dos novos graos establecidos polo Espazo Europeo de Educación Superior: *rexeitado por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención* (Páx. 153.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Ferreiro Vidarte e tres deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co baremo para a valoración do grao de discapacidade das persoas con enfermidades neurodexenerativas, e os seus procesos de revisión e actualización: *aprobada por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención*. (Páx. 153.)

Interpelación de D^a María Soledad Soneira Tajés e catro deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación demográfica de Galicia e as súas consecuencias para a economía e a sociedade. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Soneira Tajés (S)*. (Páx. 154.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 157.)

Réplica da autora: *Sra. Soneira Tajés (S)*. (Páx. 159.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 161.)

Interpelación de D^a María Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política de prevención e defensa contra os incendios forestais da Xunta de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Paz Franco (BNG)*. (Páx. 162.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 165.)

Réplica da autora: *Sra. Paz Franco (BNG)*. (Páx. 169.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 171.)

Interpelación de D^a María Concepción Burgo López e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a diminución do persoal docente e investigador no Sistema universitario de Galicia nos últimos anos. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 172.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 175.)

Réplica da autora: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 178.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 180.)

Pregunta de D. Juan Manuel Fajardo Recouso e cinco deputados/as máis, do G.P. de Alternativa Galega de Esquerda, sobre as medidas que vai implementar o Goberno galego para evitar o incremento dos accidentes laborais graves. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fajardo Recouso (AGE)*. (Páx. 182.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 183.)

Réplica do autor: *Sr. Fajardo Recouso (AGE)*. (Páx. 184.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 185.)

Pregunta de D. Ricardo Vicente Docasar Docasar e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración pola Xunta de Galicia da posibilidade de dotar de tabletas os centros educativos que imparten a etapa de educación infantil. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Docasar Docasar (P)*. (Páx. 187.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 188.)

Réplica do autor: *Sr. Docasar Docasar (P)*. (Páx. 190.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 191.)

Pregunta de D^a María Carmen Acuña do Campo e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do disposto na Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Acuña do Campo (BNG)*. (Páx. 192.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 193.)

Réplica da autora: *Sra. Acuña do Campo (BNG)*. (Páx. 195.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 195.)

Pregunta de D^a María do Carme Adán Villamarín e D^a María Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns do Goberno galego para non asinar un convenio colectivo cos traballadores do Consorcio Galego Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 196.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 197.)

Réplica da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 199.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 200.)

Pregunta de D^a Consuelo Martínez García, do G.P. Mixto, sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa ampliación dos contratos dos traballadores e traballadoras de Seaga. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Martínez García (M)*. (Páx. 201.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 202.)

Réplica da autora: *Sra. Martínez García (M)*. (Páx. 203.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 204.)

Pregunta de D. Antón Sánchez García e cinco deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as razóns da Xunta de Galicia para recorrer a traballadores do sector privado en lugar do persoal de Seaga para os traballos de limpeza dos montes. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 205.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 206.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 208.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 209.)

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre as actuacións concretas susceptibles de realización, ao abeiro do convenio de colaboración proposto a través da Consellería do Medio Rural aos concellos galegos, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 211.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 211.)

Réplica do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 212.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 213.)

Pregunta de D. Juan Manuel Fajardo Recouso e cinco deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as previsións do Goberno galego respecto da instalación dos medios técnicos necesarios para posibilitarlles aos mariscadores da ría de Ferrol a obtención das guías de transporte de xeito telemático sen necesidade de desprazarse fisicamente á máquina de expedición do documento. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fajardo Recouso (AGE)*. (Páx. 214.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 215.)

Réplica do autor: *Sr. Fajardo Recouso (AGE)*. (Páx. 217.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 217.)

Remata a sesión ás nove e dous minutos do serán.

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiniciamos a sesión co punto sétimo da orde do día, que se corresponde con preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Patricia Vilán Lorenzo, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o balance da política xeral do Goberno galego en relación coa mellora dos dereitos da cidadanía

A señora VILÁN LORENZO: Bo día.

Señor presidente, sabe vostede que hoxe queremos que nos faga balance da súa política en relación coa mellora dos dereitos da cidadanía. Pero, sobre todo, ímoslle pedir que escoite estas historias reais que lle imos contar e que nos responda a todo o que o Grupo Parlamentario Socialista lle pregunta, sen rodeos e sen agocharse en descualificacións.

Poñamos que se chamaba María. Os seus fillos comezaran un procedemento con arreglo á Lei de dependencia de 2006 –socialista, por certo–. Comezáranos en outubro de 2008, pero o seu goberno, o seu, señor Feijóo, non resolvía. Por iso presentaron unha queixa ao Valedor en 2013, e o Valedor fixo unha recomendación á Consellería de Traballo e Benestar, que pasou de todo. Finalmente, María morreu a finais de 2014 sen ter recoñecida a súa dependencia e, polo tanto, sen ningún tipo de axuda.

¿Que lles diría vostede aos fillos de María, señor Núñez Feijóo? ¿Que lles diría ás máis de 16.000 persoas en lista de espera en Galicia, que é a comunidade autónoma con listas de espera máis grandes?

Poñamos que se chama Javier, un neno de infantil dos case 280 alumnos do Colexio de Coirón-Dena, en Pontevedra, unha construción do ano 69 sen ningunha obra relevante. Javier xoga nun areeiro cheo de pulgas no verán, come nun barracón de obra a modo de comedor que se adaptou así, provisionalmente, no ano 2009, pasa frío en inverno porque as fiestras corredeiras dos pasillos dos dous módulos deixan entrar o aire aínda estando pechadas e a calefacción non funciona axeitadamente. ¿Que lles diría vostede aos pais de Javier, señor Núñez Feijóo, que son socios da ANPA Sementeira, e que xa lle presentaran estas deficiencias á súa Consellería de Educación e ao xefe territorial de Educación nun informe de 2013?

Poñamos que se chama Antonio. É mariñeiro do cerco en Redondela, axudou a montar o campamento diante de San Caetano en outubro do ano pasado e rematouno en xaneiro deste ano. Pasou alí Noiteboa e Nadal, coa súa familia. Facía frío. ¡Menos mal que, cos seus compañeiros, levaron mantas e comida! Tivo que facer turnos de garda durante 24 horas cada 3 días con 30 compañeiros máis. ¿Que lle diría vostede a Antonio, señor Núñez Feijóo, se el lle preguntase por que presume vostede das súas maiorías? ¿Pero non lle valeu que a maioría do cerco, o 80 %, lle reclamase a mellora dos seus dereitos de cota? ¿Que lle tería dito se

vostede se dignase a baixar ao céspede e a visitar as tendas de campaña algunha vez naqueles 90 días?

Poñamos que se chamaba Ana, enferma de hepatite C, que tivo que agardar sete meses por un tratamento prescrito polos seus médicos que non chegou nunca. Ana morreu, señor presidente da Xunta, e por iso hai dous altos cargos de vostede que están imputados no Xulgado número de 3 de Instrución de Santiago de Compostela. ¿Que lles diría vostede aos fillos de Ana, señor Núñez Feijóo? ¿Como lles explicaría que a súa nai morreu mentres agardaba por que o Sergas desbloquease o tratamento aprobado polos médicos?

E, por último, señor presidente. Poñamos que estes e outros, María, Javier, Antonio e Ana, tivesen que acudir aos tribunais de xustiza para defender os seus dereitos, vulnerados polas súas políticas, as políticas do seu goberno, e que tivesen que pedir –quixesen pedir– asistencia xurídica gratuíta pero gañasen 915 euros ao mes. ¿Sabe que lles pasaría? Pois que non terían dereito á gratuidade, porque superarían os 12.780 euros anuais cando antes eran 14.910.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ¿Que lles diría?, ¿que paguen do seu peto o seu avogado e o seu procurador?, ¿ou lles diría que desboten a posibilidade de defender os seus dereitos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora VILÁN LORENZO: ...ante os tribunais de xustiza? ¿Pode darnos un balance –señor presidente, remato agora mesmo– da súa política xeral en relación coa mellora dos dereitos da cidadanía de Galicia?

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Grazas, señor presidente.

Señoría, o que lles digo e o que lles sigo dicindo aos galegos é que, a pesar de vivir a maior crise económica que unha comunidade autónoma afrontou, a pesar de deixar vostedes 2.000 millóns de euros nos caixóns –é dicir, a pagar– e a pesar de ter cada ano aproximadamente outros 2.000 millóns de euros menos para xestionar os servizos públicos dos galegos, lles diría que hoxe o dereito, os dereitos dos galegos, están mellor protexidos, fundamentalmente, señoría, porque agora os podemos pagar.

Evidentemente, non teño máis que tres minutos para respostarlle, pero si lles diría algunhas cousas aos galegos e ás galegas. En primeiro lugar, que a clave para seguir tendo bos servizos públicos é o emprego. E, por iso, diríalles aos galegos que cando cheguei ao Goberno se des-

truían 50.000 postos de traballo no último ano do seu goberno e que agora estamos creando aproximadamente entre 16.000 e 20.000 postos de traballo máis cada ano.

Señoría, diríalles que hai máis dereitos hoxe, por exemplo, na sanidade pública, porque hai menos espera para as intervencións cirúrxicas, porque agora hai un dereito á segunda opinión que antes non había, (*Murmurios.*) porque agora hai dereito á elección de especialista e de hospital, que antes non o había, porque agora o 70 % dos galegos temos dereito a ter un hospital novo ou reformado, porque agora os galegos temos dereito á máis alta tecnoloxía, e por iso investimos 80 millóns de euros, e porque agora todos os galegos temos dereito á receita electrónica e á historia clínica.

E, agora, señoría, temos tamén máis dereitos en educación. Por exemplo, somos a comunidade de España con máis profesores por alumno; temos máis prazas de comedor. E diríalle a esa persoa que vostede chama Javier, efectivamente, que temos nada máis e nada menos que un 23 % máis de prazas de comedores escolares, que temos un 53 % máis de prazas de formación profesional, que temos dereito en Galicia a ter as taxas universitarias máis baixas de España, que temos dereito agora a estudar unha terceira lingua –máis de 90.000 o están facendo– e que tamén temos dereito a máis tecnoloxías, cousa que con vostedes non as había.

Señoría, claro que temos máis dereitos: dereitos a maiores prazas en escolas infantís; temos dereito, por exemplo, por primeira vez en Galicia, a ter unha tarxeta por cada bebé que naza no ano 2016 e no ano 2017 a razón de 100 euros ao mes; temos dereito, señorías, a axudas para a redución de xornada para os pais e as nais que o necesitan; temos dereito a dúas semanas máis de paternidade para as nais e os pais que son pais; temos dereito, señoría, a maior flexibilidade laboral; temos dereito a maior teletraballo. Señoría, diríalle que cando cheguei ao Goberno os socialistas pagaban a 14.000 dependentes. E, a pesar de ter 2.000 millóns de euros menos cada ano, estamos pagando a 41.000, e agora imos comprometernos a chegar a 50.000.

Señoría, tome razón destes dereitos, que seguro que lle interesan. Vostede faloume de 5, eu estoulle falando de 30.000 máis dependentes. Por iso, señoría, se prestaramos atención aos dereitos, probablemente non veríamos a Galicia negra que vostede ve; probablemente desde o seu escano non se poida ver doutra cor.

Señoría, temos máis dereito á atención no fogar –un millón de horas máis nestes meses–, temos dereito ás maiores axudas que nunca pagou unha comunidade autónoma –esta– na renda de integración social, temos dereito a máis vivendas, cando algunha persoa queda sen vivenda, temos dereito a máis bonos de aluguer.

Señoría, claro que temos máis dereitos, o que me parece...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...soprendente é que vostede non asuma a responsabilidade dos recortes dos dereitos cando vostedes gobernaban e de intentar entre todos solventar os recortes que vostedes fixeron.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica.

Señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas.

Grazas, presidente.

Señor presidente da Xunta de Galicia, vostede sabe que nas ditaduras tamén hai dereitos, hai constituicións e hai normas fundamentais; a cuestión está en que son normas fundamentais de puro papel, os dereitos non son efectivos. O importante non é ter máis, o importante é que os que teñamos, que xa os temos recoñecidos, por certo –non veu vostede crear ningún dereito novo, xa os tiñamos recoñecidos antes, fundamentalmente polo labor de moita xente, que morreu para que os tivésamos–... (*Aplausos.*) Eses dereitos xa os temos, o importante é que sexan efectivos, señor presidente da Xunta, que sexan de verdade.

Estes casos dos que falei antes non son de “*Alicia/Galicia en el país de las maravillas*”, que é a súa, son casos reais, é a vida real das persoas, da cidadanía galega en Galicia, que vostede non quere mirar porque, efectivamente, cando foi a acampada do cerco, señor presidente da Xunta, vostede estaba en San Caetano, pero nin se atreveu a baixar a falar con eles. Esa é a realidade. Vostede non a coñece porque prefire poñer unha banda diante dos seus ollos e non mirar, exactamente igual que agora nin sequera me mira a min cando lle estou a falar.

Señor presidente da Xunta, estes catro exemplos que eu lle poño son exemplos da vida real das persoas, son consecuencia das súas políticas, son consecuencia de que vostede non cre nos servizos sociais, non cre nos servizos públicos, e por iso, precisamente por iso, os empregos en Galicia son precarios e hai un 33,24 de contratos de carácter temporal. Iso non é ter dereito ao traballo, iso é ter dereito a un traballo basura, que é o que vostedes saben crear.

Señor Núñez Feijóo, hai algo que é importante, e é que non se pode devolver o esforzo que teñen feito moitos cidadáns en Galicia. A ninguén lle van devolver o traballo que perdeu, a ninguén lle van devolver o comercio que tivo que pechar, a ninguén lle van devolver os impostos que lle aumentaron, a vivenda da que o botaron, o tempo que tivo que estar esperando nunha lista de espera para ser operado, as películas que non puido ver porque o presidente do Goberno en funcións, en vacacións, o seu presidente, Mariano Rajoy, decidiu subir o IVE, os medicamentos que pagou, copagou e repagou ou as taxas que tivo que pagar para ir a xuízo. Non hai maneira de devolver o esforzo. E nós, vostedes, non van poder devolver o esforzo. Nós non queremos devolver o esforzo, o que queremos é gobernos que crean nas políticas públicas e que traballen para que a vida dos cidadáns sexa mellor. Desde logo, non están eses gobernos nesa bancada, senón que están nesta.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Turno de peche.

Señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, a diferenza entre unha ditadura e un goberno democrático é que eu nunca estarei nun goberno que non gañe as eleccións, nunca. (*Aplausos.*) E, polo tanto, que fale vostedes de ditaduras... Deberían ser un pouco máis moderados, señoría.

Non, eu falei de Galicia, efectivamente, e cando vostede me fala dos casos, eu lle falo dos galegos e das galegas para os que traballo. E cando hoxe hai 12.000 persoas máis afiliadas á Seguridade Social e cando hoxe hai menos paro que cando tomei posesión como presidente da Xunta, creo que iso ben vale unha reflexión, señoría. E cando lle digo que en Galicia –poucas comunidades autónomas en España o poden dicir– o 70 % dos galegos e das galegas temos un hospital novo, un hospital reformado, debería tomar nota, porque, cando vostedes estiveron, nin hospitais novos nin hospitais reformados.

Mire, señoría, cando lle reitero que incrementamos un 23 % máis as prazas de comedores escolares, dígolle que é esta Galicia. Cando lle reitero que son as taxas universitarias máis accesibles de España –durante oito anos consecutivos conxelamos as taxas universitarias–, probablemente a vostede non lles interesa o asunto, pero ás familias, si; ás familias, si, señoría, porque aforran por lexislatura do PP 100 millóns de euros nas taxas universitarias dos seus fillos.

Cando lle falo de Galicia e lle digo que temos agora máis prazas das escolas infantís que a ratio óptima da Unión Europea, fállolle dos esforzos dos galegos. Cando lle digo que por primeira vez temos unha tarxeta –benvinda– para os bebés que nazen en Galicia, fállolle dos galegos e das galegas que son pais e que son nais.

Señoría, cando lle digo que cando vostedes chegaron ao Goberno había 14.000 dependentes e agora están cobrando 42.000, non lle estou falando de memoria, señoría, estoulle falando en nome desas 30.000 persoas que están percibindo a Lei de dependencia e que con vostedes e 2.000 millóns de euros máis non a percibían.

Señoría, estoulle a falar de Galicia, efectivamente. Cando lle digo que en Galicia temos nos últimos anos un 140 % máis de prazas en centros de día, é dicir, 1.700 galegos máis, cando temos 1.300 máis prazas de maiores nas residencias e cando lle digo que temos nada máis e nada menos que un 17 % máis de prazas de discapacidade, ¿vostede considera que isto é un tema menor en plena crise económica?

Cando lle digo, señoría, que Galicia é a comunidade autónoma que investiu máis durante o último ano, por exemplo, no ano 2015, segundo datos do Ministerio de Facenda...

Señoría, fáleme vostede da xustiza gratuíta. Cando lle digo que hai 3.000 persoas máis con xustiza gratuíta en Galicia que cando vostedes estaban gobernando, ¿parécelle isto pouco?

Cando lle digo, ademais, que pagamos as débedas da xustiza gratuíta que vostedes estaban mantendo no Goberno anterior, *(Aplausos.)* ¿parécelle pouco o plantexamento, señoría? *(Aplausos.)*

Mire, señoría, falando de dereitos, creo que os españois, que tiveron seis meses de bloqueo nas institucións e no Goberno de España, teñen dereito a ter un goberno, porque aos gobernos democráticos son aos que se lles pode exixir a ampliación e o cumprimento dos dereitos constitucionais.

Por iso, señoría, negarlle a un goberno, despois das segundas eleccións, de forma continuada, onde unha forza política non só gaña, senón que incrementa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...o número de deputados e o número de votantes fronte ao Partido Socialista, que diminúe en cada contenda electoral os votantes e os escanos, ¿iso é falar de dereitos?...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Eu comprendo, señoría, o seu dereito ao pataleo; compréndoo, señoría. Comprendo o dereito ao pataleo polos seus resultados electorais, pero non debería de estar o dereito ao pataleo do Partido Socialista por riba do dereito dos cidadáns a ter un goberno democrático.

Máis nada. Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión do Goberno galego en relación coa dirección que está a seguir Galicia en materia de emprego

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, vemos que vostede non cambia e, efectivamente, leva repetíndonos nos últimos tempos, e hoxe mesmo, o mantra de que en Galiza estamos moito mellor e de que con vostede as cousas marchan na boa dirección; algo que vemos sobre todo nos medios públicos do noso país e nese telexornal; neses medios públicos, señor Feijóo, que estamos pagando cos impostos dos galegos e das galegas, e onde, por certo, non podemos escoitar as declaracións dese ministro conspirador, pero si podemos escoitar todos os días como vostede nos conta a milonga de que Galiza está de marabilla e de que os galegos e galegas, segundo vostede, non teñen ningún problema.

Pois permítame que lle conte unha parte desa realidade dos problemas desa Galiza que vostede ignora ou que non quere ver. Estamos falando de que no noso país, no último

ano, señor Feijóo, con vostede de presidente, se incrementou a pobreza un 25 %; hai máis de 700.000 persoas que están en risco de exclusión social. Pero xa vemos que vostede a iso non lle chama un problema nin lle preocupa nin tampouco lle ocupa, señor Feijóo.

Pero hoxe nós tamén queremos falar doutros dramas que teñen os galegos e galegas, de problemas que ten a xente que vive neste país, que vostede tamén parece ignorar, como é o problema da emigración. Quero falarlle, señor Feijóo, deses galegos e galegas que teñen que meter nunha maleta os seus sonhos, as súas aspiracións, e que teñen que volver facer o mesmo camiño que fixeron os seus avós e os seus pais. Porque, mire, a propaganda non está creando traballo nin crea traballo, señor Núñez Feijóo, porque vostede o dereito ao emprego o está convertendo en papel mollado.

E, mire, quería falarlle duns datos que son do Servizo Público de Emprego estatal, imaxino que non os descualificará vostede. Pois eses datos o que nos din é que no último ano marcharon de Galiza, buscando traballo, 50.000 persoas, e que a maior parte desas persoas son menores de 35 anos. Polo tanto, á mocidade o futuro que vostede lle está dando é volver a coller de novo a maleta e marchar.

Eu xa sei que vostede me vai dicir que hai 27.000 persoas que tamén viñeron traballar ao noso país, pero isto o que nos deixa é un saldo negativo polo que en Galiza marcha máis xente por motivos laborais da que entra; en concreto, un saldo negativo de 22.500 empregados menos. Teño que dicirlle tamén que esta é a cifra máis alta desde que empezou a crise. Explíquenos, señor Núñez Feijóo, como, se en Galiza as cousas están tan ben, como, se é que estamos saíndo da crise, temos o peor saldo negativo desde este punto de vista, porque realmente é moi difícil de entender que se as cousas foran tan ben aquí non estivera vindo xente a traballar e tiveramos un saldo positivo. Ese sería o balance que nos faría ver que en Galiza hai recuperación, que realmente hai creación de emprego e que se están xerando oportunidades.

Nós o que lle preguntamos, señor Núñez Feijóo, é se, ante esta realidade, cos datos que evidencian como se destruíu emprego durante o seu goberno, como están tendo que marchar miles de persoas do noso país, vostede unha soa vez, un só minuto, non sente que fracasou, que lles fracasou e que lles fallou aos galegos e ás galegas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, permítame unha pequena reflexión.

O BNG empeza a levarse mal coa realidade, pero ultimamente é que nin sequera lle interesa a realidade.

Mire, señoría, trae vostede aquí, efectivamente, o Informe de mobilidade laboral de 2015. E vostede, sen ler ese informe, di publicamente que emigraron de Galicia 50.000 persoas.

Moi ben, señoría. Ese informe vostede non o leu, porque hai tres conclusións dese informe. A primeira: non é certo que no ano 2015 saíran de Galicia 50.000 traballadores, porque son a metade. Segunda, os anos nos que houbo máis galegos que saíron fóra foron cando vostedes gobernaban. E terceira, Galicia é a segunda comunidade autónoma coa menor mobilidade laboral de España. E voulle reiterar eses informes.

Mire, señoría, cando vostede di que saen 50.000 traballadores, vostede confunde contratos e contratados, nada máis e nada menos. Efectivamente, houbo 50.000 contratos, pero contratados foron 26.000. E como entraron 17.000 contratos, a diferenza son 9.000. ¿Dáse conta do disparate, señoría, que vostede acaba de dicir nesta Cámara de forma solemne? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Pero é que ademais, señoría, cando vemos os anos onde máis galegos saíron fóra, permítame que llo lea: no ano 2007, contratados, 70.000; contratos, é dicir, traballadores fóra, 40.884. E así todos os anos do Bipartito. No ano 2007, 40.800; no ano 2008, 42.400; no ano 2007, 41.900; no ano 2008, 35.000; e agora 26.000. E a diferenza entre os traballadores contratados fóra e os de dentro son 9.000, nunca 50.000, señoría. En consecuencia, este ano é o ano onde menos contratados galegos tiveron que saír fóra.

Mire, señoría, a segunda cuestión: Galicia é a segunda comunidade coa mobilidade máis baixa de España. En Galicia o 4,3, e no resto das comunidades autónomas, o dobre; ¡señoría, o dobre! É dicir, os galegos saímos fóra a traballar menos que a media dos españois. Señoría, exactamente... (*Murmurios.*)

Non, se dá igual, señoría, estou lendo as estatísticas oficiais, pero non teño ningún inconveniente en volver lelas, se lle pode aclarar. Si, señoría, lea vostede. Non confunda entre contratados e contratos, señoría. Contratos pode haber moitos; contratados son outra cousa. Por iso, señoría, reitérolle: Galicia é a comunidade autónoma onde menos traballadores saíron fóra no ano 2015. Hoxe están saíndo menos contratos, menos traballadores fóra que cando vostedes gobernaban.

Señoría, en materia de mozos, tamén os mozos que saíron fóra no ano 2015 son os menores da serie. Por iso, señoría, o mínimo que debería vostede facer é ou non errar ou non mentir.

O señor PRESIDENTE: Remate, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): É a segunda vez; primeiro me trae unha estatística dunha empresa de cosméticos sen ler e agora me trae unha estatística que confunde os contratados cos contratos.

Señoría, así non podemos falar en serio.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor presidente.

Réplica.

Señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, xa sei que vostede cre que é o único que sabe ler, e cre que os demais temos encefalograma plano; xa sei que ese é o respecto que ten vostede polas persoas que pensan diferente. Mais non quero entrar aí porque a min o que me parece importante, señor Núñez Feijóo, é que neste país hai problemas moi graves e temos un presidente que ao que se dedica é a intentar descualificar a verdade descualificando a oposición. E, de verdade, non lle vou entrar no seu xogo, porque é un xogo retorcido e que non serve para solucionar absolutamente nada.

Mire, este é un titular dun xornal, dío claramente: “A fuga de traballadores galegos acentúase ao marchar 50.000 e tan só vir 27.000. A mobilidade laboral e xeográfica en Galiza agrábase”. E isto está sacado deste informe, e tamén, aínda que lle pareza incríbel, sabemos ler e temos capacidade para facelo. Xa sei que non nos respecta, pero é o seu estilo, señor Núñez Feijóo. Desde logo, non o meu, pero cadaquén, efectivamente, ten o nivel político que ten.

En todo caso, señor Núñez Feijóo –tranquilícese–, vostede debería ser un pouco máis consciente da realidade. Xa sei que se enfada porque os datos lle estropean a súa propaganda, pero é que a nós o que nos preocupa non é que vostede estea contento, é que a xente deste país teña oportunidades. E o que está pasando en Galiza é que desde que vostede goberna non hai máis traballo, señor Feijóo, é que marcharon miles de persoas e que, aínda así, temos 135.000 persoas ocupadas menos. E isto non pasa porque os galegos e galegas teñan ganas de coñecer mundo e idiomas –que hai quen as ten e a nós parécenos ben–, isto está pasando porque vostede coas súas políticas está destruíndo a base produtiva deste país: o agro, o emprego, o naval, sen alternativas para eses sectores, señor Feijóo, e cunha miopía política no relativo a I+D+i que non é responsabilidade máis que de vostede. Fíxese, desde que vostede goberna descendeu o gasto en innovación no noso país. En concreto, estamos na cola de todo o Estado español e de toda Europa neste gasto. No ano 2008 gastábanse en Galiza 211,7 euros/per cápita en innovación. Vostede déixanos en herdanza 174,2. ¿E isto que significa? Pois significa, señor Núñez Feijóo, que vostedes...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e as súas magníficas políticas destruíron a metade das empresas que eran consideradas tecnoloxicamente innovadoras. Son as realidades que nos deixa.

E, efectivamente, cando non hai proxecto de país, cando vostede só está preocupado por cal é a súa imaxe e non lle importa o que lles pasa aos galegos e galegas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...pasa isto. Porque, efectivamente, señor Núñez Feijóo, en Galiza as cousas, aínda que a vostede non lle guste oílo, non están ben para unha gran maioría...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón. Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...porque hai máis paro, hai máis pobreza e hai máis desigualdade.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Esa é a súa responsabilidade...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...esa é a súa herdanza. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Turno de peche.

Señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, na primeira intervención quedou desmontada a súa tese principal, e, lonxe de pedir desculpas ou admitir o erro, vostede prosegue e di que leu un titular dun xornal. O que pasa é que, ademais de ler os titulares dos xornais, hai que ler os documentos, señoría. E, lendo titulares, non conseguimos máis que tomar iniciativa para ler un documento. Cando hai un titular negativo, o primeiro que fago é ler completamente ese documento, señoría. ¿Sabe para que? Para intentar mellorar o meu país. Vostede fai o titular e nin sequera lle interesa a realidade nin o documento, señoría. E por iso lle reitero: durante os anos do Bipartito saían máis traballadores con máis contratos fóra e agora saen menos traballadores con menos contratos fóra, señoría. E durante os anos do Bipartito destruíase emprego e agora estamos crescendo en emprego. Agora temos, señoría, máis emprego que cando me sometín á sesión de investidura no ano 2012; máis emprego e máis afiliados á Seguridade Social. *(Aplausos.)*

Señoría, no último informe... A semana pasada, señoría... Mire, non falemos de titulares, a semana pasada a Estatística de Variacións Residenciais do INE, señoría: “Galicia é a comunidade autónoma onde saen porcentualmente, con base na poboación, menos mozos fóra”. Segundo: “No ano 2007 foi o ano onde máis mozos saíron fóra”. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E, terceiro, señoría: “O saldo migratorio acumulado dende o ano 2009 ata o de agora é positivo para Galicia”. Reitero, como hai economistas que non nos deixan falar a vostede e mais a min, dígolle que o saldo migratorio entre os que saíron e os que entraron... *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, señor Losada.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...é positivo; os que entraron fronte aos que saíron durante toda a recesión económica.

Señoría, 12.000 xóvenes saíron de 16 a 34 anos. Iso representa un 2,2 % dos xóvenes que temos; en España, o 3,3 %. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señoría, teño aquí este dato, seguro que a vostede, que é nacionalista, debería de interesarlle: somos a comunidade autónoma de xóvenes entre 18, 16 e 34 anos que menos saíron. Non é porque teñamos menos xóvenes; dos que temos, son os que menos saíron. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Reitero tres explicacións para que as bancadas do Partido Socialista, por favor, nos deixen respostar a pregunta.

Mire, señoría, no ano 2007 foi cando máis mozos saíron de Galicia, case 14.000 durante todo o Bipartito. Si, señoría. E o saldo migratorio acumulado, señoría, dende o ano 2009 a este ano 2015, é favorable para Galicia en 17.500 persoas; 17.500 persoas é o saldo positivo dos que entraron a Galicia fronte aos que saíron durante todos estes anos.

Señoría, ¿verdade que merece a pena ler os informes para ter unha opinión formada? Mire, señora Pontón, o peor saldo migratorio reitérolle... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, señoría, non digo que non saiban ler. O que pasa é que vostedes, cando o documento e a información non coincide coa súa visión...

O señor PRESIDENTE: Silencio, señora Pontón, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...simplemente non o aceptan.

O peor saldo migratorio tívoo Galicia durante os anos do Bipartito. Pero, mire, señoría, as cousas foron cambiando, afortunadamente. Atopei unha Galicia en plena recesión económica, atopei unha Galicia que destruía 50.000 postos de traballo nun ano, atopei unha Galicia que estaba en caída libre nas afiliacións á Seguridade Social, e agora temos unha Galicia que está crecendo máis que nunca, temos unha Galicia –si, señoría, ¿o 3,2 parécelle pouco crecemento?– que durante todos os oito últimos anos –e este ano imos volver crecer– crece por riba do 2,8.

Señoría, Galicia está crecendo, Galicia está creando emprego. É certo que temos aínda moitas bolsas de desemprego...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e temos moitas bolsas de pobreza. Reitérolle: hoxe temos menos pobreza que cando cheguei ao Goberno.

Pero, señoría, volvan vostedes ao ano 2016, actualícense. Galicia está avanzando co BNG, sen o BNG ou a pesar do BNG. E por iso lles pido que se actualicen, señoría. Seguirá avanzando Galicia co BNG ou sen o BNG. A min, desde logo, gustaríame que o BNG aportase algo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as razóns da crítica aos médicos do sistema sanitario público que denunciaron o atraso na dispensación dos medicamentos contra a hepatite C

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días, señor Feijóo.

Despois da contestación ás compañeiras voceiras, reafírmome en que vostede mente máis que fala. É capaz de dicir que hoxe hai máis emprego que cando vostede chegou, e só hai que ir ao IGE e ver que dende que vostede chegou hai 135.000 ocupados menos.

Vostede mente máis que fala. Non vou rectificar todas as mentiras que vostede dixo aí. Vostede destruíu o dobre de emprego que a media estatal, vostede destruíu máis PIB que a media estatal, vostede foi unha lacra para este país. Ademais da crise, nós tivemos un agravante: que o tivemos a vostede no período da crise, señor Feijóo. Mente máis que fala e é indigno de ser presidente de Galicia, e é indigno de ser presidente de Galicia por cousas como aquelas das que imos falar... (*Murmurios.*) –tranquilícense–, por cousas das que imos falar. Vostede volveu mostrar a verdadeira faciana, a da soberbia. Permittede criticar os médicos que denunciaron o retraso na dispensación dos medicamentos da hepatite C; médicos que estaban a cumprir co seu deber, defendendo a vida das persoas. Vostede, nunha cadea de radio, tachou as súas acusacións de calumnias e insidias. Esas declaracións, señor Feijóo, son absolutamente inaceptables. Por moito que vostede insista, eu non acepto que sexan normais nun presidente democrático, son inaceptables. Dígoos unha vez máis porque non hai moito tempo vostede tamén dixo que “*no se puede hablar de muertes por recortes por dos o tres pacientes*”. Señor Feijóo, ¿e logo cal é a cantidade idónea de mortos a partir da cal se pode empezar a falar de responsabilidades políticas? ¿Atrévase a dar unha cantidade de mortes, señor Feijóo, evitables e admisibles?

Ademais, dende a súa poderosa posición, está atacando un traballador público, nunha actitude propia dun [...]. (*Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de Sesións.*) (*Murmurios.*) Só dixo unha verdade nas declaracións... –sí, si, propia dun [...]–...

Vostede dixo unha verdade...

O señor PRESIDENTE: Señor Sánchez, esa expresión queda retirada e ten a consecuencia de chamada á orde.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Vostede dixo unha verdade... Propia dun [...], non dixen que fora un [...]; propia dun [...] ...

O señor PRESIDENTE: Segunda chamada á orde, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Chámeme o que queira á orde. Estou tratando de usar unha palabra dende o dicionario que defina a actitude do presidente da Xunta...

O señor PRESIDENTE: Se volve dicir esa palabra... Non; non provoque vostede, xa lle dixen que esa palabra...

O señor SANCHEZ GARCÍA: ...cando desde a súa posición de poder ameaza veladamente un profesional público...

O señor PRESIDENTE: Non, non dialogue comigo.

O señor SANCHEZ GARCÍA: Dígame vostede, busque no dicionario...

O señor PRESIDENTE: Esa palabra non está aceptada. Está rechazada. Non se dirixa a min.

O señor SANCHEZ GARCÍA: Dixen: propia dun [...] ...

O señor PRESIDENTE: Eu estou moderando este debate.

O señor SANCHEZ GARCÍA: Estou tratando de buscar unha palabra...

O señor PRESIDENTE: Perdón, esas dúas palabras foron retiradas con dúas chamadas á orde; polo tanto, ten o aviso de que se vostede volve... (*Murmurios.*) –non, o tempo será compensado– pronunciar esa palabra, véxome na obrigación de expulsalo, e non quero, e non quero... (*A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.*) Silencio, non se meta vostede nisto, que non vai con vostede.

Prosiga, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, digamos que abusou da súa posición de poder para ameazar veladamente uns profesionais que cumpriron co seu deber ético, profesional e incluso legal.

Vostede dixo unha verdade, dixo: “Os médicos receitan os tratamentos, non o presidente da Xunta nin a conselleira de Sanidade”. Certo, os médicos receitaban os medicamentos e o presidente da Xunta e a conselleira, non. O que facían era impedir que os tratamentos chegasen aos doentes que os necesitaban.

Señor Feijóo, contésteme: ¿que é criticable da actuación deses médicos?, ¿que denunciaron eses casos que eles mesmos sufrían? Contésteme, ¿que é o que é criticable? Se houbo casos nos que estes médicos, os seus pacientes, tiveron que agardar ata oito meses polo tratamento, ¿parécelle mal que puxeran estes feitos en coñecemento da Fiscalía, señor Feijóo? ¿Que tería feito vostede?, ¿tapar estes casos? Oito meses, porque vostede falaba de ler os informes. ¿Vostede leu a denuncia da Fiscalía? Porque a denuncia da Fiscalía non é unha denuncia dos médicos, señor Feijóo. ¿Está poñendo en cuestión tamén a xustiza neste caso, señor Feijóo?

O señor PRESIDENTE: Remate, señor sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Xa remato, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Un minuto de máis leva. Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¿Que é criticable na actitude destes profesionais? Porque eu creo que temos unha escala de valores moi diferente, señor Feijóo. Vostede considera a actitude destes médicos censurable e eu creo que foi exemplar. Só a loita destes profesionais da sanidade pública, que son os que verdadeiramente defenden a sanidade pública e a dos doentes e a da Plataforma da Hepatite C, conseguiron algo tan sinxelo como o que vostede intentaba dicir o outro día...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...que se un especialista receitaba un medicamento este tiña que chegar inmediatamente a un paciente e non esperar cinco, seis, sete ou oito meses, señor Feijóo. E iso conseguiu a pesar de vostedes... *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez, terminou o seu tempo.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, esa catadura moral da que vostede fai gala cada vez que ten ocasión de falar retrátalo perfectamente.

¡Alá vostede, señoría!, siga vostede así, siga vostede prosperando así e siga vostede con esa catadura e con esa forma de facer política. Os galegos cada vez o coñecemos máis e, polo tanto, os galegos cada vez temos máis argumentos para saber de quen se trata.

Mire, señoría, hai 220.000 parados en Galicia. Hoxe hai menos paro que no ano 2014, que no ano 2013, que no ano 2012, que no ano 2010, que no ano 2011. Dálle igual, señoría, vostede dedícase a outra cousa.

Mire, a vida dunha persoa non ten prezo, iso foi o que dixen hai seis meses cando vostede me comentou. E vincular a vida dunha persoa cos cartos é algo moralmente inadmisíble, e por iso, señoría, me honro de respaldar os profesionais do Servizo Galego de Saúde, que son uns excelentes profesionais, en Galicia e fóra de Galicia. E o Servizo Galego de Saúde deu máis tratamentos a máis pacientes e diagnosticou máis hepatite C que a media do resto dos servizos de saúde de España. *(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Iso foi o que dixen cando vostede me comentou e me preguntou en abril e iso é o que volvo dicir agora de forma clara e reiterada.

Mire, señoría, desde que vostede me fixo esa pregunta tratáronse en Galicia 341 pacientes máis. Siga vostede insidiando, señoría.

Mire, xa sei que nas radios cabe de todo. Entre outras cousas, preguntásemme se morreron persoas polos recortes do meu goberno. Por suposto que volvería contestar como contestei,

respecto desa trampa moral na que caen vostedes ao vincular os cartos coa vida. Eu comprendo, señoría, que haxa políticos, periodistas ou médicos que intentan estender unha idea falsa do funcionamento da sanidade pública. Que os políticos o fagan nunha Cámara é despreciable, e, por iso, que o reiteren é dobremente despreciable. Por iso..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...señoría, a súa catadura moral quedará reflexada no *Diario de Sesións* por segunda vez. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

Mire, señoría, quen receita os fármacos son os médicos, e do mesmo xeito que son médicos os que están na Comisión da hormona de crecemento, ou os que están vinculados na Comisión vinculada á esclerose múltiple, ou na Comisión de oncoloxía ou na Comisión de hematoloxía, son médicos os que están na Comisión da hepatite C; son eles, os que fan as propostas e os que as revisan. E por iso, señoría, o 99 % dos pacientes que chegaron a esa comisión tiveron eses fármacos. ¿E sabe por que non os tiveron o 1 % restante? Porque eses médicos tiñan que velar polas contradicións dos fármacos iniciais da hepatite C, entre outras cousas porque unha combinación inadecuada de fármacos pode producir efectos demoledores na saúde dun paciente que xa ten unha cirrose en distintos graos. (*A señora Acuña do Campo pronuncia palabras que non se perciben.*)

Mire, señoría...,

O señor PRESIDENTE: Señora Acuña, chamada á orde. É a segunda. ¡Por favor!, é que está interrompendo sempre vostede. Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...se a vostede lle interesara este asunto, deixaría que o xuíz actuase, e por iso o xuíz o primeiro que fixo foi actuar e non aceptar a proposta da Fiscalía onde intentaba acusar por homicidio os médicos.

Mire, señoría, falar de cartos cando resulta que estamos investindo na hepatite C 130 millóns de euros é o mesmo que o que se gasta en facer un hospital comarcal novo, o mesmo. Dicir que en Galicia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...estamos furtando o tratamento da hepatite C por cuestión de cartos non llo podo admitir, nin a vostede nin a ninguén.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor presidente.

Turno de réplica.

Señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si, señor Feijóo, ¡vaime dar vostede a min leccións de catadura moral!, o amigo de Marcial Dorado, de Pachi Lucas, o que mantén a Baltar no seu posto despois do que pasou –imputado el, imputado o pai–. ¡Vostede me vai dar leccións de catadura moral! Siga vostede por aí, que tamén progresa moito; vostede si que progresa. Sempre estivo arrimado ao poder, e esa é unha gran cualidade súa. Eu non, eu nunca me arrimeei ao poder, eu combato para cambiar as cousas.

Xa cambiou os datos do paro. Claro, tivo que cambiar. Vostede destruíu o dobre de emprego que na media estatal e, entón, di que agora hai menos paro que os anos anteriores. ¡Pois xa tivo que cambiar! É evidente que os seus argumentos e o seu rigor eran poucos, é evidente.

Mire, dirá o que queira da actuación da Xunta de Galicia, pero é a única administración pública de todo o Estado que está encausada por esta cuestión, señor Feijóo, ¡algo faría mal! ¿Vostede leu a denuncia?, ¿vostede leu o caso de David, que solicitou o tratamento o 20 de abril e que o recibiu o 19 de decembro, cando xa falecera? ¿Ou leu os outros sete casos, señor Feijóo? ¿E non pode ter un pouco máis de respecto por estas persoas e polos seus familiares? ¿Non pode vostede ter un pouco de continencia e de humildade cando vai falar polas radios do país, señor Feijóo? ¿Non podería ter outra actitude menos soberbia? Eu creo que si, e claro que si, deixar actuar a xustiza. Pero vostede, mentres, conteste, sexa humilde, pida desculpas e teña tacto cos familiares dos que morreron, señor Feijóo, iso que debería facer un presidente digno de ser presidente de Galicia. Si, señor, 300 pacientes desde que falamos a última vez, claro que si. Dende que se aprobou o Plan nacional contra a loita da hepatitis C empezaron a funcionar as cousas, señor Feijóo. A mesma plataforma deixou de mobilizarse, claro, porque o único que buscaban non eran intereses espurios, era que se un médico receitaba ese medicamento chegase en tempo. Unha vez que o conseguiron, deixaron de mobilizarse, porque vostede está acusando de manobras políticas a xente que estaba buscando salvar a súa vida, era o único. Vostede o que fixo foi non escoitar, porque ten unha actitude totalmente soberbia. Durante meses, privadamente e non publicamente, esta xente demandou polos cauces regulamentarios unha solución ao seu problema. ¡Gravísimo! Era a diferenza entre a vida e a morte, señor Feijóo. Vostede non escoitou.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Quince días antes de aprobar ese plan nacional que facilita os medicamentos inmediatamente aos pacientes votedes aquí votaron en contra, e vostede non veu ese día, non deu a cara unha vez máis, señor Feijóo. Esa é a súa catadura moral, esa catadura moral pola que o coñecen a vostede.

Pida desculpas, conteste, señor Feijóo: ¿que é o que hai de criticable nas denuncias destes profesionais coa sanidade pública?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Remato xa.

¿Ou é que tamén critica a xustiza por ter encausada a Xunta de Galicia por este caso? ¿Está poñendo en cuestión a xustiza tamén? ¿Leu a denuncia da Fiscalía, señor Feijóo?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Señor Sánchez, xa terminou o seu tempo.

Grazas.

(Aplausos.)

Turno de peche.

Señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, 4.200 pacientes tratados desde o ano 2012. Unha subcomisión de expertos con facultativos, de todos os hospitais, dos mellores hospitais de Galicia, revisaba os casos anonimamente, sen saber o nome e apelidos dos pacientes, sen coñecer nin sequera o hospital que lles remitía, e un plan nacional que implica que nun ano se dean o dobre de tratamentos que nos anteriores. Si, señoría, porque nos anteriores –como vostede disto simplemente toca de oído– os fármacos non estaban autorizados. Señoría, ¿quere escoitar? Os fármacos non estaban autorizados, e había que proseguir un procedemento para a importación dos fármacos. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Señoría, como vostede disto, lamentablemente, sabe o mesmo que o que lle pon no papel, hai que estudar un pouco máis sobre determinadas cuestións. *(Murmurios.)*

Mire, señoría –reitérolle–, estamos orgullosos de que en plena crise económica adicamos 130 millóns de euros contra a hepatite C. Isto é o mesmo aproximadamente que facer 60 centros de saúde –non sei se me escoita, señoría–; 130 millóns de euros para avanzar contra a hepatite C é o mesmo que facer 60 centros de saúde ou un hospital novo.

Mire, señoría, o número de tratamentos por 10.000 habitantes en Galicia foron 42 e en España, 29. *(Murmurios.)* Galicia é a comunidade autónoma por riba da media do resto dos servizos de saúde. *(Murmurios.)*

Mire, señoría, a media de casos nos que a Comisión ditaminaba foron 18 días. Se se exclúen os pacientes que tiveron que volver ser revisados, quedarían en 13. Sabe que un dos expertos estimaba que nun caso dos que vostede fala o tratamento proposto tiña un risco de mortalidade do 44 %. Señoría, xa sei que a vostede isto non lle interesa; non lle interesa, señoría, porque vostede non vén á política para defender os intereses da xente; non, señoría. *(Murmurios.)*

Mire, eu non teño a súa soberbia porque sei o difícil que é servir o meu pobo, e eu non teño esa soberbia porque adiquei nove anos da miña vida a intentar mellorar a sanidade do meu país. *(Murmurios.)* E por iso, señoría, como sei que cada día é un novo reto para facer as cou-

sas mellor, non lle vou admitir que vostede critique, deoste e humille o noso servizo de saúde aquí, fóra de Galicia e no resto de España; non llo vou admitir, señoría, en ningún caso. *(Aplausos.)*

Mire, señoría, para dar leccións sobre respecto, o primeiro é que hai que ser respectuoso. E vostede leva a lexislatura descualificando, insultando, denigrando, dividindo a sociedade galega, dividindo o noso país. Leva vostede facéndoo durante catro anos. Efectivamente, a vostede non lle interesa o poder, a vostede o que lle interesa é a destrución das institucións. Pero creo que as institucións democráticas son a garantía para que xustamente aqueles que non o están pasando ben teñan os dereitos, con independencia da renda.

Mire, señoría, eu neste Parlamento escoitei de todo –de todo–. Aquí díxose que os médicos daban as altas porque o Servizo Galego de Saúde lles pagaba, *(Murmurios.)* aquí imprimíronse folletos nas campañas electorais onde se dicía que se gobernaba o Partido Popular se cobraría polas consultas, polas analíticas e polas probas diagnósticas. *(Murmurios.)* Iso si, a guinda é de vostedes, señoría...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que é que os pacientes morren por falta de cartos...;

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): É indigno, señoría. ¡Indigno!

Eu dígolle claramente que vou seguir defendendo a sanidade pública do meu país porque así vou seguir defendendo o meu país. E, xa lle digo, sei perfectamente os intereses que hai detrás, seino, e por iso reitero: cando algúns médicos están facendo transplantes hepáticos a 100.000 euros cada transplante e despois din que se están diminuindo os cartos para a hepatite C é indigno.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E, por iso, reitérolle: a inmensa maioría dos facultativos do Servizo Galego de Saúde consideran indigna esa denuncia e consideran indigno o seu posicionamento político.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pasamos ao punto cuarto da orde do día, que se corresponde co de mocións.

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego público

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentáronse as seguintes emendas: unha do Grupo Parlamentario Mixto e outra do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

(O G.P. Mixto, a través da súa deputada Consuelo Martínez García, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de adición a esta moción.

Emenda de adición.

Proponse engadir á parte resolutiva unha nova alínea 6 co seguinte texto:

“6. Convocar no mes de setembro á representación sindical do persoal ao servizo da Administración autonómica para a actualización do acordo de Carreira Profesional no réxime extraordinario, e a negociación do réxime ordinario de Carreira Profesional para todas as categorías e vínculos laborais”.)

(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa do seu deputado Juan Manuel Fajardo Recouso, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Débese engadir no apartado 3:

“Exceptuando a supresión do complemento de destino dos ex altos cargos”.)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Bo día, señoras e señores deputados.

¡Unha mágoa que marche o presidente da Xunta agora mesmo! Unha mágoa cando imos falar da perda dos dereitos dos empregados e das empregadas públicas. Unha mágoa ter que escoitar nesta Cámara, na Cámara onde están representados todos os galegos e galegas, como se lles falta ao respecto aos médicos da sanidade pública galega. O que acabamos de escoitar hoxe é lamentable, *(Murmurios.)* o que acabamos de escoitar agora mesmo, dende logo, é unha falta de respecto cara á nosa sanidade pública e, por suposto, tamén cara aos profesionais que exercen nela. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Hai moito ruído na sala.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Non pensen que... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor! ¡Silencio! Hai moito ruído na sala e moléstase moito. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, diríxome a todos. Grazas.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Non pensen que o señor Feijóo e o vicepresidente da Xunta de Galicia marcharon porque non lles interese a moción que imos debater agora sobre a recuperación dos dereitos dos empregados e das empregadas públicas, non, foi para seguir traballando por Galicia –como din eles–, foi para seguir desmantelando os servizos públicos deste país de maneira silenciosa. Mentres tanto, fabrican titulares que din todo o contrario. Por iso teñen que entender, señorías, que iso require de moito tempo, de moito traballo e de moito esforzo.

O debate que agora se inicia poderíamos dicir que é unha continuación do que onte tivemos neste hemiciclo, ese debate sobre un proxecto de lei que presentaba o Goberno para devolver unha parte da paga extraordinaria do ano 2013; desa paga extraordinaria pola que os tribunais lle dixeron á Xunta de Galicia que era ilegal roubar aos empregados e empregadas públicas. Un debate que foi restrinxido polo Goberno, recorrendo novamente a un mecanismo de tramitación que non permite abrir un debate en todos os puntos; un mecanismo de tramitación, o do procedemento de lectura única e do trámite de urxencia. O certo é que onte, ao escoitar o conselleiro, ao igual que no anterior pleno na interpelación ao señor Tellado, calquera que non os coñecera e que non vira todo o que fixeron durante estes anos, que non padecera as súas políticas, mesmo puidera pensar que estaba nunha asemblea sindical e que eles eran aguerridos sindicalistas que loitaban arreo pola mellora das condicións de vida dos traballadores e traballadoras públicas; agradecendo, iso si, sempre, e valorando o esforzo destas persoas. ¡Vamos!, coma se se ofreceran voluntarios para que lles recortaran os seus dereitos e coma se, entre outras moitas cousas, vostedes non lles meteran a man nos seus petos para roubarlles durante todos estes anos parte do seu salario. (*Murmurios.*)

E antes de que veña alguén... (*O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.*) –si, señor Trenor– do Partido Popular a dicir a esta tribuna que teño memoria selectiva, (*Murmurios.*) como vostede acostuma dicirme, hoxe vouno dicir. (*Murmurios.*) Si, o señor Zapatero recortou o 5 % do salario... (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) –si, si, si, antes de que veñan vostedes dicilo, (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), moitas grazas– en marzo do ano 2010; (*Aplausos.*) algo que vostedes criticaron no seu momento na campaña electoral do ano 2012, proclamándose –con pañuelo palestino incluído– “o partido dos traballadores”. Eses eran vostedes.

Pero eu tamén recordo outro presidente. Eu recordo un presidente que foi quen de aprobar unha lei para que as persoas do mesmo xénero puidesen contraer matrimonio. Eu recordo un presidente que foi capaz non soamente de que puideran asinar ese papel senón de permitir e de poñer todos os mecanismos necesarios para que a xente puidera amarse en liberdade sen ter necesidade de esconderse; algo ao que vostedes, señores e señoras do Partido Popular, se opuxeron no seu momento.

Recordo unha lei contra a violencia machista que foi pioneira e que é un referente en Europa. Recordo unha lei da dependencia –da que hoxe parecía que o presidente da Xunta pretendía apoderarse– que dignificaba o traballo daqueles –e sobre todo daquelas, porque a maior parte das cuidadoras son mulleres– que levantan os enfermos das camas, que os limpan e que lles dan de comer. (*Murmurios.*) Así pois, hai moito do que os socialistas nos sentimos tremendamente orgullosos, moito do que poderían ter copiado. Mais vostedes decidiron co-

piar xustamente aquela medida puntual, aquela medida temporal, coa que se sentían ideoloxicamente máis cómodos. Porque a vostedes esa medida gustoulles, e decidiron, en vez de puntuar, no momento máis duro da crise económica, convertela en norma. Foi para vostedes unha magnífica oportunidade para facer aquilo no que sempre creron, dismantelar os servizos públicos, golpeando na columna vertebral dos mesmos, os traballadores e as traballadoras públicas.

Por iso precisamente, porque vostedes lle toparon gusto a retallar dereitos e a nós non nos gusta nada, presentamos esta moción resultado da interpelación que se substanciou no anterior pleno, que consta de varios puntos. En primeiro lugar, a respecto da convocatoria da oferta pública de emprego, solicitamos que se incremente o número de prazas para devolver o número de persoal fixo da Administración autonómica aos mesmos niveis do ano 2009. Pedímolo porque os propios datos do IGE revelan que dende xullo de 2009 ata o mesmo mes de 2015 a redución de persoal laboral, estatutario e funcionario ascende a un total de 5.820 empregados públicos; persoal contratado en precario ou que se cumpre en condicións de absoluta precariedade, e postos que acaban sendo tamén amortizados ou nos que se recorre a empresas privadas para poder suplir as carencias de persoal que o propio Goberno xerou. E como exemplo, os *minijobs*, porque a Xunta tamén ten *minijobs*. A Xunta crea *minijobs* de menos de 400 euros. Traballadores das residencias de maiores –desas das que presume o presidente da Xunta– da Consellería de Política Social mobilízanse contra a crecente contratación de persoal por horas e de fin de semana; de 145 prazas creadas na RPT, 53, señorías, son de fin de semana. Segundo, aplicar un criterio único rexido baixo os criterios de transparencia e publicidade das listas de contratación temporal, non soamente para os funcionarios e non soamente para a Administración central da Xunta, senón tamén para os organismos dependentes da mesma, onde rexen máis os criterios de consanguinidade do PP que os de acceso en condicións de igualdade, de mérito e de capacidade. E, para acabar, por exemplo, coa aldraxe que supón que un empregado ou empregada pública non teña dereito a percibir o cen por cento das súas retribucións, derrogar a Lei 1/2012; así como os artigos da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, que consolidan eses retallos. Devolver a vixencia na súa totalidade do convenio colectivo único do persoal laboral como cuarta medida. Como quinta medida, tendo en conta que as baixadas nas retribucións non soamente viñeron pola aplicación da lexislación básica do Estado –temos que darlles as grazas ao señor Rajoy e ao señor Montoro por iso– senón que ademais o Goberno de Feijóo –ese exemplo de defensa dos servizos públicos– aprobou baixadas adicionais que non aplicaron outras comunidades autónomas, hai que reverter de maneira inmediata esa situación a través da negociación colectiva; un dereito que lles recordo que, segundo o propio Tribunal Constitucional, reconece tamén no caso dos empregados e das empregadas públicas e que forma parte do dereito de liberdade sindical como dereito fundamental, e facer, no prazo máximo dun mes, unha negociación e chegar a un acordo plurianual que restitúa a débeda acumulada.

Temos, pois, señores e señoras deputadas, a posibilidade hoxe de reverter, a través da aprobación desta moción, a situación de perda de dereitos a que o Goberno de Feijóo veu sometendo os empregados e as empregadas públicas durante estes últimos case xa oito anos. Teñen, señoras e señores do Partido Popular, a posibilidade de votar a favor desta moción e de amosar que realmente o seu cambio de discurso durante estes últimos meses non foi consecuencia do entroido particular que supón para vostedes disfrazarse de defensores dos em-

pregados e empregadas públicos cando se achegan as eleccións. Teñen vostedes a posibilidade de que se demostre que de verdade teñen unha verdadeira vontade de rectificar as súas políticas e de devolverlles aos empregados públicos aquilo que lles arrebataron, non soamente en termos económicos, senón tamén de respecto e de valoración do seu traballo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos os que permanecemos na Cámara neste debate que parece que non lle interesa demasiado ao Grupo Popular porque se fala dos dereitos dos traballadores e traballadoras públicos, e onte xa nos deixaron claro que “nasti de plasti”, como se suele dicir; é dicir, non hai nada, non se lles vai pagar o roubado, non se lles vai devolver o roubado.

Eu é que, ademais, aínda estou un pouco afectada. Despois de escoitar o presidente, sóme pasar. A min tanta mentira concentrada, tanta deformación da realidade... Chega un momento que un cre que o señor Feijóo vive nun país distinto, noutra Galiza que debe quedar..., non sei, alén do mar. Igual está falando da diáspora galega, non sei do que fala, porque desde logo non fala deste país cando nega que aumentou aquí o desemprego, que aumentou a pobreza, que aumentou a migración e que o desastre económico é máis que evidente.

Vou dar o apoio a esta iniciativa, como non pode ser doutra maneira, e voume centrar nos dous últimos puntos, posto que os dous primeiros coinciden coa emenda á totalidade que presentabamos onte ao proxecto de lei de modificación da Lei 3/2008.

En 2010 o Goberno do Estado decretou unha taxa de reposición do 10 %, para a cobertura das prazas nos servizos públicos, que se mantivo ata 2015, cando pasou a ser do 50 %. Nese período, 2011-2015, segundo os datos publicados nos plans de ordenación de recursos humanos do Sergas, producíronse un total de 3.527 vacantes, e a estas vacantes hai que engadir outras prazas estruturais ocupadas por persoal contratado en precario por días, por meses, ou con outros vínculos laborais.

No ensino público, dende o último concurso xeral de traslados, producíronse en Galiza 1.948 xubilacións e só se ofertaron 1.372 vacantes, o cal quere dicir que se suman un total de 462 vacantes máis ás que xa había, esas 1.974. Isto supón unha nova diminución dos cadros de persoal dos centros, despois da redución de 3.000 docentes dende o ano 2010. Sen embargo, a Consellería presenta a súa oferta de emprego público sinalando que a taxa de reposición é do cen por cento das prazas, convocando tan só 1.004 prazas, a todas luces insuficientes para esa reposición do cen por cento.

Hai oito anos que non se convocan oposicións nalgúns corpos ou especialidades, como por exemplo Lingua galega. Señores do Partido Popular, levan oito anos sen convocar prazas de

lingua galega, ese é todo o interese que teñen vostedes en defender o noso idioma, en apoiar o noso idioma. Igual ocorre en filosofía, tampouco lles interesa que a xente pense moito, e en moitas ramas de FP, je despois veñen aquí falar da importancia da FP! O resultado é que hoxe o 20 % dos cadros de persoal dos centros de educación é eventual.

En canto á Administración xeral, a oferta de emprego público non contou co apoio das organizacións sindicais porque non contemplaba todas as vacantes existentes e non solucionaba os graves problemas de temporalidade e precariedade que están a sufrir os traballadores e traballadoras públicos. Polo tanto, temos unha Administración galega que está funcionando co persoal por debaixo dos mínimos exixibles, o cal repercute na calidade das prestacións dos servizos públicos, e estamos de acordo con que hai que recuperar os niveis de emprego público do ano 2009.

En canto ás listas de contratación, apoiamos tamén que teñen que aplicarse criterios de transparencia e publicidade, e moito máis coas actuais taxas de desemprego, que dan lugar a un alto número de persoas anotadas nas listas. Por poñer un exemplo, só en 10 categorías do Sergas o número de persoas inscritas é de 36.410.

Paso xa –remata o tempo– a defender a miña emenda. Presento unha emenda para que se recoñeza xa e se poña a negociar a carreira profesional. Polo tanto, di que antes de convocar no mes de setembro a representación sindical para poder negociar a actualización do acordo de carreira profesional e a negociación do réxime ordinario de carreira profesional, unha promesa que teñen vostedes incumprida dende hai anos, e xa é hora de que se poñan a cumprir a lei, señores do Partido Popular.

Vostedes aplaudían á voceira do Partido Socialista cando recoñecía que Zapatero baixou o salario dos traballadores e traballadoras públicas un 5 %. Eu espero que vostedes, algún día, fagan tamén acto de contrición e recoñezan aquí toda a súa corrupción e todos os recortes e a miseria que impuxeron a este pobo.

Nada máis. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda. Señor Fajardo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor FAJARDO RECOUSO: Bo día a todos e a todas.

Vou tratar de ser breve por dúas cuestións. Primeiro, porque, segundo o presidente, teño que ocuparme de destruílo todo, de destruír as institucións, e cando máis fale aquí, menos tempo teño para acabar con todo. Iso segundo o señor presidente. Ese indigno presidente que é capaz de crer que os tratamentos para salvar a vida da xente son tratamentos gratificables. Hai que darllos a quen os necesite e punto, e non hai que poñerse a contabilizar canto custa unha operación, senón se serve para salvarlle a vida á xente ou mellorar a súa vida.

Pero, claro, tamén quero acabar pronto porque, intervindo neste momento, estou perdendo ese proceso de adulación ao líder que se produce na sala de come de balde nestes momentos, onde unha parte importante do Partido Popular adula a ese presidente que veu aquí tomarlles o pelo aos galegos e a non responder ás preguntas da oposición.

Polo tanto, tamén lamento profundamente ese momento de bayeta e de fregona que acontece habitualmente (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)... Se ten algunha molestia, gustaríame que, igual que a min me chama á orde cando molesto, que aos demais tamén os chame á orde. Eu non digo que a min non me diga nada, pero dígallo tamén aos demais, a non ser que sexa vostede o Al-Ghandour do Parlamento galego. ¿Recordades, verdade? Aquel árbitro que tivo un mal recordo para algunha selección do Estado. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Perdón? ¡ah! Para a española, digo do Estado, creo que é o Estado español. Creo que non falei mal. Non, non falei mal, ¿non? O Estado español, o Reino español. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah! Veuno. Vale. Perfecto, perfecto. Eu non o vin, pero dígoo porque é así a cuestión.

Falabamos hoxe de dereitos dos traballadores públicos, e onte vivimos aquí unha manobra de mentiras e dun proceso onde nunha mala copia da señora Paula Prado, o señor Tellado, facía unha listaxe dos supostos acordos e melloras que tiña o Partido Popular a respecto dos traballadores públicos. Falaba duns acordos que, por certo, me gustaría saber onde están, porque no Boletín Oficial de Galicia non están nin aparecen no acordo firmado coas centrais sindicais, é máis, algún dos acordos que si se firmaron coas centrais sindicais por parte do señor Valeriano non se recolleron naquela lei que se debatía onte. ¡Que casualidade máis estraña! É certo que algúns dos plantexamentos que facía aquí hoxe o señor Tellado se lles trasladaron aos traballadores públicos mediante un correo electrónico, pero como un elemento graciable que, en todo caso, pode ser eliminado en calquera momento porque non consta en ningún decreto nin en ningunha norma á que un se poida acoller cando, por exemplo, de forma unilateral o retire o propio Goberno. A respecto, por exemplo, da conciliación das persoas con tratamento de quimio e de radio. Ese foi un dos grandes acordos que nos veu aquí presentar o señor Tellado. A posibilidade de que os que reciben tratamento de quimio ou de radio poidan ter a posibilidade de adaptar o 25 % da súa xornada. Eu, que sufrín algúns destes tratamentos, sei que non necesitas adaptarte á xornada porque habitualmente estás de baixa, pois non es capaz de ir traballar cando estás en tratamento de quimio e de radio. Pero se vostedes cren que iso é un avance nos dereitos laborais, vostedes saberán do que estamos a falar.

Pero o que é grave é que o mesmo Partido Popular que puxo como muro defensor dos seus recortes os traballadores públicos, incluso chegando a acusalos da situación e poñendo a sociedade contra eles, por declaracións do Partido Popular, cando os únicos que poden garantir uns servizos públicos de calidade son os traballadores públicos, son os que agora nos din que están traballando para recuperar os seus dereitos. Pero todo iso é mentira, porque non só non é capacidade dos traballadores públicos recuperar os seus dereitos, senón que o Partido Popular, dende aquela rebaixa do Partido Socialista, foi continuando nos recortes salariais; nuns recortes que significan que, a día de hoxe, os traballadores públicos do conxunto de Galicia cobran un 30 % menos que antes da crise. Polo tanto, hai un recorte moi evidente. Ademais, os traballadores públicos viron afectadas as súas vacacións, os seus per-

misos, a incapacidade, por exemplo, para descansar un de cada dous fins de semana nos traballos a turnos.

Todo iso foi por mor dos acordos do Partido Popular. Polo tanto, nosoutros o que queremos dicirle ao Partido Popular é que o que ten que facer é acumular e eliminar todos os recortes que fixeron aos traballadores públicos, porque o Partido Popular se comportou como un mal empresario. Por certo, anticipándose ao que faría despois na súa reforma laboral. É dicir, existe un convenio colectivo de aplicación aos traballadores públicos y *me lo salto*. Compoño unha norma, elimino a negociación colectiva e os acordos cos sindicatos simplemente porque o decido eu de forma unilateral. Iso demostra cal é a concepción dos dereitos laborais que ten o Partido Popular.

Nós cremos que é necesario, canto antes, devolverlles a dignidade aos traballadores públicos, pero tamén devolverlles o salario e o que lles foi roubado dos seus salarios, porque é fundamental para este país que recuperen poder adquisitivo, de tal forma que tamén poidan activar a economía. Hai que recordar que os traballadores públicos da Xunta de Galicia, sobre todo os das súas categorías máis baixas, da C para abaixo, están entre os tres que menos cobran do conxunto do Estado. É dicir, estamos nas peores –digamos– brechas salariais, a respecto do Estado, con outros traballadores públicos doutras comunidades autónomas.

Para rematar, nós fixemos unha alegación ao Partido Socialista respecto da derogación da Lei 1/2012, non vaia ser que coa delegación aproveite o Partido Popular para repoñer o plus de ex altos cargos. Nós, desde logo, esperamos que iso non sexa así, porque aquilo foi unha aberración; esperemos que, non utilizando esta proposta que fai o Partido Socialista, o Partido Popular utilice de novo ese plus de ex altos cargos, porque sabemos que no Partido Popular os recortes son para outros, para eles non suelen ser os recortes, nin para as empresas que defenden. Polo tanto, nós imos apoiar a iniciativa a pesar de que non se acepte a nosa emenda. Pero entendemos que o obxectivo non debe ser ese, o obxectivo debe ser repoñerlle os dereitos e os salarios ao conxunto dos traballadores públicos que foron atacados directamente polo Partido Popular; un Partido Popular que, cando se comeza torturando a verdade como se torturou aquí, con respecto aos recortes dos traballadores públicos, se acaba tamén torturando os traballadores públicos deste país, que son torturados en consellerías como, por exemplo, a do personaxe de Ferrol.

Máis nada e boas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fajardo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Bos días, señoras e señores deputados.

Grazas, señor presidente.

Saio tanto aquí, que case caio no coloquialismo. Perdoen vostedes.

Realmente, despois do debate que tivemos onte arredor do proxecto de lei –agora xa lei– presentado polo Goberno, creo que todos e todas temos poucas esperanzas de que teña algunha posibilidade de prosperar esta moción que presenta a señora Rodríguez, porque no seu contido, en moitas cuestións, refírese a asuntos que xa foron debatidos no día de onte.

Eu quixera comezar por dicir que cada vez hai máis constatacións na realidade de que os recortes practicados polo Partido Popular aquí en Galiza aos empregados públicos non tiñan unha orientación económica, senón que tiñan, fundamentalmente, unha orientación ideolóxica e que eran, efectivamente, a preparación para que o conxunto da sociedade, tamén o resto dos traballadores e traballadoras, aceptasen todo tipo de recortes nos seus dereitos laborais, económicos e sociais, con base nestas cuestións.

Tamén existe unha constatación, logo de catro anos de vixencia da Lei 1/2012, de que non só son recortes que afectan directamente ás empregadas públicas nos seus dereitos económicos e laborais, senón que teñen repercusións moi graves eses recortes nos servizos públicos.

Hai un exemplo que temos exposto desde esta tribuna en múltiples ocasións, o que se refire á anulación do artigo 17 do V Convenio colectivo de persoal laboral da Xunta de Galiza, que se fai en virtude da aplicación da Lei 1/2012, e que motiva que se perdesen 1.500 postos de traballo só nas residencias, centros sociais, centros de día e centros de menores dependentes da Consellería de Política Social. Con 1.500 persoas menos, hai que atender máis necesidades, porque hai que recordar que cada vez hai máis persoas que precisan de atención neses centros e que as necesidades de atención cada vez se volven maiores, ao mesmo tempo que se reduce o persoal. Polo tanto, hai unha clara agresión aos empregados públicos, pero tamén aos servizos públicos.

Esta mañá volveu repetir o presidente da Xunta, no anterior punto, que Galiza crecía máis que o resto das comunidades autónomas, que a economía galega vai como un auténtico foguete, e polo tanto que non existe ningunha xustificación para que se sigan mantendo os recortes que se practicaron aos empregados e ás empregadas públicas. Non existe, desde o noso punto de vista, ningunha xustificación para que se sigan sacando ofertas de emprego públicas raquílicas, que non dan para cubrir toda a desfeita de redución de persoal dos últimos anos. Aínda hoxe, na provincia máis envellecida de toda Galiza, que é Ourense, e con máis necesidades sociais, publicouse a noticia de que só en Ourense se perderon 2.700 empregados e empregadas públicas, coa interferencia que iso supón na prestación de servizos á cidadanía. Segue sen haber ningún tipo de xustificación para que, por exemplo, siga sen aplicarse o convenio colectivo ao persoal laboral e se sigan mantendo eses recortes. Segue sen haber ningunha xustificación, por exemplo, para que os empregados públicos non teñan dereito a cobrar o cen por cento das súas retribucións en caso de enfermidade, que é outra das cuestións que se recortou, primeiro a través da Lei 1/2012, e que hoxe está consolidada no artigo 146 da Lei de emprego público de Galiza.

Polo tanto, a pregunta á que debería contestar o Partido Popular hoxe, nesta moción, que non contestou onte no debate da lei de devolución dos cartos que se lles roubaron aos empregados públicos, é se ten pensado nalgún momento restituír os dereitos económicos e sociais aos empregados públicos, ou se vai seguir castigando...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...os empregados públicos como se tivesen eles algunha responsabilidade da desfeita das políticas do Goberno do Partido Popular.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Paz.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidenta.

Bo día, señorías.

En primeiro lugar, gustaríame comentar unha cuestión, pois, a verdade, xa se volve reiterativo en moitas ocasións ter que escoitar, despois da sesión de control, como se fai referencia a que se levanta o presidente e marcha; eu creo que os demais grupos deberían tamén revisar, cando están aquí despois da sesión de control, pegar un xiro de cabeza cara ao seu lado e ao mellor mirar cantos compañeiros quedan. Pero nós non imos cometer (*Aplausos.*) o mesmo erro, porque, a verdade, ese pode ser un comentario máis ou menos gracioso, cunha intención máis ou menos jocosa. Nós, dende logo, non imos cometer o erro de interpretar que eses compañeiros seus que ao mellor se levantaron e marcharon non teñen interese polo emprego ou pola situación do emprego público en Galicia. Nós a todos os que se sentan aquí presupoñémoslles interese polo emprego público e por todos os problemas dos galegos e das galegas. O mesmo que temos tamén os que nos sentamos deste lado. Polo tanto, pedímoslles (*Aplausos.*) un pouquiño de prudencia á hora de falar dende esta tribuna, porque, dende logo, para falar dende esta tribuna hai que ter coñecemento da situación e despois prudencia. E cando falo de coñecemento da situación, é porque, unha vez máis, asistimos aquí a unha nova escena dese apostolado da catástrofe que se pinta sempre dende os grupos da oposición. Aquí parece que os que nos sentamos deste lado da tribuna somos unha especie de criaturas aladas de colmillos afiados que nos dedicamos a chuchar o sangue de todos os galegos e as galegas cunha intención malévola escondida. Eu creo que ese discurso que vostedes empregan con tanta frecuencia é un discurso que a nós, ata certo punto, nos pode resultar cómodo, porque ao final, canto máis se alonxan vostedes da realidade, máis conectamos nós coa sociedade galega. (*Aplausos.*)

Xa digo, parece curioso que dende esa bancada se pretenda seguir afondando nese discurso maniqueo, nese discurso de que o PP case é o demo... Pero bueno, continúen por aí, que a sociedade nos vai poñendo a cada un no seu sitio. Dende logo, neste caso temos unha referencia próxima de que o Partido Popular, á sociedade galega, cada vez lle vai dando maior caudal de confianza.

Para falar sobre a cuestión que tiñamos nesta moción, gustaríame sinalar unha serie de cousas. Evidentemente, aquí se vén falar de que se castiga ao empregado público, que se intentan recortar dereitos dos empregados públicos, que se levan a cabo determinadas medidas

que o que fan é acabar cos servizos públicos e romper co que é a Administración. Pois nese sentido dicímoslles que están absolutamente alonxados da realidade, como dicía antes.

Vostedes deberían saber, eu creo que deberían saber, que un dos obxectivos fundamentais deste goberno dende que tomou posesión, en todo o que ten que ver co emprego público, foi precisamente blindar os servizos públicos e blindalos a través de dotar de estabilidade os empregados públicos. Cando falo de estabilidade do emprego público, de estabilidade dos empregados públicos, quero dicir que Galicia foi a comunidade autónoma na que a baixada do número de empregados públicos, de efectivos de empregados públicos, foi menor en toda España. De feito, baixou un 0,6 % no período 2008-2014, cando no resto de comunidades autónomas a media foi do 1,2 %. Polo tanto, estamos a falar da comunidade que máis puido dotar de estabilidade os servizos públicos porque non reduciu, precisamente, o número de efectivos. *(Aplausos.)*

Por outra banda, gustaríame sinalar tamén outra serie de cuestións que creo que hai que poñer enriba da mesa e que é de xustiza poñer en valor. Xa se falaba onte, como ben se dicía no debate da proposición de lei, de moitas cuestións ou moitas melloras que se levaron a cabo no eido da Administración pública galega en todo o que ten que ver cos empregados públicos. Dende logo, fálase na moción da necesidade de implementar unha oferta pública de emprego de maior dimensión cuantitativa. Pois ben, a verdade é que estamos a falar de que neste ano 2016 se ofertan 2.644 prazas de emprego público; 2.644 prazas de emprego público que se desglosan en diferentes servizos: estamos a falar de sanidade, de educación, estamos a falar da Administración xeral. Por exemplo, na Administración xeral, 714 prazas; na Administración sanitaria, na sanidade, 818 prazas, e na educación 1.112 prazas. Estamos a falar dunha oferta de emprego público superior ao conxunto dos últimos anos en oferta de emprego público. Polo tanto, algo está a facer este goberno.

Evidentemente, o que ocorre é que os gobernos teñen que tomar decisións en función da realidade económica e en función da capacidade que ten cada administración en cada momento. Nese sentido, como ben se lles ten dito moitas veces dende esta tribuna aos grupos da oposición, o Partido Popular encontrouse cunha situación económica na que non era posible levar a cabo, por exemplo, unha oferta pública de emprego moi elevada; unha situación económica que, grazas a ser ben xestionada, hoxe en día permite ter máis recursos para levar a cabo ofertas de emprego público máis cuantiosas e para mellorar tamén os dereitos dos traballadores, das traballadoras e dos empregados públicos.

Nese sentido, a vostedes failles graza... *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ GIL: ...que desde aquí se diga que o Partido Popular é o partido dos traballadores. Pois miren, nós dicímoslles unha cousa e temos unha cousa moi clara: dende logo, quen nos ten que dicir a nós o que é o Partido Popular e os intereses que defende o Partido Popular...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ GIL: ...son os galegos e as galegas. E, por sorte, os galegos e as galegas, traballadores galegos e traballadoras galegas, día a día, cando saímos á calle e os miramos aos ollos, escoitamos a súa visión da realidade e non a dos grupos da oposición, dinnos que imos polo bo camiño e que temos que seguir traballando nesta dirección.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Fernández.

Grupo autor da moción.

Ten a palabra a señora Blanco Rodríguez. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidenta.

Quero agradecer o apoio dos grupos parlamentarios da oposición.

A respecto da emenda da Alternativa Galega de Esquerda, agradezo a súa emenda, señor Fajardo, posto que, tendo ao Partido Popular gobernando, hai que tomar todas as precaucións posibles. Nós xa o fixemos, pedindo a través dunha PNL o ano pasado a eliminación do plus dos altos cargos, por estar fóra da realidade, e pedindo que as retribucións se fixen con base en criterios e obxectivos públicos e transparentes. Polo tanto, aceptamos a emenda.

No caso da emenda do Grupo Mixto, aceptámola tamén, señora Martínez, porque consideramos que a actualización do acordo da carreira profesional é necesario e é urxente agora mesmo.

Señor Fernández, vostede ten razón, voulle dar a razón. Hai moitísima estabilidade no emprego público en Galicia. Mire, hai tanta estabilidade que –como dicía a señora Paz– se perderon nas residencias 1.500 postos de traballo. ¿E sabe vostede como se repuxo –en parte soamente– ese persoal? Pois mire, repúxose con traballo precario; con empregadas que teñen que percorrer 180 quilómetros para traballar dúas horas. Por exemplo, Esther, enfermeira, para 2 horas e vinte, temos que facer 180 quilómetros, entre Lugo e Oleiros, porque se non, quítannos das listas de contratación. É verdade, hai moitísima estabilidade e non hai precariedade na Xunta de Galicia, non.

As últimas táboas salariais publicadas, as de 2015, fixan o salario base dun traballador do Grupo 5 en 909 euros para unha xornada completa. Co cal, o salario por dous días de traballo, que é o que contratan ás camareiras das residencias de maiores, non chega aos 364 euros ao mes. Señor Fernández, ¡xa ve vostede que hai moitísima estabilidade no emprego público en Galicia e que non hai ningún tipo de precariedade!

Respecto ao señor Zapatero e ao do 5 %, que queren seguir... Eu sigo. Se queren, sigo, ¡eh! Vostedes, que son tan centralistas e que sempre din que todas as comunidades autónomas teñen que ter os mesmos dereitos e as mesmas liberdades, resulta que os funcionarios públicos galegos están en detrimento comparándoos cos de outras comunidades autónomas,

posto que teñen un retallo adicional que se mantén aínda este ano, e para os funcionarios doutras comunidades autónomas, moitas delas gobernadas polos socialistas, non se manteñen, señor Fernández.

Así que a señora Paz facía unha pregunta: se tiñan pensado restituír os dereitos dos empregados públicos. Eu creo, señora Paz, que a resposta...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...é moi clara: a resposta é non. Vostedes non consideramos que sexan un diaño con rabo; consideramos simplemente que aplican a súa ideoloxía.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Blanco.

Pasamos á seguinte moción.

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co tratamento das augas residuais

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa do seu deputado Juan Manuel Fajardo Recouso, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción, doc. núm. 51385.

Emenda de adición.

Débense engadir tres novos puntos ao final da parte resolutiva:

“6.- A aportar a porcentaxe e situación das estacións depuradoras que teñan a día de hoxe un proceso de depuración terciario.

7.- A realizar un seguimento mensual, con información pública do mesmo, dos verquidos realizados pola estacións depuradoras, con autorización para o mesmo, con indicación dos motivos.

8.- A establecer un plan de eliminación dos milleiros de puntos de verquido recoñecidos mediante un cronograma de actuacións concretas.”)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a moción ten a palabra o señor Sánchez Bugallo.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: Moitas grazas e bos días, señorías.

Volvemos hoxe a darlle continuidade a un tema que se debateu na pasada sesión plenaria. Nesta sesión plenaria, formulabamos tres preguntas á señora conselleira, preguntas que o Grupo Parlamentario Socialista vén formulando reiteradamente, sen que ata o día de hoxe teñamos unha contestación concreta que poidamos considerar válida. Vounas repetir. A primeira é: cantas e cales son as poboacións con máis de 2.000 habitantes equivalentes que contan con EDAR. A segunda é: cales destas EDAR están en funcionamento operativo e cales non. E a terceira é: cal é a día de hoxe a porcentaxe de augas residuais tratadas con respecto a auga residual recollida total. No mesmo pleno, novamente formulamos estas preguntas e novamente nos fomos sen contestación.

Téñolle que dicir, señora presidenta, que neste pleno –e de forma ostensible– a señora conselleira lle entregou ao señor presidente, supostamente, unha relación das EDAR que existían, da que se nos ía dar traslado ao Grupo Socialista, e que a día de hoxe non nos deu nada ou non nos chegou nada; polo tanto, estamos exactamente na mesma situación.

O que si sabemos, señorías, é que desde o ano 2003 o Reino de España vén sendo requirido pola Unión Europea precisamente polo incumprimento da normativa medioambiental. Sabemos, señorías, que desde o 31 de decembro de 2005 –polo tanto, desde hai dez anos e medio– todas as poboacións con máis de 2.000 habitantes equivalentes, o cen por cento das súas augas residuais tiñan que ser tratadas, obxectivo que, evidentemente, non se cumpría no 2005 e está aínda moi lonxe de cumprirse no 2016.

Das contestacións da Xunta de Galicia podemos deducir, porque tampouco son exactas, que tres poboacións de entre 2.000 e 15.000 habitantes carecen de EDAR, e dúas poboacións de máis de 15.000 habitantes tamén carecen de EDAR. Pero o que xa non sabemos é cantas destas edares teñen capacidade para tratar o cen por cento das augas que lles chegan. E tampouco sabemos cantas e cales destas edares están funcionando ao cen por cento da súa capacidade ou, polo contrario, están funcionando ao 25 %, ao 30 %, ao 50 %, e incluso nalgúns casos nos consta que ao 0 %; é dicir, que non están sendo operativas.

Tamén sabemos, señorías, que desde o ano 2012 o Reino de España ten aberto, por parte da Unión Europea, un expediente sancionador por incumprimento da normativa medioambiental europea. Sabemos que ese expediente sancionador está neste momento en trámite no Tribunal de Xustiza da Unión Europea, e que a pesar dos reiterados compromisos verbais asumidos polo Reino de España e asumidos pola Xunta de Galicia, hoxe é o día en que se seguen sen cumprir estas obrigacións, nin hai tampouco traza de cando se cumprirán. O único dato concreto que nos facilitou a señora conselleira no pasado pleno é que o 77 % das augas de Galicia estaban en boas condicións. Isto supoñía que nos últimos anos a porcentaxe de augas en boas condicións pasou do 70 % ao 77 %, é dicir, un módico incremento de sete puntos. Pero tamén supón, señoría, que o 22,5 % das augas de Galicia –falamos dos nosos lagos, falamos dos nosos ríos, falamos das nosas rías– non están en condicións medioambientais aceptables. ¿Que sucede coas rías de Pontevedra, O Burgo ou Ferrol, por poñer soamente tres casos? ¿Que sucede cos nosos ríos, por exemplo o río Sar, que pasa a carón de Santiago e que vai verter á ría de Arousa? ¿Cantos miles de metros cúbicos se están vertendo diariamente nos nosos ríos sen depurar? Miles, decenas de miles, centos de miles. Eu me atrevo a asegurarlles, señorías, que son varios centos de miles. E podo asegurarlles, señorías,

que probablemente o número total de metros cúbicos de augas sucias que se producen en Galicia deben rondar en torno a un millón diario, e dese millón diario hai varios centos de miles que están chegando aos nosos ríos e ás nosas rías sen depurar, ou polo menos sen depurar adecuadamente.

Temos, señorías, multitude de depuradoras –e algunha delas no entorno de Santiago– que, inauguradas hai máis de cinco anos, cinco anos despois seguen sen funcionar. E pódolles poñer o caso concreto dunha depuradora a carón de Santiago, no municipio de Santa Comba, inaugurada polo señor conselleiro, don Agustín Hernández, no mes de maio de 2011, en vísperas das eleccións municipais, que estivo anos pechada, porque a depuradora estaba feita pero non tiña conexión coas liñas eléctricas, e, polo tanto, non podía funcionar. E podo dicirlle que hoxe, cinco anos despois, o Concello de Santa Comba a ten sen recepción, polo tanto, polo concello de Santa Comba non funciona, pero é que a consellería, na relación que nos acaba de facer chegar neste mes de xuño tampouco a ten como que funcione por parte da consellería. Polo tanto, moito me temo que 4 millóns de euros investidos, e cinco anos despois da inauguración, esas augas residuais séguense vertendo aos ríos sen depurar.

Polo tanto, señorías, o que formula o noso grupo, o que pide por parte da Xunta de Galicia, é a adopción dunha serie de medidas, orientadas as primeiras ao control exhaustivo da depuración e saneamento das augas de Galicia, e a garantir o control de calidade das mesmas. As segundas, a indagar e reflexar publicamente, de forma clara e transparente, a situación en que se atopan as 160 depuradoras que, segundo a Xunta de Galicia, están operativas no noso territorio. En terceiro lugar, a aportar e a informar da porcentaxe da auga tratada con respecto ao total de augas residuais recollidas na nosa comunidade. E por último, a aportar a porcentaxe de estacións depuradoras que hai en funcionamento, especificando cales non están en funcionamento e por que razóns; ou cales están en funcionamento en condicións inaxeitadas. Por último, a derogación de novos tributos previstos na lexislación de augas.

Pola miña parte, máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Sánchez Bugallo.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, ten a palabra o señor Fajardo Recouso.

O señor FAJARDO RECOUSO: Bo día a todos de novo.

Antes, o voceiro do Partido Popular falaba de que el tiña moi claro onde colocaba a cidadanía o Partido Popular. Eu non sei moi ben onde o coloca, é verdade que vai perdendo maiorías cada vez; pero si sei onde se ve ultimamente o Partido Popular: vese por Alcalá Meco, vese polos cárceres, vese polas suites dalgún hotel de Ourense... Por aí é por onde se ve o Partido Popular. Tamén se ve o presidente polas rías do país, paseando con narcotraficantes... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Perdón?

Sei que cando se fala destas cousas o Partido Popular se remexe nas súas sillas. Pero é verdade, ¿que quere que lle diga? Con máis de cen persoas imputadas, xente no cárcere, presidentes que pasean con narcotraficantes, hai que recordarllo. ¿Que quere que lle diga eu?

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Non dialoguen.

O señor FAJARDO RECOUSO: Cando queira. Eu na ría o máis que paseo é nos pedalos da praia, que non teño capacidade económica para outra cousa. Non como o presidente, que paseaba con narcotraficantes. Insisto, insisto...

Sei que lles molesta, pero é verdade. Igual que están imputados e xente que está na cadea, por parte do Partido Popular, por roubar diñeiro de todos.

A proposta que presenta o PSOE é unha proposta absolutamente necesaria, aínda que nós cremos –tamén é certo– que queda curta nalgúns aspectos. É certo que é fundamental neste país analizar as causas polas que a situación das nosas augas é a que é; polas que é se incrementa o número de zonas C a respecto dos procesos produtivos, e tamén, dende logo, polas que nos están a chegar un montón de informes da Unión Europea que determinan que a nosa costa está chea de puntos de vertido.

Dende logo, o que é particularmente sospeitoso é que, despois de ter gastado centos de millóns de euros na depuración, continuemos cunha situación das augas peor incluso que a anterior. Eu vou dar algún dato para ter en conta como é posible que eses bos xestores teñan gastado centos de millóns de euros e a situación a día de hoxe sexa a que despois vou relatar. Por exemplo, na ría de Vigo, 278 millóns de euros investidos en depuración; na ría de Ferrol, 256 millóns de euros investidos na depuración, e resulta que a ría de Ferrol ten zonas C e, polo tanto, non se pode consumir marisco de forma directa, senón que hai que ilo depurar. Ou, por exemplo, unha depuradora que resulta que non depuraba a pesar de gastarse esa cantidade de diñeiro.

Soamente en cinco anos, na ría do Burgo, 78 millóns de euros. E hoxe a ría do Burgo presenta unha situación lamentable en termos de contaminación. No Plan estratéxico da Coruña 2010–2015, mil millóns de euros. Estamos a falar de preto de 2.000 millóns de euros investidos en depuración en Galicia, nos gobernos do Partido Popular, e ¿cal é a situación? Pois que hai 8.600 puntos de vertidos recoñecidos, co 53 % das augas costeiras que non cumpren os obxectivos mediambientais recollidos na normativa de contaminación da Unión Europea a respecto da contaminación química, microbiolóxica, incremento de nutrientes, o e-colli, ou, por exemplo, a presenza de microplásticos. Que dúas de cada tres praias que non son aptas para o baño, no conxunto do Estado, están en Galicia; e todo iso a pesar desa magnífica xestión do Partido Popular.

Polo tanto, nós cremos que, primeiro, hai que recoñecer cal é a situación da depuración naquelas depuradoras que supostamente hai no país. Cales están depurando, non vaia ser que nos atopemos con situacións como as de Ferrol. E tamén recoñecer cales están sobrepasadas en canto á súa capacidade de absorber os vertidos que lle chegan. E tamén coñecer cales das nosas depuradoras teñen ademais depuración terciaria; é dicir, a depuración que vai máis

alá dos sólidos, que chega á contaminación química, que en rías como a de Arousa ou a de Pontevedra aí xa un perigo.

Polo tanto, o primeiro que di a Directiva europea da auga é que as administracións teñen que poñer os medios suficientes para que se mellore a calidade das augas, e, sobre todo, para que se protexan as zonas de produción de moluscos, porque as nosas rías son zonas de produción de moluscos. ¿Como é posible, por exemplo, que o Partido Popular teña consentido que na ría máis produtiva do mundo se estean acumulando 5 millóns de metros cúbicos de refugallos procedentes dos dragados das obras do eixo atlántico e dos dragados dos portos? E que todo isto se permita, por parte do Partido Popular, na bocana da ría máis produtiva do mundo. Polo tanto, é necesario repensar como estamos facendo depuración neste país, como estamos tratando a nosa costa, o noso medio mariño. Pero, sobre todo, se é necesario continuar nese –creo– plan erróneo de macrodepuradoras nos concellos do país, ou se temos que ir a esa depuradora de proximidade, a esa depuradora de barrio, a esa depuradora incluso de edificio. Nós cremos que hai que repensar o modelo, porque ¿a realidade cal é? Pois que a maioría das augas industriais deste país non se están a depurar e que o conxunto das nosas rías presentan un aspecto bastante lamentable, sobre todo na súa capacidade de xerar riqueza a través da explotación marisqueira e pesqueira.

Estamos nunha situación límite, e, se non tomamos cartas no asunto, é moi probable que en moi pouco tempo esteamos ente a última xeración que poida vivir do mar no noso país, simplemente porque o Partido Popular quere expulsalos do mar para que sexa ocupado por outro tipo de actividades, como poden ser as mineiras, como poden ser as de acuicultura industrial ou como poden ser as de produción de enerxía, por iso están permitindo que sexa inviable vivir do noso mar.

Nós presentamos unha emenda, a respecto da proposta do Partido Socialista, que o único que plantexa é que neses informes que se dean ao conxunto da cidadanía galega se inclúa tamén que tipo de depuradoras están xa facendo, a día de hoxe, no conxunto do país, a depuración terciaria.

Polo tanto, nós imos apoiar a iniciativa que plantexa hoxe o Partido Socialista.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Fajardo.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra a señora Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Como non podía ser doutro xeito, imos apoiar a moción presentada polo PSOE porque consideramos que o problema do tratamento das augas residuais é un problema de grande mag-

nitude ambiental, e dunha gran responsabilidade da propia administración polas repercusións medioambientais de saúde, económicas e laborais.

Concordamos cos puntos presentados. Tamén sabemos que se fixo un esforzo considerable para adecuarse á normativa europea, que aínda segue pendente.

No último pleno, tivemos a intervención da conselleira, que nos fixo unha achega, unha información, sobre o número total de depuradoras e aquelas que estaban ubicadas nas rías galegas, que son centros de produción económica, sobre todo polas actividades marisqueiras e pesqueiras, e tamén pola calidade da auga. Máis aínda queda moito traballo por facer. De feito, Galiza sempre vai á cola do conxunto do Estado e tamén da Unión Europea.

Tamén se nos di que a maioría das aglomeracións maiores de 15.000 habitantes están ao cen por cento cubertas. E fálanos tamén dunha porcentaxe de augas en suposto bo estado. Mais este tipo de información é incompleta, porque se nos teñen que facer outro tipo de achegas sobre como se atopan as condicións reais deste tipo de saneamento. E si existe unha realidade: os dous terzos das propias depuradoras funcionan mal.

Tamén é certo que debemos contar con outro hándicap, unha peculiaridade da nosa terra, que é a poboación dispersa. Porque tamén hai moitos pozos negros e fosas sépticas que teñen captación das augas residuais domésticas, e non só no medio rural, senón tamén no ámbito urbano.

E tamén moitas augas non pasan pola propia EDAR. As depuradoras, como dixemos onte, non son capaces de procesar todo este caudal. Si que é certo que Galiza se atopaba hai uns anos, no 2009, como a última comunidade do Estado en porcentaxe de fogares conectados ás redes públicas de abastecemento.

E falamos de moitos millóns de euros investidos, moitos millóns de fondos europeos co suposto obxectivo de acometer o saneamento real das rías. Móstrase unha xestión indebida, e temos o feito: a propia contaminación das rías.

A construción das redes sanitarias que contaminan as augas pluviais ao mesturalas con augas residuais; un conxunto de depuradoras deficitarias, cando non inoperativas; ausencia de interconexións que permitan transvasar augas contaminadas dunha depuradora a outra no caso de avaría; ausencia total de predepuración de augas industriais; a falta de mantemento das redes xerais; os erros na instalación de colectores e as avarías nos bombeos, non parece maneira, dende logo, de conseguir melloras.

E despois, a propia privatización do saneamento e do abastecemento das augas municipais, modelo de liberalización dos servizos públicos que tanto gusta neste país, que provoca que o concello e a propia Administración pública se desentendan das súas obrigas e que as empresas concesionarias incumpran os seus contratos en materia de construción de infraestruturas e canalizacións, ou a posta en funcionamento de fases de depuración como pode ser o tratamento terciario, bacteriolóxico, instalado, por exemplo, na EDAR de Cangas.

Os obxectivos economicistas que marca a empresa privada tradúcense en falta de investimentos e mantemento, en inoperatividade puntual de sistemas de bombeo e depuración de augas residuais, que, especialmente cando chove, non son capaces de facer esta función, diluíndose dun xeito oculto, e, unha vez máis, verten no propio medio acuático ou mariño. E xa non falemos de escándalos como o acontecido o ano pasado, o descubrimento en Ferrol de que a propia depuradora, que tiña anomalías de construción, non depuraba, e aínda por riba cobraba o tributo.

Evidentemente, concordamos coa derogación dos novos tributos de lexislación de augas, ou problemas de desinfección atopados nas propias estacións, como acontecía en Sada ou no concello de Cedeira, con problemas de bombeo; ou a propia EDAR de Santiago, onde o 50 % da auga volve ao río sen depurar. E xa non falemos das ameazas coas multas da Unión Europea por non cumprir a propia normativa; xa non falemos das excusas –que é como A historia interminable– de falta de compromiso da propia Xunta, por exemplo, coa depuradora dos Praceres na ría de Pontevedra, que xa non é só un problema de contaminación, pois aquí estamos falando tamén de miles de persoas que teñen a súa fonte de ingresos do que extraen directamente da propia ría. E tamén da revisión das obras realizadas hai máis de vinte anos e que necesitan renovacións; tecnoloxía de depuración que xa está obsoleta, saneamentos que en momento de choiva en moitos casos non funcionan.

Evidentemente, debemos buscar un modelo alternativo baseado na instalación de estacións depuradoras de escalas sustentables, situadas nos emprazamentos máis axeitados e respectando as distancias mínimas das casas fixadas por lei, que, por exemplo, a depuradora de Pontevedra non cumpre. E sobre todo o que pedimos, á parte dos puntos presentados, é colaboración e cooperación para que todas as administracións teñan este tipo de información e lla poidan aportar á cidadanía.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Fernández.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Somos un país que se caracteriza pola súa extraordinaria riqueza fluvial, por iso Cunqueiro bautizou a Galiza como o país dos mil ríos. Porén, os nosos ríos seguen padecendo múltiples agresións ambientais, entre elas, os vertidos de augas residuais. Temos tamén a sorte de ter un litoral único. As nosas rías, pola súa beleza paisaxística, os seus valores ambientais e a súa potencialidade produtiva son un ecosistema dun valor incalculábel, pero a degradación que padecen moitas delas é sinxelamente escandalosa. E hai rías como a de Ferrol ou a ría do Burgo que teñen o dubidoso mérito de ser os entrantes mariños máis contaminados de Europa.

A contaminación é a causa principal de que a capacidade produtiva da ría do Burgo apenas chegue ao 20 % da súa potencialidade, e de que nos anos oitenta esta ría dese traballo a

2.000 mariscadores e hoxe a menos de 100. E se falamos da ría de Ferrol, estudos de acreditados biólogos mariños calculan que nas últimas décadas perdeu 3.000 especies por mor da contaminación. E mentres iso acontece, séguense vertendo augas residuais sen depurar.

A Directiva da Unión Europea sobre o tratamento de augas residuais urbanas establece a obrigatoriedade de depurar o cen por cento das augas residuais procedentes de núcleos de máis de 2.000 habitantes. Miren, señores do Grupo Popular, en vez de laiarse de que o pobo británico dixese non á Unión Europea ou en vez de ser tan obedientes aos ditados da señora Merkel, mellor sería que se preocupasen de cumprir este obxectivo, porque este obxectivo tiña que estar acadado o 31 de decembro de 2005, e en Galiza, once anos despois, seguimos esperando.

A moción insta a Xunta ao control exhaustivo da depuración e saneamento das augas, garantindo a súa calidade, e nese sentido reclama que o Goberno galego aporte toda a información para coñecer o estado real do tratamento das augas residuais no noso país. Plantexa, por tanto, unha cuestión suscitada tamén polo Grupo Parlamentario do BNG en distintas ocasións, e ademais propón, no seu punto 5, a derogación dos novos tributos da lexislación das augas, algo co que tamén coincidimos. A suba do canon da auga non naceu para racionalizar o consumo, naceu cun claro afán recadatorio; afán recadatorio, por certo, do que curiosamente fican excluídas as grandes empresas que contaminan as nosas rías. Ence, por exemplo, disfruta dunha concesión para captar do río Lérez 1.500 litros de auga por segundo. En virtude desta concesión, da que se beneficiou cando era unha empresa pública e que despois lle foi regalada aos seus novos propietarios, Ence só paga 900.000 euros ao ano, cando tería que pagar 5 millóns polo canon da auga e outros 5 millóns polas verteduras. Case 10 millóns de euros ao ano que se detraen, por tanto, na práctica das arcas públicas para premiar que siga contaminando a ría de Pontevedra. E mentres isto acontece, no noso país segue habendo milleiros de puntos de vertidos, son innumerábeis os atrasos na posta en funcionamento das estacións depuradoras comprometidas dende hai anos, e son innumerábeis tamén as denuncias polo funcionamento deficiente de moitas das existentes.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG vai dar o seu voto favorábel a esta moción.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Grazas, presidente.

É unha pena que non haxa ningún portavoz nin viceportavoz do Partido Socialista, que é tan rápido botando en cara a ausencia dos demais, que estean a atender os portavoces deste partido, (*Aplausos.*) do partido que representa a maioría da cidadanía, aínda que iso parece que a algúns non lles gusta. Seguen vostedes, señorías, negando a realidade, e iso é moi preocupante.

Señorías, fago miñas as palabras do portavoz do Bloque Nacionalista, cambiando, loxicamente, algunha cousiña. Descualifican vostedes a realidade, descualifican vostedes a Galicia, para descualificar este Goberno e o partido político que representa á maioría do pobo galego. *(Murmurios.)*

Señorías, non se molesten –e lamento que non estea a viceportavoz–, o señor Zapatero arruinou o noso país, *(Murmurios.)* destruíu 3,5 millóns de postos de emprego; é o responsable de milleiros de peches de empresas e de comercios e tamén é o responsable dos problemas que houbo nos servizos públicos nestes últimos anos. É verdade que fixo algunha cousa boa, moi poucas, e recoñezo e síntome orgulloso e síntome agraciado dalgunhas das que fixo. Alégrome de que aprobara o matrimonio entre persoas do mesmo sexo, ¡claro que me alegro moito! *(Murmurios.)*

Pero, mire, seguindo co orgullo, como cantaba Gloria Gaynor: “*Just turn around now, you’re not welcome anymore*”. “*You’re not welcome anymore*” é o que lle están a dicir todos os españois ao señor Zapatero. A súa compañeira viña con isto na cabeza, por iso cando falou a miña compañeira pensou que era eu para facelo mirar. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Despois, señorías, cando veñen as eleccións perden vostedes apoio, perden vostedes deputados, *(Murmurios.)* perden vostedes senadores, e vostedes son incapaces de explicarse por que os cidadáns non confían en vostedes. Do que eu son incapaz é de explicarme por que só perden vostedes *(Murmurios.)* 100.000 votos. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Pero sigan vostedes, señorías, negando a realidade, *(Murmurios.)* nós seguiremos recibindo o apoio da maioría.

Señorías, *(Murmurios.)* nós consideramos que unha das grandes riquezas de Galicia son as nosas rías e os nosos ríos. Ademais, este grupo do que eu formo parte sustenta un goberno que fixo o maior investimento medioambiental da historia da nosa autonomía: investimentos en saneamento, investimentos en depuración e en abastecemento de augas. Desde o 2009, máis de 1.100 millóns de euros en investimentos, máis de 350 actuacións en saneamento en máis de 160 municipios de Galicia; 39 depuradoras feitas por este goberno, o 25 % de todas as que hai en Galicia. As novas infraestruturas dan servizo a máis de 1,2 millóns de galegos e galegas, practicamente a metade da nosa poboación. Gran parte deses esforzos foron destinados á depuración das nosas rías; en concreto, desde o 2009 destináronse 600 millóns a mellorar o estado das rías. Estes esforzos, señorías, de todos os galegos fixeron posible que a porcentaxe de augas en bo estado na demarcación Galicia Costa ascendese ata o 77,5 %. É un éxito de todos, señorías, non só deste goberno, *(Murmurios.)* non só deste partido. É un éxito de todos os galegos. *(Murmurios.)*

Por suposto, temos que seguir traballando ata acadar o cen por cento, pero podemos afirmar que estamos no bo camiño. E ademais, señorías, hoxe cumprimos coa Unión Europea en materia de planificación, algo que non sucedía cando gobernaban vostedes nin cando deixaron o Goberno. E para conseguir ese cumprimento a nivel europeo fomos quen de poñer

en marcha o Plan hidrolóxico da demarcación Galicia Costa 2015-2021, cun orzamento adicional de 655 millóns de euros para dar continuidade e ampliar o anterior Plan hidrolóxico aprobado no 2009, grazas ao cal temos unha sólida planificación en materia de auga para os próximos seis anos. Non só é que fixeramos os maiores investimentos medioambientais, é que os imos seguir facendo para seguir mellorando a calidade das nosas augas.

Xa para rematar, piden vostedes... Señorías, é verdade que aquí só falou o señor Jorquera da derogación dos novos tributos. Señorías, isto describe á perfección a falla de coherencia, a falla de consistencia, a falla de solidez dos seus discursos. Son vostedes capaces de dicir unha cousa e a súa contraria segundo estean nun sitio, segundo teñan unha audiencia ou segundo sexa o momento.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Cando se poñen vostedes a máscara de medioambientalistas din unha cousa; cando están cos que teñen que pagar eses custos medioambientais din outra completamente diferente, e cando se poñen a máscara europeísta, aínda teñen a capacidade de poñer outra máscara. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Señorías, ¿están vostedes a favor do principio comunitario de que quen contamina paga? ¿Están vostedes a favor do principio de recuperación de custos? ¿Están vostedes a favor ou en contra da sustentabilidade do sistema? ¿Están vostedes...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...señorías, a favor do principio de solidariedade interterritorial? ¿Están vostedes a favor dos principios xerais de contribución...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...contidos no artigo 31 da Constitución española?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Respóndame, señor Bugallo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, señor Trenor. Grazas.

Grupo autor da moción. Señor Sánchez Bugallo.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, agradecerlle aos restantes grupos parlamentarios, con excepción do Partido Popular, o seu apoio a esta iniciativa. E, por suposto, aceptamos a emenda de adición

formulada polo Grupo Parlamentario da AGE, que entendemos que vén complementar e mellorar a proposta que nós presentamos.

Con relación ao señor Trenor, a verdade é que non sei moi ben de que falaba vostede sobre todo ao principio, supoño que daba contestación a outra cousa que nada tiña que ver coa cuestión que hoxe nos ocupa. Pero, centrándome na cuestión que hoxe nos ocupa, eu non estaba a falar dos 1.100 millóns de euros que segundo vostede e a señora conselleira investiu a Xunta de Galicia. O problema é que pasou con eses 1.100 millóns de euros. O problema é como é posible que do 70 % de augas que estaban en bo estado hai sete anos, só pasamos ao 77 %, e, polo tanto, quede un 22,5 % que segue estando en condicións inaceptables. O problema que hai é ¿cantas depuradoras hai construídas que non están operativas ou non están operando adecuadamente?

Falouse aquí do exemplo escandaloso de Ferrol, cobrando incluso a taxa de depuración e coa depuradora sen funcionar. Eu contáballe o caso de Santa Comba, inaugurada en maio de 2011. ¿Por que non funciona esa depuradora? ¿Quen a fai funcionar? ¿Que está pasando aí? ¿Como puido facerse unha depuradora sen luz eléctrica? ¿Quen puido pensar que iso podía funcionar?

O certo é que hai 160 depuradoras, segundo dixo a señora conselleira. Non sabemos onde, señor presidente, porque aparentemente doulle un plano a vostede que nos ía facer chegar no pleno pasado, e debe estar mal o correo que aínda non chegou ao noso grupo parlamentario. Xa que está presente, espero que se acorde de mandarnos o plano. Hai 160 depuradoras, segundo se di, e só hai 140 núcleos de máis de 2.000 habitantes, pero en cambio hai 5 que non teñen depuradora, aínda que non se nos di cales. Pero hai moitos máis que sabemos que non funcionan ou non funcionan ben, e a realidade é a que é, señor Trenor.

Nós queremos o noso país e queremos o mellor para o noso país. Pero vostede, que é da Coruña, ¿cre que a ría do Burgo está en condicións axeitadas? ¿Cre que a ría de Ferrol está en condicións axeitadas? ¿Incluso que a ría de Arousa está en condicións axeitadas, e a de Pontevedra, e o río Sar? ¿Cre que todo iso está ben? É evidente que non o está.

Entón, ¿por que non están de acordo en que a Xunta de Galicia indague e reflexe publicamente as condicións exactas en que se atopan estas depuradoras e o seu réxime de funcionamento? ¿Por que se opón o Partido Popular a que se faga pública a porcentaxe de auga que está sendo tratada e a porcentaxe de auga que se está vertendo sen tratar? ¡É transparencia

En suma, señor presidente, hai un problema de cantidade, hai un problema de calidade e funcionamento destas instalacións, hai un problema de control do que está sucedendo e hai un problema final de información aos cidadáns e aos representantes políticos do que está a suceder e de en que se están investindo os cartos, ou máis ben de para que serve.

Por certo, é estupendo que esteamos cumprindo a normativa que tiñamos que cumprir no ano 2005. En 2016 cumprímola para efectos de planificación, non de funcionamento. É

dicir, que segundo o señor Trenor, alá polo 2021, se temos sorte, igual cumprimos a normativa de...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: ...2005. Eu xa lles digo que, polo camiño que imos, tampouco. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez Bugallo.

Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa xestión do Goberno galego no referido á situación do sector lácteo, as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para a defensa da moción, ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boa tarde.

Vou facer unha intervención en plan matón.

Falaba de solidez e rigor, señor Trenor, e falou de que dende 2009 este goberno investiu 1.000 millóns de euros nas rías galegas. Para solidez, hai que dicir as cousas con rigor. Este goberno non gastou 1.000 millóns de euros en sanear as rías, en tal caso será o que estaba orzamentado por parte de todas as administracións públicas, orzamentado.

Despois tamén diría se aos señores do Partido Popular lles sona algo a Operación Frontino. Había dúas empresas públicas que se chamaban Acuamed e Acuaes, e o señor Cañete e altos cartos inflaban as obras e os orzamentos para pagar favores. Non sei se lles sona. Daquela, deses 1.000 millóns hai que restarlle algo que quedou nos petos de alguén, dalgunha empresa, e a partir de aí empezaremos a entender por que, despois de tantos anos de goberno do Partido Popular, as rías galegas están como están e seguen sen cumprir os parámetros exixidos, e xa pasaron varios prazos límite. Tamén ten que ver, unha vez máis, coa corrupción.

Operación Frontino, lembren: Acuamed e outra empresa para o noroeste, que se chama Acuaes, que casualmente foi a que fixo a estación depuradora de Cabo Prioriño en Ferrol, ¿acórdanse? Aquela que botaba a merda directamente á ría e, a pesar diso, o Partido Popular cobráballe a taxa aos veciños e veciñas de Ferrol. Esa era a empresa. Cobrar unha taxa por non dar un servizo. E o señor Florentino Pérez frotando as mans e forrándose, cun garda de seguridade 16 das 24 horas ao día como único persoal desa depuradora.

¡Manda truco que nos veñan vostedes a falar de solidez e de rigor! E isto que pasou co saneamento das rías en trinta anos, tamén pasou co sector rural de Galicia. Tamén co noso agro, cos nosos sectores primarios e co noso rural.

Un goberno do Partido Popular que o fixo durante 28 anos, dos trinta e poucos que temos en democracia, e que non foi capaz de darlle un futuro ao rural deste país. Os datos non menten. Os datos o que din é que temos hoxe en día unha evolución perigosísima do noso rural.

Señor presidente, ¿estaba vostede...? ¿Entón non escoita? ¿Só escoita do oído esquerdo? Xa, xa, xa. Paréceme que aquí hai (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) audición selectiva. ¡Home, só faltaría!. Pois digo que polo menos, se queren falar, que saian.

A evolución do rural en Galicia, que non é allea ás políticas do Partido Popular, lévanos aos datos actuais; e non o digo eu, antes de que me tilden de catastrofista. Lean, lean o estudo previo ao Programa de desenvolvemento rural 2014-2020 e verán os datos de envellecemento e de abandono do rural. ¡Datos dramáticos! Estamos chegando a un punto case de non retorno, en datos demográficos e en datos de abandono e envellecemento.

¿O Partido Popular que fai nese PDR? Como estamos perdendo poboación e hai un envellecemento gravísimo, dos máis graves de toda Europa, hai abandono e destrúense explotacións, pérdese un de cada tres empregos dos sectores primarios dende que goberna o señor Feijóo. En sete anos destruíu 25.000 empregos. Dío o Instituto Galego de Estatística: un de cada 3 empregos, 25.000 empregos do sector primario. Entón, hai que apostar por políticas continuístas, é certo. E temos que concluír que a vontade do Partido Popular é esa.

Nós cremos que hai posibilidades para darlle futuro ao rural, pero primeiro hai que ter vontade; vontade de darlle futuro ao rural. O rural non é só o agro, o rural non é só a actividade forestal, non é só os sectores primarios. Pero non vai haber futuro no rural galego, nin en ningún rural, se eses sectores non son viables e a xente non pode vivir dignamente do seu traballo. Non hai futuro nun rural onde os sectores primarios estean empobrecidos, onde os produtores de madeira, de leite e de alimentos non cobren un prezo digno para poder vivir do seu traballo. Non o vai haber.

Entón, un goberno que quere futuro para ese rural ten que facer políticas públicas que garantan que a xente que faga ben o seu traballo, que traballe, que produza alimentos para a sociedade, cobre prezos dignos por eses alimentos. E se ese goberno, durante tantos anos, non é capaz ou non ten vontade de establecer un marco onde os gandeiros, os agricultores, etcétera, non estean protexidos diante dos abusos das industrias e da distribución para garantirles unha vida digna, ese goberno estalle negando o futuro a este país e ao seu rural, e está traizoando o seu país e o seu rural. Non hai máis.

Se hai soberanía nas institucións públicas, as políticas son as que determinan ese marco, e ata o de agora o marco que hai é un marco de abuso permanente e de discriminación contra os gandeiros, que si fixeron os deberes, que si fan o seu traballo, e aínda encima adaptándose ao modelo que dixeron vostedes que era un modelo adaptado para este país: investir en cota, gañar dimensión, investir en tecnoloxía, o que vostedes chaman modernizarse. En cambio, tiveron un goberno que non fai os deberes.

Estes mesmos profesionais agricultores, estando noutros países, noutras rexións, non terían por que pechar. Moitos deles pechan pola súa responsabilidade, por non facer os deberes en

ordenación do territorio para que poidan ter base territorial e depender menos dos insumos; uns insumos que teñen unha alta volatilidade nos mercados internacionais. Non fixeron os deberes tendo unha política industrial seria. Non pedimos máis. Non pedimos que esteamos de acordo no modelo. Algo serio, señores do Partido Popular, que non sexa Alimentos Lácteos. Regalarlles 8 millóns de euros de diñeiro público aos amiguetes que nin sequera teñen capacidade de xestión; dous tenentes de alcalde do Partido Popular aos que puxeron á fronte do que ía ser o proxecto estrela industrial da transformación do sector lácteo, tan necesario para este país. Oito millóns tirados ao lixo. Débedas cos gandeiros, cooperativas en quebra... Ese foi o resultado do Partido Popular. Non pedimos nin sequera estar de acordo no modelo, o único que pedimos é un mínimo de seriedade, de honestidade e de honradez. Nada máis ca iso.

Tampouco fixeron os deberes na industrialización e transformación do sector lácteo. Tampouco fixeron os deberes no marco normativo, porque para vostedes está o que en principio é algo abstracto, que é a liberdade de mercado. ¿De que liberdade de mercado me falan? ¿Que liberdade ten un gandeiro galego cando vai vender o seu leite? ¿Cal é a liberdade? ¿En que pode escoller un gandeiro?

A liberdade de mercado é unha liberdade cada vez maior das distribuidoras e da industria para fixar as súas condicións e impoñer as súas condicións pola forza. Iso é o que conseguiron as súas políticas: non aprobaron ningunha normativa que conseguise equilibrar esa situación; non contribuíron a artellar o sector para equilibrar esta situación, como si se fixo noutros países, por exemplo en Francia. Pero a diferenza entre Francia e este país é que teñen gobernos, sexan de dereitas ou esquerdas, que manteñen as políticas máis alá de catro anos. Este goberno, ademais de non ter vontade, dá bandazos. Xa levamos dous acordos históricos anunciados polo señor Feijóo e avalados pola palabra do señor Feijóo. Un en 2013, aprobado unanimemente co voto a favor de todos os grupos, para que digan despois que temos unha actitude destrutiva. Era aquel que dicía que o señor Feijóo se comprometía a liderar a redacción da lei da calidade alimentaria introducindo o concepto de prezo de referencia para evitar que se venda por debaixo dos custos de produción. ¿Lémbrase daquilo? O señor Feijóo xa non se lembra, xa non volveu aparecer.

¿Onde está ese prezo de referencia? ¿Onde está esa normativa que garanta que non se venda por debaixo dos prezos? Pois levan dous anos e medio os gandeiros galegos vendendo por debaixo dos prezos de custo; dous anos perdendo cartos cada vez que vendían leite, e pechouse o 70 % das explotacións do sector lácteo do Estado español. Ata marzo de 2016, dende marzo de 2015, no último ano, pecharon 534 explotacións galegas, ¡534!, máis de 10 por semana. Ese é o seu balance.

Polo tanto, non fixeron os seus deberes nin en ordenación do territorio nin na industrialización nin no marco normativo. ¿Que é, falta de vontade? Eu creo que si. Vostedes apostan polo exterminio, non apostan por un país equilibrado, non apostan por tomar medidas políticas que garantan un país equilibrado.

Tampouco fixeron os deberes en dotar o rural dunha organización administrativa para facer políticas económicas endóxeas. Vostedes fanlle incluso de parapeto ás industrias e á dis-

tribución cando hai manifestacións dos gandeiros, criminalizando a protesta. E, aínda por riba, saen vostedes a defender a industria e a distribución, cando vostedes son coñecedores de que se están cometendo abusos, de que se está facendo venda a perdás, de que se está utilizando o leite como produto reclamo. E díganme vostedes –que nunca saen aquí a dicir– cantas sancións lle puxo o Partido Popular á industria láctea por vender o leite a perdás ou á distribución por utilizar o leite como produto reclamo. Xa llo digo eu, o ano pasado en Portugal, dous millóns e medio de euros. Supoño que o funcionamento de Carrefour en Portugal é similar ao que fai aquí en Galicia, en cambio en Galicia non coñecemos ningunha sanción. A ver se por unha vez veñen aquí, contestan e din: temos estas sancións impostas á distribución...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...entón gañarán algo de credibilidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Bo día, señorías.

Bo día, presidente. Moitas grazas.

Señorías, cando debatemos sobre o sector lácteo galego estamos debatendo dun sector económico de soberanía alimentaria, estamos debatendo dun xeito de vida e estamos debatendo sobre o futuro do rural galego.

É un sector produtivo estratéxico, porque a actividade agrogandeira é un dos principais motores económicos e de estrutura social na Galiza. A súa liquidación está a supor o despoboamento e a desertización do noso rural, a ruína dun monte de familias e o peche de moitas pequenas e medianas explotacións. Tamén é a creba definitiva da autosuficiencia alimentaria na Galiza.

A situación é desesperada e desesperante. Ademais periga a súa propia supervivencia nun escenario terrible, un escenario de encarecemento dos insumos, da caída libre dos prezos, pactados polos monopolios da industria leiteira e as grandes superficies, por baixo dos propios custos de produción.

Esta ofensiva do mercado, esta ofensiva do capitalismo, non só é consentida polo goberno de España e polo goberno da Galiza, que non miran para outra parte; mellor dito, si, miran para outra parte diferente dos intereses da Galiza e das galegas e galegos, miran polos intereses da oligarquía á que representan e da que forman parte; e ademais artellan medidas para garantir os negocios e os beneficios dos grandes grupos monopolistas e das grandes corporacións europeas, cuxos intereses representa e defende o Goberno do señor Feijóo e a maioría absoluta

do Partido Popular. Políticas que a señora conselleira trata de xustificar na súa intervención, ao ser interpelada, como fan sempre desde o Goberno do Partido Popular, con datos macroeconómicos. Son datos que cadran as contas, pero son datos que non responden á realidade deste país noso, tan rico, tan rico en recursos naturais. Datos que ademais non aportan solucións. É verdade, cadran as contas, pero non aportan solucións; non aportan solucións reais que freen a despoboación e o empobrecemento que estamos a sufrir neste país que se chama Galiza.

Hai outros datos que constatan o fracaso deste modelo económico do Goberno do PP para a cidadanía; non para o Goberno do PP, un goberno neoliberal e para os seus amigos.

No ano 2015 morren por primeira vez, dende o ano 1941, máis galegas das que nacen. Non sei se lles preocupa este dato, espero que si. E a emigración das nosas non para de medrar. No mesmo ano, no ano 2015, señorías, 5.000 galegas e galegos tiveron que emigrar na procura dun futuro que aquí non é posible. Estamos nun país sementado de tanatorios, nos que a Xunta de Galiza leva investidos máis de 1,7 millóns, e ¿de onde? Dos fondos europeos para a modernización do rural galego, dende o ano 2009. ¡Vaia inversión, señorías...! ¡En tanatorios, en morte! Mentres o rural esmorece, señoría... Señoría, esmorece o rural de desleixo e abandono por parte do Partido Popular e por parte da ideoloxía conservadora que vostedes defenden. Merece este goberno a reprobación desta Cámara, e a Galiza uns novos gobernantes que miren pola xente, polas súas vidas e polo futuro da Galiza.

Máis nada. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Bos días novamente, señoras e señores deputados.

Eu hoxe, esta mañá, decidín que me ía dedicar durante todo este pleno a facerlle preguntas ao Partido Popular e ao Goberno da Xunta de Galiza, e neste punto a pregunta podería ser cando ten pensado o Goberno galego tomar en serio a problemática que atravesa o sector lácteo. Hai unha cuestión incontestable, que é que, facendo sempre as mesmas políticas, non se conseguen resultados diferentes. E os datos obxectivos mostran que coas políticas desenvolvidas polo Partido Popular en relación co sector lácteo, tanto no Goberno do Estado como no Goberno da Xunta, non só non se resolve a situación crítica pola que atravesan as explotacións, nin se están artellando mecanismos para garantirlle un futuro ao sector lácteo galego, senón que a situación se volve cada día máis insostible.

No mes de marzo todos os grupos parlamentares, logo de reunirmos con todas as organizacións que representan os produtores, integradas na Plataforma en defensa do sector lácteo, presentamos unha iniciativa neste Parlamento solicitando que se constituíse unha comisión para pactar entre todos e todas, co sector, medidas de urxencia para abordar a crise tan terrible que estaban vivindo as explotacións, e que sabemos e seguimos sabendo todos que, de non abordarse, se ía levar por diante moitas explotacións que poderían ser viables, que poderían ser sostibles, e que, unha vez que pechan, todos e todas sabemos que nunca máis ían reabrir.

Fixo antes mención o señor Sánchez ás explotacións que levan pechado en Galiza neste ano.

Daquela, o Partido Popular argüü que non era necesario constituír esa comisión porque xa tiñan unha comisión na que estaba participando o Goberno, xunto coas organizacións que representan o sector, no establecemento dun plan de fortalecemento do sector lácteo; unha especie de plan estratéxico do sector lácteo que debería estar feito desde o ano 2009, porque xa no ano 2009 sabiamos que o 1 de abril de 2015 acababan as cotas e que, polo tanto, tiñamos que preparar o sector para ese novo escenario.

Pero non, a Xunta de Galiza decidiu que febreiro de 2016 era o momento de constituír un plan de traballo para facer un plan de futuro para o sector lácteo. Estamos hoxe a día 29 de xuño e pasaron practicamente seis meses desde que a Consellería e o Partido Popular anunciaron reiteradamente que se ía levar a cabo, que se ía aprobar, ese plan de fortalecemento do sector lácteo que ía ser a solución aos problemas do sector lácteo. Está a piques de rematar a segunda lexislatura do señor Núñez Feijóo sen que se teña levado a cabo ningunha medida real para resolver os problemas do sector lácteo, nin os problemas conxunturais e inmediatos que ten actualmente, derivados da crise de prezos que hai no conxunto da Unión Europea derivada da sobreproducción de produtos lácteos que hai actualmente na Unión Europea, nin tampouco se ten presentado ningunha medida que non sexa destruír para modificar aqueles elementos estruturais que lastran o noso sector lácteo.

Por iso a pregunta é: Señorras e señores do Partido Popular, ¿de verdade lles importa a vostedes algo o sector lácteo? ¿De verdade lles preocupa que sigamos tendo algún tipo de actividade económica en moitas comarcas do noso país, nas que a única actividade que hai e pode haber é a vinculada coas explotacións gandeiras, fundamentalmente coas explotacións gandeiras de leite?

Nós imos apoiar a moción do señor Sánchez porque, en definitiva, o único que pretende esa moción é darlle lexitimidade, dalgunha maneira, a dous dos compromisos que asumiu o señor Núñez Feijóo cos galegos e coas galegas. Un, a través do acordo asinado en decembro do 2012, segundo o cal se ía resolver o problema dos prezos e da fixación de prezos a través da Lei da cadea alimentaria, cousa que de momento non se fixo. E outro, darlle algún viso de realidade ao acordo asinado o 23 de setembro de 2015 entre o Ministerio de Agricultura e todas as organizacións e representacións que forman parte da cadea do sector lácteo.

Eu xa non digo que teñan que facer nin levar a cabo as propostas que lle ten formulado aquí o Bloque Nacionalista Galego –non falo polo resto dos grupos– nin as que teñen presentado outros grupos, que ían en liñas similares e que eran igualmente construtivas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: Simplemente lles pido que, por favor, fagan algo, calquera cousa, algo que poida contribuír a sacar dese pozo sen fondo e sen final, no que está metido, o sector lácteo.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

As estatísticas do sector agrario, collamos os datos que collamos, eu diría lea quen as lea, incluso aínda que as lea o señor Tellado, son incontestables. Quero dicir que, miremos os datos que miremos, creo que non hai ningunha dúbida.

Eu vou dar só dous. Un desplome dun 30 % do prezo do leite nos últimos dous anos; é dicir, unha rebaixa de salario a calquera cidadán, nos últimos dous anos, dun 30 % de forma continuada. Dígoo para aqueles aos que lles é difícil facer a translación. Dun 30 %, constante, nos últimos dous anos. Non é que cheguemos ao 30 %, senón o 30 % constante nos últimos dous anos. E o primeiro cuadrimestre deste ano, o peor dos últimos dez anos. O que non sei é quen lle pasa as estatísticas estas que le o señor presidente, que dicía que o primeiro que facía era miralas. Estas, ou se olvidaron de pasalas, ou non as leu. Non sei que dato ten que haber nesas estatísticas, ou que datos teñen que ter reflexados –non nós, senón calquera estatística pública– para que o señor Feijóo faga algo. Porque os datos e as estatísticas creo que son incontestables. Non sei a que prezo teñen que cobrar os leite os gandeiros deste país para reaccionar e para facer algo.

Fronte a isto, un aumento da produción en toda Europa, de media, un 5 %. É dicir, o mesmo sector, e a pesar de aquí ser a terceira comunidade produtora de leite de Europa, un 5 % de aumento da produción de media, pero con países como Holanda ou Bélxica cun aumento do 20 % da produción; ou Irlanda, por certo, non un dato menor, de onde é o comisario europeo, que di que isto está todo moi ben, un aumento do 30 % na súa produción. En Galicia un 2 %, en Galicia un 2 %, sendo a terceira produtora. E a conselleira nosa dicindo que, efectivamente, o estamos facendo ben. Que o estamos facendo ben só producindo ou só aumentando un 2 %. Fronte a outros países que están aumentando un 30 % ou un 20 %, e polo tanto están quedando co gran debate, que é quen queda co mercado, en Galicia, un 2 %.

E claro, non é porque lle fagan caso á conselleira, non se desilusionen nin se fagan vostedes trampas, é porque non se aumenta a produción, porque, loxicamente, o prezo non o reflexa: 28 céntimos os últimos datos. Déanllos tamén ao señor Feijóo: 28 céntimos. Pásenlle ese dato ao señor Feijóo e que faga algo dunha vez. El, que di que cando hai uns datos negativos o primeiro que fai é ler o informe completo, que lea o que queira, que os lea da maneira que queira e que llos interprete quen queira: son autenticamente escandalosos.

Mentres tanto, a posición política, tanto do ministerio como da Xunta de Galicia e da conselleira, é que isto ten que arreglalo Europa. É dicir, ao que está crecendo un 30 %, ao que está cobrando 6 ou 7 céntimos máis que os galegos, o que lle dicimos desde aquí é que nos ten que vir arregar o problema dos galegos. Esa é a posición política deste goberno e do de Madrid. A aqueles que están cobrando e están crecendo a un 20 % ou a un 30 %, que cobran

6 ou 7 céntimos máis e que xogan no mesmo mercado ca nós e que, polo tanto, están ocupando o noso mercado, ¡pedirilles por favor que nos veñan solucionar a vida!

Esa é a posición que temos, a única posición coñecida, por parte deste goberno, ao longo destes dous anos: que nolo veñan arreglar de Europa. Repetiuño, por certo, hai poucos días o secretario do ministerio.

Miren, cando falan da realidade, a realidade é esta: este é un contrato asinado a semana pasada. Non fai falta tampouco ser un estadista, é cuestión de ir onda un gandeiro e pedirlle o contrato. Non fai falta facer nada rarísimo nin ter ningún tipo de gabinete: 0,27 para os próximos tres meses. Iso si, para o 60 % do seu leite. O restante, a prezo de leite en po. ¿Vale? Este é o contrato. Por certo, iso de reunidos e todo iso, obviámolo. Todo o prezo referenciado a un índice, que son eses 0,27. E o da marxe de negociación que pon aquí, ¡de coña! É dicir, toma o contrato, hoxe acábache o que tes. Mañá, ou tes este firmado, ou non che recollo o leite.

Isto é o que está pasando. Esta é a realidade, aínda que vostedes gañen as eleccións. Si, aínda que vostedes gañen as eleccións. Eu non quero facer comparacións con eleccións gañadas, a razón que tiñan e a quen votaba a xente; non son comparacións que veñan ao caso. Pero gañar as eleccións non implica sempre ter razón.

Esta é a realidade. Esta é a realidade da maioría dos gandeiros deste país. E non estou falando dun gandeiro pequeno como di a conselleira, estou falando dun gandeiro que entrega ao ano case un millón de litros. Polo tanto, esta é a realidade.

E a última, o sector do olivar. Dígoo porque acabo de ver agora a nota de prensa. En Andalucía aducen que teñen un problema de crise do sector e polo tanto queren reabrir o debate das axudas da PAC. É dicir, temos un sector en crise, as axudas acopladas á produción que están precisamente enfocadas para axudar aos sectores en crise, e Andalucía di que quere reabrir o debate da axuda da PAC porque ten un sector en crise. Contestación da consellería...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: Por favor, que vai ir defender, que non lle quiten os cartos aos do leite. Pero imos ver, señora de Deus, ¿como lles van quitar aos do leite os cartos se están máis en crise que os do olivar? O que tería que aproveitar a conselleira é dicir...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...nós tamén temos o sector en crise, imos, efectivamente, reabrir o debate da PAC e poñer un techo de 150.000 euros por perceptor, ou modular as axudas para que aos do leite nos poida tocar máis.

Á nosa conselleira todo o que se lle ocorre...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...e niso que estea tranquila... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor García. Terminou o seu tempo.

Un minuto e máis. Mire o reloxo, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: Creo que non foi...

O señor PRESIDENTE: ¡Home! Mire o reloxo, por favor. Teno aí. Un minuto quince, señor García. Non, soamente hai un reloxo aquí, que é o que ten diante.

Grazas, señor García. Grazas. Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Popular. Señora García Pacín.

A señora GARCÍA PACÍN: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Señor Sánchez, eu creo que vostede debe cambiar o modo mitin e reiniciarse, porque, realmente, é unha boa copia do seu voceiro, ausente permanentemente. É unha boa copia. Cada día estao facendo mellor.

Traemos un debate outra vez... Outra vez non, o do leite, do sector lácteo. Tamén entraron en xogo os tanatorios, porque no rural non debemos ter necesidade do servizo de tanatorios. Iso é unha novidade. E o señor socialista pon a etiqueta... a etiqueta non, a tiritita, antes da ferida. Fai referencia ao posicionamento de Andalucía dicindo que quere unha redistribución dos pagamentos acoplados en favor de certas producións, pero en detrimento do leite. E o posicionamento de Galicia, da Consellería do Medio Rural, non lle gusta.

Entendemos mal. A verdade é que non sabemos ler, interpretamos ao revés, o único discurso que serve e é válido é unha verdade virtual da oposición. Pero namentres sigan cuns acordos propostos cheos de solidez, uns acordos que corresponden a un programa e a un modelo de facer política descoñecido por todos, porque aquí o que se fai reiteradamente, debate tras debate do sector lácteo, é deostar o Goberno galego.

Señorías, é verdade, referíronse aquí a que o Partido Popular gaña eleccións, pero gaña eleccións porque a cidadanía, os produtores, o rural galego, confía en nós porque ve os feitos, non soamente a política de xestos que vostedes adoitan achegar a esta Cámara, que realmente se está convertendo nunha figura literaria, non quero referirme máis.

Señorías, neste cuadrimestre tan malo, temos uns prezos en Galicia –os últimos coñecidos, creo que son os de abril, 27,9– que son prezos que superan a media europea. Son prezos dos

que non estamos ninguén contentos, nin o grupo parlamentario nin o Goberno, polo que seguimos a traballar, para incrementar eses prezos, con moitas medidas, medidas normativas e lexislativas. Pero a oposición adoita non ler nin o DOG nin o BOE. Xa non mira a normativa, pero tampouco mira as convocatorias de axudas, que son decididas, cuantiosas. E, se non, recordemos algúns exemplos.

Os plans de mellora, os investimentos en activos de explotacións, máis de 35 millóns nesta convocatoria; a incorporación da mocidade ao rural, máis de 14 millóns para este ano. En transformación, 28 proxectos, con máis de 14-15 millóns para investimentos. E a última, 3 millóns para dotar de liquidez, reestruturar débedas... Acordémonos, señorías, levamos meses loitando para engadir mellores incrementos con ferramentas, observatorios autonómicos de prezos, referenciación coas ferramentas xacobeas, observatorios a nivel nacional e a nivel europeo.

Igual que as sancións, señor Sánchez. Vostede afirma aquí que o PP tiña que multar. ¡E logo o ano pasado os 88,2 millóns que Competencia puxo a nove industrias....! (Risos.) ¿Realmente iso non é unha sanción? Eu creo que a realidade amosa con feitos o que vostede intenta trasladar a sociedade, pero sen éxito ningún.

Recordemos: mobilidade de terras. É que tiveron que vir gobernos do Partido Popular para dotar dunha lexislación actual e áxil para poder modificar a realidade, cuns orzamentos este ano, no Plan de mellora da estrutura agraria, de 22 millóns de euros para poder actuar sobre máis de 100.000 hectáreas, para pechar máis de 137 proxectos de concentración. ¡Claro, o Bipartito pasou por aquí e daquela non pechaban explotacións, acabábanse todas as concentracións...! Realmente, noutros tempos, noutras responsabilidades políticas distintas do partido Popular, non existían problemas no rural, e agora si. ¡Pois non! Os grupos parlamentarios do Partido Popular apoiamos dun xeito decidido –porque ten que ser así, señorías–, para loitar todos por un rural vivo, como vostede afirma, por un modelo sostible, onde os modelos intensivos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GARCÍA PACÍN: ...que vostede... ¿Non protexe, non respecta? Pero cuestiona, cando menos, cuestiona. Pois, señorías, na nosa terra teñen que...

O señor PRESIDENTE: Dez segundos. Remate, por favor.

A señora GARCÍA PACÍN: ...coordinarse modelos intensivos, modelos doutras producións, e, sobre todo...,

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor, déixena rematar.

A señora GARCÍA PACÍN: ...apoialo con investimentos, agora que os orzamentos da Xunta, que os orzamentos da Consellería, medran por primeira vez. Non freen, non freen a acción de Goberno. E, señorías, teremos que reprobou a actuación da oposición. E este domingo a sociedade galega os reprobou. Sigan así. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora García Pacín.

Grupo autor da moción. Señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Varias cousas, señora García Pacín.

Non vale todo. Vostede falaba de que o prezo estaba por riba da media europea. É o prezo máis baixo do Estado, e os prezos de abril son máis baixos que cando vostedes anunciaron o acordo en setembro de 2015. O seu acordo serviu para baixar aínda máis os prezos. ¡Replíqueme se estou mentindo! O prezo en abril é máis baixo que cando vostedes firmaron un acordo que se supoñía que era para subir os prezos; así é a eficacia dos prezos.

E para que se vexa o rigor do Partido Popular, antes o do señor Feijóo, agora da portavoz do Medio Rural, di: Ante a miña reclamación de datos sobre que sancións puxo a Xunta de Galicia por venda a perdas ou utilización de produtos reclamo, vostede me contesta cunha actuación da Comisión Nacional do Mercado da Competencia, que, polo que eu sei, non depende da Xunta de Galicia, señora García Pacín, e fíxoa a instancia de constantes denuncias e por actuacións continuas da industria dende o ano 2000 ao 2013. Dende o ano 2000 ao 2013, ¡e vostedes cero! Vostedes tiñan normativa e competencias dende os anos noventa, ¡e cero, cero! Vostede o que me contestou, ante a miña pregunta, é que actuou Competencia, que depende do Estado, e ante denuncias de particulares, señora García Pacín. ¡Ese é o seu celo para perseguir as prácticas de abuso da industria e da distribución! ¡Ese é o rigor do Partido Popular!

¡E claro que pedimos a reprobación do señor Feijóo! Vostede falaba dos plans de mellora como unha gran aportación deste Goberno do Partido Popular. Ante unha situación excepcional, vostede me nomea medidas e subvencións que se deron ininterrompidamente dende que entramos na Unión Europea. E é certo, houbo tres anos onde non houbo plans de mellora, ¡cero euros!, cando gobernou o Partido Popular. Vostedes estiveron tres anos sen dar un euro para plans de mellora, só para plans de incorporación, nunha axuda que non tivera interrupcións dende que entramos na Unión Europea. Pero, ¿que me está contando, señora García Pacín? ¡Pero se nin sequera sabe sacarme aquí un argumento sólido!

Estiveron dous anos sen dar plans de mellora nos peores anos da crise, señora García Pacín, por iso... recortes. E, aínda por riba, vostede me saca canto diñeiro da Unión Europea reparten entre os gandeiros. Si, e os 56 millóns de euros que se deixaron sen executar do PDR anterior. Foron 56 millóns de euros que non se executaron pola súa incapacidade e pola súa ineficacia. Iso é unha realidade, 56 millóns de euros que viñan de Europa botados ao lixo, sen utilizar, nun sector tan necesitado como o rural. Iso só era motivo para reprobar a ese señor na súa función como presidente de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Pasamos á votación das mocións.

Escomenzamos votando a moción do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia sobre actuacións que deben levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego público. Xa manifestou quen interviu polo Grupo Socialista que aceptaba as emendas do Grupo Mixto e do Grupo de Alternativa Galega de Esquerda.

Votación do texto transaccionado da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego público.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario Socialista sobre actuacións que se deben levar a cabo en relación co tratamento das augas residuais. Xa manifestaron tamén que aceptaban a emenda do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Votación do texto transaccionado da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co tratamento das augas residuais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada tamén esta moción.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a moción do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, en relación coa xestión do Goberno galego no referido á situación do sector lácteo e as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central.

Votación da Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa xestión do Goberno galego no referido á situación do sector lácteo, as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

Pasamos a punto quinto da orde do día, que se corresponde co de proposicións non de lei.

Proposición non de lei de iniciativa popular, promovida pola Asociación Galega de Familias Numerosas e asumida polo G.P. Popular de Galicia, sobre redución do tipo impositivo do IVE dos cueiros

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

En primeiro lugar, quero saudar os representantes de Agafan, a Asociación Galega de Familias Numerosas, que son os promotores desta primeira proposición non de lei de iniciativa popular que debatemos no Parlamento de Galicia.

Isto é posible porque no mes de agosto do pasado ano se aprobou neste Parlamento a Lei de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá. Esta lei permitiu ampliar os mecanismos de participación directa dos cidadáns no Parlamento de Galicia, facilitando que os galegos e as galegas se impliquen activamente na actividade parlamentaria e presenten iniciativas de control e de impulso ao Goberno galego.

Deste xeito, a Asociación Galega de Familias Numerosas rexistrou a primeira proposición non de lei de iniciativa popular neste Parlamento de Galicia, pero tamén a primeira proposición non de lei de iniciativa popular que se debate nun parlamento español.

O Grupo Popular asumiu esta proposición non de lei de iniciativa popular e solicitou a súa inclusión na orde do día deste pleno por dúas cuestións. En primeiro lugar, porque compartimos a iniciativa de Agafan, e, en segundo lugar, porque é coherente coas políticas de apoio ás familias galegas da Xunta de Galicia.

Compartimos a necesidade de solicitar ao Goberno central a redución do tipo impositivo de IVE dos cueiros dos nenos e das nenas, pasando do 21 % actual ao superreducido do 4 %, como produto de primeira necesidade que é. As familias numerosas merecen especial atención, especial apoio e protección. Galicia pode ser considerada un claro exemplo do chamado inverno demográfico, e son as familias numerosas as únicas que superan a taxa de recambio xeracional.

Tamén é coherente esta iniciativa coas políticas da Xunta de Galicia. Gustaríame recordar que en xuño de 2011 se aprobou a Lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia, que establece o deber dos poderes públicos de recoñecer e amparar a familia en todas as súas manifestacións e formas de organización, dándolle un especial apoio e protección. En abril de 2013 aprobouse o Plan de dinamización demográfica de Galicia, que contempla distintas medidas como a mellora dos beneficios fiscais, o servizo de axuda no fogar para a infancia, axudas ao acceso da vivenda ou axudas ao transporte público. En febreiro de 2015 presentouse o borrador do Plan galego de política familiar, que amplía as medidas do Plan de dinamización demográfica de Galicia.

O Plan galego de política familiar conta con 177 medidas; un borrador que se presentou ás organizacións e entidades do sector para buscar con eles o maior acordo posible. Entre estas 177 medidas atópase un apartado específico onde se solicita unha tarifa reducida do IVE para os produtos de primeira necesidade de atención aos menores de 6 anos, considerando os cueiros dos nenos e das nenas un produto de primeira necesidade.

Neste momento, Galicia conta con máis recursos para apoiar as familias. Concretamente, nos orzamentos deste ano destínanse 97,2 millóns de euros á infancia e á familia, o que supón un 40 % de incremento en relación co pasado ano. Galicia conta con programas de conciliación para as familias, como o Bono Concilia, para as familias que non teñen unha praza nunha escola infantil da Xunta, que ten un orzamento de 3,4 millóns de euros; ou o Bono Coidador no rural, naqueles casos onde non existe escola infantil, para que poidan levar os seus fillos a unha escola. Galicia conta tamén con axudas directas ás familias, como exemplo a Tarxeta Benvida, esa axuda directa de 100 euros mensuais durante o primeiro ano do neno ou da nena, cun orzamento de 9 millóns de euros, para gastos infantís de hixiene, saúde e alimentación; na Tarxeta Benvida inclúense tamén os cueiros dos nenos e das nenas.

Galicia conta tamén con medidas fiscais para as familias. Incrementouse a dedución por nacemento ou adopción de fillos; de 300 a 360 polo primeiro fillo; de 1.200 polo segundo fillo e de 2.400 polo terceiro fillo. Duplicouse o límite da dedución por coidado de fillos menores, de 200 a 400 euros.

E Galicia tamén conta con máis servizos para as familias, con 3.864 novas prazas en escolas infantís da Rede Galiña Azul. Neste momento, con 20.500 prazas, Galicia acada por primeira vez a cobertura recomendada pola Unión Europea. E ademais contamos con 7.800 novas prazas públicas en infraestruturas sociais.

Hoxe o que solicitamos é pedirlle ao Goberno central que reduza o tipo impositivo dese IVE dos cueiros dos nenos e das nenas e que pase dese 21 % actual ao superreducido do 4 %, como produto de primeira necesidade. Dende logo, pensamos que é unha iniciativa importantísima, non só por ser a primeira proposición non de lei de iniciativa popular que se debate neste Parlamento, senón polo contido da mesma, a súa importancia e o que vai, dende logo, afectar a moitas familias da nosa comunidade.

Por iso esperamos o apoio dos distintos grupos parlamentarios a esta iniciativa, e reiteramos o noso agradecemento a Agafan.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidente.

Bo día de novo a todas.

Sáudos, grazas e parabéns ás promotoras desta iniciativa lexislativa popular que se debate hoxe neste hemiciclo. Grazas polo traballo e parabéns –permítanme que me adiante– porque esta iniciativa vai ser aprobada pola totalidade desta Cámara.

Coa lexislatura a piques de rematar e os partidos e agrupacións políticas en plena campaña preelectoral, non pode ser doutro xeito. Unha lexislatura caracterizada polo aumento da desigualdade, das privatizacións, dos recortes en servizos e dereitos, de incremento da pobreza e da exclusión. A lexislatura dos desafiuzamentos e do sufrimento das familias da clase traballadora, as máis castigadas polos tesoirazos dos últimos gobernos.

Segundo a OCU, o actual IVE supón un aumento de 415 euros ao ano por familia. E segundo a Organización de Amas de Casa, Consumidoras e Usuarias, o incremento sería de 600 euros por familia e ano. Por iso me dirixo aos partidos políticos aquí presentes para que cumpran as súas promesas e compromisos cando se constitúa o próximo Executivo resultado das vindeiras eleccións autonómicas. E digo isto porque estamos escocidas. Estamos escocidas de promesas incumpridas, de atraso nos cumprimentos e de que onde dixen digo, digo Diego.

O tema da subida do IVE resultou ser un eixo central da campaña do Partido Popular cando Mariano Rajoy era o candidato á Presidencia do Goberno do Reino de España nas postrimerías da última lexislatura socialista. Fora unha campaña contundente, unha campaña acompañada de mobilizacións ao xeito do máis radical activismo, as que acometeu o partido que agora nos goberna: recollida de sinaturas, pegatinas, soflamas con megáfonos, na compra, na rúa, bicando bebés e o famoso mitin de Leganés, coa presenza de Cospedal, González Pons, Esperanza Aguirre e o mesmísimo Rajoy.

Unha campaña organizada polo PP, no ano 2010, en contra da suba do IVE acometida polo Goberno de Zapatero, que Rajoy cualificaba daquelas de medida insolidaria, inxusta e contraproducente: o sablazo dun mal goberno. Pois ben, Mariano Rajoy gaña as eleccións por maioría absoluta e axiña esquece o inxusto, insolidario e contraproducente da suba do imposto. Non só non o rebaixou, senón que o incrementou, e ese incremento formou parte dun paquete de durísimas medidas aprobadas en xuño do ano 2012 que ían afectar, sobre todo, ás familias da clase traballadora, porque eliminaba as pagas extra das funcionarias, reducía as prestacións por desemprego desde o sexto mes e incrementaba o IVE no tramo xeral do 18 ao 21, e no tramo reducido, do 4 ao 10 %.

Agardo que a aprobación desta iniciativa lexislativa popular non se deba a pura estratexia electoralista, señorías; e que a súa posta en práctica non se demore máis do que sería desexable por parte das súas promotoras, ás que reitero o meu agradecemento, os meus parabéns e o apoio desta deputada.

Grazas. Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda. Señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, trasladar que, obviamente, nós tamén nos reunimos coa Asociación Galega de Familias Numerosas, que nos trasladou precisamente a reclamación da redución do IVE dos cueiros, que entendemos todas e todos que é de xustiza. E trasladar esta proposta a debate non é unha dádiva do Partido Popular nin constitúe novidade algunha, alén da fórmula administrativa que se utilice para trasladala. E dígoo porque este grupo, durante catro anos, practicamente todas as iniciativas que trasladou a debate foron transmitidas dende os colectivos sociais, asociacións, colectivos de profesionais públicos, e, polo tanto, esta, en teoría novidade que supón trasladar desta maneira esta iniciativa entendemos que non é novidade ningunha, e que este mesmo grupo defendeu durante a tramitación desa modificación das iniciativas lexislativas populares –neste caso das iniciativas populares– que puidesen ser precisamente esas persoas, eses colectivos, os que subisen a esta tribuna a defender as súas propias iniciativas, porque o outro non é novidade algunha, é o que facemos a diario polo menos dende o Grupo da Alternativa Galega de Esquerda. O normal sería que o Partido Popular tivese permitido que fosen precisamente estas persoas –os cidadáns e as cidadás– as que tivesen a capacidade de defender as súas propias iniciativas.

Este grupo é responsable e honesto cos seus principios, e, obviamente, por iso imos apoiar esta proposición non de lei por coherencia. Mais temos que advertir que no mes de febreiro se aprobou neste mesmo Pleno unha iniciativa semellante relativa á redución do imposto do valor engadido das compresas, dos tampóns e das copas menstruais, e dende febreiro nada sabemos ata o de hoxe. Non sabemos que ten pensado facer o Goberno central nin tan sequera se se ten trasladado. Polo tanto, entendemos que haberá que estar alerta, non vaia ser que esta iniciativa corra o mesmo final. Advertimos, polo tanto, que aprobar isto hoxe aquí obriga o Goberno galego a exixir o seu cumprimento ao Goberno central, non basta co titular da prensa.

Resulta unha obviedade que os cueiros son de primeira necesidade, e este grupo quere denunciar a hipocrísia dun goberno que –como xa se trasladou aquí por parte da poñente– primeiro utiliza os cheques bebé e o anuncio de bonos e de todo tipo de cheques e de axudas, cando, por outra banda, recorta nos servizos públicos e frite a impostos as rendas máis baixas.

O IVE xeral reducido –como xa dixo tamén a voceira do Grupo Mixto– foi incrementado polo Goberno central; primeiro, en 2010, polo Goberno de Zapatero, pasando dun 16 % a un 18 % o xeral e dun 7 % a un 8 % no caso do reducido; e foi incrementado precisamente despois polo Goberno do Partido Popular, que criticaba cando era oposición a anterior suba dun 18 % a un 21 % no tipo xeral e o reducido dun 8 % a un 10 %. E non é preciso ser economista para saber que os impostos indirectos constitúen, obviamente, un caldo de desigualdade, porque contribúen, precisamente, a que paguen máis as rendas máis baixas; gravames que se ven incrementados tamén porque a carga impositiva do IRPF a sofren tamén, precisamente, as rendas máis baixas.

Entendemos pois que este tema que estamos a tratar, e moitos outros que afectan as familias, deberan ser, obviamente, observados dende un punto de vista da redistribución da ri-

queza. Vivimos nun estado no que, desgraciadamente, a progresividade fiscal e a igualdade do artigo 31 da Constitución é practicamente unha utopía trinta e sete anos despois. Son as persoas con menos recursos precisamente as máis gravadas. A presión fiscal sobre as rendas máis baixas supera o 28 %. Polo tanto, este grupo defende unha imposición directa sobre as rendas máis baixas, e, precisamente, que nos artigos de primeira necesidade eses impostos indirectos sexan reducidos, porque, se non, obviamente, quen vai pagar máis é quen xa ten máis dificultades para facelo.

Entendemos, pois, que eses artigos de primeira necesidade, como os cueiros, deben ter un IVE o mínimo posible, neste caso o chamado súper reducido, polo tanto, por coherencia imos votar a favor desta proposición non de lei, pero advertimos, obviamente, que a aprobación da mesma –como xa dixen– obriga ao seu cumprimento. Non se pode quedar nun mero titular, non vaia ser que esteamos na mesma situación do que aconteceu no mes de febreiro.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Bo día, señoras deputadas, señores deputados.

Tamén saudamos os membros de Agafan que nos acompañan dende a tribuna. Queremos, primeiro, felicitalos por esta iniciativa, por presentala diante da Cámara. E tamén eu, en representación do meu grupo e persoalmente, tamén quero felicitalos polo traballo que levan realizado, constante e persistentemente, durante moitos anos polas familias numerosas. Aínda que sexa un colectivo e esteamos falando do gravame que supoñen para as familias de calquera tipo os cueiros de nenos e nenas, si que quero, dende logo, felicitar por ese traballo tan constante, moitas veces para dar pequenos pasos adiante a respecto de calquera tipo de familia.

O certo é que eu, despois do que levo escoitado, sei que debo falar tamén en termos dunha certa hipocrisía. O Partido Popular tivo moitas oportunidades para reducir o IVE dos cueiros, que claramente é unha inxustiza impositiva, clarisimamente. Nin cheque bebé nin outras axudas, o gasto en cueiros para unha familia, para calquera persoa coidadora dun bebé, é tremendo. Podemos velo collendo un pouco as estatísticas que aparecen na propia iniciativa, pero tamén se imos a diferentes estudos a este respecto: entre seis e oito cueiros ao día, cun prezo elevado e un IVE do 21 %; o 21 %, como se fora un artigo de luxo, cando é de absoluta primeira necesidade. En Portugal ao 6 % –por coller un exemplo–, e no Reino Unido, exentos de IVE.

Polo tanto, nós imos apoiar, dende logo, esta iniciativa, sen lugar a dúbidas. Pero si lle pedimos ao Partido Popular que, se fai súa esta iniciativa, a trae a esta Cámara e a defende, que tamén a vaia defender en Madrid e a vaia sacar adiante. Que non sexa un titular, que

non quedemos como no último debate que tivemos a respecto do IVE para os produtos de hixiene feminina, onde ata agora non sabemos que se puxera ningunha implementación en marcha. Se hoxe se trae aquí, nun dos últimos plenos desta Cámara, que non sexa soamente para buscar un titular, señora deputada, senón que sexa realmente para que se implemente.

Eu, facendo un pouco de hemeroteca, vía a queixa de moitas persoas –tamén da propia asociación que hoxe nos acompaña– en febreiro de 2015, cando se dicía –e vou ler literalmente un titular de prensa– que o novo IVE castiga coas maiores alzas os produtos habituais da hixiene do bebé: soros fisiolóxicos, termómetros, diferentes tipos de algodón e cueiros. A reforma dese IVE é feita polo Partido Popular. Que hoxe se emenda aquí... Vale, as emendas son boas, son positivas, claramente. Pero foi feita polo Partido Popular, e a súa entrada en funcionamento en xaneiro de 2015 gravou os produtos de uso xustamente para bebés.

Non imos ter aquí un debate a respecto da demografía nin determinados remendos que xa temos feito co propio conselleiro e tamén co Partido Popular. Se hoxe se trae esta iniciativa, que se sexa sincero e que se diga non un titular, senón se realmente o Partido Popular considera que subir o IVE é unha forma inxusta da redistribución, unha forma inxusta de imposición. Nós consideramos que si.

En diferentes iniciativas, tanto neste pleno como na Comisión 3ª, de Economía e Facenda, como no seu momento no Congreso dos Deputados, presentáronse iniciativas por parte do Bloque Nacionalista Galego para a redución do IVE porque é un imposto inxusto, un imposto que grava ás persoas que menos teñen, que acrecenta a desigualdade. Hoxe simplificámolo perfectamente co que supón para unha familia numerosa, monoparental, ou para unha familia cunhas rendas baixas, comprar cueiros. E con ese imposto claramente é inasumible o IVE para os cueiros.

Nós –como dixen antes– felicitamos pola iniciativa, apoiamos a iniciativa, pero consideramos que non debe ser o titular para mañá nos xornais, senón que, efectivamente, o Partido Popular debe analizar e modificar como entende o seu sistema impositivo. E claramente o IVE, tanto o que debatemos no mes de febreiro, para compresas, tampóns e copas menstruais é inxusto, como o que debatemos para cueiros e outros produtos de primeira necesidade, que seguen estando como de súper luxo. Hoxe é un exemplo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor González Santín.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: Grazas, presidente.

Primeiro quero agradecer a presenza aquí da Asociación Galega de Familias Numerosas, e dicirlles que compartimos con eles a súa preocupación polo tipo que se lles está a aplicar aos cueiros dos pequenos.

En España temos tres tipos de IVE: o dos produtos xerais, a maioría, do 21 %; o reducido, do 10 %, e o superreducido, do 4 %.

O IVE, dende logo, cando se puxo en España no ano 1986, nacíu cuns tipos distintos. Nació co tipo xeral do 12 %, un reducido do 6 %, e un incrementado, aquel 6 %, que se aplicaba a obxectos de luxo, que era do 33 %. Estes tipos foron variando ao longo dos anos, ata chegar aos actuais tipos de IVE. Pero sempre se deu unha máxima: incrementouse a recadación por IVE.

No ano 2002, a recadación por IVE era de 36.913 millóns de euros, e foi ascendendo ata o ano pasado, que chegou á cantidade de 60.305 millóns de euros, un 33 % do recadado en impostos por todo o Estado.

Recórdolles que o IVE é un imposto regresivo, que ten que pagar igual o IVE dos cueiros unha familia que non ten ingresos que unha que ten uns ingresos de 200.000 euros ao ano. Sen embargo, o IRPF, que é un imposto moito máis progresivo, tan só logra un 39 % do recadado polo Estado. A pregunta agora é en que tipo impositivo metemos os cueiros.

A primeira pregunta que facemos é: ¿É posible que se consideren os cueiros dos pequenos un artigo de luxo? Pois, desde logo, eu creo que iso non se pode xustificar de ningún punto de vista. E parécenos increíble que se poida aplicar este tipo de IVE aos cueiros dos rapaces.

O Real Decreto Lei 20/2012 modifica os tipos de IVE. Foi a última suba de IVE que fixo o Partido Popular, pasando o IVE xeral do 18 % ao 21 %; o reducido, do 8 % ao 10 %, e non se modificou o superreducido.

Os novos tipos son aplicables a partir do 1 de setembro de 2012. Se había queixas antes disto polo tema dos cueiros, imaxínense como está agora o tema, porque aumentou aínda máis o tipo impositivo que se aplicaba a estes cueiros. Hai unha serie de bens, que tamén tributaban polo IVE reducido do 8 %, e pasan a facelo polo tipo xeral do 21 %. En concreto, flores e plantas ornamentais e obras de arte. Tamén se producen cambios nos bens e servizos aos que se aplica o tipo reducido e superreducido. Por exemplo, pasamos do superreducido ao tipo xeral, é dicir, do 4 % ao 21 %, entre outros en portalápices, axendas, blocks, compases, lápices, ceras, pinturas, mochilas e outro material escolar, algo certamente increíble, e que xa nesta Cámara reclamamos como algo que realmente non se podía permitir; multiplicábase por 5 o que había que tributar por estes produtos. E tamén, por exemplo, os servizos funerarios, que pasaban do 8 % ao 21 %.

Posteriormente disto, houbo outra modificación do IVE, onde o Partido Popular puido cambiar isto. Faino na Lei 28/2014, que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2015. As porcentaxes a aplicar de IVE só variaron en 2 produtos. Os primeiros, o caso das flores e plantas vivas de carácter ornamental que pasan do 21 % ao 10 %, foron reducidas. E despois uns produtos médicos, que por culpa dunhas sentenzas da Unión Europea tamén tiveron que incrementarse. Polo tanto, a última suba, que é de 2012, é a que afecta aos cueiros, e non foi modificada polo Goberno do Partido Popular nas modificacións de IVE seguintes.

Cando aos cueiros se lles aplicaba o 18 %, evidentemente estabamos considerándoo un artigo de luxo, pero ao subilos ao 21 % supoño que os considerarían artigos de súper luxo. Eu supoño que se utilizan os pais os cueiros é porque, dende logo, están encaprichados e querenllos poñer aos bebés.

Velaquí o quid da cuestións. ¿Por que non se consideran os pañais artigos de primeira necesidade? Quizais se considere que os bebés pequenos están preparados para ir ao baño, e, polo tanto, os pais se lles poñen os cueiros, é porque son moi cómodos e non queren que os seus fillos funcionen de forma independente.

Pois mire, quizais se podería entender esta postura, pero resulta difícil entendela cando vemos que, por exemplo, se aplica o 10 % de IVE a balnearios ou restaurantes de luxo. No ano 2015 redúcese curiosamente o IVE das flores para decorar os nosos fogares, e non os dos cueiros. Así de absurdas poden chegar a ser as medidas fiscais. Parece que se quere incentivar que compremos flores para non cheirar as *caquitas* dos nosos bebés. ¡Algo realmente increíble!

Os cueiros non se precisan durante moitos anos, estamos a falar, probablemente, de dous anos de media, a menos que esteamos a falar de nenos con problemas de saúde ou atrasos no desenvolvemento; e tamén cada vez máis para os nosos maiores, que si que necesitan estes cueiros. Desde logo, cando se necesitan, son imprescindibles, e creo que ninguén pode dudar de que son produtos de primeira necesidade.

Resulta increíble que os cueiros poidan estar gravados con máis do dobre do IVE que, por exemplo, o viño ou a cervexa. Eu creo que todas estas cousas nos deberían facer reflexionar. Desde logo, apoiaremos esta redución do IVE porque cremos que é necesaria, á parte de xusta.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor González Santín.

Grupo autor da proposición non de lei. Señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, agradecer o apoio dos grupos parlamentarios a esta iniciativa de Agafan, Asociación Galega de Familias Numerosas, que o Grupo Parlamentario Popular o único que fixo foi ser o Grupo Parlamentario que asumiu esa iniciativa e que solicitou a súa inclusión na orde do día. Calquera grupo parlamentario desta Cámara podería telo feito, pero foi o noso grupo quen solicitou a súa inclusión.

Xa dixemos por que. Porque a compartimos e, ademais, é coherente coas políticas da Xunta de Galicia. Xa o dixen na miña primeira intervención. Este plan galego de política familiar xa tiña recollido, en consonancia e coordinación con todas as entidades que traballan coas familias en Galicia, a redución do IVE de determinados servizos para as familias. Por outro lado, vostedes centran o debate non na cuestión que nos interesa hoxe, que é na necesidade

de solicitarlle ao Goberno que reduza ese IVE, senón que centran o seu discurso en se foi o PP quen incrementou o IVE, se o podía ter feito antes o Partido Popular.

Eu recórdolles unha cousa. Primeiro, están vostedes falando do IVE xeral. Segundo, non imos falar agora, neste debate, de por que se tivo que incrementar o IVE, pero si temos que recordarlles que hai unha directiva da Unión Europea do ano 2006 que prohibe aos estados membros aplicar un IVE inferior ao 15 % aos pañais de bebés e outros servizos para evitar discrepancias de prezos entre países. É máis, a Unión Europea sancionou a tres países por ter reducido o IVE destes servizos ou dos pañais para bebés.

E a Comisión Europea, despois dunha reunión cos países, a partir do ano 2008 é cando empeza a estudar a posibilidade de baixar o IVE dos pañais e das compresas. Polo tanto, vostedes están errados cando pensan que reducir o IVE a un superreducido 4 % os cueiros dos nenos e das nenas é cuestión só de vontade política dun partido, senón que é cuestión dunha directiva europea.

Polo tanto, nós o que queremos no día de hoxe é agradecer o traballo da Agafan. Dicirlles que estamos absolutamente de acordo coa súa iniciativa. E, dende logo, agradecemos que vostedes apoiem tamén esta iniciativa e por fin se reduza ese IVE dos cueiros dos nenos e das nenas ao 4 %.

Moitas grazas e máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e D. Francisco Jesús Jorquera Caselas, sobre a posición do Parlamento de Galicia a respecto do establecemento dun marco de relacións laborais e negociación colectiva

O señor PRESIDENTE: Todos os demais grupos presentaron emendas a esta proposición.

(O G.P. Mixto, a través da súa deputada Consuelo Martínez García, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de adición a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Proponse engadir á parte resolutiva unha nova alínea 5 co seguinte texto:

“5. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galiza a convocar, por mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, a patronal e sindicatos máis representativos no seu ámbito territorial e sectorial para promover a Negociación Colectiva de ámbito galego, unificando convenios sectoriais provinciais e negociando convenios galegos sectoriais naqueles sectores que só contan con convenios de ámbito estatal.”)

(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“1. Manifestar a necesidade de que ás organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia negocien un acordo marco sobre a estrutura e contidos da negociación colectiva en Galicia que contribúa a unha maior axilidade e mellora dos contidos dos convenios colectivos, utilizando os mecanismos que o Consello Galego de Relacións Laborais pon a disposición das mesas negociadoras de convenios colectivos, de acordos marco ou de solución extraxudicial de conflitos.

2. Mostrar o seu apoio a todas aquelas iniciativas conxuntas empresariais e sindicais nesta materia, que redunden nunha mellor negociación colectiva dentro do marco legal e dentro do marco convencional galego de relacións laborais.

3. Dar traslado deste pronunciamento ás organizacións empresariais e sindicais máis representativas actuantes en Galicia, así como ao Consello Galego de Relacións Laborais.”)

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Quintas Alvarez, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que reclame do Goberno central volver a situación anterior á reforma do Real decreto lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.”)

(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa do seu deputado Juan Manuel Fajardo Recouso, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir ao final do apartado 2.a) o seguinte texto:

“Naqueles aspectos que supoñan condicións máis beneficiosas, ou na súa totalidade, si o é no seu conxunto.”)

O señor PRESIDENTE: Polo tanto, para defender a mesma, ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi bo día a todos e a todas.

Moi ao contrario do que proclamou hoxe aquí o presidente da Xunta, Núñez Feijóo, de que os dereitos dos galegos e galegas están mellor protexidos coa súa xestión, a realidade difire moito desta afirmación.

Hoxe, o Bloque Nacionalista Galego trae aquí unha iniciativa que nos foi presentada pola CIG –tamén lles foi presentada aos outros grupos políticos desta Cámara– que o que pretende é que este Parlamento asuma un papel activo na reivindicación e asunción das competencias precisas para un desenvolvemento económico e social de Galiza propio e autocentrado.

O que pretende esta iniciativa é que este Parlamento declare a necesidade de ter un marco propio nas relacións laborais; que este Parlamento declare a vontade de defender a necesidade dun marco galego de relacións laborais, de defender un marco galego de relacións laborais que conleve que os convenios sectoriais, provinciais, autonómicos ou doutro nivel superior ou de empresa teñan prevalencia non só sobre o convenio de empresa e tamén os estatais. Igualmente os acordos sobre as materias concretas. Os acordo de estrutura a nivel de Galicia deben prevalecer sobre aqueles de ámbito estatal de semellante característica, que reforza a garantía da ultraactividade ilimitada do convenio colectivo. Que os convenios sectoriais teñan consideración de dereito básico, polo cal ningún convenio de empresa poderá establecer condicións inferiores ás determinadas polos convenios sectoriais de referencia, e tamén que o Parlamento galego acorde apoiar as iniciativas sindicais ou lexislativas que contribúan a favorecer e facer viable este pronunciamento. Facémolo porque, dende logo, no BNG concordamos con esta posición da CIG e temos moi claro que o noso futuro non pode estar en mans nin do Banco Central Europeo nin do Fondo Monetario Internacional nin da Comisión Europea, senón que debemos autorresponsabilizarnos do noso futuro; que a banca alemá ou a oligarquía española non poden ser quen diten as normas para beneficiarse en detrimento dos dereitos dos traballadores e traballadoras galegos e galegas. O noso futuro temos que poder decidilo os galegos e as galegas, e este Parlamento, como máxima expresión da soberanía deses galegos e galegas, consideramos que debe facer unha proclamación nesta dirección de defender ese marco galego de relacións laborais.

As reformas laborais que tanto ían solucionar e tanto emprego ían crear, o único que trouxeron foi o aumento da temporalidade, da precariedade, e o que trouxeron foi que os traballadores e traballadoras galegos traballen máis horas por menos salario, traballar máis e ter menos xubilación; e, dende o punto de vista social, representan, dende logo, un retroceso histórico en dereitos, en nivel de vida, en aumento exponencial das desigualdades e da pobreza; unhas reformas laborais que no fondo o único que tiñan por obxecto era crear ese enorme exército de reserva para usalo de chantaxe para os que están no desemprego e tamén para poder obrigar os que aínda manteñen emprego a asumir unhas condicións laborais peores. Son unhas reformas laborais que teñen efectos devastadores sobre os traballadores galegos e galegas.

Dende logo, o que pretendemos con esta iniciativa é contribuír a superar unha realidade, unha realidade na que calquera referencia comparada de Galiza coa media do Estado, do mercado laboral de Galiza, no que refire a salarios, a precariedade, a pensións, a sinistralidade, a emprego ou a emigración, é negativa para a clase traballadora galega. E pon de ma-

nifesto a evidencia de que hai factores estruturais que se obxectivan ao marco actual e que fan preciso modificalo.

Dentro desas consecuencias e dos grandes damnificados destas reformas laborais está a enorme redución da negociación colectiva. A negociación colectiva non é outra cousa que un acordo entre partes, patronal e traballadores e traballadoras; un acordo para evitar a conflitividade e dar certo grao de protección á parte máis débil, aos traballadores e traballadoras. A negociación colectiva é unha ferramenta, un instrumento básico dos traballadores e traballadoras, para defender e mellorar as súas condicións laborais. Estas diferentes reformas laborais feitas polos gobernos españois dinamitaron a negociación colectiva, propiciaron maiores facilidades para o descolgue dos convenios, privatización, priorización dos convenios de empresa e dos convenios estatais, limitación da ultraactividade. En suma, o que fixeron foi deixar a clase traballadora moito máis desprotexida. Polo cal, esta iniciativa o que demanda é que este Parlamento faga unha declaración da necesidade de ir a ese marco galego de relacións laborais onde os convenios colectivos teñan instrumentos de defensa para a clase traballadora, un marco galego de relacións laborais para que se contemple a especificidade da realidade laboral galega, que, dende logo, non é a mesma que a doutras partes do Estado español, para que responda á realidade produtiva e social de Galiza, garantir os dereitos laborais e sindicais dos traballadores e traballadoras galegos, impulsar unhas condicións laborais e salariais dignas e para un desenvolvemento normativo da negociación colectiva propia de Galiza. É preciso ese marco galego de relacións laborais e que eses convenios se negocien en Galiza para non seguir dependendo de convenios estatais que abarcan sectores, por exemplo, moi amplos e non pegados á realidade de Galiza. A título de exemplo podemos poñer o caso do convenio de químicas, onde están incluídas actividades como pinturas, plásticos, gomas e ao mesmo tempo está todo o sector auxiliar da automoción en Galiza. Non ten ningún sentido un convenio destas características. É preciso facer un convenio en Galiza que responda ás necesidades e ás características destes sectores en Galiza. Ou o do sector do téxtil, onde están englobadas as persoas que están nun pequeno taller de costura e as que desenvolven a súa actividade facendo asentos para Citroën. É un sensentido que estean no mesmo convenio estas dúas realidades tan diferentes. Ou está o caso paradigmático do convenio da conserva. No convenio da conserva, ¿a quen lle pode coller na cabeza que sexa un convenio estatal se Galiza representa entre o 70 % e o 80 % dos traballadores, fundamentalmente traballadoras, da conserva, que están en Galiza? ¿Como é posible que se teñan que rexer por un convenio que se negocia en Madrid, un convenio onde non saben nin cales son as especificidades nin as necesidades das traballadoras da conserva en Galiza? Por iso é necesario este marco galego de relacións laborais para evitar que se asinen convenios de empresa por debaixo dos do sector.

É necesario uns convenios negociados en Galiza para reverter a modificación introducida coas reformas laborais de que a ultraactividade só teña a vixencia dun ano. Isto deixa totalmente desprotexidos os traballadores e as traballadoras. Antes eran os propios traballadores e traballadoras quen denunciaban os convenios para negociar outro novo, pero nunca se perdía o xa conseguido nos convenios anteriores. Coas modificacións, se pasa máis dun ano sen negociar convenios –e evidentemente a patronal intenta que pase máis dese ano, é a propia patronal a que denuncia os convenios para ter que negociar outros–, decaen todas as melloras conseguidas e pasa a entrar en vigor o Estatuto dos traballadores, que ten unhas condicións, dende logo, ínfimas de defensa dos traballadores e traballadoras.

É preciso, polo tanto, que este Parlamento non sexa unha mera correa de transmisión do que se decide en Madrid. Este Parlamento debe comprometerse coas necesidades da clase traballadora de Galiza, ir, a ese respecto, a un marco propio de negociación e de relacións laborais, que foi o que fixo, o que motivou, que en Galiza se crearan institucións e organismos como o Consello Económico e Social ou o Consello Galego de Relacións Laborais, que ían nese camiño. Pero foron pequenos pasos dados que, dende logo, non son suficientes, nin moitísimo menos.

Esta iniciativa o que pretende é que nos autorresponsabilicemos e que Galiza, que o Parlamento galego, o Goberno galego, os traballadores e traballadoras galegas, teñan instrumentos para impulsar traballo e salarios dignos. Esas reformas laborais, os recortes, a perda de dereitos, a precariedade, non son palabras ocas nin moitísimo menos, senón que todas as medidas contidas nos mesmos poñen en risco a vida e a seguridade dos traballadores e traballadoras. A súa calidade de vida é ter un mínimo de recursos para afrontar a vida diaria.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Dende logo, no BNG cremos que segue habendo inasumibles cifras de desemprego, que segue habendo miles de familias nas que ningún membro está traballando, hai outras moitas, moitísimas, por debaixo do umbral da pobreza, son moitas as persoas que aceptan condicións laborais precarias, que aceptan traballar máis horas e cobrar menos, que aceptan traballar horas extra sen cobralas e que non existen as condicións de seguridade que exige a lexislación. E as consecuencias están á vista.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Remato, presidente.

Porque eu fágolles unha pregunta: ¿que capacidade de autodefensa lle queda a un traballador reducido á soidade coa renuncia aos dereitos xa conquistados cando remata a ultraactividade do convenio? ¿Que capacidade de autodefensa lle queda na negociación individual nunha empresa sabendo que a realidade empresarial de Galiza é a da microempresa maioritariamente?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ¿Que capacidade de negociación van ter esas traballadoras e traballadores ao negociar unhas condicións laborais...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...detrás desas reformas laborais...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

A señora PRADO CORES: ...que teñen que modificarse?

Agardo o apoio dos grupos da Cámara.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Como di a parte expositiva da iniciativa presentada polo BNG, as últimas reformas laborais promovidas durante os anos 2010, 2011 e 2012 polos gobernos do Partido Socialista e do Partido Popular, aínda que con diferentes niveis de agresividade, afondaron na desregulación e precarización das relacións laborais. Facilitouse e abaratouse o despedimento, tanto colectivo como individual. Se o despedimento no Estado español xa era libre, agora é practicamente gratis. Xeneralizouse o contrato a tempo parcial; polo tanto, condenouse á pobreza a clase traballadora. Debilitouse a negociación colectiva a través da atomización, algo que para Galiza é especialmente lesivo, xa que o noso país é un país de microempresas, a maioría delas con menos de seis traballadores e, polo tanto, sen dereito a representación sindical. Se a negociación colectiva se cingue ao ámbito da empresa, podemos xa previr e ter moi claro que os traballadores galegos serán máis pobres, porque non teñen forma de negociar os seus convenios en condicións mínimamente equilibradas coa patronal. É máis, deberían ter representación sindical todos os traballadores. Non pode permitirse que por lei haxa traballadoras e traballadores que, porque a súa empresa é unha microempresa, non dispoñan nin de representación sindical.

Facilitouse tamén a modificación substancial das condicións de traballo e a distribución irregular da xornada. O sistema de protección por desemprego sufriu recortes na contía das prestacións e no tempo das mesmas. Atrasouse a idade de xubilación aos 67 anos, ampliándose a 25 anos o número de anos necesarios para calcular a base reguladora. Atrasouse o acceso á xubilación anticipada. Bloqueouse o acceso aos subsidios de desemprego, atrasando a idade de 52 a 55 anos e establecendo límites económicos de miseria. Son medidas que empobreceron a clase traballadora, precarizaron o mundo do traballo, deslexitimaron a negociación colectiva e limitaron ata o extremo a posibilidade da acción sindical na defensa dos dereitos laborais e salariais a través da represión sindical, da represión policial e da represión do propio Goberno. Estas medidas foron impostas á clase traballadora a través de decretos e represión que levaron á cadea a traballadoras e traballadores –moitos deles na cadea, moitos outros esperando por un indulto que o Partido Popular non foi quen de outorgarlles en toda a lexislatura anterior–.

O marco actual é alleo á realidade sociolaboral galega, que mostra problemas estruturais diferenciados aos que non se lles dá resposta no ámbito estatal. Salarios inferiores á media do Estado, precariedade e falta de oportunidades, altas taxas de sinistralidade laboral e altas taxas de emigración da mocidade.

Os últimos datos da actividade da negociación colectiva publicados polo Consello Galego de Relacións Laborais reflicten que xa son unha minoría os convenios nos que se recolle unha

cláusula de revisión salarial que ligue a evolución dos soldos coa inflación para garantir que a clase traballadora non perda poder adquisitivo. No mes de novembro, só o 15 % dos novos convenios asinados durante o ano recollían esa garantía salarial en Galiza. A porcentaxe de traballadores e traballadoras que ven recollido o dereito a que o seu salario suba como mínimo o mesmo que o IPC redúcese en Galiza a tan só o 11 % do total.

Polo tanto, votaremos a favor desta proposición non de lei pero presentamos unha emenda para facer realidade un marco galego de relacións laborais con plenas competencias en materia lexislativa, normativa e de regulación da participación no mundo do traballo, para poder garantir unhas condicións laborais e salariais dignas para toda a clase traballadora galega; un marco galego de relacións laborais que lles dea aos convenios sectoriais, provinciais e autonómicos prevalencia sobre calquera convenio de empresa ou sobre os estatais que marquen condicións inferiores aos convenios autonómicos ou provinciais galegos.

Polo tanto, votaremos a favor desta iniciativa e esperamos que o BNG acepte a nosa emenda para que se cree o marco galego de relacións laborais. E espero que o Partido Popular, que defende con uñas e dentes os intereses do empresariado galego e os intereses, por suposto, dos traballadores galegos, faltaría máis, sexa o primeiro en votar a favor dun marco galego de relacións laborais e non siga apostando pola súa dependencia do Estado.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda o señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Moi boas a todas e todos de novo.

Nós imos apoiar esta iniciativa. Presentamos unha emenda para modificar parcialmente un dos apartados, que logo tratarei de explicar, porque cremos que é fundamental neste país defender as relacións laborais e defender un marco igualitario de relacións laborais que foi dinamitado polo Partido Popular; un Partido Popular que quere que as relacións laborais se baseen na capacidade que ten o empresario de extorsionar os seus traballadores por dúas vías: primeiro pola vía do medo ao desemprego e, segundo, pola vía da legalidade, que permite que a día de hoxe case se poida facer calquera cousa nun posto de traballo, desde despedir libremente, case de forma gratuíta, ata descolgarse dos convenios colectivos ou non respectar as normas laborais. Non hai máis que ver que isto é así que, durante o ano pasado, se incrementaron dunha forma certamente preocupante o número de mortes nos centros de traballo. ¿Por que? Porque xa neste país se traballa a calquera prezo e en calquera condición. Esa é a realidade do mercado laboral. E todo iso por ese mercado laboral que conseguiu milleiros de desempregados que presionan sobre os dereitos daqueles que manteñen o seu posto de traballo. Polo tanto, é necesario contribuír a marcar de novo unhas relacións laborais de igualdade, onde as persoas que accedan a uns postos de traballo poidan defender os seus dereitos sen ter medo a ser despedidas. Por certo, tamén ese flanco cubriu o Partido Popular cunha lei mordaza que di que aqueles que se moven poden ser condenados á cadea. E así temos centenaes de sindicalistas, centenaes de traballadores, condenados á cadea

simplemente por defender os seus dereitos laborais nas folgas ou nas folgas xerais deste país e do conxunto do Estado. Ese é o escenario perfecto que quería o Partido Popular, modificar o mercado laboral por un mercado de escravos onde a xente ten que expoñer e vender o seu corpo para poder traballar. Iso é o que queremos modificar e creo que esta iniciativa vai absolutamente nesa liña.

O primeiro que hai que facer é derrogar as dúas reformas laborais, a do Partido Socialista e a do Partido Popular, porque foron aquelas que eliminaron estes dereitos laborais, porque foron, ademais, as que contribuíron a facer que as empresas sexan a lei da selva e onde non existe ningún tipo de dereito. O primeiro que temos que poñer en cuestión é esa reforma laboral que permite abaratar o despedimento, ou a reforma laboral do Partido Popular, que non só abarata o despedimento senón que fai que o propio traballador contribúa a pagar o seu despedimento. É dicir, neste país xa non hai que xustificar as causas para despedir unha persoa por motivos económicos, pero é que, ademais, o propio traballador, a través das súas aportacións aos fondos, por exemplo, como Fogasa vai contribuir a que se aboe o seu despedimento con aquelas aportacións que fixo durante a súa vida laboral.

A segunda cuestión que hai que poñer encima da mesa é que hai que recuperar o control público dos ERE deste país. Os procedementos de extinción de emprego colectivo xa non teñen control público; polo tanto, non é necesaria autorización pública para que nunha empresa se poida facer un despedimento colectivo. E así estamos ante a fraude masiva dos ERE, non só nos de despedimento senón nos de redución de xornada. Gustaríame que este país tomase en serio, dunha vez por todas, unha iniciativa como a seguinte: ¿por que non imos controlar cada unha das empresas que mediante un ERE reducen a súa xornada pero os traballadores seguen traballando o dobre da súa xornada, e pagándose esa xornada coas súas aportacións, por exemplo, do desemprego? Esa é a realidade do Partido Popular, un mercado laboral desregularizado onde o que prima é a lei da selva e a imposición do que ten máis capacidade, que sempre é o empresario fronte ao pequeno traballador ou o traballador individual.

As relacións laborais tamén eliminaron, por vía desas dúas reformas, a capacidade que ten unha persoa de representarse a través dos comités de empresa ou da representación sindical. Hoxe é moi difícil que un traballador dea o paso a ser responsable sindical, porque incluso as licenzas que poida ter con motivo desa representación sindical poden ser tidas en conta para ese despido, que se teña en conta a porcentaxe de días que deixa de traballar, aínda que sexan legais, a través de baixas ou a través da súa representación sindical.

Pero non hai que esquecer outra reforma que fixo o Partido Popular que está sempre escondida cando falamos de emprego, que é a reforma da lei concursal. A lei concursal é unha barbaridade en termos laborais, porque a lei concursal, por exemplo, fai que, cando haxa un despedimento colectivo ou unha débeda colectiva por mor dun proceso de concurso dunha empresa, os dereitos laborais dese traballador non se discutan no xulgado do social, que é aquel que defende as cuestións sociais, as cuestións laborais, senón que se discute nun xulgado mercantil coma se fose un acredor máis e non tivera nada que ver a súa posición de traballador na empresa ou a súa posición como persoa que foi capaz de crear tamén a em-

presa, porque para que existan empresas non só ten que haber empresarios, tamén ten que haber traballadores.

Polo tanto, estamos falando dun montón de reformas que son absolutamente lesivas para o noso mercado laboral pero son, en definitiva, lesivas para os nosos traballadores. E así temos, por exemplo, como neste país, logo de todas esas reformas, se perde emprego, como se perden salarios, e temos que, a pesar do que diga o [...] (*Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento retírase esta expresión do Diario de sesións.*) presidente deste país de que se crea emprego, resulta...

O señor PRESIDENTE: Esa expresión non é correcta.

O señor FAJARDO RECOUSO: Xa me parecía a min.

O señor PRESIDENTE: ¡Home, por favor! Esa expresión queda retirada e non o vou chamar á orde porque...

O señor FAJARDO RECOUSO: Non, non, queda retirada.

O señor PRESIDENTE: Estamos nos últimos plenos e non quero expulsar a ninguén. Queda retirada esa expresión.

Prosiga.

O señor FAJARDO RECOUSO: Pode ser xogador de cartas, xogador de dominó, como lle chamen.

Co que hai que escoitar, que a min me chamen estas cousas por dicir iso ten narices. É igual.

Vou dar un dato, porque me parece que é importante cando se fala de emprego. Desde que o Partido Popular chegou ao Goberno de Galicia, dos 46,13 millóns de horas que se traballaban cada semana neste país pasouse a 35 millóns de horas traballadas. Polo tanto, dende que goberna o Partido Popular, en horas traballadas, perdéronse 253.000 postos de traballo. Ese é o dato do Partido Popular, non crea traballo, destroza o pouco traballo que hai e reparte as migallas entre aqueles que están nas colas do paro.

Polo tanto, é hora de que o presidente “non trilero” tome nota de que as cousas non se fan así e de que hai que recuperar os dereitos dos traballadores deste país.

Máis nada e grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas por retirar a expresión.

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Quintas.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Bos días.

O Grupo Socialista, antes de nada, quere avanzar, señora Prado Cores, que estamos de acordo en todos os puntos que relata a proposición non de lei salvo no apartado 2.a). Polo tanto, se hai a posibilidade de votar por puntos, non votariamos ese punto, e os outros votariámoslos a favor.

En calquera caso, presentamos unha emenda da que vostede nos dirá.

É relevante que, a partir da reforma laboral do Partido Popular, as condicións laborais dos traballadores e traballadoras deste país e do Estado español empeoraron substancialmente. Os convenios de ámbito nacional melloraban as condicións laborais fixadas na lei, como por exemplo o Estatuto dos traballadores, e os de ámbito autonómico tiñan que mellorar as condicións laborais dos convenios nacionais, os provinciais melloraban os autonómicos e os de empresa os provinciais.

A partir desta reforma laboral todo muda, e as empresas pódense descolgar con convenios menos beneficiosos que o autonómico ou o estatal. Entre outras cousas, o que introduce a reforma laboral –creo que xa nesta tribuna se comentou por parte do señor Fajardo– non soamente é o aspecto da ultraactividade, que é algo que prexudica radicalmente os traballadores; ou sexa, a eliminación do mantemento da vixencia dun convenio. Ata o goberno do Partido Popular, as empresas que aplicaban reducións de condicións laborais mediante o procedemento de modificación substantiva non podían facelo por debaixo das condicións dos salarios que marcaba o convenio colectivo. A partir desta reforma en 2013 pódese facer; o mesmo caso que se relatava anteriormente da Lei concursal.

Polo tanto, a reforma laboral de 2012 cumpriu o obxectivo que pretendía o Goberno do Partido Popular, que era que as rendas salariais sexan menores e o excedente empresarial sexa maior. Xustificaba o Partido Popular que era unha maneira de activar a economía, activar a economía a custa do sacrificio dos traballadores e traballadoras. Pero o que se constata é que non valeu absolutamente para nada ese esforzo.

As consecuencias desta reforma son que nos fogares gastamos uns 3.500 millóns menos e que a riqueza deste país se viu diminuída nuns 3.260 millóns. Dinos o PP que, se hai un maior excedente empresarial, haberá un maior investimento. Ao longo dos anos demóstrase que é absolutamente mentira. Cae o investimento. ¿Para que serviu, polo tanto, o sacrificio de tantos traballadores e traballadoras? Quizais a pregunta estea mal formulada e a pregunta teña que ser: ¿A quen serviron eses sacrificios? ¿Por que esta reforma que lamina os dereitos dos traballadores e traballadoras, que desvirtúa a negociación colectiva, que deixa de ser negociación para ser imposición e que deixa de ser colectiva para ser unilateral?

A situación actual do mercado laboral, aínda que evidentemente hai un problema coa crise, non soamente ten que ver coa crise económica senón que, para a política da dereita, a crise económica serviu de xustificación para cambiar as condicións e os dereitos dos traballadores e traballadoras. Unha acción lexislativa que pretendía, por unha parte, rebaixar salarios, incrementar a inseguridade do traballador –no momento en que hai medo é moito máis fácil

empeorar as condicións laborais sen que haxa unha resposta por parte dos traballadores – e desvirtuar a capacidade negociadora que os traballadores e traballadoras tiñan. Fundamentalmente foi o obxectivo desa reforma laboral, que en moitos casos se xustifica coa crise. E non negando a crise, o que si é certo é que unha política de dereitas fai un camiño para empeorar as condicións de vida e as condicións laborais dos traballadores deste país e beneficiar as condicións das empresas.

Os salarios son, a partir da reforma laboral, en torno a un 12 % inferiores á media estatal en Galicia, cunha das contías máis baixa de todas as comunidades autónomas. E se falamos de xornada laboral, traballamos máis para cobrar menos que a media española. A crise e as políticas populares incrementaron as diferenzas sociais.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: Aquí estamos, é o que traen as políticas lexislativas da dereita e por suposto hai que corrixilas.

Señor presidente, como son profesora, non me molesta que ninguén fale na sala, o que pasa é que, bueno, esperaba un pouquiño de menor ton.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quintas.

Isto é complicado, a todos molesta cando se fala. Pero é bo que nolo apliquemos todos. Todo molesta, niso si que estou de acordo, porque hai que estar aí, e o ruído é grande.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Romero.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: Si, moitas grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas, señorías.

Esta iniciativa é un manifesto en defensa da existencia dunha negociación colectiva no ámbito exclusivamente de Galicia, unha iniciativa que a CIG presentou aos diferentes grupos parlamentarios unha semana despois de que o BNG a tivera rexistrada. Penso que podían disimular un pouco, señora Prado Cores. Xa sabemos que vostedes son fieis á vontade deste sindicato, pero podían esperar a que falara cos demais grupos para rexistrar tamén a súa iniciativa, que é o documento literal que presenta a CIG. Entendemos a súa fidelidade coa CIG, por suposto. Entendemos menos a dos socialistas, que logo desa reunión tamén rexistraron unha iniciativa idéntica ao documento que nos indicaron.

Pero a miña sorpresa, ante este debate que presenta hoxe a CIG neste Parlamento –un sindicato sen dúbida relevante para Galicia pero que non deixa de ser un terzo da representación sindical da nosa comunidade–, é que os socialistas, que xa teñen unha proposición de lei idéntica, sen embargo veñan e presenten unha emenda de catro liñas. Pasamos de tres pun-

tos a unha emenda de tres liñas onde nin aparece a palabra “convenio” nin “negociación colectiva”. Ou sexa, que se están a facer unha emenda á totalidade a si mesmos. Penso que os socialistas xa vai sendo hora de que se encontren a si mesmos, que así lles vai.

O noso grupo, sen embargo, mantén como emenda a mesma proposición que rexistramos unha vez desde o noso encontro con este sindicato. Dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos que é preciso recuperar o protagonismo e fortalecemento da negociación colectiva e avogamos por unhas relacións laborais sólidas que permitan crear as condicións axeitadas ao novo contexto de crecemento económico.

Esta é tamén a preocupación do Goberno galego e así se reflicte na nova folla de ruta, a Axenda 20 para o emprego, na que a negociación colectiva constitúe un eixo central na vontade de actuar para crear en Galicia un emprego de maior calidade. Pero, á diferenza de vostedes, consideramos que debe facerse dende o respecto á autonomía e independencia das mesas negociadoras para a súa autoorganización. Porque son os interlocutores sociais galegos os que deben negociar para mellorar os contidos dos convenios, os que deben chegar a un acordo marco en Galicia e os que deben resolver, por medio da mediación, os conflitos que se produzan na negociación. Porque é certo que a negociación require a participación activa da parte traballadora, por suposto que si, pero tamén da parte empresarial.

Chama a atención as referencias á necesidade de que toda negociación colectiva deba desenvolverse no ámbito exclusivamente galego, xa que isto non é o que queren nin UGT-Galicia nin Comisións Obreiras, soamente o pide a CIG. Por iso entendo que o PSdeG fixera unha emenda á totalidade a si mesmos. Cómpre recordar que os dous sindicatos maioritarios e a Confederación de Empresarios asinaron o acordo de negociación colectiva hai un ano fixando a estrutura da negociación colectiva en todo o Estado. Isto é o que quere a maioría sindical e empresarial en España e en Galicia. Votar en contra dese acordo neste Parlamento é ir en contra do que quere a maioría da representación sindical e empresarial, que son os que negocian.

Cómpre recordar que hai convenios estatais, autonómicos, provinciais e de empresas, e hai unhas normas do Estatuto dos traballadores de repartición de competencias que se deben respectar. E os puntos 2.a) e 2.c) son contrarios a esta normativa. A negociación no ámbito da empresa non ten por que ser mala *per se*. En realidade é a máis próxima á empresa e pode mellorar, como de feito fai, a regulación dos convenios de sector.

Con todo, pódese e débese potenciar o marco galego de relacións laborais, pero respectando o marco legal e os acordos que teñen sindicatos e empresarios. Neste senso, estase a traballar por parte dos sindicatos galegos e a CEG para chegar a alcanzar un acordo marco en Galicia. Por tanto, se aceptan a nosa emenda, o Parlamento pode sumarse a animar os interlocutores sociais a que perseveren e que alcancen un acordo, e a que melloren os contidos e a estrutura negociadora e que potencien a igualdade e a mellora salarial nos convenios pero respectando sempre os ámbitos que a lei e eles mesmos establezan.

E xa, para rematar, unha puntualización respecto da ultraactividade dos convenios. A ultraactividade dos convenios é a que os negociadores pacten en cada convenio. Só se limita a

un ano se non pactan nada ao respecto. Son eles os que dispoñen canto dura o convenio e o seu contido, señora Prado. Sorprende que o BNG, como empresa, no seu convenio colectivo posterior á reforma laboral reducira a ultraactividade do seu convenio a menos dun ano. Está reflectido no BOE do 10 de maio de 2013. O 75 % dos convenios que se firman recollen que este segue sendo vixente ata que se firme un novo. Esta é a redacción que había antes da reforma laboral e que hoxe é perfectamente legal. Pero o BNG, en vez de optar por esta opción –como o fan o 75 % dos convenios– preferiu aplicar esa reforma laboral tan mala malísima que sempre pide derrogar.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Romero.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Primeiro, quero aclararlle á señora Romero, que parece que non se entera moito, que a CIG lles pediu unha reunión a todos os grupos con representación parlamentaria neste Parlamento. Cada grupo foille concedendo esa reunión cando considerou oportuno. O BNG concedeulle esa reunión, fixo propia esa iniciativa porque concordamos con ela –igual que con outras moitas iniciativas de moitos colectivos deste país– e presentamos a iniciativa. Non sei que lle ve de malo a señora Romero a esa cuestión, non sei que lle ve de malo. (*Murmurios.*)

Mire, indo ao tema da cuestión, non podemos, evidentemente, aceptar a emenda do Partido Popular, porque di que todo quede como está. É ben certo e é evidente que hai quen se sente moi cómodo sendo delegado e correa de transmisión do que deciden noutros lados. No BNG, dende logo, non nos resignamos a que outros decidan por nós, non nos resignamos a ser gobernados por intereses alleos, e non aceptamos o papel de submisión nin de criados nin de delegados do que diga Madrid.

E esta iniciativa o que demanda é crear o marco e o escenario que permita que Galiza sexa a que marque as regras sobre os temas que afectan aos galegos e ás galegas, parece algo bastante obvio. Polo cal pois tampouco podemos aceptar a emenda do Partido Socialista, porque nada ten que ver con ir avanzando neste marco galego de relacións laborais. Dende logo, o BNG demandou en numerosas ocasións a derogación das reformas laborais, pero non é este o caso e, dende logo, non é substituíble por esta cuestión. Si imos aceptar a emenda do Grupo Mixto porque si vai nesta dirección.

Dende logo, lamentamos que este Parlamento, onde reside a soberanía do pobo galego, non queira dar ningún paso na dirección de que esa soberanía se converta en dereitos, e en dereitos para a clase traballadora galega, que é evidente –como dixen antes, e vaíamos a calquera tipo de ítem que queiramos ir– que a situación da clase traballadora galega é inferior á da media do Estado. Hai quen se sente cómodo nesa realidade, hai quen non quere modificar absolutamente nada dese marco normativo para que sexamos precisamente os galegos

e as galegas os que nos autorresponsabilicemos, que é o que pide esta iniciativa. E ademais creo –por se alguén non o leu con detemento– que non ten nada de ilegal, señora deputada do Partido Popular, porque o que di é que este Parlamento acorda como resolución unha declaración de vontade. Este Parlamento declara a súa vontade de camiñar cara a un marco galego de relacións laborais, onde a defensa dun marco galego de relacións laborais conleve que os convenios sectoriais non sexan esa barra libre que teñen neste momento os empresarios. Onde, evidentemente, denuncian os convenios porque ao ano desa denuncia, se non chegan a acordo –e, evidentemente, fano porque ao pasar o ano non chegan a acordo–...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...pois os traballadores e traballadoras non só non avanzan senón que retroceden, porque quedan sen os dereitos negociados no anterior convenio.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ¿Están cómodos nesa situación? É evidente que os traballadores...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...e traballadoras galegas son os que perden nesta cuestión.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Señora Prado –perdóeme, ao mellor foi fallo meu–, non lle escoitei nada sobre a emenda do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

A señora PRADO CORES: Non, efectivamente. Tampouco imos aceptala, porque o que precisamente demanda esta iniciativa é a prevalencia do marco galego, que sexa ese e non subsidiariamente o marco estatal.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Continuamos con outra proposición non de lei.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Jesús Antonio Goldar Güimil e catorce deputados/as máis, sobre a solicitude polo Goberno galego aos concellos da Coruña, Lugo, Santiago de Compostela, Vigo e Ourense da adopción das medidas necesarias durante o ano 2016 para estender a gratuidade do transporte urbano aos menores de dezaoito anos

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Mixto, do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

(O G.P. Mixto, a través da súa deputada Mónica Fernández Rodríguez, ao abeiro no disposto do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Proponse substituír a parte resolutiva da proposición polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:

– Solicitar aos concellos que contan actualmente con transporte urbano, isto é, A Coruña, Lugo, Santiago, Vigo e Ourense, a facer un cronograma e aplicar antes de rematar o ano 2016 para adoptar todas as medidas necesarias co fin de estender a gratuidade ou a redución da tarifa respondendo ás necesidades dos diferentes estratos sociais, tanto por idade como pola capacidade adquisitiva: poboación infantil, estudantes, persoas xubiladas, xente traballadora, colectivos con rendas baixas, persoas en paro ou sen ingresos, persoas con discapacidade.

– Integrar estas mesmas características no transporte público de Galiza da competencia da Xunta no mesmo período.

– Incluír a bonificación a aquelas persoas usuarias habituais do transporte público, polo comportamento que repercute no beneficio do conxunto da sociedade.

– Potenciar un transporte público de calidade, que responda ás necesidades de mobilidade da poboación, factor de cohesión social, ofrecendo a redistribución nos distintos medios de transporte que represente un importante beneficio medio ambiental.)

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Raúl Fernández Fernández, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Abrir un proceso de negociación bilateral cos cinco concellos que contan actualmente con transporte urbano, para acadar mecanismos de financiamento para a gratuidade do mesmo para os menores de 18 anos.

2. Inserir orzamentariamente esta medida nos programas de acción social que desenvolve a Xunta de Galicia.”)

(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei pola seguinte: “O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a que solicite aos concellos que contan actualmente con transporte urbano, isto é, A Coruña, Lugo, Santiago, Vigo e Ourense, a que durante o ano 2016, e de acordo coas medidas de cofinanciamento que estableza a Xunta de Galicia, adopten cantas medidas sexan necesarias co fin de estender a gratuidade do transporte urbano aos menores de 18 anos.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Goldar.

O señor GOLDAR GÜMIL: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día a todos –tardes xa–, señoras e señores deputados.

O Grupo Parlamentario Popular trae hoxe a debate nesta Cámara unha proposición non de lei que estamos convencidos de que contará co apoio unánime das súas señorías. Sempre e cando, claro está, conveñan con nós na importancia do que se pretende aprobar, isto é, continuar mellorando a calidade de vida das galegas e dos galegos, aos que todos representamos, e, nomeadamente, neste caso, a dos xoves galegos menores de 18 anos.

Señorías, tal e como dicimos na exposición de motivos que acompaña a proposta que xa coñecen, o pasado día 12 de maio o presidente da Xunta de Galicia anunciou publicamente, tras a súa aprobación polo Consello de Goberno, a posta en marcha dunha nova medida de marcado carácter social, e que consistirá na implementación da gratuidade do transporte metropolitano interurbano para os menores e as menores de 18 anos.

O Goberno de Galicia pretende acadar varios obxectivos coa posta en marcha desta medida, entre os que destacan o de garantir un mellor futuro dos nenos e das nenas e da mocidade galega, promover o uso do transporte público e a accesibilidade ao mesmo, axudar á economía das familias con menores, que se suma ás bonificacións xa existentes, que supoñen aforros medios de arredor de 600 euros anuais, e a bonificación adicional ás familias numerosas, que reduce os prezos entre un 20 % e un 50 % segundo o número de fillos que teñan. Mais tamén pretende educar os nenos e as nenas, e as mozas e os mozos, no uso do transporte público. *(O señor Gallego Lomba pronuncia palabras que non se perciben.)* Non sei se o señor Gallego quere intervir tamén.

Señoras e señores deputados, a aplicación desta nova medida social, cun investimento anual de 2 millóns de euros por parte do Goberno galego, que será posible financiar grazas aos recursos adicionais dos que dispón Galicia polo cumprimento do déficit, suporá que arredor de 250.000 mozas e mozos galegos menores de 18 anos poderán beneficiarse dela. Terá tamén especial relevancia para as rapazas e os rapaces da ensinanza non obrigatoria na cal o transporte escolar –como saben as súas señorías– non é gratuíto.

Deste xeito, amplíase agora ata os 18 anos a gratuidade nos desprazamentos aos centros educativos e esténdese a gratuidade do transporte noutros desprazamentos habituais. E isto será unha realidade no vindeiro mes de setembro. A medida ten tamén –como dicimos–

unha clara compoñente educativa. Pretende fomentar unha mobilidade máis sustentable entre os máis novos, concienciándoos dende pequenos das vantaxes que supón o uso do transporte público fronte ao vehículo particular e os beneficios que ten para o noso medio.

Porén, señorías, este grupo parlamentario entende que a aplicación desta importante medida no ámbito sobre o que a Xunta de Galicia ten competencia –isto é, sobre o transporte metropolitano interurbano das áreas da Coruña, Ferrol, Lugo, Santiago, Vigo e Ourense– debера completarse coa súa extensión ao ámbito do transporte urbano, no que os concellos teñen competencia exclusiva e excluín-te. Así o ten entendido xa o concello de Ourense, que ten implantada unha medida similar na súa ordenanza municipal reguladora da taxa por prestación do servizo de transporte colectivo, na que contempla a tarxeta “Milenio xoves”, cun custo de cero euros para xoves de entre 16 e 18 anos.

Mais, señorías, polo visto nas últimas semanas, nas que unha moción análoga foi debatida nos diferentes plenos municipais, non semella que axudar as mozas e os mozos galegos vaia moito con algún dos seus compañeiros municipais. E aqueles, os mozos e as mozas, e tamén as súas familias, deben sabelo se é que non o saben xa. Así, son significativos e moi clarificadores os resultados acadados na votación destas mocións. Na Coruña, En Marea–Podemos, BNG e PSOE abstivéronse; o PP votou a favor, e resultou aprobada. En Santiago de Compostela, o PP votou a favor, Compostela Aberta–Podemos en contra e o PSOE e o BNG abstivéronse; resultou aprobada, mais polas manifestacións feitas por membros do goberno local no sentido de “teremos que miralo”, “haberá que ver se se inclúe ou non”, ou expresións deste tipo, dá a sensación de que non van dar cumprimento ao mandato plenario. En Lugo saberemos mañá, xoves, o resultado –que é cando se celebrará o pleno municipal–. E finalmente en Vigo, señor Gallego, o PP e A Marea de Vigo votaron a favor e o PSOE en contra, polo cal foi rexeitada esta moción.

En resumo, señorías, para As Mareas –esas que afortunadamente deixaron xa de ser vivas para empezar a baixar a razón de 11.000 ondas menos cada mes–, que son os elixidos para salvar este mundo oprimido, como todos ben saben, parece que os xoves menores de 18 anos –igual por iso de que non votan– tampouco contan. Salvo para As Mareas de Vigo, claro está, que deben ser máis bravas que as demais e votaron a favor, quizais porque non gobernan. (*Aplausos.*) É dicir, señorías, o PSOE e o BNG votan abstención onde non gobernan, e o PSOE de Vigo vota en contra precisamente porque goberna. E As Mareas de Podemos votan en contra onde gobernan e a favor onde non o fan. ¡Vamos!, que non hai quen o entenda, evidentemente. (*Risos.*) (*Murmurios.*)

Ou o que é o mesmo, señorías –e xa en serio–, o que se tira deste galimatías é que o PP é o único partido que está claramente a favor desta medida social, e os demais abstéñense ou votan en contra en función de para onde vire o vento dos gobernos de turno. Porén, teñen hoxe, señorías, a posibilidade de emendar realmente eses graves erros –de seguro involuntarios, non nos cabe dúbida– dos seus compañeiros nesas cidades votando a favor desta proposición non de lei. Iso si que sería unha boa emenda a esta proposición.

A foto que de aquí saia deixará ben claro en que posición está cadaquén, e, seguramente, a aqueles retratados nela que decidan facer seguidismo dos seus grupos municipais traeralles

moitos réditos electorais, moitísimo mellores, ademais, que os do pasado domingo, ¡onde vai parar!

Deixo para o segundo turno o noso posicionamento sobre as emendas presentadas.

Máis nada polo de agora, e moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Goldar.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bo día de novo.

Faime bastante graza. Tíñao en consideración, señor Goldar, pero, bueno, estamos agora mesmo con propaganda, propaganda, propaganda.

A Xunta –como vén sendo habitual– a estas alturas, neste tramo de lexislatura, anuncia e volve anunciar o famoso “superávit da irresponsabilidade”, ¿non? ¿Onde estaban vostedes, despois de case oito anos de lexislatura, naqueles momentos de crise económica onde non houbo ningunha preocupación polo servizo comunitario nin polas condicións sociais da xente?

Si, medida electoralista. Xa sabemos que os grupos do PP locais nas principais cidades galegas veñen de presentar esas propostas. Vostedes lanzan unha pataca quente. Vostedes acusan os demais de irresponsabilidade. Xa ven vostedes como están as contas na maioría das arcas municipais. Evidentemente, a medida, así, de primeiras, ¿quen a vai rechazar? Mais é unha medida escasa, incompleta, e vostedes sábena.

E tamén teñen moito apuro para que se faga o cometido xa. Quérenos ter xa para as próximas eleccións galegas. Debemos reflexionar sobre este tipo de subvencións. Eu, claro, apoiaría agora mesmo que a medida fora gratuíta, pero non só para os menores de 18 anos. Sabe que hai moitos colectivos sociais que tamén merecen un miramento por este tipo de medidas. É urxente, moi urxente, impulsar políticas sociais de transporte público. Imos con moitos anos de retraso con respecto ás políticas de transporte colectivo europeas. Iso si, tamén as tarifas deben ser máis competitivas con respecto ao uso do coche privado.

Tamén, por outra, estamos pendentes da Lei de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galiza, e tamén polo que vai ser o futuro Plan de transporte público de Galiza, onde moitas das medidas que se van debater nesta proposición non de lei deberían estar reflectidas, como a potenciación dun transporte público de calidade que responda ás necesidades de mobilidade da poboación, que representa un importante beneficio medioambiental que se traduce en beneficios para a economía individual e colectiva, mellor calidade ambiental das nosas cidades, mellora da circulación, do estacionamento, e que posibilita a diminución do uso do vehículo privado e tamén a mellora da seguridade viaria.

Mais vostedes falan agora mesmo de cantidade, pero tamén deben ofrecer un servizo de calidade. ¿Que pasa con todas estas persoas con discapacidade que se teñen que desprazar en vehículos privados ou en taxi? ¿Por que non teñen medidas de acceso aos propios transportes públicos? ¿Onde está a preocupación da Xunta? ¿Onde está –por exemplo–?

O hai que facer fincapé no famoso abono social e dar melloras sobre todo á xente que estuda, á xente que traballa; incluso unha bonificación social para aquela xente que usa o transporte público como única opción de transporte. Este ámbito de aplicación debe ser en todo o territorio de Galiza, a mellora do transporte público colectivo para todos os operadores de transporte.

Eu aconsellaríalle que tomara nota de moitos dos modelos implantados en Europa. Si, temos en Francia, por exemplo, os asalariados, que tamén teñen unhas melloras moi substanciais con respecto á tarifa; sobre todo polos prezos do abono, o que son os abonos de transporte, que esa é unha das grandes eivas aquí. Si é certo que está implantado nalgúns concellos, mais deberíase reflectir a nivel homoxéneo.

Por iso, o Grupo Mixto presenta unha emenda de substitución, que agardo que a tome en consideración, igual que as outras emendas dos grupos desta Cámara, onde se propón solicitar –iso si, aos concellos– un cronograma para esta implantación, unha implantación que tamén debería facer a Xunta de Galiza en todo o territorio, a propia bonificación para esas persoas usuarias, favorecer ese transporte público, que sexa moi competitivo fronte ao uso do vehículo privado, e que a Xunta, a propia Xunta –porque é a única que o pode facer e o debe facer, porque nela está a responsabilidade de potenciar o transporte público de calidade–, que responda ás necesidades de mobilidade da poboación, factor de cohesión social –aí está a cuestión–, ofrecendo a redistribución a distintos medios de transporte, o que representa un importante beneficio medioambiental.

Señores, non nos presenten limosnas.

Moitas grazas. Nada máis.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Señor Goldar, o humor non é o seu mellor rexistro. A verdade é que intentou ser gracioso pero non fixo moita graza. Pero está ben que se animen un pouco, está ben que se animen un pouco coas consideradas vitorias pírricas e que reivindiquen os resultados de Mariano Rajoy, cando hai uns meses escapaban del como da peste. Está ben que reivindiquen. Pero, como diría o señor Rajoy, *“no cace la piel antes de venderla”*. Xa veremos, señor Goldar, xa veremos, xa veremos o que pasa en outono, xa veremos. Non boten foguetes antes de tempo.

Veu aquí vostede a falar do pouco sociais que son as políticas das Mareas. ¡Teñen un valor...! ¡E que teñen un valor...! Señores do Partido Popular, ¡teñen un valor ao falar das Mareas...!

Cando as Mareas chegaron ao goberno, chegaron ao goberno un grupo de cidadáns que dan un paso á fronte. E sen o seus recursos, sen os seus amigos poderosos, sen diñeiro “b da Operación Zeta que os financiase, botáronos a vostedes dos gobernos. Só foi posible iso polo grao de corrupción e política antisocial que vostedes levaron a cabo nos gobernos. Non sería posible doutro xeito que persoas humildes e sen recursos botaran o todopoderoso Partido Popular deses concellos.

O Partido Popular vén dar leccións de política social, unha medida disque de mercado carácter social, despois de sete anos de mercado carácter antisocial, como social foi a rede da Gürtel, a Pokémon, a Pikachu, a Operación Taula, a repartición de diñeiro negro que facían entre os dirixentes, que non tiñan suficiente cos seus salarios e tiñan que cobrar o sobre todos os meses, porque, se non, a vida era moi dura –a da señora Ana Mato–.

O partido da redución das axudas á dependencia, o de que a xente que cobraba 400 euros de axuda á dependencia acabara con vostedes cobrando 48 euros, o partido da amnistía fiscal aos seus amigos –moi sociable–, o partido dos miles de desafiuzamentos sen resposta, rescatando os bancos, rescatando as empresas, comprándolles os activos tóxicos inmobiliarios, o partido da corrupción, vénnos dar agora leccións. O partido do aumento da desigualdade –dende que vostedes gobernan fan reformas fiscais para favorecer os de arriba, os seus amigos, e para meterlles os impostos indirectos aos traballadores, subir o IVE, subir as taxas, subir o imposto de bens inmobles, etcétera, etcétera, que fai que neste país os últimos sete anos foran os de maior empobrecemento da historia da democracia– vén aquí dar leccións.

Moi ben, imos falar de transporte. E tamén é certo que, despois de sete anos de esquecer o colectivo de mozos e mozas, tres meses antes dunhas eleccións autonómicas, se acordan vostedes de tomar algunha medida; algunha medida anunciada, aínda non puxeron un euro. Pero anunciaron unha medida para a gratuidade no transporte interurbano da xente menor de 18 anos. Parécenos moi ben. Pareceranos moito mellor cando lle dean continuidade e cando poñan euros dos orzamentos. Por agora só a anunciaron –causalidade, ¿verdade?– sete anos despois. Claro, vostede di que porque cumprimos co déficit. Si, evidentemente, por iso, pola súa política de ser os campións da austeridade, por iso pasou o que pasou cos enfermos da hepatite C, por iso destruímos o dobre de emprego que a media estatal, por iso perdemos máis riqueza en termos de PIB que a media estatal, e por iso Galicia perdeu 80.000 habitantes desde que goberna o señor Feijóo, por ser os campións da austeridade. Iso si, despois publicidade e propaganda.

Pero, bueno, acórdanse diso. Parécenos ben, unha medida no bo sentido. Deberían tamén ter un plan integral, falar de tren de cercanías, de ter unha actitude como a que temos nós cando vostedes presentan unha iniciativa que nos parece razoable. Por exemplo, nunca apoiaron ningunha iniciativa nosa a favor do tren de proximidade. ¿Por que? ¿Que argumentos deron?

Ben, pois nós, en cambio, si que facemos unha política construtiva, e presentamos emendas. Mire, parécenos moi ben, o que pasa é que vostedes perderon o goberno dos concellos, non gobernan vostedes. E o que non poden pretender é gobernar dende aquí, ou dende San Cae-tano, no goberno da Coruña, no goberno de Compostela, no goberno de Ferrol ou no goberno

de Vigo. Non gobernan vostedes, asúmano primeiro e falen de igual a igual con estes concellos. Negocien. Porque, claro, é moi fácil vir aquí e dicir unha medida instando para que poñan o servizo gratuíto para os menores de 18 anos. Pero quen vai pagar son os concellos. Quen vai pagar son os concellos, ¿verdade? E os concellos teñen as súas políticas tarifarias e teñen os seus contratos. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Cando menos, hai que falar cos concellos, dialogar cos concellos e que a Xunta de Galicia cofinancie. Porque, ao contrario que vostedes, aquí hai concellos que levan posto moitos millóns de euros en transporte público, non empezaron nos meses antes das eleccións. Porque o Concello de Vigo creo que mete 11,8 millóns de euros ao ano en transporte público, ¿verdade? *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: E veñen vostedes darlle leccións despois de catro anos poñendo nos orzamentos municipais 11 millóns de euros. E veñen vostedes dar leccións sen poñer un só euro. Por aí, si, señor, non pasamos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, bos días a todas e a todos.

Para o Grupo Socialista esta iniciativa do Grupo Popular amosa ben ás claras o cinismo, o fariseísmo, o sectarismo territorial e a frivolidade coa que o goberno do señor Feijóo exerce as súas responsabilidades. Populismo electoral puro e duro.

Porque, vamos ver, esta iniciativa ten o seu fundamento no acordo do Consello da Xunta que aprobou a gratuidade do transporte metropolitano para todas as mozas e mozos menores de 18 anos, e afecta as áreas metropolitanas da Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Vigo e a futura de Ourense –anunciada e non en marcha–. É dicir, os menores residentes nos 76 concellos con liñas de transporte metropolitano terán dereito –segundo o anuncio– a usalo sen pagar. Só teñen este dereito os mozos e as mozas residentes nos concellos periurbanos de seis das sete grandes cidades.

Señores do Grupo Popular, ¿pódenme explicar, ou, mellor dito, pódenlles explicar aos mozos e mozas dos 239 concellos excluídos deste dereito por que os discrimina o goberno do Partido Popular? Eles, elas, precisamente os que máis sufriron cos gobernos do Partido Popular os recortes, pagos e repagos na súa etapa educativa. Eles e elas, que, pola súa condición de vivir

no rural, teñen maiores distancias e, polo tanto, maiores custos dos billetes para moverse no transporte público.

Mire, un exemplo moi sinxelo: de Verín a Ourense, 65 quilómetros, o billete de ida custa 6,60 euros; para o mozo ou moza que vive nunha área metropolitana ao lado dunha cidade, no entorno dunha cidade, apenas 1 euro. E castigan vostedes o que paga 7,6 euros, que ten os servizos máis lonxe e a posibilidade de viaxar máis lonxe. É dicir, se fan a viaxe completa, que pagan 15,20 euros, eses quedan excluídos pola súa resolución ou aprobación.

Estes mesmos rapaces, estes mesmos mozos e mozas, o maior deles con 18 anos, levan, polo tanto, sete anos soportando as políticas do Partido Popular en educación. E ademais convén recordar, convén recordar o que foron discriminados. Mire, suprimíronlles unidades escolares, suprimíronlles profesorado, copago nos comedores, rebaixa da contía das becas, diminución das mesmas, supresión da gratuidade dos libros de texto. ¿Por que os volven castigar excluíndoos desta gratuidade?

Gratuidade do transporte metropolitano para todas as mozas e mozos menores de 18 anos que residen en 76 concellos. Señor Goldar, ¿emenda o seu grupo o argumento do presidente para suprimir a gratuidade dos libros de texto nas escolas? Porque lle vou lembrar, creo que debemos lembrar, o argumento que deu o señor Feijóo desde o seu escano cando dixo que non era xusto que a gratuidade dos libros de texto fora para todos igual. Recórdolle o que dixo: “Non me dirán, señorías, que é xusto que os netos do señor Amancio Ortega ou os fillos dos deputados ou deputadas que estamos sentados aquí poidan ter os libros gratuítos como os fillos dun parado de longa duración ou os fillos dunha familia en situación de risco de exclusión social? Non creo que iso sexa xusto”. Iso foi o que dixo. ¿Renuncia o seu grupo, polo tanto, a este argumento para aplicalo ao transporte metropolitano? ¿Mudaron o criterio? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Populismo e propaganda.

E nesta deriva queren arrastrar os concellos das cidades dando un pésimo exemplo de respecto institucional, de coordinación e de colaboración. Barra libre do señor Feijóo e, iso si, que paguen as cidades. Mentres tanto, renuncia a exercer as súas competencias tamén na gratuidade a todo o transporte interurbano, que lle recordo que afecta a 239 concellos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Reflexionou vostede sobre as posicións dos grupos socialistas nos diferentes concellos. Pero, vamos ver, ¿coñecen vostedes a situación de cada concello respecto do que aplican no transporte urbano e as posibilidades económico-financeiras que teñen para poder soportalo? O PP ten a mesma posición nas cidades para pedir gratuidade sen poñer un euro, onde non teñen competencias.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Pero o Partido Popular tamén ten a mesma posición para excluír da gratuidade os mozos e mozas que viven neses 239 concellos.

Xa remato, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Si, remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Señorías, discriminación e ataque á autonomía municipal. A nosa emenda só pretende aportar cordura neste sentido; é dicir, negociar, colaborar e coordinarse coas cidades.

E remato como comecei.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Señor Goldar, populismo electoral...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...tinguido de fariseísmos [...]

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Fernández. Moitas grazas.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señor presidente.

Deputados e deputadas, co debate desta proposición asistimos a un novo capítulo da curiosa reinterpretación que fai o Grupo Popular do Regulamento deste Parlamento. Xa estamos acostumados a que as sesións de control ao Goberno sexan convertidas polo Grupo Popular en sesións de control á oposición. Agora o labor de impulso ao Goberno da Xunta –outra das funcións que ten este Parlamento– tamén é convertido polo Grupo Popular en labor de impulso aos gobernos municipais.

Asistimos tamén a un novo capítulo da precampaña electoral do Partido Popular. Primeiro, a Xunta de Galiza anuncia a gratuidade do transporte metropolitano para menores de 18 anos, medida que seica forma parte dun paquete de medidas sociais. Despois de que estivese aparcada durante catro anos, agora que se achegan as eleccións por fin aflora a sensibilidade social do Goberno da Xunta de Galiza. E antes de que a Xunta de Galiza faga efectiva esta medida no seu ámbito de competencia, o PP lánzase a presentar mocións nos concellos e esta proposición no Parlamento instando a que os concellos fagan o propio sen que sequera houbera un diálogo institucional da Xunta de Galiza con eles, e asumindo os concellos o seu custo económico sen cofinanciamento por parte da Xunta de Galiza.

Miren, señores do Grupo Popular, que quede claro: o Bloque Nacionalista Galego está a favor de que o transporte metropolitano sexa gratuíto para os menores de 18 anos, incluído o

transporte urbano, que quede claro. Pero non podemos votar a favor desta proposición nos termos nos que está formulada. Primeiro, porque a Xunta non estableceu ningún diálogo cos concellos nin se contempla ningún compromiso por parte da Xunta de Galiza para colaborar no financiamento desta medida. Segundo, porque eran vostedes os que dicían que non é xusto que sexa gratis tanto para o fillo duns parados como para o fillo dun deputado. ¿Non lembran vostedes este argumento? Acaba de lembralo na súa intervención o señor Raúl Fernández. Empregárono centos de veces para xustificar, por exemplo, acabar coa gratuidade dos libros de texto, ignorando que o ensino é un servizo público, universal e gratuíto, que pagar polos libros de texto atenta contra este principio e que os criterios de renda onde hai que establecelos é nos impostos, señores do Partido Popular, para financiar acadamente os servizos públicos. E agora esquecen vostedes os seus propios argumentos con tal de facer oposición aos concellos.

Non podemos votar a favor desta proposición nos termos nos que está formulada, porque a Xunta mellor faría en ocuparse de asuntos da súa competencia, máxime se falamos de transporte, señor Goldar. Porque o seu balanço en políticas de transporte nos catro anos desta lexislatura é cero. Iso sen mencionar o desaguizado que provocaron coa prórroga de dez anos de 129 concesións de transporte público.

No ámbito das súas competencias, por exemplo, a Xunta de Galiza podía establecer a gratuidade do transporte público para os parados. Esa si que sería unha medida social. Pero, en cambio, a Xunta de Galiza non o fai. Ou, dado que estamos a falar de mozos, podía restablecer o Noitebús. Mire, estes días coñecemos que está repuntando o número de mozos que falecen en accidentes de tráfico nas nosas estradas, unha razón máis para que a Xunta repona os servizos de Noitebús que decidiu suprimir.

Pero non, vostedes prefiren utilizar este Parlamento para facer de oposición da oposición e para dar por inaugurada a precampaña electoral. Pois miren, para iso co BNG non contén.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Goldar.

Déanlle voz ao escano.

Grazas.

O señor GOLDAR GÜMIL: Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señor Sánchez, a vis cómica di vostede que non é o meu mellor rexistro, igual que o drama tampouco é o seu mellor rexistro. Pero, quizais á vista agora, por exemplo, da portada de *La Voz de Galicia*, que di: “*Crisis abierta en Galicia entre los dirigentes de La Marea*”, ao mellor á tra-

xicomedia si sería un termo acaído para o que pasa no seu grupo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)* E non serei eu, señor Sánchez, quen fale aquí de se vostede probou ou non Dom Pérignon ou Vega Sicilia, que esqueceu citalo xusto agora cando falou da operación Pokémon. Eu, desde logo, non probei ningún dos dous.

Pero indo ao importante, que é a nosa obriga...*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É unha risa, señor Fajardo, pode rir vostede todo o que queira, que ao mellor... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señor presidente, se me deixan continuar...

O señor PRESIDENTE: Si, si que o deixan.

Señorías, silencio, por favor, silencio.

O señor GOLDAR GÜMIL: Se me deixan, se a amabilidade destes compañeiros deputados mo permite, quería falar do posicionamento do noso grupo sobre as emendas presentadas polos diferentes grupos da oposición. *(Murmurios.)*

No relativo á presentada polo Grupo Mixto, direille, señora voceira, que, no que respecta á bonificación de usuarios habituais, o Plan de transporte metropolitano de Galicia inclúe xa, á data de hoxe, unha bonificación por recorrencia para as persoas que fan máis de 40 viaxes ao mes, devolvendo un 15 % do gasto en transporte interurbano. Non procede, polo tanto, baixo o noso punto de vista, incluír algo que xa ten posto en marcha o Goberno de Galicia.

Propón vostede tamén que, tanto no transporte urbano como no interurbano, se establezan descontos para todos colectivos. E, neste sentido, permítame que lle lembre que o Plan de transporte metropolitano con máis de 11 desprazamentos ao ano está a ser subvencionado en máis dun 80 % pola Xunta de Galicia, ofrecendo descontos de máis de 600 euros anuais aos usuarios no seu uso, ademais dos descontos a usuarios habituais, xa mencionado antes, do 15 %, ou do desconto ás familias numerosas, que vai entre un 20 % e un 50 % en función do número de fillos; ademais, como acabamos de dicir, da gratuidade do transporte urbano aos menores.

Ademais, en canto á emenda presentada polo Grupo Socialista, coméntolle, señor Fernández, señor voceiro, que o actual Goberno de Galicia quere promover no eido das súas competencias o uso do transporte público, efectivamente, a educación no emprego do mesmo e axudar as familias a través desta medida de gratuidade do transporte metropolitano para mozos de ata 18 anos. Comprácenos, por suposto, comprobar que o PSdeG está de acordo con esta medida, que a considera positiva. Polo que esperamos que a promova nos concellos nos que goberna e tamén alí nos que apoia a outras formacións no goberno.

O que este grupo non pode aceptar é o que propoñen o Grupo Socialista e AGE para que sexa a Xunta a que pague esta medida e para que os concellos non asuman as súas propias competencias en transporte urbano. Son os concellos, señorías, os que deben asumir tamén a

súa responsabilidade e financiar a extensión desta medida ao transporte urbano da súa competencia –insisto– exclusiva e excluín-te, se é que lles interesa realmente adoptar medidas a prol dos mozos e das mozas de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor GOLDAR GÜMIL: E se deciden finalmente, no uso da súa liberdade, non facelo, a responsabilidade será única e exclusivamente súa. Logo non se laien de que a inicial ilusión que puideron ter xerado se torne xa a pasos axigantados na decepción máis absoluta, como vimos de comprobar hai escasamente 72 horas.

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Goldar.

Seguinte proposición.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Estaba no debate vostede. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, pero estaba no debate. Non, non, perdoe, perdoe. Estaba no debate. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, señor Sánchez, por favor. Regulamento. Estaba vostede no debate. Non procede. Non procede.

A seguinte proposición é do G.P. do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de D^a María Carmen Adán Villamarín...

(O señor Gallego Lomba solicita a palabra.) ¿Si, señor Gallego? *(O señor Gallego Lomba pronuncia palabras que non se perciben.)*

Foi unha mínima referencia a vostede. *(Murmurios.)* Foi unha mínima referencia. Eu estaba atento e, efectivamente, mencionouno... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Efectivamente mencionouno. Si, señor Gallego, foi vostede mencionado. Foi vostede mencionado. ¿Quere un minuto?

Ten un minuto, ten só un minuto, señor Gallego, porque non foi ningunha cousa...

O señor GALLEGO LOMBA: Señor portavoz do Partido Popular, é moi bonito facer publicidade e propaganda co diñeiro dos outros, iso é moi bonito cara a fóra. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!

O señor GALLEGO LOMBA: Pero voulle dicir unha cousa. O Concello de Vigo gasta en transporte público máis que a Xunta de Galicia, 11 millóns paga o Concello de Vigo polo transporte público, 11 millóns. É máis, a competencia exclusiva no transporte metropolitano é da Xunta de Galicia.

E agora voulle dar un dato para vostede, para que teña en conta. Mire, o Concello de Vigo ten tarxeta social, ten tarxeta verde, ten tarxeta para pensionistas e xubilados e ten tarxeta bonificada...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Gallego.

O señor GALLEGO LOMBA: ...para os xóvenes [...].

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Gallego.

O señor GALLEGO LOMBA: E iso é a custa do Concello de Vigo, non da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor GALLEGO LOMBA: Ten a competencia exclusiva.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Gallego.

A ver se anima vostede ao alcalde de Vigo para que llela dea tamén aos ourensáns que van alá ao hospital. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Fortes murmurios.*) Xa metidos aí, por pedir, pedimos iso. Está ben. Perdón, non pasa nada. Non pasa nada. Aos ourensáns que van ao hospital de referencia. (*Murmurios.*) Estoume referindo aos ourensáns que van ao Hospital Álvaro Cunqueiro, de referencia. É unha proposta nada máis, non a tome vostede a mal. (*Fortes murmurios.*) Xa pasou a brincadeira. Non, nas alusións non hai réplica, non, non hai réplica. Non, non, nas alusións non hai réplica. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pechemos aquí. (*Murmurios.*)

É unha hora complicada. Pechemos, non hai réplica.

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María do Carme Adán Villamarín e dous deputados/as máis, sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non se presentaron emendas.

Ten a palabra, para a súa defensa, a señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Si, moitas grazas, presidente.

Antes de comezar, unha pequena reflexión. Non sei se é unha boa idea non parar para comer nos plenos. Estamos sufrindo creo que unha baixada de azúcar, ou doutros alimentos, e estamos realmente... Dígoo xustamente polos momentos previos que tivemos, tan pouco correctos coa Cámara.

Eu quero empezar saudando os traballadores que nos acompañan e tamén os que viñan de camiño, que por un desaxuste horario pois aínda están a medio camiño e non van poder

estar presentes na Cámara para seguir esta iniciativa, que trata de tres temas importantes, tres temas que levamos debatido en reiteradas ocasións no Parlamento galego: emprego, industria e enerxía.

Xustamente a situación neste momento de Alcoa, das plantas de Alcoa, tanto na Coruña como en San Cibrán, recollen estes tres elementos; é dicir, posible perda de traballadores e traballadoras, un emprego moi importante para Galiza, un sector industrial que pode verse damnificado –tal e como vimos reiterando nos últimos sete anos a respecto da industria galega– e un último apartado, que é o debate permanente que temos a respecto da situación enerxética de Galiza. E quero recordar que temos neste momento no conxelador, ou durmindo o sono dos xustos, a ILP promovida pola CIG a respecto deste tema, dunha tarifa eléctrica galega, dunha tarifa especial para a industria e sobre a pobreza enerxética.

Soamente, para enmarcar o debate, un dato que seguramente coñecen, señoras deputadas e señores deputados, pero que é importante para abrir o debate a respecto de Alcoa. Alcoa consolidouse no Estado español despois dunha venda da Empresa Nacional del Aluminio, Inespal, que foi absolutamente ruínosa para o Estado porque significou perdas, foi unha venda a perdas. Tamén, se se me permite unha anotación a pé de páxina, foi algo como o que ocorreu con todo o sistema financeiro galego, que foi literalmente regalado. Pois así foi regalada Inespal, e Alcoa non cumpriu, ademais, os compromisos ligados a esa compra. É dicir, foi unha compra a regalo e, ademais, non se cumpriron eses compromisos, que despois, se temos tempo na réplica, os podemos explicar.

A situación agora é: 400 traballadores na Coruña, 1.300 en Lugo e 600 empregos –máis ou menos así calculados– auxiliares. E todas as dúbidas a respecto da posibilidade da venda de Alcoa e agardando que en setembro, en outubro ou aínda non sabemos cando, sexa a próxima poxa. E ¿cal é a actuación do Goberno? Esperamos hoxe atentamente a que o Partido Popular nola explique.

Quero recordar que, como xa temos dito en moitas ocasións, é Alcoa un gran consumidor de enerxía. O 45 % dos custos de fabricación son custos do que paga en enerxía, en electricidade. E os propios traballadores veñen de remitir unha carta ao señor Feijóo –que ademais fixeron pública a través dun medio de comunicación galego– na cal poñen de manifesto que o problema fundamental é o sistema tarifario, o sistema eléctrico que ten neste momento o Estado español, que ademais temos debatido e criticado en reiteradas ocasións.

Primeiro –e vou asumir os puntos tal e como o explica o propio comité de empresa de Alcoa– a Xunta debería asumir ser un socio investidor nesta situación, e debería xa estar, dende a Consellería de Industria, neste momento garantizando o antes posible concretar unha cuestión básica, que é cando vai ser a próxima poxa, se vai ser en setembro, se vai ser en outubro... Porque é necesario para manter, polo menos, de cara ao ano 2017... É dicir, acelerar a poxa pola interrompibilidade do ano 2016, do cal o Ministerio –o ministerio no que, quero recordar, está neste momento o ministro Soria– non dixo nada. É dicir, isto é absolutamente necesario.

O terceiro punto é a tarifa eléctrica galega. E hoxe hai unha noticia que eu creo que é importante que a leamos con detemento. Está na portada de *El periódico de la energía*. É dixital.

Poden entrar, visítala, e poden comprobalo: “Rajoy ofrecerá a PSOE, Ciudadanos e PNV un pacto de Estado en materia enerxética”. E unha reflexión que fai esta noticia a respecto dunha das posibilidades do Partido Popular é apostar polas renovables como principal eixe en que baseará o mix eléctrico –o cal é dubidable–, unha nova proposta a Ciudadanos e a PNV a respecto da industria vasca e eliminar algúns dos custos da tarifa eléctrica en Euskadi. Quero recordarlles que no seu momento cando se negocia a lei do 2013, xustamente o que fai, o que propón o PNV e o que acorda así co Partido Popular, é a creación dunha nova peaxe, que foi a 6.1B, que non existía previamente a esa lei, e coa que se conseguiu en Euskadi reducir as peaxes nun 6,7 % para a industria. Iso significou aforrar 50 millóns de euros/ano á industria vasca, por se despois alguén sobe a esta tribuna e aquí argumenta que non se poden reducir as peaxes, ou que non se poden reducir as peaxes segundo territorios –utilizando a nomenclatura que suele utilizar o Partido Popular a este respecto–. De feito, pódese, e de feito fíxose en Euskadi. E de feito é unha das propostas que hoxe mesmo está na prensa que plantexa o Partido Popular para buscar ese posible pacto ou os votos para a investidura. É dicir, xa se fixo, e volve estar sobre a mesa o problema enerxético. Porque, efectivamente, o problema de Alcoa neste momento son os custos da enerxía, ese é o grande problema que ten Alcoa. Pero o grande problema para unha comarca, por exemplo, como é A Mariña é o que significaría. Sería terrible para esa comarca, sería terrible para Galiza, que puideramos estar diante dun peche ou dunha perda de emprego, polo que significa en datos, que acabo de dar, e polo que significa para a industria galega.

Polo tanto, nós pretendemos algo realmente moi sinxelo, falado cos propios traballadores e traballadoras, respecto de que a Xunta sexa un suxeito activo, un goberno, garanta o mantemento dos postos de traballo e que leve adiante todas as xestións que ten que levar co Ministerio neste momento para o fundamental, que é que a poxa sexa o antes posible. Iso xa é inmediato para manter neste momento certas certezas a respecto da continuidade.

Pero o segundo aspecto é sobre a tarifa eléctrica, sobre a enerxía. Se a enerxía, efectivamente, é un dos posibles pactos en materia enerxética, o Partido Popular ten deputados e deputadas de Galiza –incluso ten dous máis que na anterior lexislatura–, co cal poderá facer máis presión para o mantemento de Alcoa en Galiza buscando unha tarifa eléctrica propia. É certo que a lei que foi asumida polo Partido Popular nesta Cámara neste momento está dormente. Non sabemos se espertará nalgún momento doutra lexislatura. É claro que nesta lexislatura non o vai facer. E aí xa se recollía eses aspectos: un, unha tarifa eléctrica galega; dous, unha tarifa propia para a industria.

Vostedes agora teñen unha oportunidade. Levamos toda a lexislatura debatendo sobre a necesidade de reducir as peaxes. Bueno, pois, efectivamente, nese pacto, no próximo pacto de goberno, que non soamente sexa o Goberno vasco, que non soamente sexan os vascos, os que baixen a tarifa eléctrica para a súa industria, senón que Galiza tamén consiga ter un prezo enerxético máis barato. E que iso signifique para os grandes consumidores, como é o caso de Alcoa, o mantemento dos postos de traballo. Porque a enerxía é un ben importantísimo, non soamente como aparece no 2013, como unha actividade económica, senón que é absolutamente necesario para todo tipo de empresas, e tamén de familias. Pero non estamos agora falando da pobreza enerxética, estamos falando de que para manter a industria e para manter os postos de traballo, aquilo no que somos excedentarios nun 40 %, como é a pro-

dución de electricidade, debería ser neste momento prioritario para o Goberno galego, debería ser prioritario para os deputados e deputadas do Partido Popular por unha nova tarifa eléctrica para a industria galega.

Nós agardamos contar co apoio dos diferentes grupos parlamentarios, pero sobre todo do Partido Popular, e non, como dixen antes, a respecto da iniciativa, para buscar agora un titular, senón para comprometerse realmente cunha tarifa eléctrica galega. Porque a industria galega está nun proceso de desmoronamento, e a perda dos empregos de Alcoa sería absolutamente letal para a provincia de Lugo. Entón, non veñan aquí a falar de drones como o futuro e deixen pechar unha factoría que leva moitos anos e que sufriu unha venda ruínosa durante un goberno do Partido Popular. Póñanse mans á obra e xa no Ministerio de Industria saquen a poxa inmediatamente e negocien unha nova tarifa eléctrica para a industria galega.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Adán.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Eu, señora Adán, lamento dicirlle que dubido moitísimo de que o Partido Popular vaia votar a favor desta iniciativa, porque non é o primeiro intento que se fai de que o Partido Popular apoie a industria galega e apoie a economía galega. Vemos que, cando hai un goberno que realmente defende o seu país, como ocorre en Euskadi, son gobernos que conseguen negociar co Estado condicións que melloran as opcións do seu país. Nós temos, por desgraza, un goberno que pensa máis en Madrid, e en español, que en Galiza e en galego. Ese é o noso gran problema e o problema que temos agora con Alcoa.

Galiza é das comunidades máis afectadas polos plans de Alcoa, e só se pode explicar isto dende unha visión colonial de Galiza respecto do Estado, que é a visión que ten o Partido Popular. Unha visión que deixa en mans do Estado as condicións económicas de Galiza e de como se utiliza o excedente da enerxía galega e a repercusión, ou o beneficio ou prexuízo, que pode ter para os galegos e para as galegas.

Por iso levamos anos pondo en perigo a continuidade de Alcoa en Galiza. Non é a primeira vez que temos este problema encima da mesa, non é a primeira vez que discutimos sobre isto. Pero tamén non será a primeira vez que o Partido Popular volva deixar a Galiza, os intereses económicos de Galiza, os intereses laborais de Galiza, de lado e siga apostando por que paguemos a enerxía ao prezo que estamos pagando, cando somos excedentarios e cando a producimos aquí mesmo; e cando temos, ademais, unha condición –que é periferia a nosa comunidade– que non se ten en conta nunca para nada pero que si no tema da enerxía se ten en conta, por exemplo, na situación das illas. Entón, hai unhas bonificacións para as illas. Pero en Galiza non podemos conseguir absolutamente nada por culpa da incapacidade do Partido Popular.

Para industrias como Alcoa, o consumo intensivo de enerxía supón un gasto que pode chegar ata 50 % do gasto total destas industrias, polo que é fundamental unha subministración competitiva, estable e predecible para poder competir. O Estado carece de estabilidade xurídica no sector enerxético, e iso é un desincentivo para os investidores, xa que o custo da enerxía para a industria é máis elevado que noutros países europeos, como Alemaña ou Francia.

A falta dun marco regulatorio estable e uns prezos da enerxía inasumibles poñen en risco de deslocalización estas empresas. Claro que o Partido Popular nega a deslocalización das empresas, négao rotundamente. Segundo eles, iso forma parte da internacionalización, e o que estamos sufrindo é a deslocalización.

A Axencia Internacional da Enerxía en 2013 xa informaba de que as variacións do prezo da enerxía ían afectar, sen dúbida, a competitividade industrial, incidindo nas decisións de investimento e nas estratexias empresariais. Non se pode atraer investimento cando algo tan fundamental para o funcionamento de calquera empresa, como é a enerxía, ten uns prezos inasumibles. A última poxa de contratos de ininterrompibilidade desatou un agre enfrontamento entre o Ministerio de Industria e a empresa, que criticou o novo sistema ideado polo Goberno do PP. Cada vez son máis as voces que reclaman un marco enerxético estable para as empresas e particulares, e, dentro das empresas, para as altamente consumidoras de enerxía, como Alcoa. Alcoa é a principal adxudicataria dos contratos de ininterrompibilidade no Estado, polo que o comité de empresa a vostedes, que tanto escoitan e respectan os traballadores e as traballadoras, lles reclaman, como goberno, que busquen unha solución que non sexa temporal para evitar que cada ano se miren na mesma situación, pendentes do resultado da poxa eléctrica. A próxima poxa dos contratos vén agora, rematado o verán, e teñen vostedes tempo de solucionar este problema, de poñer as condicións para que Alcoa poida seguir, para que se lle dea unha estabilidade ao sector e que non estea pendente todos os anos desta poxa.

Seguimos reclamando ademais –igual que dicía a voceira do BNG– unha tarifa propia para Galiza que axude as empresas a ser máis competitivas. Entre 2009 e 2013 Galiza perdeu 12.000 empresas, algo lles debería dicir isto. É clave revitalizar a economía galega creando emprego estable e de calidade. É necesario impulsar unha política enerxética ao servizo das persoas e da industria. É necesario que Galiza teña unha compensación polos efectos que as instalacións eléctricas teñen no seu territorio. Polo tanto, apoiaremos, sen dúbida, esta iniciativa.

Nada máis, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, o señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Boa tarde a todos e a todas.

No ano 1998, o Goberno do Partido Popular –inmerso en pleno aznarismo– vendeu Inespal á multinacional norteamericana Alcoa por 410 millóns de dólares. Facíao despois de dous

anos consecutivos de beneficios, que alcanzaban os 72 millóns de euros, ao mesmo tempo que se comprometía a asumir unha compensación polo prezo da tarifa eléctrica durante os dez anos seguintes. Non foi o único caso de espolio e venda de empresas públicas rendibles. Inespal foi unha peza máis do desmantelamento do noso tecido industrial público. Entre o ano 1998 e o 2004 o Partido Popular vendeu –espoliou– cincuenta empresas públicas de sectores estratéxicos: Repsol, Argentaria, Gas Natural, Telefónica, Endesa, Aceralia, Indra, etc.; e o propio Inespal entre elas.

Sirva, polo tanto, esta reflexión para entender que, cando falamos da crise e das dificultades que ten este país para saír dela, convén facer unha análise rigorosa de como chegamos ata aquí e ata que punto devaluamos a soberanía económica do noso país quitándolle os recursos máis elementais para poder, dende logo, exercer a soberanía económica como pobo, como país.

A situación actual de Alcoa é grave, pero o peor é que esta situación se repite ano tras ano. Corremos o serio risco da venda ou deslocalización das plantas de Alcoa en Galicia. Porque o certo é que a dirección de Alcoa deixa aberta todas as posibilidades, así llo dixo ao propio comité. O señor Conde –o noso conselleiro– sábeo. Pero sábeo porque llo dixeron os propios traballadores. Porque cando o conselleiro se reuniu co propio comité parecía descoñecer a problemática fundamental desta empresa. Para sorpresa do propio comité, o conselleiro aludiu de xeito directo á posibilidade de asumir unhas novas condicións en materia de flexibilidade laboral para salvar a empresa. Cando o custo salarial, a masa salarial, supón o 7 % dos custos de produción desta empresa, e é, polo tanto, mínimo; sendo os custos enerxéticos o 40 % do total dos custos de produción. Velaí, pois, o problema. Velaí, pois, onde hai que intervir.

Alí informouse o noso conselleiro, alí foi informado o noso conselleiro. Pero non é só un problema de ineptitude e desinformación, é tamén un problema de absoluta parálise e inacción por parte do Goberno, porque é necesario abordar a cuestión da tarifa eléctrica no sector industrial, unha tarifa que ten que ser estable, xusta e proporcional para o sector industrial porque, do contrario, as consecuencias son as que estamos a debater nesta comisión: problemas de competitividade para as empresas, beneficios incontables para as eléctricas pero tamén para os cargos do Partido Popular que están nos consellos de administración destas eléctricas, e un sistema de poxa que é un auténtico fracaso en termos de competitividade, en termos de rendibilidade e en termos de estabilidade industrial.

Pero, chegados a este punto, o que é evidente é que, despois de décadas de consolidar un modelo que, dende o noso punto de vista, é fracasado, o que é urxente é salvar a situación, unha situación que é urxente; e, polo tanto, convocar a poxa de maneira inmediata. Un goberno en funcións que ademais non tivo ningún tipo de problema para actuar en Ence e en Reganosa, para manter privilexios, neste caso mantense absolutamente paralizado.

¡Ollo ao dato!, non estamos a falar dunha empresa calquera, falamos de 2.000 postos de traballo. Pero na provincia de Lugo, na Mariña, estamos a falar dunha empresa que practicamente implica o 30 % do PIB provincial, unha empresa que, de marchar ou pechar, sería unha bomba cunha onda expansiva imposible de asumir para a provincia e para toda Galicia.

Polo tanto, as obrigas do Goberno son implicarse, implicarse en que a empresa asuma os investimentos comprometidos, no momento da súa venda, en materia medioambiental, en materia de innovación tecnolóxica, en materia de mellora das súas instalacións. Temos transformadores que non resisten o funcionamento da empresa e que cun investimento moi pequeno poderían facer que a empresa fora máis eficaz e máis eficiente. A empresa Alcoa investiu 20 millóns de euros en Islandia. Alí si se inviste, pero aquí non se inviste. ¿Cal é o motivo? O Goberno deberá de sabelo.

Temos, polo tanto, que un goberno como o galego ten que asumir a súa responsabilidade. Fixo investimentos en recursos, sempre presumiu de investir no gasoduto da Mariña para beneficiar a Alcoa. Ben, pois implíquese na solución do conflito.

Polo tanto, nós entendemos que a Xunta de Galicia ten que tutelar, velar e defender este proceso para que os postos de traballo se manteñan en Galicia. E se é necesario, evidentemente, parte da solución é que se converta en socio investidor. ¿Non foi este o modelo escollido no caso do famoso polo industrial de Rozas? ¡50 millóns de euros para dúas empresas e 10 millóns de euros para mellorar as instalacións do Ministerio de Defensa para crear ¿cantos postos de traballo a día de hoxe?! ¡Cero!

Ben, temos 2.000 postos de traballo en Galicia que están en perigo. Invístase aí. Si, socio tecnolóxico nun sector, o aluminio, implicado en sectores innovadores: aeronáutica, renovables, a eólica, a automoción...; polo tanto, un sector estratéxico. Aí hai posibilidade de intervir. ¿Por que non se fai? ¿Está sendo acaso cómplice o Goberno de Galicia nesta situación? Agardemos que non, agardemos que o Grupo Popular apoie esta iniciativa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...como dende logo imos facer nós, e se poña mans á obra na solución deste problema.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vázquez.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Val.

O señor VAL ALONSO: Boa tarde.

Moitas grazas, señor presidente.

Quero saudar tamén os traballadores de Alcoa que nos acompañan no día de hoxe.

Efectivamente, no pasado pleno o Grupo Parlamentario Socialista plantexáballe ao conselleiro de Industria unha pregunta xustamente coa cuestión que hoxe estamos a debater, e que non é outra que a situación da empresa Alcoa, que conta con dous centros de produción na Coruña e na Mariña, e que dende hai máis dun mes está a realizar un estudo de viabilidade

económica e financeira na que baralla todos os escenarios, dende a venda dos centros de produción á incorporación dalgún socio investidor e mesmo tamén outras opcións, como pode ser o peche das plantas. Situación que non debe de estrañarnos porque xa ten acontecido hai máis de tres anos nunha planta que a propia factoría tiña en Italia.

E diante disto e da pouca información aportada pola dirección da empresa, os traballadores están a vivir con bastante incerteza todo este proceso. E eu creo que é bo –a pesar de que xa se fixo aquí– lembrar que estamos a falar de máis de 1.200 empregos directos en San Cibrao e outros 400 vinculados á industria auxiliar, e arredor de outros 400 directos na planta que a empresa ten na Coruña. Pero desgraciadamente para todos estes traballadores, dende hai quince días –que foi cando nós lle plantexamos a pregunta ao conselleiro de Industria– non hai nada novo que aportar máis alá da nula implicación no tema por parte do Goberno de Galicia.

E nós dixemos naquel momento que, dende hai xa bastante tempo, os membros do Goberno galego veñen repetindo unha e outra vez que o seu obxectivo fundamental é a internacionalización das empresas. Eu non sei se para o Partido Popular a internacionalización significa vender o noso saber facer, como xa ten acontecido con algunha empresa do sector naval, ou se ese obxectivo tan ambicioso fixo que deixaran de lado algo tan terreal e pouco ambicioso como é manter o emprego industrial no noso país.

Eu teño que lembrarlles que, desde que vostedes son goberno, se perderon no noso país 1 de cada 4 empregos de carácter industrial. Polo tanto, nós consideramos que o mantemento da actividade é fundamental na comarca da Coruña, pero moito máis, se cabe, na comarca da Mariña, onde –como tamén xa se dixo aquí– esta empresa significa case o 30 % do produto interior bruto de toda a provincia.

Hoxe, case con total seguridade –e vou discrepar da señora Martínez–, eu creo que o Partido Popular vai votar a favor desta iniciativa. Eu creo que vai facelo porque a proposta de acordo desta iniciativa é totalmente asumible para o Partido Popular. Xa o fixo noutras ocasións diante de situacións semellantes, pero nada máis ca iso, simplemente votar a favor e logo ningunha acción de carácter político para tratar de resolver o problema. E digo isto porque a resposta do señor conselleiro no pasado pleno, ademais de frívola, foi bastante desconcertante. Non deu conta de ningunha acción desenvolta, nin tan sequera de contacto coa empresa. E nos últimos días incluso puidemos observar como a apertada axenda do presidente da Xunta de Galicia impediulle recibir os representantes dos comités de empresa das dúas factorías o pasado xoves. O que significa unha mostra máis dese gran compromiso por parte do presidente con este país.

Efectivamente, todos sabemos cal é o problema fundamental que pende sobre esta empresa, que non é outro que os custos da enerxía. Tamén xa se dixo aquí que representan practicamente o 40 % dos custos totais de produción. E ademais dese problema, está o problema da poxa por ininterrompibilidade, que –non é que o diga eu– segundo as palabras do presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia non son máis que descontos e non ten nada que ver cunha verdadeira política enerxética, xa que a empresa, con este sistema, non pode planificar ningún investimento a longo prazo.

Polo tanto, nós consideramos –como xa lle dixemos ao conselleiro– que a busca dun marco estable no que poder desenvolver a actividade empresarial debería ser o obxectivo do Partido Popular. Países como Francia, Islandia e Noruega teñen a enerxía eléctrica tres veces máis barata que neste país; e nos dous últimos o prezo está garantido durante vinte anos. E mesmo no territorio español hai diferentes modelos, como tamén xa se dixo aquí. Está o do Goberno vasco, onde o abaratamento e a redución das peaxes son claros e manifestos, o que significa que a industria ten unha enerxía máis barata.

Polo tanto, consideramos que o Goberno galego si ten cousas que facer neste tema. Primeiro, debe responder ás cuestións que lle plantexan os comités de empresa de ambos os dous centros en canto á posibilidade da entrada da Xunta como socio investidor e, en definitiva, traballar en busca dun marco enerxético estable. Nós cremos que o Goberno galego debe comezar a facer algo con esta cuestión e non unicamente, como tantas e tantas veces, agardar ao desenlace desta situación.

Do seu compromiso, señor Balseiro, e do Partido Popular dependen miles de postos de traballo importantes en todo o país, pero vitais na comarca da Mariña lucense. Agardemos de verdade que tomen esta cuestión coa seriedade que merece.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Val.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Saudamos tamén os traballadores desta empresa.

Señorías, coñezo bastante ben Alcoa, coñezo bastante ben unha boa parte dos traballadores de Alcoa e coñezo bastante ben o funcionamento de Alcoa. E teño que empezar discrepando dalgunhas das cousas que se dixeron aquí, e teño que dicir de antemán que imos apoiar esta iniciativa, ímola apoiar, ¡só faltaría! Non porque a presente o Bloque Nacionalista Galego; senón porque nós, o Grupo Parlamentario Popular e o Goberno de Galicia, sempre apoiamos todo aquilo que beneficiou os traballadores de Alcoa, tanto na planta de San Cibrao como na planta da Coruña.

Por iso teño que dicir que teño que discrepar. Porque aquí parece que se puxo en cuestión unha planta que, cando menos, está dando beneficios. É o primeiro que hai que dicir. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Cando menos, esta planta está dando beneficios. Porque, tal como se debuxou aquí, parece ser que esta planta debía estar a piques de pechar.

Hai un problema, claro que hai un problema con Alcoa. Hai un problema porque, lóxicamente –que tampouco está moi claro–, preténdese facer unha venda desa planta, igual que se fixo doutras plantas de Alcoa en España e que están funcionando neste momento. Non só están

funcionando, senón que están mellorando esas plantas. Non só están funcionando, senón que melloraron.

Pero iso é certo, o Grupo Popular vai aprobar esta iniciativa porque é un grupo responsable. Non é un grupo irresponsable, como foron vostedes no pleno pasado, cando o Grupo Popular lles propuxo facer unha declaración institucional exactamente igual que se fixo no Goberno de Asturias, exactamente igual que se fixo en moitos dos concellos da provincia da Coruña e na maioría dos concellos da provincia de Lugo, e exactamente igual que se fixo na Deputación de Lugo. E vostedes, como estabamos en época electoral, e como as eleccións eran o domingo, non a quixeron aprobar. É certo que non lles valeu para moito, nin na Coruña nin na Mariña. Non lles valeu para nada, porque A Mariña tinguíuse toda, e hai unha marea pero a marea e azul, ¡toda!, ¡toda!, os dezaseis concellos (*Aplausos.*) E na provincia da Coruña hai lles unha marea moi similar, tamén unha marea azul en case todo.

Por iso nós imos actuar con responsabilidade, como actuamos sempre que falamos dos traballadores de Alcoa e sempre que falamos de Alcoa. Primeiro, porque temos na nosa man chegar a un acordo conxunto unánime –teno este grupo parlamentario, e imos chegar– que outorgue unha vía de confianza, por suposto, para os traballadores e unha posición de unidade e de fortaleza ante a empresa. E, segundo, porque, cando falamos das fábricas de Alcoa, estamos a falar dun proxecto industrial que ten futuro, señorías. E este partido e este goberno cre nese futuro e cre nese proxecto. Non coma vostedes, porque vostedes crer non cren en nada. Por un lado apoian a Alcoa e, por outro lado, queren pechar Ence. Por un lado apoian aquí e por outro lado din que non apoian proxectos industriais importantes.

Miren, falamos, como ben se dixo aquí, de máis de 1.500 postos de traballo directos nos tres centros que ten Alcoa en Galicia. Falamos de preto de 600 postos de traballo vinculados ás industrias auxiliares. Falamos, como ben se dixo aquí, do 30 % do produto interior bruto da provincia de Lugo. Falamos do verdadeiro motor, do verdadeiro motor económico, industrial e laboral da Mariña lucense. E non é preciso repetir aquí todos os datos que aquí se ofreceron nas intervencións anteriores. Pero, sobre todo –e non debemos esquecerlo–, falamos de persoas, que é o máis importante, de veciñas e veciños de quen lles fala, de familias que residen no concello no que resido eu, con rostros, falamos de rostros coñecidos, sobre os que pesa, é certo que pesa neste momento, a incerteza en torno ao seu futuro laboral. E por iso, como falamos de persoas coñecidas, como falamos de rostros coñecidos, como falamos de familias que residen no meu concello, o único que eu lles pido é que deixemos o partidismo a un lado, que é o único que lles preocupou a vostedes no tema de Alcoa, e aprobemos este acordo por unanimidade, e que rectifiquen vostedes, que son os que teñen que rectificar, a súa posición de biocot que tiveron para situarse ao carón do importante, que é situarse ao carón de Alcoa, situarse ao carón dos traballadores de Alcoa.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor BALSEIRO OROL: E, se de nós depende, xa lles dicimos que o acordo vai saír adiante.

E termino. Sei do que falo, coñezo Alcoa, coñezo bastante ben o funcionamento de Alcoa, coñezo unha boa parte dos traballadores de Alcoa e coñezo unha boa parte desas familias.

Polo cal, este grupo e este goberno a Alcoa nunca lle vai faltar. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Perdón, nunca lle vai fallar, e faltar tampouco, e faltar tampouco, señoría. Non sei de que se rin vostedes.

O señor PRESIDENTE: Quedou claro, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Nin lle vai fallar nin lle vai faltar, porque faltar significa que non se pode fallar. Vostedes, unha vez máis, están demasiado despistados.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Non me estraña que estean vostedes despistados de como os deixaron as eleccións.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Balseiro, eu non poño en dúbida que vostede coñeza os seus veciños e veciñas. Eu creo que cada un coñecemos os veciños e veciñas. Pero non é unha cuestión de coñecemento, é unha cuestión de coñecemento de cal é o problema. Eu anotei da súa exposición –debo confesar que non a entendín perfectamente– que hai un problema. ¿Cal é o problema de Alcoa? Non é o coñecemento dos traballadores e traballadoras. O problema de Alcoa é –intentamos explicalo aquí– o problema enerxético que ten o Estado español, o problema que teñen os grandes consumidores de enerxía, o problema da poxa. (*Murmurios.*)

Entón, vostedes gobernan en Galicia, vostedes gobernaban no Estado, e previsiblemente van volver gobernar no Estado. Esa é a responsabilidade que teñen dado que son o partido que gaña as eleccións. Vostedes teñen a responsabilidade de cambiar o marco enerxético. Vale, está moi ben que vostede pida que todos apoiemos esta iniciativa, que, por certo, é iniciativa do Bloque Nacionalista Galego; pero, bueno, agradezo o apoio de todos os grupos da Cámara. Pero o problema de Alcoa non é un problema de coñecemento da factoría, do funcionamento da factoría e do coñecemento das persoas que están a sufrir este problema. É un problema de como está deseñado o sistema enerxético neste momento no Estado español, que, se non se amaña, van estar sempre ao albur, efectivamente, da seguinte poxa, do que ocorra na seguinte poxa, de que sexa rendible ou non sexa rendible para Alcoa ou para calquera que vaia comprar esta factoría.

Mire, vostede non falou nada aquí de dúas cuestións fundamentais: ¿vaise comprometer o Partido Popular e o Ministerio de Industria a impulsar xa a seguinte poxa? Ese é un aspecto fundamental. Segundo: ¿vaise comprometer o Partido Popular a revisar as peaxes –tal e como se comprometeu co Goberno vasco para revisar as peaxes da industria vasca– para

que a industria galega non estea neste momento en desvantaxe respecto da industria vasca? ¿Vai facelo? ¿Vai asumir a iniciativa lexislativa popular sobre a tarifa eléctrica?

Nós agora imos votar unha iniciativa que o que fai é que o Goberno se comprometa a traballar polo mantemento dos postos de traballo. Cara ao futuro, o que vostede debería asumir, xa que se compromete co coñecemento dos seus veciños e veciñas e cos traballadores e traballadoras de Alcoa, é traballar dende o Partido Popular para modificar o marco enerxético. Ese é o verdadeiro problema que ten neste momento Alcoa.

Claro que sabemos que tira beneficios, tamén, cando vostedes e o Partido Popular venderon Alcoa, de ser unha industria... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, vostedes vendérona, vostedes vendérona no ano 98 e daba beneficios, exactamente 1.200 millóns de pesetas. Daba beneficios, e vostedes fixeron que se perderan cartos para as arcas do Estado con esa venda.

Polo tanto, agradezo o apoio, mais realmente o que pode garantir o mantemento dos postos de traballo é a modificación do sistema enerxético neste momento no Estado español.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Adán.

Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Mónica Fernández Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias reflectidas no informe presentado pola organización de conservación da natureza World Wildlife Fund respecto do Plan director da Rede Natura 2000 en Galicia

(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Deberá substituírse o texto da parte resolutiva polo seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver plans específicos e políticas de conservación e protección axeitadas para o territorio galego incluído dentro da Rede Natura”.)

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas presidente.

Bo día de novo.

Hoxe traio aquí a este pleno unha proposición non de lei sobre unhas valoracións que fai esta asociación conservacionista non governamental sobre o Plan director da Rede Natura 2000 en Galicia, e sobre a inexistencia de plans específicos dos diferentes parques.

Non é un tema para tomar con lixeireza, porque considero que parte da protección e destes documentos é o futuro que temos e que debemos deixar ás futuras xeracións de galegas e galegos.

A Rede Natura 2000 é a maior rede coordinada de áreas protexidas do mundo, é o principal instrumento de conservación da biodiversidade da Unión Europea, un conxunto de espazos profundamente intervídos e humanizados pero imprescindibles para a conservación de moitas especies e hábitats. Coa promulgación da Directiva do hábitat no ano 92, a Unión Europea asumiu como obxectivo fundamental propiciar o mantemento da biodiversidade, tendo en conta exixencias económicas, sociais, culturais e rexionais no marco dun desenvolvemento sostible. Máis alá de conformarse cun papel oficial que diga que unha zona é Rede Natura, a Directiva hábitat exige dende hai vinte e catro anos a realización dun plan de xestión específico para os lugares incluídos na rede e o establecemento de medidas regulamentarias e administrativas acordadas coas exixencias ecolóxicas dos hábitats e das especies incluídas nos anexos da directiva.

A lexislación europea deseñou a Rede Natura 2000 fixando uns criterios mínimos, mais ao alcance territorial. O grao de protección e a calidade da xestión depende en gran medida da vontade política das administracións competentes dos Estados membros. Neste caso, dentro do Estado español é competencia das autonomías. E o Estado español cabe subliñar que é o que ten un maior territorio dedicado á Rede Natura: sobre un 23 %, segundo fontes do Ministerio.

En Galiza, a Rede Natura abarca na actualidade 59 zonas de especial conservación e 16 zonas de especial protección de aves, que abarcan un total de 390.000 hectáreas. Nesta ampla zona establécense tres unidades de zonificación: a área de protección zona 1, que ten un valor máximo; a 2, ou área de conservación, que ten un valor de protección alto; mentres a 3 é a área de uso xeral, que é o territorio que está menos sometido a unha restrición e supón un 6 % do total da rede en Galiza.

O chamado “naturómetro” de 2016, que publica o Foro Mundial para a Natureza, o World Wildlife Fund, no pasado mes de maio, que coincidía co Día europeo da Rede Natura 2000, pretendía dar unha visión do grao de protección da biodiversidade nas distintas comunidades autónomas e sinalar os aspectos a mellorar.

Galiza é unha das sete comunidades que a organización ecoloxista suspende por incumprir estas directivas europeas na defensa do medio ambiente, e por non contemplar os plans de xestión dos seus espazos protexidos. É contundente cando se afirma que Galiza dispón do peor plan de xestión de todo o Estado. Para estes espazos, na categoría de graves carencias, pois practicamente se reduce a unha simple declaración de intencións, sen ter un financiamento nin posibilidades operativas. Mais todo o contrario debemos dicir tanto de Euskadi como de Baleares ou como de Valencia, que camiñan, segundo esta organización, polo bo camiño.

O Plan director da Rede Natura 2000 falla á hora de identificar as ameazas. Os obxectivos de conservación son moi xenéricos, o que dificulta comprobar o seu cumprimento. As medidas

propostas non aseguran a conservación de todas as especies e hábitats de interese comunitario, e están descritas de xeito superficial e non se describen as fontes de financiamento.

A Rede Natura 2000, que se presentou e vendeu como unha oportunidade e a posibilidade de ingresos e novos recursos económicos, converteuse nun lastre. E hai que ter en conta que este lastre o veñen pagando moitos propietarios e concellos en forma de prohibicións e limitacións, sen ningunha compensación pola propia conservación.

En Galiza, neste momento, hai diferentes parques naturais, seis en total nas catro provinciais, sexan as Fragas do Eume, Corrubedo e as Lagoas de Carregal e Vixán na provincia da Coruña; o Invernadeiro, a Serra da Enciña da Lastra, a Baixa Limia e o Xurés, na provincia de Ourense; e o Monte Aloia en Pontevedra, que é o único que conta cun plan de uso de xestión. E xa non digamos as Fragas do Eume, porque é unha historia interminable dende o ano 1999.

De feito, na análise realizada por comunidades empregábanse catro criterios: ameazas, obxectivos, medidas e financiamento. Aquí, a organización estudou o cen por cento dos plans. Era un documento dunha extensión considerable onde se incluían as 59 zonas de especial conservación e as 16 zonas de especial protección para aves, que en palabras da organización resultaba confuso e difícil de seguir, no que chega a dicir que non se pode garantir a propia conservación. É moi xeralista, pois adoce de detalles en canto a identificación de elementos clave para a conservación, aos obxectivos de conservación e ás medidas de conservación precisas.

Estes plans son a ferramenta básica que asegura esta conservación para cada espazo protexido. Aquí realmente, en todos estes anos, non hai unha política clara nin parece ser que interese por esta protección. E xa non digamos –incluso moitas veces quedamos abraiadas e abraiados– cando nestes propios parques, dentro da rede, autorizan certas actividades, sexan deportivas ou non, que deberían incluír unha consideración sobre o medio no que van participar, pero que contan co beneplácito da propia Administración, como o que aconteceu o pasado mes de maio no Courel, onde xusto había o que chamaron un Ultra trail que pasaba por Devesa de Paderne e Val das Mouras –sitios de especial valor–, ou incluso cando se abren pistas sen contar co impacto ambiental, sempre co bo informe favorable da Xunta. Cando favorecemos incluso carreiras ou malabarismos non entendemos e non comprendemos este tipo de cousas, e incluso que se permitan certo tipo de programas en televisión que parece que o único que favorecen é facer o parvo e acabar con todo o que un ou unha atopa por diante.

E xa non digamos no tema dos incendios, onde houbo bastantes meteduras de pata, sobre todo se imos a algúns acontecementos que houbo hai uns anos como o das Fragas do Eume, que aínda a día de hoxe creo que está sen solventar, e os problemas que había para intentar atallar e apagar o incendio.

A Unión Europea declarou LIC seis comunidades autónomas españolas de vertente atlántica, onde Galiza ten estes 55 espazos, e dálle tamén, xunto a outras comunidades, seis anos de prazo para que os espazos protexidos conten con plans de xestións integrais que garantan esta conservación. Mais seguimos aínda con este problema.

É certo que é o momento de reforzar a aplicación das directivas de hábitats e aves en España, que, ademais, se incumprimos, estaremos desaproveitando a oportunidade de conservar este patrimonio natural.

As políticas de conservación da biodiversidade son precisas e útiles, mais insuficientes. A pesar de que si conseguen, aínda que pouquiño, nunha pequena porcentaxe, minorar a destrución da natureza, non abundan para afrontar eficazmente a crise da biodiversidade, un dos elementos principais da crise ambiental. Debemos ir á raíz e abordar as causas subxacentes na perda da biodiversidade. Hai que ter unhas pautas de produción e consumo razoables contra o consumo espoliador do capital.

Debemos reforzar incluso políticas que veñen da Unión Europea. Moitas veces practicamente case son os únicos valedores dos nosos espazos verdes. ¡Parece mentira!

Tamén o propio proceso de desenvolvemento da Rede Natura en Galiza é unha crónica de atrasos inxustificables. Tardou nada máis e nada menos que a Xunta de Galiza sete anos en elaborar a primeira proposta da Rede Natura, que foi tan ridiculamente cativa que houbo que modificala catro veces antes de que fora adoptada no ano 2004. Aínda que se prometeu ampliála, aínda seguimos niso.

Por ese motivo presentamos e instamos a Xunta a solucionar as deficiencias do Plan director da Rede Natura, onde deben aportar os plans específicos para cada un dos espazos desta rede e tamén apostar por políticas de conservación cunha maior definición e protección axeitada ao territorio galego, e dotalos dun correcto financiamento.

Nada máis. Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Fernández.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Trenor López. (*Murmurios.*)

O señor TRENOR LÓPEZ: Grazas, señorías, por axudar a pronunciar o meu apelido.

O Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia constitúe un instrumento de planificación, ordenación e xestión da Rede Natura 2000 de Galicia.

Señora Fernández, o documento completo do Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia está dispoñible na páxina web da Consellería. Nel pode consultarse o contido completo que conforma o Plan director da Rede Natura 2000, que está constituído por 13 documentos: o decreto de 2014, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia; o documento segundo é o relativo ao patrimonio natural e biodiversidade; está tamén o marco normativo e programas, o medio socioeconómico, os espazos da área litoral, os humidais e corredores fluviais, os espazos de montaña e a xeorreferencia. Despois tamén hai un documento de síntese e logo veñen catro documentos máis coas cartografías: o de delimitación, unidades ambientais, valoración e zonificación.

Toda esta documentación na súa totalidade foi sometida a información pública e audiencia e está dispoñible a todo o mundo na páxina web da Consellería. Hai que aclarar que o documento ao que fai referencia World Wildlife Fund é unicamente o texto normativo do Plan director da Rede Natura 2000, que se corresponde co anexo II, que é o que fai referencia ao marco normativo e programas. Dito doutra forma, World Wildlife Fund limitouse a analizar a parte normativa do documento, ignorando o resto do plan. Ou dito doutra forma, o plan está formado por eses 13 documentos, e xuntos constitúen o instrumento de planificación e xestión, e non podemos reducir o plan só a un deses 13 documentos. Cumpre cos requisitos legais, estando en coherencia, ademais, coas directrices, como non podía ser doutra forma, de conservación da Rede Natura 2000, aprobados mediante o acordo da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente. Galicia elaborou o seu plan agrupando os espazos para a súa planificación e xestión en espazos litorais, espazos de humidais, corredores fluviais e espazos de montaña.

En relación coas ameazas, o plan director analiza, para os distintos tipos de hábitats –mariños, costeiros, corredores fluviais, zonas húmidas, continentais, matogueiras e medios rochosos, bosques e agrosistemas tradicionais–, así como para as distintas especies –agrupadas en flora, invertebrados, peixes, aves e mamíferos–, tanto as actuacións que non supoñen unha afección apreciable sobre o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario, que se enmarcarían como ameazas leves, como aquelas actuacións que poden afectar de forma apreciable o estado e conservación dos hábitats de interese comunitario, supoñendo as maiores ameazas.

¿Cal é o reto que temos agora? Avanzar no desenvolvemento de medidas máis específicas para determinados grupos de hábitats e na elaboración de plans específicos para aqueles espazos que, pola súa especial complexidade de xestión ou a súa elevada biodiversidade, así o requiran. É o caso, por exemplo, do Plan de conservación de Valdoviño ou da praia das Catedrais, ou tamén dos plans de conservación dos parques naturais.

Entendemos que esta liña avanza nunha maior definición e protección do territorio, contando, ademais, con dúas medidas específicas do Feder e dúas submedidas do Feader para o seu financiamento.

En conclusión, señorías, o Plan director da Rede Natura 2000, como plan de xestión, recolle medidas de conservación aplicables en cada lugar para manter e restablecer un estado de conservación favorable aos tipos de hábitats naturais, tendo en conta as exixencias económicas, as exixencias sociais e tamén as culturais, así como as particularidades rexionais e locais.

A zonificación de espazos e as medidas de xestión son auténticas medidas de conservación que inclúen iniciativas específicas e individualizadas para os distintos tipos de hábitats.

E ademais, señorías, o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia contén os denominados indicadores de seguimento. Estes indicadores permiten á Administración definir a necesidade de fixar adicionalmente outras medidas de conservación ás xa establecidas, actualizadas ou revisadas. Por iso, señoría, nós presentamos esa emenda á súa proposta.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Trenor.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si, bos días.

Nós apoiamos esta iniciativa. Xa nos manifestamos sobre este Plan director da Rede Natura e xa presentamos alegacións a ese documento, e as nosas alegacións están aí para mirar; son coincidentes con moito do que se di neste informe.

Falaba o señor Trenor da zonificación. Mire, no decreto anterior había 5 zonas. O Partido Popular reduce as zonas a 3 e aínda por riba converte a de maior protección en minoritaria, incluso nas zonas de maior conservación: Ancares-Courel, que é o 15,6 %; complexo Ons-O Grove, o 21,6 %; Costa da Morte, o 40 %; e O Pindo, o 15,2 %.

E ademais incumpre a medida de ampliación recomendada pola Unión Europea de 2011, que dicía que había que ampliar a superficie de Rede Natura en Galicia, que é unha das máis baixas do Estado e de Europa. Vostedes esquecéronse diso. Vostedes tamén fixeron este decreto do Plan director de Rede Natura en relación coa lei que se estaba redactando, xa en vigor, Lei do solo; polo tanto, reducen a protección, posto que nesa Lei do solo pasan a ser só solo rústico de protección ambiental aquelas zonas que estean dentro de Rede Natura, esquecéndose dos corredores ecolóxicos, que antes si que estaban protexidos. Polo tanto, degrada, desprotexe e desvaloriza a Rede Natura, non hai outra, pola cuestión da redución da zonificación das zonas de maior conservación, pero tamén pola regulación de usos e actividades, que é contraria aos valores de preservación da Rede Natura que se conteñen nas disposicións europeas.

Primeiro, o Plan director de Rede Natura non prevalece ante os plans e proxectos sectoriais, e pode ser excepcionado por razóns imperiosas de interese público de primeira orde, sen máis matices. É dicir, dá lugar a que poida haber unha arbitrariedade niso de que as razóns imperiosas de interese público poden coller calquera cousa. Antes non era así, no decreto anterior.

É máis, o Plan director de Rede Natura prevé que, aínda no suposto de avaliación ambiental negativa, se poderán utilizar usos e actividades por razóns imperiosas de interese público de primeira orde, incluídas razóns de índole social ou económica, o cal supón unha auténtica coladeira xeneralizada en contra dos valores ambientais a protexer e conservar. Prevalece o interese económico sobre o ambiental.

En segundo lugar, o Plan director prevé a continuidade de explotacións mineiras e extractivas existentes, mesmo das ilegais, ¡mesmo das ilegais!

Tamén se considera autorizabile a nivel xeral a actividade da acuicultura en toda a Rede Natura; tamén na zona 1, as EDAR e as instalacións de tratamento de residuos; en terceiro lugar, na Rede Natura, aínda que se declara a nivel xeral como de exclusión para actividades mi-

neiras a ceo aberto, ampárase a ampliación das existentes, condicionada unicamente a unha axeitada valoración das súas repercusións ambientais. O mesmo que respecto da repotenciación dos parques eólicos, aproveitamentos hidráulicos, etc. En quinto lugar, a repoboación e plantación de especies alóctonas como o eucalipto unicamente se limita a zonas de humidade continentais, matogueiras e bosques, e só cando poida xerar unha afección significativa; o cal é un réxime de permisividade evidente e posibilita a reclasificación e a urbanización en espazos de Rede Natura, etc. É o Plan director –ou destrutor, máis ben– da Rede Natura,

E, por último, presentouse ese documento, señor Trenor, sen memoria económica, sen un plan económico. É evidente que non está dentro das prioridades a protección e posta en valor destes espazos polo Partido Popular.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Deputados e deputadas, en Galiza moitos espazos incluídos na Rede Natura presentan hoxe un nivel de degradación significativamente superior ao que tiñan antes da súa inclusión. Esa é a consecuencia de facer plans que fican confinados ao DOG sen acompañalos de accións que realmente os desenvolvan.

O Grupo Mixto alude nesta proposición ao informe de World Wildlife Fund sobre o grao de desenvolvemento dos plans de xestión da Rede Natura 2000 en cada comunidade autónoma.... Se quere, señor..., a antiga Adena, a antiga Asociación para a Defensa da Natureza, a ver se nos entendemos; a antiga WWF Adena, ¿vale?... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Pois dicía que, segundo o informe da antiga Adena sobre o grao de desenvolvemento dos plans de xestión da Rede Natura 2000 de cada comunidade autónoma, lle outorga a Galiza a valoración máis negativa. WWF afirma que o plan director resulta completamente insuficiente para a correcta xestión da Rede Natura 2000 en Galiza; e que, en caso de manterse en vigor, se requirirían plans específicos para cada un dos espazos. “Polo tanto” –cito textualmente–, “non poden darse por legais as declaracións de zona de especial conservación realizadas a través deste plan director. Polo tanto, a antiga Adena súmase ao rexeitamento unánime que suscitou nas organizacións ecoloxistas galegas o plan director; un plan que vulnera ata seis directivas comunitarias. Así, Adegas denunciou que o plan director deixa a porta aberta para a especulación económica e a destrución do territorio, mesmo nestes espazos de especial protección. Fai regra do que debería ser unha excepción: considera como permitido o que deba ser autorizábel e como autorizábel o que deba estar prohibido, co obxecto de baleirar de contido as proteccións ambientais, puentear as directivas de hábitats e arrogarse a potestade de autorizar discrecionadamente calquera cousa.

Miren, señores do Partido Popular, Galiza é a comunidade autónoma cunha menor superficie integrada na Rede Natura. A superficie integrada na Rede Natura representa preto do 30 % do territorio peninsular; en todas as comunidades autónomas supera o 20%, en Galiza non chega ao 15 %. E o plan director non só non amplía a superficie a protexer senón que rebaixa significativamente o nivel de protección. Así, modifica a delimitación dos distintos niveis de protección, recortando as zonas só a 3, prescinde da zona de reserva para os territorios con maiores necesidades de conservación e fusiona as zonas de uso restrinxido coas de uso moderado recollidas na proposta de Plan director do 2008, denominando esta área como área de conservación. A consecuencia é que a área de conservación só abrangue o 26,4 % do territorio da Rede Natura, fronte ao 67,6 % que representaban as zonas de uso restrinxido e uso moderado na proposta de 2008. Redúcese na práctica a máis da metade a superficie que goza dunha protección especial. No resto das áreas pouco menos que se instaura a barra libre. Contémplase a autorización a discreción de actividades non tradicionais, e nin sequera fican excluídos minas, encoros e parques eólicos, ao permitirse unha ampliación a través de actualizacións de licenzas. Minas, canteiras ou parques eólicos existentes en zonas de Rede Natura poderán estender a súa superficie e, como manifestou na intervención anterior o señor Antón Sánchez, mesmo poderán legalizarse os que neste momento non contan con autorización.

Tamén se permitirán en toda a Rede Natura as instalacións de produción acuícola. A maiores, o plan permite o cambio de clasificación do solo rústico protexido en solo urbanizable. En definitiva, trátase dun plan concibido ou duns fins diametralmente contrarios aos que deberían de ser a súa razón de ser. Baleira de contido as súas políticas de protección para abrir a porta a un modelo de destrución ambiental e de espolio dos nosos recursos naturais.

Por todas estas razóns, votaremos, como non podería ser doutro xeito, a favor da proposición non de lei presentada polo Grupo Mixto.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Jorquera.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidenta.

Bo día para os que aínda non comeron e boa tarde para os que si.

É moi triste que esta iniciativa que afecta o noso territorio non lles interese a demasiados deputados, e o Grupo Parlamentario Socialista vai votar a favor.

Hai tempo que en varias ocasións nesta Cámara lle pedimos ao partido que está no Goberno que votase ao favor dun novo plan director, e despois de moitos anos o Goberno sacou un novo plan director que é o Plan director que reflexa a política que ten o Partido Popular en materia de protección do medio ambiente e, en concreto, en materia de protección da Rede Natura no noso país. Nós non estamos a favor deste plan director do Goberno do Partido Po-

pular, e temos cinco motivos esenciais que, como dicía antes o portavoz de AGE e tamén o portavoz do BNG, se reflexaron nas distintas alegacións que os grupos ecoloxistas foron facendo precisamente a este plan director.

O primeiro motivo é o retraso na súa aprobación. Incumpriu o prazo imposto pola Unión Europea para a aprobación de plans de xestión da rexión bioxeográfica atlántica. O prazo rematará en decembro de 2010. O plan director ten escasamente un ano, e ese retraso lévanos a pensar o que antes dicía, e é que houbo unha obriga derivada das eleccións europeas, e precisamente por iso o Partido Popular decidiu aprobalo, e foi un lavado de cara precisamente fronte a estas eleccións europeas e fronte á propia Unión Europea. Amosa este retraso a falta de interese que ten o Goberno pola Rede Natura.

O segundo motivo é que, como se dicía antes, este plan director permite actividades contrarias aos obxectivos e á propia finalidade da Rede Natura 2000; por exemplo, autoriza novas actividades extractivas a ceo aberto en áreas que están incluídas no ámbito de aplicación do propio plan que incluso rozan, como antes se dicía, a ilegalidade, ou, por exemplo, autoriza plantas acuícolas en espazos protexidos, e demostra que o Partido Popular parece querer favorecer máis o acaparamento de terras ou incluso recursos ás grandes corporacións, e o exemplo máis claro foron aqueles macroproxectos de Pescanova que todos sabemos como remataron.

O terceiro motivo está no desleixo absoluto por parte do Partido Popular na erradicación das plantas invasoras, das especies invasoras. Só se fomentan por parte do Goberno a través do voluntariado ambiental, non hai un impulso governamental institucional para a súa erradicación, e o exemplo palpable é a cantidade de veces que tivo que vir a esta Cámara a solicitude para erradicar a herba da Pampa do noso territorio, á que, curiosamente, o Partido Popular comezou votando a favor varias veces pero acabou votando en contra desta erradicación. Isto amosa de novo cal é o interese real pola protección do medio ambiente que ten o Goberno do señor Núñez Feijóo.

O cuarto motivo é esta falta de respecto polas especies autóctonas do noso país. O plan di que as superficies forestais arborizadas que, no momento da súa entrada en vigor, estean poboadas por especies forestais non autóctonas poderán seguir sendo explotadas. É dicir, non se impulsa un sector forestal sostible baseado en especies autóctonas, pero si se lle fai, coa calada por resposta, un regalo a Ence, xunto con esa prórroga durante sesenta anos máis concedida por Rajoy e alabada polo presidente da Xunta de Galicia.

E, por último, o quinto e último motivo –que quizais sexa o motivo máis importante–, como antes se dixo tamén e como así se dicía nas alegacións e nas iniciativas presentadas por este grupo parlamentario, é que este plan falla na memoria económica, non hai marco orzamentario; é, polo tanto, só un papel mollado porque non ten unha norma de acompañamento con partidas económicas para fins específicos.

A Rede Natura debería ser no noso país unha oportunidade para o desenvolvemento e para o emprego, pero non é máis que outra oportunidade perdida, que ademais incumpra a Lei de patrimonio natural e biodiversidade do ano 2007.

En definitiva, entendemos que as normas, que calquera tipo de normas que sexan aprobadas nesta Cámara, ou que, como o Plan da Rede Natura, foron aprobadas polo Goberno e que foron criticadas por esta organización non governamental, que é WWF –unha organización allea aos grupos parlamentarios e, polo tanto, allea á actividade política, e iso reflexa obxectivamente que é o que ocorre tamén no noso país–, expresan a vontade política que ten o Partido Popular co Plan da Rede Natura 2000; un reflexo do seu nulo compromiso coa protección do territorio e coa súa incapacidade para facer cumprir as normativas ambientais –tamén esa lei do ano 2007 que citaba antes–, a súa ambigüidade para favorecer actuacións discrecionales, incluso arbitrarias, sobre que facer e onde e a falla de desenvolvemento de actividades sostibles nas zonas protexidas pola Rede Natura, que nos leva precisamente a que este plan director sexa unicamente, ademais de prexudicial para o territorio, papel mollado.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora VILÁN LORENZO: Imos votar a favor, sen dúbida.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Polo Grupo autor da proposición non de lei, señora Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Quero dar as grazas, en primeiro lugar, aos diferentes grupos parlamentarios que apoiaron esta proposición non de lei.

Si dicir que non vou aceptar a emenda que presenta o PP porque, seguindo na súa tónica xeral, non di absolutamente nada. A Xunta presume de ser a raíña e a abandeirada da biodiversidade, os marqueses da ecoloxía, mais o PP leva gobernando en Galiza practicamente toda unha vida e non vemos ningunha intencionalidade de que queira cambiar moito. ¡Menos mal que temos, neste caso, esta organización non governamental como espectador exterior que si que lle pon á Xunta as cores! Parece mentira que o PP, que ten na súa simboloxía, na súa imaxe corporativa, o azul, pois non faga moito caso do que significa o azul.

Con todas estas políticas que leva a cabo, tanto as que falamos do plan director como as de falta dos plans de xestión concretos, ao non ter un orzamento, como xa repetiron os outros grupos, iso non quere dicir nada, papel mollado.

E tamén o máis sorprendente é a permisividade das prácticas destrutivas sen ningún criterio. É unha oportunidade perdida para o pobo galego en xeral, porque desfrutar da nosa riqueza medioambiental creo que é un pilar básico da economía. Xa digo, é unha oportunidade perdida.

E quero dicir que tamén falla moitísimo a educación ambiental e, sobre todo, o coñecemento. A maioría da xente non sabe que zonas temos de protección, moitas veces entéranse polos medios de comunicación, por algunha circunstancia, que se cortan unha árbore, que

se a talan –como aconteceu o outro día en Castroverde, na provincia de Lugo, un carballo centenario–, ou incluso que te enteras por outras circunstancias como por medio da televisión.

E, por último, quero acabar cunha frase: se aquel goberno non é capaz de apreciar a sombra que ofrecen os seus carballos non é ningún goberno.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández.

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de decreto polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Gallego.

O señor GALLEGO LOMBA: Boas tardes, ou bos días. Eu son dos dos bos días, que aínda non comín.

Imos animar un pouco isto porque estamos todos que... Parece unha boa hora para debater, presidente. Por certo, presidente, xa tomei nota e xa envíei o recado que me deu vostede hai un momento.

O señor PRESIDENTE: Falaba dos...

O señor GALLEGO LOMBA: Xa está, xa está...

O señor PRESIDENTE: ...pacientes de Ourense que teñen como referencia o hospital de Vigo, do bonobús. Pois faga o favor, agradézollo moito.

O señor GALLEGO LOMBA: Xa está, non vou debater con vostede. Xa está.

O señor PRESIDENTE: Xa que me contesta...

Agradézolle esa xestión polo ben dos de Ourense. Grazas. Agora vaíamos ao tema.

O señor GALLEGO LOMBA: Vale, xa mandei o recado.

Imos debater unha iniciativa do Partido Socialista de Galicia, que é o proxecto de decreto do 2015 sobre apartamentos turísticos, vivendas turísticas, establecementos e aloxamentos turísticos e vivendas de uso turístico. O Goberno da Xunta de Galicia ten elaborado o proxecto

de decreto para a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na nosa Comunidade Autónoma.

Como é habitual na práctica do Goberno galego, do Partido Popular, na elaboración do mencionado documento unicamente contou cunha parte do sector; quedan fóra sensibilidades sociais esenciais. A maiores, contén medidas abusivas de difícil cumprimento que semellan pretender sen xustificación racional a eliminación da vivenda do mercado de aluguer.

O Grupo Parlamentario Socialista entende necesaria unha ordenación e regulación do alugamento vacacional. Cremos que é importante que se regule, pero sempre feita desde a transparencia. Agora que o señor portavoz do Partido Popular –non vou dicir o nome, para que non sexa por alusión– está con iso dos novos métodos, da nova transparencia, coa renovación do Partido Popular, vemos que seguimos cos hábitos de sempre, cos hábitos de facer as cousas sempre a espaldas da maioría e, sen embargo, favorecendo os amigos, neste caso, un sector en concreto.

O Decreto do 2015 tiña que ter como finalidade regular e potenciar as vivendas turísticas, non eliminalas, como se pretende con este decreto; decreto elaborado polo Consorcio de Hostaleiros. Dixérono eles publicamente, non o digo eu; dixérono eles publicamente, que elaboraron eles o decreto, e sen ter en conta a opinión e as achegas dos donos das diferentes vivendas. Un decreto moi ambiguo, non concreta aspectos moi importantes a ter en conta.

O obxectivo é moi claro –díxeno ao principio e vólvoo repetir agora–: eliminar vivendas para aumentar as estancias nos hoteis. Eu volvo insistir en que o Grupo Parlamentario Socialista quere que se regulen, quere que os propietarios –por suposto, que se dediquen ao alquiler e todo– estean controlados, fagan a súa declaración do que ganan cos alquileres e, sobre todo, iso mesmo, que estean controlados, porque é moi importante, sobre todo para facer un turismo de calidade en Galicia, que é o que pretendemos eu espero que todos.

Os apartamentos turísticos, inmobles integrados en bloques de pisos ou conxuntos de unidades de aloxamento tales como chalés, etc. que estean destinados na súa totalidade como aloxamento turístico sen carácter de residencia permanente, se están en solo rústico, poderán ser vivendas, e o aloxamento continuado non poderá ser superior a tres meses. Eu creo que, de verdade, aí, nese caso, o decreto é moi restritivo. Estou convencido de que entre todos –e, por suposto, os grupos do Parlamento de Galicia– temos que dicirlle neste caso á Asociación de Hostaleiros e á Xunta de Galicia que modifiquen ou que retiren o decreto e que o empecen de novo para traballar e colaborar con todos.

É verdade –para que non mo diga xa a voceira do Partido Popular– que hai decretos na Comunidade Autónoma de Cataluña, de Madrid, de Aragón, de Canarias e de Andalucía. Pero, dentro dos decretos que, por suposto, están nestas comunidades que enumerei eu, é moi importante dicir que en Galicia, concretamente, exiximos a cédula de habitabilidade. É razoable que se pida. O teléfono de atención tamén. Os apartamentos tamén teñen que ter mobles para utilizar, e as follas de reclamación tamén. Eu creo que unha das cousas que hai é prohibir o alquiler por estancias, e a existencia de mantementos –que está ben que se manteña o mantemento e, por suposto, que sexan agradables para a xente que os vai disfrutar–. O da limi-

tación por comunidade de propietarios, eu creo que isto non se debía de contemplar, porque non sei por que a comunidade de propietarios ten que limitar iso. Se unha persoa ten un apartamento e o quere alquilar, ¿que competencias ten a comunidade de propietarios para dicir que non? E calefacción no inverno, por suposto que si. E no do seguro de responsabilidade civil, hoxe en día somos a única comunidade que pomos esa condición. O do seguro de responsabilidade civil, hoxe creo que todos os edificios, todas as casas de alquiler, teñen un seguro, e xa contempla a responsabilidade civil. Non creo que deba de ser obrigatorio porque de verdade que están todos contemplados.

E, dentro disto, creo que hai –como dicía antes– máis de 6.000 vivendas turísticas que eu creo –e o Grupo Socialista cremos– que debemos regular para que todos os propietarios que se dediquen ao alquiler o teñan como unha axuda, para moitas familias. E nós –como dicía ao principio– trouxemos esta iniciativa porque nos reunimos con propietarios na provincia de Pontevedra, en concreto, na Illa de Arousa, en Sanxenxo, en Cambados, en Nigrán, Baiona e en todo o que é a zona de costas, e practicamente todos dicían que eles tamén queren que se contemple e que se regule, pero que se regule e non se restrinxa, e sobre todo que non se pretenda eliminar porque é –como dicía antes– unha axuda moi importante para os que utilizan este método de alquiler como axuda, xa que, por suposto, axuda ao mantemento das vivendas e sobre todo a pasar invernos duros.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Gallego.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Boa tarde, señorías.

Regular a vivenda turística é regular algo que existe, existiu e existirá, igual que a economía colaborativa aplicada ao turismo. Ningún dos dous casos son novidade. A diferenza radica en que ambas prácticas agora están facendo uso da tecnoloxía, e as consumidoras provocaron un cambio no mercado. Dende logo, está clarísimo que é necesario unha regulación lexislativa que contemple esta nova forma de mercado, unha regulación consensuada por todos os axentes implicados e non só polos que ostentan o monopolio ata o de agora.

O xurdimento da economía colaborativa hai poucos anos e a súa aplicación ao turismo debería ser visto como unha gran noticia. Grazas a ela, moitas familias poden alquilar a título individual unha habitación da súa casa, alquilala enteira ou ben alquilar unha segunda propiedade da que dispoñan. Inmersos, tal e como estamos, nunha crise económica de grandísimas proporcións, cunha altísima taxa de paro –sobre todo de paro xuvenil–, é razoable pensar que a dita posibilidade sexa vista como un respiro para moitas familias que sofren ou teñen sufrido directamente os efectos da crise e da precariedade laboral. Grazas ao aloxamento de viaxeiras, puideron estas familias recuperar ingresos perdidos, complementalos e ata converterse en microempresarios; é dicir, xerar ingresos para poder pagar facturas e obter, a ser posible, beneficios.

É razoable tamén pensar –claro, lóxico– que o sector hostaleiro se preocupe por iso. A ningún lle gustaría perder –aínda que sexa unha pequenísima porcentaxe– o monopolio no que estivese comodamente instalado. Por iso se entende a intención do *lobby* hoteleiro de quitar do medio un xeito de economía cidadá que se está vendo fortalecida por un cambio de tendencia no turismo global e no uso das novas tecnoloxías. Sen dúbida, unha xestión pública intelixente debería de ser aquela que superase o argumentario da resistencia ao cambio e investise os seus esforzos nunha xestión estratéxica do turismo; unha xestión que garanta que un maior número de cidadáns poidan beneficiarse del como protagonistas da actividade económica da súa contorna, contorna que pode ser rural ou urbana.

Porque, se ben é verdade, señorías, que o capitalismo se basea en crear vantaxes monopolísticas e conseguir as rendas destes monopolios, tamén o capitalismo se basea en liberalizar sectores monopolizados para dar cabida a novos competidores que incorporen algún tipo de innovación ou mellora. Supoño que nisto estarán de acordo. (*Risos.*) (*Murmurios.*) Ben, síntoo. (*Murmurios.*) Pois deberían estar de acordo na súa ideoloxía capitalista.

O decreto do que fala esta PNL, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos e vivendas de uso turístico, só responde ás demandas do *cluster* do turismo, só a ese sector, e marxina as propietarias das vivendas turísticas pese a que estas propietarias son unha parte vital –sobre todo na zona de Sanxenxo, do Grove e de por aí, desa parte, tamén na costa da Morte– e moi afectada por este decreto; un decreto que as somete a unhas condicións que case ningunha pode cumprir e a unhas condicións que supoñen unha serie de trabas que fan imposible que esta xente regularice a súa forma de vida.

O exceso de requisitos imposibles de cumprir por parte destes afectados ¿que dá como resultado? ¿Cal é o resultado? Regulacións inútiles, efectivas só para uns poucos e que prexudican a economía cidadá en beneficio dos monopolios.

Non teño nada máis que dicir. Que quede claro que esta deputada vai apoiar a iniciativa.

Grazas.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Boa tarde de novo.

O certo é que o Goberno galego leva dende o mes de abril do ano 2015 a voltas con este proxecto de decreto polo que se pretende ordenar os apartamentos turísticos, as vivendas turísticas e as vivendas de uso turístico e vacacional. En primeiro lugar, quixera aclarar que as dúas primeiras categorías ás que alude este proxecto xa están contempladas na normativa; polo tanto, non se incorporan demasiadas novidades a este respecto. Si é unha novidade importante e, dende o noso punto de vista, interesante que se inclúa unha nova modalidade,

como son as vivendas de uso turístico, unha modalidade, unha categoría, que é preciso ordenar. Nós coincidimos na intencionalidade do proxecto de decreto porque é preciso abordar unha realidade, como é o alugueiro de vivendas para uso turístico dende o punto de vista fiscal, dende o punto de vista da seguridade, dende o punto de vista da calidade deste servizo e dende o punto de vista da competitividade, da competencia, pero tamén da igualdade de dereitos, que é fundamental.

É certo que estamos nun contexto no que se está a incrementar a tendencia de novas modalidades de economía colaborativa en materia turística. E isto relaciónase directamente con sistemas de intercambio de vivendas vacacionais, con novas figuras de aloxamento e –¿por que non dicilo?– coa capacidade que ten a sociedade de autoorganizarse para buscar solucións que melloren as súas economías familiares nun contexto de crise tan agudo como o que vivimos. E aí temos, por exemplo, o caso de Airbnb, onde a xente, a través das redes sociais, se organiza para intercambiar a súa vivenda durante os períodos vacacionais.

Creemos que estas iniciativas non deben ser cercenadas, non deben ser bloqueadas, non deben ser impedidas. E por iso nós entendemos que a ordenación do sector turístico nesta materia non debe ser restritiva pero si debe ordenar e garantir dereitos, igualdade de dereitos. Por iso entendemos este proxecto de decreto no seu espírito, pero nós creemos que para abordar esta realidade se deben ter en conta todos os sectores e non unicamente un, que creo, considero –e é fácil de entender, lendo o propio decreto–, parece, que foi o que ocorreu.

É un proxecto que adolece, dende o noso punto de vista, que carece, de seguridade xurídica, que non ten en conta as aportacións de todos os axentes, que é difuso, que é confuso e mesmo mellorable dende o punto de vista da técnica xurídica e normativa.

Dende o noso punto de vista hai que advertir dunha cuestión. Nós concordamos con esta iniciativa pero, dende logo, a retirada do decreto non debe pasar por un novo proxecto que empeore o que contén o actual, porque nós recoñecemos que en materia de vivendas para uso turístico o proxecto non é restritivo en sentido estrito. Pode mellorarse, poden escoitarse os axentes, pero non debera, polo tanto, empeorarse, que moito temo que iso tamén podería ocorrer.

Polo tanto, nós defendemos unha visión do sector turístico plural, diversificado, equitativo e non sometido aos intereses dos *lobbies* ou dos *clusters* turísticos, que en moitos casos pretenden exercer un monopolio na oferta, evidentemente, de residencias vacacionais, e nós por aí non pasamos. Como digo, hai amplas zonas do noso país onde familias a título individual teñen como único mecanismo para ter algúns ingresos no período vacacional –que é no período onde máis ingresos poden ter– ofrecer residencias en réxime de aluguer. Isto nada ten que ver con explotacións turísticas empresarializadas, como é o caso dos apartamentos turísticos. E quero aclarar esta diferenza porque nada ten que ver unha modalidade coa outra, e o proxecto isto si o deixa claro.

Polo tanto, a eiva fundamental desta proposta é a falla de diálogo e, dende logo, o carácter ambiguo e a visión nesgada que ofrece desta realidade. Nós, polo tanto, imos apoiar esta iniciativa do Grupo Socialista. Creemos que o que se pide é razoable. Retírese o proxecto, que

aínda está nesa fase. Iníciase o proceso desde abaixo, en contacto con todos os sectores, e a partir de aí construíamos xuntos un marco normativo que dea estabilidade, seguridade xurídica e sexa garantista para todas as partes.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vázquez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señor Pombo.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Moi boa tarde, señoras e señores deputados.

O Grupo Parlamentar do BNG, señor Gallego, coincide co expresado nesta proposición non de lei, coa necesidade de ordenación e regulación do alugamento vacacional, feita, desde logo, con transparencia, cunha ordenación clara, por suposto coa participación de todos os sectores afectados, e coa finalidade de potenciar o turismo sustentable na Galiza como elemento de dinamización económica.

Desde logo, o BNG comparte a importancia do turismo – neste caso do alugamento de apartamentos e vivendas de uso turístico – no crecemento económico dunha boa parte dos concellos galegos dos que vostede fala na súa exposición de motivos. Ben sexa en Sanxenxo, Baiona, Cedeira, Foz e moitos concellos costeiros, efectivamente, o alugamento, o turismo, é moi importante para eles, e dentro do turismo – xa digo –, os apartamentos e vivendas de uso turístico. É importante no seu crecemento económico, tamén como factor de reequilibrio territorial e de cohesión social, e mesmo como instrumento vertebrador do territorio.

O Grupo Parlamentar do BNG, desde logo, comparte a importancia de regular a ordenación de apartamentos e vivendas de uso turístico, mais facendo fincapé en que hai que contar coa participación de todo o sector afectado, e por esa razón – xa lle adianto – imos votar a favor desta proposición non de lei.

O Bloque, desde logo, é consciente da importancia de planificar, de ordenar, de promover e fomentar un turismo que ha de ser – na nosa opinión – de calidade, que ha de ser accesíbel e que ha de ser sustentábel, porque ten unha importancia fundamental desde o punto de vista económico en moitísimos concellos galegos. Ademais é importante para a seguridade dos usuarios, tanto dos apartamentos como das vivendas de uso turístico; usuarios que, co tempo, ano a ano van medrando. Tamén para garantir o control da calidade dos servizos turísticos que se ofertan, e, como non, tamén pola importancia que ten a mesma fiscalidade e acreditación destes apartamentos e vivendas de uso turístico.

O BNG xa eramos conscientes disto cando o Grupo Parlamentar do Partido Popular hai uns anos reclamou desde este Parlamento instar a Xunta a tramitar e aprobar, previo consenso do sector – dicía el –, unha regulación para as vivendas de aluguer de tempada de curta duración.

Xa naquela ocasión, na que o Partido Popular facía moito fincapé en que pareceuse que estes apartamentos turísticos eran unha competencia desleal, a nós chamábase a atención que se puxese o foco principal na crise turística, nunha presunta competencia desleal por parte de particulares que ofertan as súas vivendas, e que segundo eles incrementaba a oferta, e máis unha competencia desleal, co resto dos establecementos turísticos. Tamén nos chamaba a atención que despois de cinco anos de Goberno Feijóo isto non se tivera solucionado. Mesmo cando o Goberno do Estado promovera a modificación da Lei de arrendamentos urbanos. A ministra Ana Pastor dicía que se ían mobilizar 700.000 pisos baleiros, o que permitiría reducir os prezos das vivendas, facilitar o acceso a un teito a familias que atravesaban maiores dificultades económicas, e mesmo que tamén permitiría regular ese sector turístico.

A realidade, señoras e señores deputados, é que despois da reforma, despois de tantos anos, as familias sen teito, sen teito están. Introducíronse, iso si, bonificacións fiscais para favorecer os grandes grupos inmobiliarios, pero, de facilitar o desafiuzamento exprés, pasouse ao desafiuzamento fulminante, e a pesar destas modificacións renunciouse a unha política pública de vivenda efectiva, e este sector turístico quedou a día de hoxe aínda sen regular.

Nós, repito, sempre estivemos de acordo na necesidade de ordenación e potenciación do sector turístico na nosa nación, mais non se pode regular sen contar coa totalidade do sector, nin co único obxectivo de, máis unha vez, aumentar a recadación fiscal a conta dos de sempre.

O BNG –e xa remato– entende que o proxecto de decreto de ordenación dos apartamentos e vivendas de uso turístico debería contar, cando menos, coa participación e as propostas de todo o sector, como contaron no País Vasco e noutras outras comunidades, nas que se aceptaron centos de achegas, que é unha maneira de canalizar toda a enerxía do sector para facer unha mellor oferta turística. Desde logo, hai que contar cos promotores, hai que contar cos hostaleiros, creo que hai que contar cos concellos, e mais tamén cos propietarios. Regulación e fiscalidade si, mais contando coa participación de todo o sector.

Por un desenvolvemento do turismo no noso país, sustentábel e de calidade –xa lle digo, e remato–, apoiaremos esta proposición non de lei. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pombo.

Grupo Parlamentario Popular. Señora Romero.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señora Iglesias, con todo o cariño que sabe que lle teño, dicir que en Galicia o sector hoteleiro é un monopolio non é certo. Pero é que non se pode dicir que defendemos o monopolio do sector hoteleiro e, á vez, falar de liberación do mercado; unha cousa ou outra. E, por certo, a economía colaborativa negra é moi pouco colaborativa coa educación, a sanidade, e os servizos sociais.

Todas as súas señorías dixeron aquí que están a favor dunha regulación deste tipo de vivendas de uso turístico, pero non é certo, porque este grupo parlamentario trouxo unha proposición non de lei precisamente para que se regularan estas vivendas a través dun decreto, e ningún de vostedes votou a favor diso. Isto é a consecuencia desa proposición non de lei. Estase a regular un sector que se está incrementando ano a ano, e debido ás novas canles de comercialización vía Internet, xurdiron empresas que ofertan estes aloxamentos en páxinas web que permiten alugueiros de corta duración, incluso de días, pondo á disposición de millóns de propietarios e de consumidores un instrumento sinxelo e de alta eficacia para a venda destas estancias.

Señor Gallego, toda a súa argumentación cae dende o momento que di que pasa cos que alquilan a vivenda máis de tres meses. Estamos regulando vivendas de aluguer de curta duración. Afecta soamente a períodos inferiores a 30 días e dúas veces ao ano. O resto, réxense pola Lei de arrendamentos urbanos.

Segundo [...] 2013-14, o 30 % dos viaxeiros internacionais en España optaron por esta opción. É un mercado en alza, e o 2015 así o reflicte, xa que os números de viaxeiros aloxados nestes establecementos subiu un 37 %. Os socialistas non queren que se regulen. Votaron en contra da nosa proposición non de lei, e agora pretenden que Galicia non avance cunha regulación que permita sacar da situación de alegalidade na que se atopan estas vivendas.

Vivendas das que se están a beneficiar intermediarios dixitais, propietarios de dominios web, que non poden ser controlados pola Administración autonómica por non ter un instrumento adecuado para iso.

Galicia participou –xunto con outras comunidades autónomas– na elaboración dunha bases homoxéneas para ordenar todos dun xeito parecido as vivendas de uso turístico. Efectivamente, as comunidades que nomeou o señor Gallego xa están reguladas. E Galicia leva traballando un ano, señor Vázquez, si, un ano con todo o sector afectado, na elaboración deste decreto. Este decreto foi sometido á información pública para que alegara toda aquela persoa que quixera alegar. Foi remitido ás entidades representativas do sector do alugueiro, foi remitido ás entidades representativas do sector hoteleiro. Foi sometido ao Consello Turístico de Galicia, onde están representadas as corporacións locais, a universidade, o sector turístico, os consumidores e usuarios, dos que vostedes se esquecen cando falan, e os sindicatos.

Proxecto de decreto, do que estamos a falar, que os socialistas e toda a Cámara da oposición solicitan retirar, e incorpora as alegacións de todos estes colectivos que lles acabo de dicir. Polo tanto, estamos a falar dun decreto consensuado.

As exixencias que di o señor Gallego na súa parte expositiva que son de tan difícil cumprimento, señorías, para a xente que queira alquilar a súa vivenda, é inscribirse nun rexistro cubrindo un formulario facilitado por turismo de Galicia; dar un número de teléfono para atender posibles incidencias; ter follas de reclamacións, dar parte á Garda Civil dos viaxeiros, ter un seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos das persoas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*). ¡Caray! ¡Estamos falando dos consumidores! Teremos que protexer tamén os consumidores, ¿non? E para as vivendas que tamén se aluguen en inverno,

terán que ter un sistema de calefacción. O obxecto deste decreto non é outro que ofrecer un marco de seguridade xurídica a este tipo de alquiler, tanto aos particulares, como a todo o sector turístico.

Dende o sector de aluguer de vivendas de turismo, dende o sector hostaleiro, dende as administracións, os consumidores, desde as persoas expertas e vostedes mesmos, demandan unha regulación nesta materia. Demándana hoxe, cando votamos neste Parlamento, non.

Esta nova regulación permitirá un maior control; unha maior calidade na oferta; maior seguridade para o usuario e o consumidor. Evita a competencia desleal e acada tributación pola propia actividade económica. Dá amparo legal a aquelas empresas e particulares que desexen comercializar o seu aloxamento turístico, e vén aclarar definitivamente os diferentes modelos de negocio. Polo tanto, este decreto permítenos contar cun marco legal e unha oferta de aloxamento que existe e que vai seguir existindo no mercado, porque hoxe esta é unha situación alegal.

E remato dicindo que por suposto imos rexeitar esta proposición non de lei. Este decreto vai ser un plus para o sector, tamén para o turista e para o propietario. Para o turista e, sobre todo, para este usuario que suele ser o turista máis humilde, porque é a opción máis barata para hospedarse, que quedará protexido; e para o propietario, porque o protexe ante posibles problemas con clientes, e non terá que acudir á Lei de arrendamentos urbanos, que non representa en realidade esta actividade.

Trátase dunha normativa que acada o equilibrio entre propietarios, hoteleiros, clientes e usuarios. Como dixó o presidente esta mañá...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: ...Galicia seguirá avanzando con vostedes ou sen vostedes.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Romero.

Grupo autor da proposición non de lei. Señor Gallego.

Déanlle voz ao escano do señor Gallego.

O señor GALLEGO LOMBA: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, agradecerlle ao grupos Mixto, AGE e BNG o apoio á iniciativa.

Señora Romero, non terxiverse. Cando vostede trouxo a iniciativa, nós propuxémoslle o mesmo que estamos propondo hoxe, que fora consensuada por todos. E incluíamos os grupos parlamentarios tamén. Que entre todos participamos no que é o decreto, a partir do decreto, e na elaboración despois de alegacións. Nós iso xa llo dixemos no seu momento. Por

iso hoxe o traio aquí outra vez, porque iso é o mesmo que lle dixemos a vostede nese momento. E vostede dixo que non. Entón, volvo repetir que do talante que nos vendía tanto estes días, non hai talante ningún. Están en que vostedes fan os decretos para favorecer a unha parte – neste caso interesada –, e deixan fóra máis de 6.000 persoas que intentan que as casas de aluguer sexan reais.

Mire, voulle dicir unha cousa. Nós, unha vez máis, queremos que se regule. O Grupo Parlamentario Socialista quere que se regule. Pero quere que se regule coa participación de todos, non dunha parte soa. Non participaron, ¡é mentira! Eu lle dixen antes que recorrín a provincia de Pontevedra, e síntoo porque non fun nin á parte de Lugo nin da Coruña, pero en Pontevedra si, estiveren reunido – xa llo dixen antes – en Baiona, en Nigrán, en Sanxenxo, con xente que di que ninguén os chamou, ninguén. Ninguén os chamou para participar na elaboración a eles, cando eles teñen algo que dicir. Fan un decreto para unha parte soa, fan un decreto para unha parte. Para beneficiar a uns e non para beneficiar a todos. Entón, eu creo que de verdade é o que pedimos.

E pedimos simplemente iso. O actual é facer unha elaboración coa participación de todos. Así de fácil. Pero ¿que lle custa? Eu estou convencido, e dígoo aquí, que antes das eleccións non van aprobalo. E levan sete anos para facelo, ¡sete!, e non o fixeron. Empezaron o ano pasado e levan ano e medio dándolle voltas sen chamar a nadie, sen participar con nadie de ningunha das partes interesadas, están dándolle voltas. Eu estou convencido de que antes das eleccións autonómicas lles vai custar sacalo adiante, e estou convencido de que non o van sacar.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Gallego.

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Ramón Vázquez Díaz e cinco deputados/as máis, sobre a aplicación polo Goberno galego, para o curso 2016-2017, dunha tarifa de matrícula reducida a todos os estudantes universitarios sen dereito á docencia procedentes das antigas licenciaturas e dos novos graos establecidos polo Espazo Europeo de Educación Superior

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Concepción Burgo López, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir un novo parágrafo á parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

“As universidades serán compensadas pola Xunta de Galicia do descenso de ingresos que esta medida poida ocasionarlles.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Falamos hoxe dun tema realmente importante, un tema que preocupa a moitas familias galegas, e, sobre todo, a unha parte moi importante do estudantado universitario galego. O certo é que o Goberno galego, o Goberno do señor Feijóo, leva anos, leva boa parte da súa lexislatura, publicitando de xeito reiterado a conxelación das taxas universitarias. De feito, non hai sesión de control na que o propio presidente insista neste feito. Hoxe mesmo o recordou.

Nós celebramos, evidentemente, que non suban as taxas universitarias, pero este slogan –o slogan da conxelación das taxas universitarias–, precisa de certos matices, precisa de certos matices en base ao rigor e á honestidade que debe caracterizar calquera acción de goberno. Digo matices porque se conxelan as taxas no país que ten os terceiros salarios máis baixos de todo o Estado; 2.751 euros menos que a media de todo o Estado anual en Galicia. Polo tanto, en termos relativos non é certo, está moi lonxe de ser certo, que temos as matrículas máis baixas de todo o Estado.

Por outro lado, a conxelación das taxas universitarias repercútese directamente nos orzamentos das universidades, que ademais, nun período de serios e rigorosos recortes, supón novamente unha asfixia para a suficiencia orzamentaria que supoñemos e entendemos que pretende garantir o Goberno galego.

¿Cales son as consecuencias deste marco? Pois que cada ano hai moitos estudantes, moitas estudantes, que non poden facer fronte ao custo da súa matrícula, e así o recoñecen as universidades, en base aos requirimentos por impago que teñen que emitir todos os cursos académicos, que pasan de ser centenaes, nalgún caso son miles.

Polo tanto, son necesarios mecanismos que impliquen equidade e tamén xustiza retributiva no importe das matrículas. Tanto é así, que o propio decreto de prezos universitarios publicado polo Goberno galego curso tras curso, tamén no borrador deste ano, se recoñece a necesidade de incorporar estes criterios de equidade e de xustiza retributiva no referido ás materias que non teñen dereito á docencia procedentes das titulacións antigas, anteriores ao Espazo Europeo de Educación Superior, nomeadamente licenciaturas e diplomaturas.

E temos que recordar unha cuestión. O prezo da matrícula universitaria, o prezo da taxa que pagan os alumnos, en teoría se corresponde co prezo que ten esta titulación ou esta materia. O propio Goberno no seu decreto di que o custo estimado da matrícula se corresponde entre o 15 % e o 25 % co prezo real da matrícula. Ten que ver, polo tanto, o prezo da matrícula co número de créditos que ten esta materia, coas horas de docencia, co grao de experimentalidade, é dicir, coas prácticas que incorpora, coas prácticas de laboratorio, e isto determina a diferenza de prezo na matrícula das diferentes titulacións universitarias. Así, temos matrículas nas asignaturas que son experimentais, que van dos 83 aos 125 euros, mentres que as non experimentais van dos 59 aos 88. Non ten o mesmo custo, por exemplo, unha materia dunha titulación de filosofía que a dunha enxeñería.

Polo tanto, se existen estas variables de proporcionalidade, deben de entenderse con rigor e aplicarse en todo caso. Por este motivo –dicía antes–, o propio decreto reconece en parte a casuística aplicando un prezo reducido de 20 euros ás asignaturas en materia á docencia, pero como digo só no caso das titulacións anteriores ao Espazo Europeo de Educación Superior, as antigas diplomaturas e licenciaturas. Mais o decreto non contempla, ignora, queremos pensar que non deliberadamente, o caso das materias sen dereito á docencia das titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior. E non é isto porque non aconteza en diferentes casos. Hai casos de materias nas que, por cambios organizativos nas diferentes titulacións, desaparece, polo tanto, o seu dereito á docencia, e deberan de ter, polo tanto, un prezo diferente en relación á xustiza e á equidade retributiva.

Temos o caso de materias que desaparecen tamén porque nesa titulación a materia deixa de impartirse. Pero temos un risco maior co novo Real decreto 3+2, o coñecido como Decreto 3+2. Pode haber titulacións que pasen de ter catro anos de duración a tres cursos de duración, e implica a desaparición dun número importante de materias. Neste caso, desaparecerá tamén o dereito á docencia nas mesmas, e, polo tanto, debería aplicarse o desconto correspondente, como xa se fai nas antigas diplomaturas e licenciaturas.

Estamos a falar dun número importante. Só no caso da Universidade de Vigo, hai un número superior a 1.000 estudantes que cursan titulacións nas que o dereito á docencia é previsible que desapareza. En toda Galicia, o número sería moi superior.

Polo tanto, nós cremos que a medida que propomos é razoada, está fácil de asumir. Non estamos a falar tampouco dunha partida orzamentaria demasiado elevada, e menos nese escenario de recuperación, no que se pretende situar ao Goberno galego, e, polo tanto, o que nós solicitamos é aplicar medidas de reequilibrio, de equidade e de proporcionalidade no prezo das matrículas. Simplemente non estamos a falar de nada realmente revolucionario. Nun momento, ademais, en que a economía das familias, evidentemente, pese a ese relato da recuperación, non é dende logo tan boiante como moitas veces se pretende dicir. Hai moitas familias que teñen serias dificultades para poder pagar os estudos universitarios dos seus fillos. Non só as taxas, senón o transporte, o aluguer, a manutención, todo o que ten que ver co transporte, etc.

Polo tanto, con medidas deste tipo, ¿que podemos conseguir? Pois colaborar a que aqueles alumnos que desexan rematar as súas titulacións universitarias o poidan facer sen socavar o marco e o modelo normativo que ten este goberno. Nós entendemos, nós defendemos, defendemos sempre, un sistema universitario universal, no que ningún tipo de carencia económica sexa, evidentemente, un obstáculo para que ningún galego, ningunha galega, poida estudar unha carreira universitaria. Entendemos que moitas das trabas que se están a poñer para que estes alumnos poidan acceder a un título universitario; teñen moitísimo que ver co modelo de devaluación informativa, no que evidentemente se pretende redirixir os rapaces e as rapazas galegas cara a titulacións medias, formación profesional fundamentalmente, dentro dun mercado laboral globalizado, no que o que se demanda do noso país, o que se demanda de Galicia, é man de obra para traballo precario, fundamentalmente en centro Europa.

Pero ben, máis aló diso, insisto, nós o que defendemos é superar este modelo, escapar en todo o que sexa posible para este goberno deste enfoque elitista, e introducir mecanismos de proporcionalidade, de equidade e de xustiza no que ten que ver co custe da matrícula.

Evidentemente, unha vez que se asuma este presuposto, que entendemos que é básico, que esta medida non repercuta nos orzamentos da universidade. De pouco serviría que se aplicara esta medida e se reducira o prezo das matrículas dos estudantes sen dereito a docencia das novas titulacións, se iso vai implicar un novo recorte das universidades. Nós, dende logo, por iso non apostamos. Dende logo, agardamos que o goberno aprobe esta medida en base ao apoio do grupo maioritario, e, dende logo, será unha medida que aplaudirán os estudantes de toda Galiza.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Vázquez.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Burgo López.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi boas tardes, señorías.

Nós, dende logo, imos apoiar esta proposición non de lei. Fundamentalmente, ademais, porque nós tamén presentamos e rexistramos iniciativas a este respecto, porque é unha medida absolutamente xusta. Creo que é difícil levar a contraria, atacar esta resolución. É xusta e equitativa, explicouno perfectamente o señor voceiro de AGE. Estamos a pedir simplemente que o prezo das materias sen dereito á docencia sexa igual para as antigas licenciaturas, para as titulacións a extinguir, e para os novos graos.

É certo que seguramente ninguén esperaba que tan preto, tan pouco tempo despois das novas titulacións, tiveramos xa materias a extinguir, materias sen dereito á docencia. Pero é así. Levaríanos moito tempo explicar por que, pero simplemente quero dicir que a isto non é allea totalmente a Xunta de Galicia, e a súa obsesión porque as titulacións teñan un número elevado de alumnos, sexa razoable ou non, e que as titulacións, segundo a Xunta, se acerquen ao mercado. Pero por unha razón ou por outra o caso é que hai materias de graos que se están cobrando a prezo normal e non teñen dereito á docencia, tan só dereito a exame.

Teño que dicir que o claustro da Universidade de Vigo aprobou unha proposición deste estilo. O Reitorado está de acordo con esta medida. O Consello Social está de acordo con esta medida –os alumnos por suposto– que afecta a moitos alumnos, como dicía o señor voceiro, a mil alumnos tan só da universidade de Vigo; e, polo tanto, parece tan lóxica porque a outra situación é inxusta e é discriminatoria, e non entenderíamos que o Partido Popular e a consellería se puxeran en contra.

Máxime neste momento en que quero recordar ás súas señorías que o sistema de becas está recibindo uns ataques brutais por parte do Goberno de Rajoy; máxime nestes momentos en

que quero lembrar ás súas señorías que en Galicia un 8 % de alumnos perderon a súa beca, que hai agora mesmo un 8 % menos de alumnos becados, bolseiros, que no ano 2011. Cando o montante das bolsas en Galicia descendeu un 24 %, ¡un 24 %!, preto de 900 euros como media por alumno bolseiro. Cando isto está a pasar, comprenderán que é aínda moito máis necesario ter medidas de xustiza, de equidade, como a que aquí se pretende.

E tan só unhas percepcións máis. Por certo, é a primeira vez en moitas décadas, moitas décadas, que hai alumnos que teñen que abandonar a universidade por falta de medios. Eu, que levo na universidade seguramente máis anos xa dos que querría por idade, non recordo que isto pasara en ningún momento, e agora si están abandonando. Polo tanto, cando ademais as bolsas da consellería tamén está en retroceso, é máis necesario que nunca.

Simplemente quería unha precisión máis. Estou totalmente de acordo co señor Vázquez cando dixo un slogan xa moi coñecido do Partido Popular, que temos as matrículas máis baixas de todo o Sistema Universitario Español. Eu soamente quero precisar que nas segundas matrículas e que en moitos casos estamos a falar delas, temos unha das matrículas máis caras, é dicir, que a diferenza entre primeira matrícula e segunda matrícula é en Galicia moito máis elevada que en Cataluña e que noutras comunidades; que os masters son dos máis caros que temos neste país. E tampouco me estraña moito, porque creo que o presidente non entende moi ben todo isto da conxelación das taxas, porque dixo esta mañá aínda que as familias aforraban 100 millóns ao ano pola conxelación de taxas. Señorías do Partido Popular, fundamentalmente, simplemente quero facer algún número. A Universidade da Coruña recibe menos de 14 millóns ao ano por taxas universitarias, polo tanto, ¡entre as tres aforrar 100 millóns...! É dicir, que nin sequera saben vostedes nin que prezos están a aplicar. Dende logo, o señor presidente non. Espero que o señor conselleiro o saiba un pouco mellor.

Polo tanto, queremos dicir simplemente que temos unha emenda que espero que sexa aceptada. Se non o é, non hai ningún problema, imos votar a favor. Simplemente esta é unha medida que non vai repercutir excesivamente, non ten un montante excesivamente alto, pero a universidade non pode darse o luxo xa de perder máis diñeiro. Polo tanto, que quede constancia de que o que perdan de ingreso as universidades debe ser compensado pola Xunta de Galicia. Pero insisto...,

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora BURGO LÓPEZ: ...se non é aceptada polo voceiro da AGE, imos votar a favor de todas maneiras.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Burgo.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra a señora Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Dende o Grupo Mixto, como non podería ser doutra maneira, tamén imos votar a favor sobre a aplicación dunha tarifa na matrícula para reducir o prezo aos estudantes universitarios sen dereito á docencia, sexa nas antigas licenciaturas ou nos graos a extinguir.

E seguimos con esta campaña de comunicación que repiten continuamente, coa conxelación de taxas dende hai cinco anos, con medidas que van beneficiar aproximadamente a 60.000 alumnas e alumnos de estudos superiores, e tamén din que son as máis baratas de todo Estado. Sempre falan en clave de aforro. Dan sempre unha cantidade precisa. Mais parece que ao presidente se lle esquece que Galiza ten un dos niveis de vida máis baixos do Estado, concretamente un 12 %, segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística que veñen de ser publicados recentemente, nesta semana.

Tamén presume do feito de que ningún estudante galego ou galega vai quedar fóra por motivos económicos, entendendo que a universidade é un dos sistemas máis importantes para fomentar a igualdade de oportunidades e tamén para favorecer o desenvolvemento dun territorio.

E seguen cos titulares publicitarios, do que vale non cumprir co famoso déficit, o déficit da irresponsabilidade, a custa de empeorar as condicións de vida das persoas. E véndesenos e reitérasenos que van apoiar os estudantes universitarios, mais non se lle ve esta deferencia porque non incluímos a todo o estudantado. Debemos facilitar a todas as persoas universitarias que se atopan nesta situación, que é practicamente case como un limbo, rematar nunhas condicións óptimas e que teñan a mesma igualdade de oportunidades que os demais.

Un dos graves problemas das taxas universitarias, sobre todo aquí, é cando o prezo se incrementa a partir de cando volve estudar a asignatura. E referente ás licenciaturas e aos graos a extinguir, a Xunta segue negándose a rebaixar estes prezos, xa que non imparte docencia e a matrícula só dá dereito a un exame, tal e como reclaman os estudantes e a propia universidade. Mais toda a clase, dentro do propio claustro, si o aproba por unanimidade.

O borrador do decreto público de prezos oficiais para o vindeiro curso que o Goberno remitiu ao Consello non contempla reducir estas prazas a 20 euros, tal e como se demanda. A mesma cantidade que o regulamento establece para as materias de licenciaturas a extinguir. Parece ser que a Secretaría Xeral lle contestaba á universidade que non se poderían rebaixar sen incumplir o Real decreto de medidas urxentes de racionalización. Esa palabra, racionalización. Mais o texto non di nada respecto das materias sen docencia.

Cómpre que teñamos unha reflexión. Nunca falamos da outra cara da moeda. Como apuntaban os compañeiros dos outros grupos parlamentarios, hai un número importante de impagos por matrícula, unha realidade que non soe aparecer nos medios de comunicación. E estar ao día nos pagos é un requisito para poder realizar e poder desenvolver os estudos universitarios. De feito, dende o ano 2003, foi un punto de inflexión sobre todo polo número de estudantes que se viron afectados polo feito de non aboar as taxas universitarias. E como dicían os compañeiros antes, falamos de centos de miles, sexa na Universidade de Vigo, sexa na Universidade da Coruña ou na de Santiago.

As universidades, que cada vez teñen menor presuposto, nunha sangría de cartos que se vén reducindo paulatinamente e dun xeito drástico desde algúns anos determinados, sobre todo a partir do 2010, teñen que facer fronte incluso a poderlle ofrecer, a este alumnado que ten problemas de impagos, facilitar os propios pagos. As propias universidades tiveron incluso que habilitar axudas por causas imprevistas, con diferentes criterios e importes.

A universidade segue soportando, con cada vez menos cartos, o propio financiamento. Incluso a negación de oportunidades como pode ser a investigación.

E volvo deixar como reflexión que un país non pode saír da crise se non aposta por unha educación universitaria pública, de calidade, accesible para toda a poboación, independentemente do seu nivel económico. Máxime cando somos un país onde creceu maiormente a desigualdade entre as clases sociais.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Fernández.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Pombo Rodríguez.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Moi boa tarde de novo.

Non é a primeira vez, desde logo, que neste Parlamento abordamos iniciativas sobre as matrículas universitarias. Non é a primeira vez que falamos sobre os efectos que causa a chamada crise económica sobre as clases populares traballadoras do noso país; esas clases traballadoras ás que lles resulta imposible moitas veces poder asumir os custos dos estudos universitarios dos seus fillos e fillas. Non é a primeira vez que denunciemos os recortes económicos e orzamentarios aplicados ao Sistema universitario galego dende o Estado e dende a Xunta. Estamos retrotraéndonos a aqueles tempos nos que só os estudantes de familias con economías moi saneadas podían acceder a un título universitario. Voltan, lamentablemente, os tempos nos que a universidade pública non cumpre o papel que debera cumprir como o defensora da inclusión social, da igualdade de oportunidades e como motor do ascenso social, que neste momento, lamentablemente, non é.

Señor Vázquez, o Grupo Parlamentar do BNG, desde logo, vai apoiar esta proposición non de lei porque entendemos que defender o dereito de toda a cidadanía a poder acceder ao Sistema universitario galego é unha cousa que nós sempre apoiamos.

Señoras e señores deputados, todos nós somos coñecedores de que cada ano centos de estudantes universitarios son requiridos por impagos de matrícula universitaria; sabémolo todos. Todos e todas sabemos que moitos e moitas destes estudantes abandonan as súas carreiras por non poderen asumir os gastos da matrícula, do transporte, da estadía e da manutención. Abandonos provocados pola drástica redución dos fondos das bolsas, axudas,

becas, porque son moitos menos e en moito menor cantidade, e tamén pola suba das taxas. A pesar do dito polo señor presidente hoxe, e moitos outros días, de que temos as matrículas máis accesibles do Estado. As primeiras, mais as segundas e as terceiras matrículas moitas veces superan amplamente a maioría dos países europeos. Polo tanto, das primeiras pode o señor presidente seguir falando así, mais das outras non. E dende o 2009, máis de 5.000 estudantes universitarios abandonaron a universidade, e moito ten que ver con estas circunstancias.

Tamén sabemos que o Goberno galego segue enfrascado nesa propaganda de que estamos conxelados e de que todo marcha ben, para encubrir unhas inxustizas manifestas. A primeira inxustiza –repito– é que moitos estudantes universitarios abandonan por non poder asumir os gastos as súas familias; mais tamén hai outra inxustiza, que é a que contempla a proposición non de lei que hoxe defendeu aquí o señor Vázquez. Estudantes universitarios que, sen ter dereito a docencia, se ven obrigados a pagar os mesmos prezos públicos que o resto de estudantes que si teñen docencia teórica, que si teñen prácticas, laboratorio, avaliación continua, titorías etc. Polo tanto, nós entendemos que é unha inxustiza manifesta.

O prezo das taxas xustifícase como unha contribución do estudantado para facer fronte á docencia recibida, ás clases teóricas mais tamén ás prácticas, ao laboratorio, etc. E estamos a falar do estudantado universitario que cursa, entre outros, plans de graos a extinguir e que se ve obrigado –repito– a pagar os mesmos prezos públicos que o resto dos estudantes, cousa que nós entendemos que é unha inxustiza manifesta.

O decreto de prezos públicos contempla no artigo 12 que os dereitos a exame dos plans a extinguir, no caso das materias de plans de estudos con dereito a exame pero nas que non se imparte xa a docencia, pagarase a cantidade de 20 euros. Mais non ocorre o mesmo con estes casos de plans de grao a extinguir.

Por todo o esforzo, o BNG comparte a necesidade de establecer medidas que establezan un prezo xusto para todo o estudantado que non ten dereito a docencia, independentemente de que sexan das antigas licenciaturas ou de graos a extinguir. Polo tanto, imos apoiar esta PNL que pide aplicar unha tarifa reducida a todas e todos os estudantes universitarios sen dereito a docencia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pombo.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Fariñas.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Moitas grazas, señor presidente.

Aludía aquí algún voceiro hoxe aos estragos que causa a crise na economía dalgúns. É certo, de moitos, de demasiados. Pero aínda é maior o estrago que causan os efectos da crise no entendemento ou nas entendedeiras dalgún, que por moito que se lle repitan as cousas, unha vez, outra vez e outra vez, non entenden nada. Seguen aquí espallando as mesmas mentiras,

como se repetindo e repetindo –como o ilustre pensador alemán– foran capaces de convencer a todo o mundo de que teñen vostedes razón. Pero o domingo pasado xa se comprobou que non, que non teñen razón ningunha porque non convencen a ninguén, (*Aplausos.*) absolutamente a ninguén. É máis, cada día convencen a menos xente. Pero sigan por aí, que a nós non nos parece mal.

En calquera caso, entrando en materia, señorías, plan de financiamento universitario, cando queiran falamos. Ningunha comunidade autónoma foi capaz de sacar os dous últimos plans de financiamento universitario por unanimidade dos seus consellos de universidades, nin sequer co consenso do resto do consello. ¡Pero poden buscar unha por aí!

Señor Vázquez, aludía vostede a unha comparativa entre os ingresos e os custos. Acepto. Vaia vostede e mire, a igualdade de ingresos, Comunidade de Castela-A Mancha, Andalucía, Extremadura, Canarias, e agora compáreme vostede. Vaia á táboa do ministerio e busque os prezos de todos os créditos en primeira, segunda e terceira matrícula. Dáme igual que sexa primeira titulación que segunda, dáme igual que a experimentalidade sexa máxima ou sexa mínima, tanto me ten. Sempre o din de boquilla, pero logo saen aquí e nunca din nada, nunca confirman nin contrastan un só dato, simplemente un discurso. Pero nós aquí damos datos. Díxoo o presidente hoxe pola mañá e repíteo cada vez. E non son cinco, señora Fernández, son oito; oito anos seguidos coas mesmas taxas públicas da universidade; oito anos seguidos conxelando os prezos para favorecer que todos os estudantes poidan permanecer no sistema universitario; que non sexa unha cuestión de ingresos ou de recursos económicos unha barreira para que poidan seguir estudando nas universidades galegas, cousa que si sucede noutras universidades.

Señora Burgo, pasou sempre, pasou sempre. Cando votedes tamén, e antes, e en todas as comunidades autónomas. Sempre houbo requirimentos por impago, sempre houbo xente que non puido pagar as matrículas, ¡sempre! ¿Que pasa? Que non contaban coa solidariedade e o compromiso das súas comunidades autónomas como aquí, nin do Goberno do Estado. Pareceralles pouco, pero ¿que lles parecerá entón o que tiñan vostedes? Porque temos 260 millóns de euros. Pareceralles pouco, pero ¿que lles parecerá entón o que tiñan vostedes? Porque temos 260 millóns de euros máis nos orzamentos do Estado –que son os documentos válidos–, 1.476 millóns de euros.

Aínda encima, os que non cumpren os criterios do ministerio para acceder a esas becas do sistema universitario ou do sistema educativo superior –chámelle como queira– teñen unhas bolsas complementarias da Xunta de Galicia. E tamén hai as axudas en bolsas para os que, por circunstancias sobrevidas, no medio do curso teñen dificultades para poder pagar. Sábeo vostede como o sei eu, pero non lles interesa dicilo; ¡a min tanto me ten!

En calquera caso, e aínda que non lles guste, hai que dicilo unha vez máis: estamos na comunidade autónoma cos prezos de crédito, de matrícula e de graos do Espazo Europeo de Educación Superior máis baratos do Estado español. (*Aplausos.*) E pódese dicir en voz alta e clara. (*Aplausos.*) Vostedes pode que non o valoren, pero nós observamos que a xente, os estudantes, as familias, si o valoran. Non son vostedes os únicos que falan, nós tamén falamos, pero ás veces tamén escoitamos, e o que din, para nada cadra co que están dicindo vostedes aquí.

Por falar –que xa queda pouco tempo– dun tema menor para vostedes, aproveitaron outra vez o tema para facer causa xeral contra todo o Sistema universitario galego, e veñen falar aquí sen respectar para nada a autonomía das universidades. Iso non é de boquilla –xa é a décima ou undécima vez que o digo–, non é de boquilla, hai que facelo realmente, respectar a autonomía das universidades galegas. Isto non obedece máis que a unha decisión interna, facendo uso das súas competencias, e a unha decisión administrativa que toma unha universidade, a Universidade de Vigo. Non ría, señora Burgo. *(A señora Burgo López pronuncia palabras que non se perciben.)* Dígame cantos casos hai na Universidade da Coruña ou na Universidade de Santiago. ¡Cero! *(Murmurios.)* Hai casos na Universidade de Vigo, e nós respectámolo. A Xunta, en calquera caso, non debe nin pode inmiscirse en cuestións de competencia exclusiva da Universidade de Vigo. Tomaron as súas decisións e nós respectámolas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Vostedes queren ampliar unha medida que se tomou exclusivamente para a fase transitoria do decreto ao que fan vostedes alusión, señor Vázquez, na súa iniciativa –que o sabe perfectamente–, para aquelas licenciaturas que son obxecto de reforma a través da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior –iso sábeo vostede–. Queren estendelo ao resto. E nós cremos que iso nin é solidario nin é equitativo nin é xusto. E con equidade, solidariedade e xustiza...

O señor PRESIDENTE: Remate. Remate, por favor.

O señor FARIÑAS SOBRINO: ...este grupo parlamentario seguirá exixíndolle á Xunta, goberne quen governe, que sexa un sistema no que ninguén non estude por falta de recursos económicos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei. Señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Señor Fariñas, estamos agardando que lles baixe un pouco o subidón electoral, *(Murmurios.)* porque levan vostedes un pleno *(Murmurios.)* orxiástico, se se permite. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Está ben, eu celebro sempre a alegría, aínda que sexa allea. *(Murmurios.)* É boa cousa. *(Murmurios.)*

O problema é que vostede deu demasiadas voltas para entrar a falar do asunto. Ademais, ata que non o iluminou a luz vermella, vostede non entrou a falar da materia que nos ocupa agora, e ese é o problema. Vostedes non se preocupan dos problemas que lle afectan á xente. Preocúpanlles os resultados electorais, preocúpalles manterse na poltrona, preocúpalles o número de votos, pero nunca falan dos problemas da xente. *(Murmurios.)* ¡Ese é o problema que ten este país!

Fíxese vostede, esta iniciativa pretendía unha cousa moi concreta, que é que non se lles cobre aos alumnos nin ás familias por un servizo que non reciben. É dicir, que non se lles cobre

aos alumnos universitarios, aos estudantes e ás estudantes universitarias, por unha docencia que non reciben. Voullo traducir. O que se lles estaba pedindo é que non se lles roubara, porque cando a alguén se lle cobra por un servizo que non recibe, estáselle roubando. E vostedes, se non apoian esta iniciativa, estarán a ser cómplices dese roubo; un roubo que implica, ademais, serios atrancos e serias dificultades para as familias.

Di vostede que non hai moitos afectados, que neste país non hai ninguén que non poida estudar por causas económicas. Pois mire, voulle dar datos da Universidade de Vigo. Só na Universidade de Vigo hai 648 requirimentos por impago de matrícula; 205.000 euros que adebedan os estudantes á universidade por non poder pagar as súas matrículas. A vostede pareceralle un problema menor... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, claro, dende o seu escano é moi fácil ver que os problemas dos demais son menores. Tamén dende o coche oficial. Pero as familias non o ven así. ¿Sabe vostede que as familias –tamén as familias universitarias galegas– teñen que recorrer a préstamos bancarios para poder pagar a súa matrícula? Si, o préstamo matrícula, o préstamo máster, o préstamo carreira que publicitan as entidades financeiras. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Claro! Vostedes recuperan o modelo no que só os fillos dos máis ricos poden ter un título universitario, e o resto FP, maleta, e para Alemaña. (*Murmurios.*) Ese é o seu modelo, por iso vostede, en lugar de falar dos problemas e dos asuntos que traemos aquí, nos fala das eleccións e da súa borracheira electoral. Está ben, sigan así, embriagados na súa soberbia.

Nós, dende logo, imos traer os problemas. O mínimo que lle pedimos, dende logo, é que os aborde con rigor, despois exerza a súa posición ideolóxica. Nós non temos ningún problema en debater politicamente sobre os problemas reais, pero, por favor, por respecto ás familias e ás persoas afectadas e por respecto a este Parlamento, cando menos aborde con rigor os problemas da xente.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vázquez.

Seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Ferreiro Vidarte e tres deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co baremo para a valoración do grao de discapacidade das persoas con enfermidades neurodexenerativas, e os seus procesos de revisión e actualización

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Ferreiro.

A señora FERREIRO VIDARTE: Grazas, presidente.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

Saúdo, en primeiro lugar, á dirección da Federación Galega de Asociacións de Enfermos de Alzhéimer aquí presentes, aos cales quero agradecer a presenza e, sobre todo, o traballo que están a facer pola atención dos enfermos de alzhéimer.

Grazas a eles, moitas persoas están atendidas. Grazas a eles, e ao esforzo das familias e coi-dadores, moitas das persoas con alzhéimer teñen servizos ou teñen algún programa que lles permita realmente ralentizar un pouco a evolución da súa enfermidade, ou ter algún estímulo de carácter cognitivo. E grazas a eles tamén traemos aquí esta iniciativa, posto que é por instancia deles.

Xa se tratou algo sobre isto no anterior pleno, e quero recordarlle ao grupo de goberno que se acordou acelerar o máis posible e facer todos os esforzos posibles para que se diagnostique esta enfermidade o máis rápido posible. Tamén se aprobou que se coordinaran os aspectos sociais e sanitario para unha atención integral a estes enfermos. Polo tanto, eu espero que non tarden moito en poñer en práctica todos estes esforzos, para que se vexa que, a pesar da gravidade e do importante número de persoas que están afectadas, realmente o Goberno da Xunta de Galicia, o Goberno do PP, fai un esforzo importante; que se vexa que non é só propaganda.

Traemos un tema aquí que afecta en torno a 100.000 galegos, e non se refire só aos enfermos de alzhéimer, senón que se refire ás enfermidades neurodexenerativas, que comprenden a esclerose múltiple, párkinson, alzhéimer, etc. As enfermidades neurodexenerativas teñen como atributo común o curso progresivo dos seus síntomas; reflicten o dano paulatino nunha parte ou partes do sistema nervioso. Todas elas presentan algunhas características clínicas comúns, en canto a que o seu comezo é insidioso e o seu curso é crónico e progresivo. Non teñen un tratamento etiolóxico, as actuacións terapéuticas son sintomáticas nalgúns casos e paliativas en todos eles.

A intervención céntrase en xeral en aliviar a dor, a incapacidade e as posibles complicacións que acurtan a vida, e xeran un terrible padecemento físico e psíquico entre os que a sofren e entre os seus familiares. Ademais, as súas repercusións socioeconómicas son moi importantes, pois ao propio proceso da enfermidade hai que sumarlle o impacto psíquico, a mingua na calidade de vida, a incapacidade laboral, a perda de habilidades sociais, a carga física e psíquica do persoal coidador destas persoas e o enorme gasto económico que implica a súa atención social e sanitaria.

Moitas veces, unha persoa cunha menor demencia está coidando a outra persoa con bastante maior demencia, e temos bastantes exemplos, recentemente, onde se encontrou algunha persoa morta e falta de atención.

As persoas con discapacidade por enfermidades neurodexenerativas non responden ao patrón doutras discapacidades, e o sistema, pola súa inadecuación ás súas necesidades específicas, fai que en moitos casos se dean situacións claras de desprotección social. Así, prodúcense situacións de total desamparo porque non se acada un grao de discapacidade mínimo recoñecido. O sistema de valoración non é axeitado nin sensible para medir a realidade da súa discapacidade. Neste senso, o recoñecemento adoita producirse demasiado

tarde, cando a persoa acadou un grave nivel de deterioro físico, cando a realidade é que o acceso aos servizos e recursos especializados é básico para previr ou paliar os efectos da enfermidade e para atender as persoas e as súas familias.

Por todo o sinalado, insistimos de maneira reiterada na necesidade dun tratamento específico para estas enfermidades e do recoñecemento da particularidade que conlevan as enfermidades neurodexenerativas, nas que cada doente é un caso diferente, cunha clínica e unha evolución distinta. Sen embargo, todas elas teñen algo en común, derivan cedo ou tarde nunha situación de discapacidade e, probablemente, nunha situación de dependencia ou gran dependencia.

Neste sentido, pedimos unha vez máis que esta situación sexa atendida, recoñecéndolle ás enfermidades neurodexenerativas a súa especificidade como unha discapacidade. Porque na actualidade a normativa protexe as persoas con discapacidade recoñecida; é dicir, as que teñen un 33 % ou máis, non contemplándose de forma específica as enfermidades neurodexenerativas como motivo para obter o grao de discapacidade que debería corresponder ante as situacións discapacitantes que sofren as persoas que as padecen.

O recoñecemento do 33 % na discapacidade das persoas diagnosticadas con enfermidades neurodexenerativas, con independencia da valoración, contribuiría así a mellorar o seu acceso a recursos, servizos e prestacións, e evitaría que se xeren posibles situacións de desprotección social como as que se están xerando na actualidade. Compensaríase así a especificidade en canto á variabilidade do curso destas enfermidades.

Ademais, este tema non pode deixar de prosperar por cuestións económicas. Cóstanos que o Imserso falou coas federacións e transmitiulles que, efectivamente, avanzar neste sentido non tería un custo significativo. É máis, estaríamos dando acceso a moitas persoas a postos de traballo que agora son inaccesibles para eles, e desta maneira contribuirían cos seus impostos á economía deste país. E non só iso, senón que, atendendo a tempo as necesidades das persoas diagnosticadas por unha enfermidade deste tipo, se conseguiría atrasar de maneira significativa a evolución da enfermidade e isto atrasaría, por tanto, unha maior discapacidade e despois a dependencia, o que supón tamén un aforro económico importante, pero, sobre todo, unha mellor calidade de vida.

Isto xa se aprobou nalgunha comunidade autónoma, polo tanto, esperemos que esta comunidade autónoma estea tamén á altura destas circunstancias. Dende logo, o Partido Socialista, independentemente de que este Parlamento a aprobe ou non, o seu grupo no Parlamento nacional transmitirá isto ao Goberno do Estado.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición de lei: “O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que se dirixa ao Goberno de España para que, en primeiro lugar, atenda as peticións das asociacións de persoas con enfermidades neurodexenerativas, tendo en conta todas as especificidades destas enfermidades nos procesos de revisión e actualización dos baremos, buscando en todo momento poder realizar os procesos de valoración con equidade e atendendo ás características do avance do proceso dexenerativo.

E segundo, que lle solicite a modificación do baremo para a avaliación do grao de discapacidade recoñecendo tras o diagnóstico de enfermidades neurodexenerativas unha porcentaxe de discapacidade do 33 %, independentemente da propia valoración que permita o acceso ao sistema de protección a persoas cunha discapacidade, atendendo á diversidade das causas que a producen sen menoscabo da expresión das mesmas no discorrer da súa propia enfermidade.

Esperamos que os grupos parlamentarios apoiem esta iniciativa e sexa un importante avance na atención ás persoas con enfermidades neurodexenerativas.

Moitas grazas e nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ferreiro.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidente.

A actual normativa existente non contempla de xeito específico as doenzas neurodexenerativas como motivo para obter o grao de discapacidade e só protexe as persoas que teñan recoñecido máis dun 30 % de discapacidade en xeral. As persoas con discapacidade neurodexenerativa non responden ao patrón doutras discapacidades, polo que o sistema de valoración actual non resulta adecuado nin sensible para medir nin para atender a realidade deste tipo de doenzas. Isto xera situacións de desprotección social e de desamparo cando non se acada ese grao mínimo recoñecido de discapacidade.

Na normativa actual este recoñecemento adoita producirse demasiado tarde, nomeadamente cando xa a doenza acadou un nivel grave de deterioración física. Pola contra, un acceso temperán a servizos e recursos especializados e básicos previría ou paliaría polo menos os efectos da doenza e protexería as persoas afectadas e tamén as súas familias. Atendendo a tempo as necesidades das afectadas, conseguiríase atrasar de xeito significativo a evolución da enfermidade e, polo tanto, unha maior discapacidade e máis tarde dependencia, o que supón, por outro lado, un aforro moi importante para o noso sistema.

Así pois, co recoñecemento automático do 33 % de discapacidade mellorárase o acceso de pacientes con doenzas neurodexenerativas a recursos e servizos, por exemplo, á rehabilitación, tamén a prestacións e axudas; tamén se evitaría que se xeraran situacións de desprotección como as que se están producindo na actualidade, e melloraría a calidade de vida das persoas afectadas.

O Parlamento de Navarra acaba de aprobar o 13 de marzo deste ano, por unanimidade, unha PNL exactamente igual a esta que estamos a debater hoxe neste hemiciclo. Así que eu agardo que aquí tamén se acade o consenso necesario para que esta PNL con demandas tan xustas acade o consenso necesario para ser aprobada.

Grazas, máis nada.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Este grupo parlamentario vai apoiar esta proposición non de lei e vai apoiala porque é de xustiza e porque como se comentaba agora xa está en parte aprobada; debateuse no 2011 no Congreso das Deputadas e Deputados, foi aprobada e segue na actualidade sen aplicarse. É unha iniciativa que precisamente pedía exixir que se concedese ese 33 % de discapacidade ás persoas diagnosticadas con enfermidades neurodexenerativas con independencia da valoración, polo que aquí mesmo se acaba de explicar, dado que –como xa se ten dito– ten un elevado grao de progresión, sobre todo nalgunhas destas enfermidades, porque hai bastante variabilidade en todas as enfermidades neurodexenerativas. E, polo tanto, obviamente esa progresión é un prexuízo para a persoa, pero tamén para as axudas que posteriormente vai necesitar e que soen desembocar en máis ou menos grao de dependencia.

Mais pese a levar cinco anos aprobada non foi aplicada en ningún momento, de maneira, a verdade, que bastante inexplicable, cuestionando ao meu entender incluso a utilidade respecto do que o Goberno ten da propia actividade do poder lexislativo neste caso, e podería aplicarse tamén mesmo a esta cámara. Tanto é así que a posteriori se teñen trasladado outras iniciativas a outras cámaras, aquí acábase de nomear a de Navarra, pero incluso o Partido Popular –entendemos que hoxe vai votar a favor– ten nalgunhas cámaras autonómicas trasladado esta mesma cuestión. Polo tanto, a verdade é que é bastante inexplicable que a estas alturas sigamos tendo que debater nas diferentes cámaras autonómicas e tamén no Congreso das Deputadas e Deputados esta circunstancia. De feito, algunhas asociacións de persoas doentes compareceron tamén na Comisión de Políticas Sociais –creo que foi no Congreso dos Deputados– o ano pasado, e seguimos absolutamente igual.

Polo tanto, como se falaba pola mañá cando tiñamos un debate que nada ten que ver con isto a respecto do IVE dos cueiros, volvemos falar de feitos e non de compromisos; é dicir, espero que hoxe se aprobe, pero alén de que se poña por escrito, existe a necesidade de que as decisións que se toman nas cámaras lexislativas se leven a cabo, se non non vale absolutamente para nada. E como dixemos xa, pois creo que foi hai dous plenos, cando falabamos nesta mesma cámara da situación do alzhéimer no noso país, existen moitas problemáticas derivadas, por exemplo, poderíamos falar da paralización da Lei de dependencia –pero é que aquí nin sequera se está a falar diso, estase a falar dun paso previo, que sería ese recoñecemento da concesión do grao de discapacidade–, ou poderíamos falar incluso dos copagos que se impuxeron, ou poderíamos falar de que na actualidade o 45 % das persoas dependentes en España morre antes de recibir as prestacións de dependencia.

Eu creo que é unha situación tan lamentable que resulta lastimoso ter que continuar traéndoa a debate, porque iso debería de ser de xustiza. Pero é que o que estamos a debater nesta iniciativa é mesmo unha situación previa; é que estas persoas antes de chegar a ter un grao

máis ou menos de dependencia teñen unha progresión na súa enfermidade que seguramente se podería limitar se tivesen acceso a uns tratamentos que no día de hoxe non poden acceder se non teñen recoñecido certo grao de discapacidade.

E, polo tanto, agora mesmo son as familias na actualidade as que teñen que asumir practicamente todo: a adaptación das súas vivendas, as órteses, as sesións de fisioterapia, os complementos alimenticios, as terapias ocupacionais e unha serie de aspectos que deberan estar incluídos nas prestacións, porque son dereitos das persoas, non son un luxo.

Entendemos que prescindir de coidados imprescindibles –valla a redundancia– non debera ser aceptable en pleno século XXI. E obviamente a concesión dese grao de discapacidade do 33 % non vai mellorar *per se* a vida das persoas, pero, como xa se trasladou aquí, vai facilitar probablemente o acceso a certos dereitos ou certos servizos, que doutra maneira non terían, intentando acceder ao tratamento máis temperán posible.

E, polo tanto, este grupo, atendendo á obviedade e atendendo a que xa está aprobado noutras ocasións, vai votar favorablemente esta iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Boa tarde.

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego tamén vai apoiar esta iniciativa, que ademais eu creo que xa foi defendida perfectamente polas deputadas que me precederon.

Causa sorpresa que as propias asociacións teñan que demandar do Goberno galego que demande ao Goberno do Estado que se aproben xa iniciativas que están aprobadas en diferentes cámaras. E o que recolle esta iniciativa é que se escoiten as propias asociacións, que se escoite a demanda desas asociacións, o que significa a discapacidade con enfermidades neurodexenerativas, a necesidade de modificar os baremos.

Sabemos ademais da tardanza que teñen en moitas ocasións nesa baremación da discapacidade, coñecémolo para todo tipo de discapacidade tanto física como psíquica, como neste caso enfermidades neurodexenerativas.

Entendemos que, tal e como explican as propias asociacións, as persoas que coidan de enfermos e de enfermas, e como foi exposto pola señora ponente da iniciativa son enfermidades que teñen cursos diferentes, velocidades diferentes, que en moitas ocasións cando chega o recoñecemento esa enfermidade está moito máis avanzada. É dicir, que é de absoluta xustiza.

Calquera dos dous puntos, que se escoite as asociacións, que se traballe conxuntamente co coñecemento que xa teñen destas discapacidades neurodexenerativas, e o segundo punto que é fundamental, que é ese recoñecemento do 33 %, que ten moitísimas implicacións na vida cotiá das persoas.

Por iso a sorpresa de que teñamos que reiterar unha iniciativa xa debatida noutras cámaras para que o Goberno do Estado sexa chamado polo Goberno galego. Dende logo, nós tamén temos que felicitar o traballo que realizan todos os días as asociacións, en concreto aquelas que traballan no ámbito da enfermidade de Alzheimer, que son –eu creo– coñecidas e que ademais nos fixeron a moitas persoas coñecer un pouco máis o que son as enfermidades neurodexenerativas.

E, fundamentalmente, o que si tamén chamo a unha reflexión dos deputados e deputadas, que constantemente estamos traendo a debate as mesmas cousas, e se non pensamos que iso pode facer que as persoas que todos os días están sufrindo estas enfermidades ou as persoas que están formando parte desas asociacións non se sintan desalentadas de que teñan que en reiteradas ocasións acudir aos grupos parlamentarios, acudir ás cámaras lexislativas para cuestións que son simplemente de xustiza, e este é un exemplo claro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Quixera saudar as persoas que nos acompañan e darlles a benvida a este parlamento.

Pedirlle que me desculpen por un inciso que vou facer antes de empezar a intervención do tema que falamos.

Señora Solla, eu espero que lle recorde ao Goberno das Mareas de Podemos da Coruña que hai que cumprir as mocións, pois xa dixeron publicamente que as mocións que se aproban por maioría na Coruña non as cumpren. Non diga que son os demais.

E indo ao tema, estamos de acordo na maior parte da exposición de motivos da súa proposición. Efectivamente, as enfermidades neurodexenerativas teñen como característica clínica común o seu curso crónico progresivo como o seu inicio insidioso, aínda que non en todos os casos. Este grupo de enfermidades inclúe o azhéimer, que é probablemente a máis coñecida de todos, pero tamén outras como o párkinson, a enfermidade de Creutzfeldt-Jakob, a de Huntington, as ataxias, a esclerose múltiple ou a esclerose lateral amiotrófica como as máis destacadas. Unhas, efectivamente, son de inicio brusco, outras, polo contrario, son de supervivencia, incluso moi curta.

Efectivamente, non hai ningún tratamento etiolóxico porque en moitos casos descoñécese a orixe da enfermidade, pero aínda hai avances presentes e próximos que nos fan ver unha esperanza de futuro para estas persoas a curto e a medio prazo. Os tratamentos son paliativos e sintomáticos, aínda que –como dicíamos– con perspectivas de investigación en moitos campos e cun gran número de produtos en estudo.

É certo tamén que o impacto psíquico que sofren os enfermos e os seus cuidadores, a incapacidade laboral, a perda de habilidade social ou o empeoramento da calidade de vida son factores a considerar neste grupo de patoloxías.

En Galicia presentouse recentemente a nova Estratexia Sergas 2020, cuxa terceira liña estratéxica: orientar a estrutura de prestación de servizos cara ás necesidades dos pacientes e a mellora da atención á cronicidade, implica a definición de grupos de pacientes con necesidades similares e adaptación dos diferentes servizos ás súas necesidades. Á súa vez, un dos proxectos que se vai desenvolver dentro dunha liña estratéxica é precisamente a mellora da atención a pacientes con enfermidades neurodexenerativas. Suporá a elaboración e implantación dun procedemento asistencial ou integrado de enfermidades neurodexenerativas, feito que mellorará e incrementará a efectividade da asistencia que se presta a estes pacientes.

Por outra banda, aprobouse en abril deste mesmo ano a I Estratexia nacional de enfermidades neurodexenerativas en España, polo Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, xunto cos conselleiros de Sanidade de todas as comunidades autónomas, no marco do Consello Interterritorial del Sistema Nacional de Salud, cuxas principais liñas son: a prevención e a mellora do diagnóstico, a atención personalizada aos pacientes e o establecemento de programas que faciliten o respiro dos cuidadores e cuidadoras das persoas afectadas. As comunidades autónomas elaborarán plans que integren a atención social e sanitaria, contemplándose tamén a necesidade de facer un plan individualizado de atención a cada paciente que teña en conta o risco social.

Outras liñas estratéxicas abordadas polo documento son: a sensibilización da sociedade sobre a importancia das enfermidades neurodexenerativas, a formación dos profesionais e o fomento da investigación en liñas como estudos epidemiolóxicos, factores de risco, novas terapias farmacolóxicas ou tratamentos non farmacolóxicos.

Estas estratexias, a galega e a nacional, demostran a preocupación e o interese que o Goberno da Xunta de Galicia e o Goberno do Estado, e o do resto das comunidades autónomas, teñen polo colectivo de persoas afectadas por este grupo de enfermidades.

Pasando entón ás propostas de resolución da proposición, no punto primeiro, sobre ter en conta por parte do Goberno do Estado as especificidades destas enfermidades nos procesos de revisión e actualización dos baremos, estamos completamente de acordo. Existe no día de hoxe un grupo de traballo e unha comisión técnica que están a traballar no desenvolvemento dun novo baremo para a avaliación desta discapacidade.

Con respecto ao punto segundo, no que se insta o Goberno galego a que se dirixa ao Goberno de España para solicitar a modificación do baremo, de tal xeito que se recoñeza unha por-

centaxe de discapacidade do 33 % no mesmo momento do diagnóstico, teño que dicir aquí que a señora Ferreiro non leu o que pon na proposición, senón unha modificación que nos remitiu o Fagal a raíz dunha consulta que lle fixo este deputado, e non é o que imos aprobar o que leu vostede, imos aprobar outra cousa.

Gustaríame remarcar que as enfermidades neurodexenerativas teñen como outros grupos de patoloxías unhas características especiais que posiblemente requiran de moita máis sensibilidade no seu seguimento, aínda que pode resultar difícil facer distincións en ningunha enfermidade á hora da aplicación dos criterios xerais ou específicos de valoración.

Eu non sei se técnica ou legalmente presentará algunha dificultade esta excepción que se demanda na proposición con respecto á valoración que se fai para calquera outra patoloxía. O actual baremo, desde logo, xa permite decidir no caso deste grupo de enfermidades a porcentaxe máis alta dentro da mesma clase funcional. Incluso nos casos en que non se alcanza o 33 % o Real decreto lexislativo 1/2013 determina que estes enfermos teñen recoñecido o dereito de acceso aos servizos de prevención de deficiencias. E tamén se poderían facer criterios de excepción na prioridade de valoración obviando ás veces a orde de entrada. É dicir, hai vías abertas e posibilidades de melloras reais na valoración da discapacidade no día de hoxe.

Pero entendendo as dificultades polas que atravesan estes enfermos e enfermas, os seus coi-dadores e as súas familias, e co propósito de axilizar as axudas e a prestación de servizos asistenciais que melloren o curso e atrasen a evolución destas doenzas, imos apoiar tamén este segundo punto, aínda que a complexa redacción do mesmo o fai difícil de entender na súa liña final.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Ferreiro.

A señora FERREIRO VIDARTE: Boa tarde de novo.

Efectivamente, señor Núñez Centeno, o segundo punto aclareino porque como xa sabía que tiña vostede dificultades para entendelo, pois por iso llo demos máis fácil, a ver se así o entendía mellor, a ver se así tiña máis apoio. Polo tanto, é o lóxico, ¿non?

O problema non é que se aprrobe, o problema é que vostedes non cumpren os acordos, e unha vez máis isto e o outro e o outro segue pasando. Hai cinco anos que isto se aprobou no Congreso e hai uns meses que se aprobou tamén por parte do PP na Comunidade de Madrid. Polo tanto, sería absurdo que o PP neste caso se opuxera a este recoñecemento, e cando llo están pedindo ademais un número moi importante de enfermos afectados por estes problemas e que vostedes non acaban de darlles resposta.

Polo tanto, eu espero que se traslade canto antes este acordo e agradezo en nome do meu partido a todos os grupos o seu apoio a esta decisión. Para o futuro da atención aos enfermos

de alzhéimer, cando é a epidemia do século XXI, eu creo que este punto é sumamente importante. Espero que de verdade cumpran vostedes co aprobado nesta cámara.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ferreiro.

Concluído o debate das proposicións non de lei, procedemos á votación.

Votación das proposicións non de lei

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa da Asociación Galega de Familias Numerosas, que é unha iniciativa popular, sobre a redución do tipo impositivo do IVE dos cueiros.

Votación da Proposición non de lei de iniciativa popular, promovida pola Asociación Galega de Familias Numerosas e asumida polo G.P. Popular de Galicia, sobre a redución do tipo impositivo do IVE dos cueiros.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do establecemento dun marco de relacións laborais e negociación colectiva.

Foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario Mixto e non se aceptaron as outras emendas.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e don Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre a posición do Parlamento de Galicia a respecto do establecemento dun marco de relacións laborais e negociación colectiva.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 57.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, sobre a solicitude polo Goberno galego aos concellos da Coruña, Lugo, Santiago de Compostela, Vigo e Ourense da adopción das medidas necesarias durante o ano 2016 para estender a gratuidade do transporte urbano aos menores de 18 anos.

Non se aceptaron as emendas nin do Grupo Mixto, nin do Grupo da Alternativa Galega de Esquerda, nin do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da Proposición non de lei G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de don Jesús Antonio Goldar Güimil e catorce deputados/as máis, sobre a solicitude polo Goberno galego aos concellos da Coruña, Lugo, Santiago de Compostela, Vigo e Ourense da adopción das medidas necesarias durante o ano 2016 para estender a gratuidade do transporte urbano aos menores de 18 anos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 8; abstencións, 24.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín, sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia.*

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e dous deputados/as máis, sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a Proposición, do Grupo Parlamentario Mixto, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias reflectidas no informe presentado pola organización de conservación da natureza World Wildlife Fund –non sei se o dixen ben, (Murmurios.) desculpen vostedes o meu inglés é limitado, pero poño toda a boa vontade para dicilo así–, en concreto do Plan director da Rede Natura 2000 en Galicia.*

Non foi aceptada a emenda. (Murmurios.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de dona Mónica Fernández Rodríguez e dona María Consuelo Martínez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias reflectidas no informe presentado pola organización de conservación da natureza World Wildlife Fund respecto do Plan director da Rede Natura 2000 en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de decreto polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de decreto polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a Proposición, do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a aplicación polo Goberno galego para o curso 2016-2017 dunha tarifa de matrícula reducida a todos os estudantes universitarios sen dereito á docencia procedentes das antigas licenciaturas e dos novos graos establecidos polo Espazo Europeo de Educación Superior.

Foi presentada unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista, que foi aceptada e, polo tanto, votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de don Ramón Vázquez Díaz e cinco deputados/as máis, sobre a aplicación polo Goberno galego, para o curso 2016-2017, dunha tarifa de matrícula reducida a todos os estudantes universitarios sen dereito á docencia procedentes das antigas licenciaturas e dos novos graos establecidos polo Espazo Europeo de Educación Superior.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co baremo para a valoración do grao de discapacidade das persoas con enfermidades neurodexenerativas, e os seus procesos de revisión e actualización.

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María de los Ángeles Ferreiro Vidarte e tres deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno

galego ao Goberno central en relación co baremo para a valoración do grao de discapacidade das persoas con enfermidades neurodexenerativas, e os seus procesos de revisión e actualización.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Pasamos ao punto 6º da orde do día, que se corresponde co de interpelacións.

Interpelación de D^a María Soledad Soneira Tajés e catro deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación demográfica de Galicia e as súas consecuencias para a economía e a sociedade

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Soneira.

A señora SONEIRA TAJES: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, cáusame unha certa sorpresa que sexa vostede, non porque considere que vostede non ten nin a capacidade nin a categoría, non é iso, non ten nada que ver con iso, e ademais sei que pode calquera dos seus membros contestar en nome do Goberno. Pero a política tamén son sobre todo xestos, e que se envíe o conselleiro de Asuntos Sociais a un tema como este, que tamén é un problema de asuntos sociais, aquí non hai un monotema, pois denota tamén unha certa percepción do problema desde o Goberno. Desde o noso punto de vista, o problema demográfico, esencialmente, é un problema económico e é un problema laboral; ten que ver tamén coa taxa de natalidade, evidentemente. Pero resulta que se nunha zona temos unha baixa taxa de natalidade, pero é pouco atractiva para investir, hai pouco dinamismo, non damos oportunidade a outra xente que ao mellor desexando saír de lugares onde están peor e que se queiran instalar, pois non o fan aquí. E non o fan porque as condicións non son as mellores, e si se instalan noutros países e outras rexións europeas, no noso caso, ou noutras parte do mundo. E, polo tanto –e insisto–, non considere vostede que eu digo este preámbulo por ningún menoscabo nin a vostede nin á súa consellería e, desde logo, persoalmente para nada. Pero aquí hai cuestións que exceden en moito os asuntos sociais.

Mire, esta interpelación –como vostede poderá comprobar– foi rexistrada no mes de decembro e foi como consecuencia dos datos que publicaba o IGE naquel momento sobre o ano 2014. Por desgraza, na semana pasada o Instituto Nacional de Estatística publicou datos que aínda acentúan máis a gravidade do problema. ¿Que nos dicía? Que Galicia o ano pasado tivera un saldo negativo de 12.269 persoas. E este non é un fenómeno novo, levamos sete anos consecutivos con saldos negativos. E hai outros indicadores que fan que esta situación pareza aínda máis grave.

Mire, Galicia ten unha media de idade tres puntos superior á do Estado. Nós temos unha idade media de máis de 46 anos, pero non é o mesmo a media de idade na provincia da Co-

ruña ou de Pontevedra que nas provincias do interior. Por exemplo, en Ourense é case de 50 anos –datos IGE–, 49,8, e os maiores de 65 anos son máis dun terzo da poboación. ¿Como considera o Goberno galego, obxectivamente –apartémonos de ideoloxías, de grupos parlamentarios, de grupos políticos–, que cun terzo da poboación por encima dos 65 anos, co 50 % da poboación con máis de 50 anos e onde a porcentaxe de clases pasivas é absoluta, qué dinamismo empresarial, económico, emprendedor se lle pode pedir a unha sociedade que ten eses datos?

Iso ten efectos devastadores: desertización, falta de dinamismo, aumento de custos sociais. A desproporción entre os cotizantes á Seguridade Social e os preceptores é terrible en Galicia. Os economistas din que fan falta máis ou menos 2,5 postos de traballo para contribuír ás cotizacións, ás percepcións dun pensionista. En Galicia temos a metade: 1,4. A este ritmo, agora mesmo xa non sostemos as nosas pensións. No Estado o que está facendo o Goberno é entrar na reserva que outros deixaron para cubrir os déficits que temos. Este mes para pagar a extra imos entrar, e se non verán vostedes como se vai aprobar inmediatamente.

No noso caso, practicamente o 25 % da nosa poboación está cobrando unha pensión contributiva. Súmenlle vostedes as percepcións por desemprego, pensións non contributivas, axudas de todo tipo. Calquera que poña as contas darase conta –valla a redundancia– de que o modelo é absolutamente insostible. E como non lle busquemos solución teremos un problema moi serio, moi serio, moi serio.

Moitas veces temos escoitado a distintos membros do Goberno, e mesmo o presidente da Xunta, opinar, que non propoñer, sobre estas cuestións, porque ás veces o presidente da Xunta dá a impresión de que está máis para opinar que para buscar solucións.

Mire, entre a diferenza que hai, e vou comprimir moito todo isto, porque á verdade os datos –invito as súas señorías para que de verdade isto entre todos tomemos conciencia do problema e que pasen moitas horas no IGE e vexan os datos, e eu non teño tempo en dez minutos a poñelos todos aquí–, pero a diferenza entre a poboación ocupada que había entre 2009 e a que hai hoxe e o paro –o único dato positivo que temos é o paro rexistrado–, pero hai unha diferenza entre cotizantes e poboación activa co paro rexistrado que só se explica pola vocación que temos os galegos de que cando non temos emprego, as condicións son insufribles e xa non temos de que vivir aquí ou non podemos vivir coa dignidade que cremos que nos merecemos, ímonos.

E por iso tamén os saldos, eu non sei de onde saca os datos o señor presidente da Xunta, jeh! Porque eu creo que unha medida de aforro, seguindo a teoría do señor presidente da Xunta na resposta que deu hoxe pola mañá, é suprimir o IGE, porque levamos tres anos consecutivos con saldos negativos, e a provincia de Pontevedra leva dous anos máis. E sabe vostede ademais que incluso nos anos que tiñamos saldo positivo tiñamos un problema engadido: nós o que recibiamos eran clases pasivas, emigrantes que viñan para aquí xubilados, con custo social engadido, pero o peor non era iso sequera, pois inmigrantes tampouco recibimos, porque Galicia non é un lugar atractivo onde emigrar. Fíxese vostede en que de todos os miles e miles de persoas de Lesbos, de Grecia e de Turquía non hai unha demanda

para vir a España desafortada, todo o mundo se pelea por entrar polas fronteiras norte para ir a Alemaña, para ir aos países do norte, a España non, e a Galicia eu creo que ningún deles.

Polo tanto, a señora Acuña, cando na reunión do noso grupo falabamos destes asuntos e para poñer en común as posicións, dicíame que ela en certo lugar de Ourense e por un conflito que había por se se construía un tanatorio ou non se construía, unha persoa moi maior dicía para queixarse da Administración: non nos deixan vivir e agora tampouco nos deixan morrer, porque se queixaba de que non se deixaba construír un tanatorio.

Señor conselleiro, nós aí plantexamos distintas preguntas, que creo que vostede poderá contestar en nome do Goberno, e que non teñen que ver todas cos asuntos sociais. Por exemplo, o señor presidente da Xunta di que é consciente do problema e opina sobre o problema, pero ¿ten deseñado o Goberno galego algún mecanismo de estudo, análise e diagnose das causas, evolución e consecuencias do fenómeno demográfico que se amosa nesta iniciativa? Porque hai moitos estudosos e demógrafos en Galicia que teñen proposto solucións, incluso algúns teñen feito traballos sobre a evolución da demografía en Irlanda, con medidas moi concretas e que se teñen publicado na prensa non hai tantos días. ¿Existe algún proxecto, iniciativa ou estratexia que permita facer fronte a esta preocupante deriva demográfica?

E, por favor, non me conte vostede que hai unha devolución no IRPF, que sabe vostede perfectamente que se simplemente poñemos agora a oración en pasiva e preguntamos: ¿por unha dedución do IRP nós teremos un fillo máis ou menos?, ¿calquera? Non parece que sexa iso razoable.

¿Cantos recursos económicos?, ¿onde?, ¿en que partida?, ¿en que proxección temporal? Porque estas medidas non poden ser para un anuncio mediático nun momento determinado e cunha finalidade electoral ou non, incluso ben intencionada, porque estas son medidas que teñen que ter o consenso xeral das forzas políticas, da sociedade no seu conxunto e, ademais, moi prolongadas no tempo.

¿Considera a Xunta de Galicia que o rexistro de parados – Inem– reflicte a realidade laboral do país? Porque a EPA non di iso, e porque os ocupados non din iso, e a poboación que temos agora, a poboación activa non di iso.

E unha pregunta que a min me parece fundamental, ademais tamén ten saído na prensa non hai moito tempo, con gráficas como estas, que son terribles –isto é a fotocopia literal dunha páxina dun xornal de Galicia–. ¿Como casar esa realidade coa mingua da afiliación á Seguridade Social e o número de ocupados? Porque algunha explicación terá que haber para que esas cifras dean tan ben, e son as que utiliza o señor presidente da Xunta cando fala do paro –sempre se refire ao paro rexistrado–, e dan tan mal cando falamos da EPA, cando falamos do número de ocupados e cando falamos de persoas afiliadas e cotizantes á Seguridade Social.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Soneira.

Resposta do conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

É moi importante dende logo que neste Parlamento falemos de demografía, e canto máis falemos de demografía moito mellor, porque, sen dúbida, é un dos principais problemas que temos no presente e que sobre todo teremos no futuro de Galicia. Efectivamente, moitas das cousas que aparecen nesta interpelación –como dicía a señora Soneira– non lle corresponden á Consellería de Política Social, pero isto trátase dun tema intersectorial do Goberno. Abordar as políticas demográficas non debe estar exclusivamente nunha consellería, aínda que á nova Consellería de Política Social se lle incluíu entre as súas facultades ter na Dirección Xeral de Familia as competencias en materia demográfica, como así consta no decreto que ordena as competencias dos membros do Goberno de Galicia. E, por certo, no orzamento que temos neste momento é a dirección xeral que máis sobe en toda a Xunta de Galicia, exactamente nun 40 %.

O problema demográfico non é exclusivo de Galicia, é un problema estrutural que afecta xa moitas rexións españolas e do resto de Europa. A situación demográfica da nosa comunidade non se produciu dun día para outro. Arrastramos dende hai décadas unha realidade fronte á que é preciso actuar. Acumulamos tres décadas, trinta anos –en concreto, dende 1986–, de saldos vexetativos negativos.

Neste asunto cómpre sermos realistas, debemos tomar conciencia de que non hai solucións inmediatas, de que precisamos dunha política demográfica estable, sobre todo que teña continuidade no tempo, tal e como fixeron os países europeos que actuaron con éxito sobre as cuestións demográficas. Poñer freo ao declive de poboación é unha prioridade de verdade para o Goberno do que formo parte, e estou seguro de que tamén para toda esta cámara. É un obxectivo que abordamos dende tres vértices:

Un, a nivel supranacional, con presión na Unión Europea e reclamando ante Bruxelas que a demografía conte para a execución dos fondos europeos.

A nivel estatal, a través da coordinación necesaria con outras comunidades autónomas e administracións. Un bo exemplo é o Foro de Rexións Españolas con Desafíos Demográficos que Galicia lidera xunto a Castela-A Mancha, Castela e León, Extremadura, Asturias e Aragón. Como ven, con gobernos de diferentes partidos políticos, que temos moi claro que isto é un tema de futuro estratéxico.

O pasado 6 de xuño, Galicia acolleu a quinta reunión interterritorial deste foro. E neste encontro os representantes dos executivos autonómicos participantes insistimos na necesidade dun pacto de Estado para situar o problema demográfico no centro do debate, como prioridade de toda España e dotar tamén as políticas demográficas do financiamento necesario. Resulta fundamental facer políticas demográficas, pero como calquera política que se queira incentivar dende a Comunidade o que necesitamos é un financiamento máis forte, para que estas políticas sexan unhas políticas que poidan chegar a máis xente.

Non só iso, a parte europea que tivemos oportunidade de trasladar e que seguiremos trasladando –porque así se acordou no foro– a Bruxelas, e estamos traballando con diferentes eurodeputados comisarios para avanzar antes de fin de ano, antes da seguinte reunión deste foro.

A nivel estatal –como digo–, no que é o financiamento e o pacto de Estado, imprescindible nestes momentos.

E a nivel autonómico tamén estamos facendo cousas. Dende a Consellería que dirixo puxemos en marcha o Programa de apoio á natalidade. Ten vostede toda a razón, pois non por unha axuda unha familia vai decidir ter un fillo, pero o que podemos dicir é que Galicia o que ten que ter son as mellores condicións para aqueles que libremente queiran ter un fillo. No ano 2013 puxemos en marcha o Plan de dinamización demográfica de Galicia 2013–2016. Tamén en 2013 aprobamos a Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia no Horizonte 2020. Ademais, en decembro do 2014, a Estratexia de inclusión social de Galicia. E algo moi importante, moi recentemente o Plan estratéxico de Galicia 2015–2020, que inclúe –como dicía ao principio da miña intervención– o obxectivo transversal de dinamización e revitalización demográfica, establecendo un paquete integral de medidas, para avanzar no obxectivo de crear en Galicia un contorno social favorable para vivir, un contorno social favorable para ter familia, un contorno favorable, en definitiva, para quen libremente queira ter fillos ou fillas poder telos.

Fáltanos, dende logo, garantir esa continuidade desas políticas. E por iso parécenos moi importante que, igual que se fala en moitas ocasións de sanidade, igual que se fala en moitas ocasións de educación, impulemos de verdade un pacto de partidos en torno ao tema demográfico, en Galicia pero tamén no conxunto do Estado, porque –insisto– son moitas as comunidades autónomas que xa teñen en España o problema co que en Galicia levamos tempo.

Temos polo tanto estratexias, temos ferramentas, pero, dende logo, como di tamén na súa interpelación, necesitamos unha diagnose permanente para que isto non quede en papeis escritos, en resolucións parlamentarias. E por iso aprobamos a creación do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, coa finalidade de facilitar o coñecemento pormenorizado da realidade demográfica galega e asesorar as administracións públicas galegas para o impulso da perspectiva demográfica no desenvolvemento e deseño das súas políticas, no que participarán moitos expertos e moitos representantes sociais de Galicia.

Temos as deducións fiscais das que falaba, das máis altas de España, para nacemento e adopción, para coidado de fillos, para fillos menores de 3 anos. Incrementamos un 20 % esa dedución por nacemento ou adopción de fillos para residentes en municipios de 5.000 habitantes. Creamos a tarxeta Benvida neste ano, e miles de familias estana a disfrutar neste momento. E, como sabe, as políticas de conciliación son fundamentais, por iso creamos o bono Concilia, por iso neste momento xa temos publicado no *Diario Oficial de Galicia* as escolas infantís en contornos empresariais –xa tivemos algunhas reunións cos representantes dos polígonos industriais de Galicia e viron con moi bos ollos esta iniciativa de que os nenos puidesen quedar non na máis cercana ao domicilio, senón cerca de onde traballan seus pais e súas nais–, e, por suposto, as casas niño.

A semana pasada, o mércores 23 de xuño, rematou o prazo de presentación de solicitudes para a creación de casas niño no próximo curso, neste mesmo ano. E pódolle informar á Cámara –hai algún deputado que ten interese especial en visitar a segunda casa niño– (*Murmurios.*), pódolles informar de que no día de hoxe temos rexistradas máis de dezaoto solicitudes; por iso serán unha realidade dentro deste ano. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Un mínimo de dezaoto, si! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A verdade é que son dezaoto concellos que non tiñan ningún recurso de conciliación e que agora o van ter. Son dezaoto concellos de menos de 5.000 habitantes, son dezaoto concellos do noso rural que merecen os mesmos dereitos en materia de conciliación que as cidades, de verdade. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A segunda, vou tratar de resumir porque me queda pouco tempo. (*Murmurios.*) Con respecto a datos de emprego, o paro baixou novamente en 16.517 persoas con respecto a hai un ano, é un descenso dun 7 %, creceu a afiliación nun 1,26 % con respecto a hai un ano, existen 11.841 afiliacións máis, e a nosa comunidade pechou o primeiro trimestre de 2016 con 47.800 desempregados menos que hai un ano. Penso que os datos nos indican unha senda moito mellor da que viviamos nos últimos anos, tanto en descenso do número de desempregados como en persoas ocupadas que superan o millón nestes momentos. Pero, efectivamente, a interpelación é do mes de decembro, e aínda esta mañá o presidente da Xunta de Galicia se referiu a estes datos e, polo tanto, creo que non é conveniente que eu os repita neste momento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Rolda de réplica, señora Soneira.

A señora SONEIRA TAJES: Señor conselleiro, eu a verdade é que sobre este tema prefiro non facer sangue, dígollo en serio. ¿Vostede quere un pacto e un asunto serio? Verémolo no próximo pleno na moción que presentaremos, e falaremos. Pero, fíxese, é certo o que dixó o señor presidente pola mañá, eu collín os datos de hoxe –no día de hoxe, quentiños quentiños–, e é certo: ocupados, 1.021.100, pero en 2009 había 1.142.200. É dicir, claro, vostede cólleme e temos un enfermo, un paciente con 40 graos de febre e cando ten 39,5 vai mellorando, pero segue tendo unha febre do demo, ¿entende? A ver se o temos claro. Esa é a cuestión, e o paciente aínda non está fóra de perigo; é máis, segue estando grave, gravísimo. Claro, cando vostede me di que vai mellorando –os datos que dá sempre o señor presidente, vostede tamén– con respecto ao ano pasado, pero con respecto a 2009 aínda temos 60.300 parados máis, ¿entende? O único dato positivo –xa llo dixen– é o paro rexistrado. ¿Por que? Porque a xente non se apunta ao paro, ¡home!, non vai ás oficinas do Inem, non se apunta, vaise. E vostede sábeo coma min, e xa non lle vou entrar niso.

Mire, di vostede: é importante falar de demografía. Estou de acordo, pero o máis importante é actuar. Filosofar podemos filosofar todo o que queiramos, pero canto máis tardemos en buscarlle unha solución a isto teremos un problema serio. Mire, nós temos presentado aquí iniciativas modestas. Por exemplo, nos orzamentos 5 millóns para o retorno do talento que

emigrou, de xente xove, con créditos, nin sequera con subvencións a fondo perdido; créditos a devolver a moi longo prazo para que os proxectos os leven a cabo aquí, retornen e vaian a eses municipios. Porque me di vostede: axudas á natalidade. ¿Onde?, ¿nalgún municipio de Ourense no que nin sequera teñen nenos?, ¿que teñen ao mellor un nacemento cada dous ou tres anos, e cada vez que hai unha señora que ten un neno hai festa municipal e tiran foguetes literalmente nese municipio? ¿Vostede cre que por algún parto que poida haber nalgún municipio rural, do interior de Galicia, en regresión devastadora demograficamente, de verdade, cre vostede que iso é unha medida para saír disto? Pois non llo sei.

Mire, fáleme vostede de servizos, de apoio, dun montón de medidas. A sensación que tiña eu cando o escoitaba a vostede é como aquel que está no mar nunha balsa pneumática e váiselle pinchando por todos os lados, agora poño unha aquí, outra aquí e outra aquí e non dou feito. Pero, fíxese vostede, cando falamos de educación xa non vou entrar sequera nos recortes macro, non podemos ter o mesmo baremo nin a mesma consideración cando falamos –¿que sei eu?– para un municipio da montaña de Lugo ou do interior de Ourense de que cando falamos dunha cidade. Polo tanto, o criterio para pechar escolas porque non hai alumnado non pode ser igual. Isto non é unha medida. Cando falamos de medidas sanitarias, falamos do mesmo; cando lle desmantelamos os centros sanitarios e os concentramos en determinados puntos estamos desincentivando a permanencia no territorio. Pero, fíxese, se ata os bancos teñen retirado as oficinas, que agora mesmo vemos unha ringleira, e mañá, pasadomañá todos os velliños do rural galego terán que recorrer a alguén que os leve á capital municipal, se hai sorte, e se o municipio é pequeno á capital comarcal, a cobrar a pensión, porque xa retiraron todas as sucursais de todos os lados. É dicir, o importante é a conta de resultados e que Abanca, que practicamente a regalamos, reparta dividendos este ano, (*Murmurios.*) que é unha cousa increíble, é increíble. Si, o señor deputado rise pero iso é a verdade, iso é un choio. Os que compraron Abanca son uns fenómenos, dígollo en serio, compraron algo que ía para a ruína pero este ano xa reparten dividendos, e hai un par de anos isto ía... Bueno, en fin, non quero entrar nisto porque xa non teño tempo.

Mire, investimentos e fondos europeos. Ata o 2013, máis de 15.000 millóns de euros, ¿e en que os investimos?, ¿en mellorar as condicións para a fixación de poboación no rural e para que os inmigrantes, por exemplo, ou os nosos emigrantes retornen porque ven unha oportunidade? Señor conselleiro, sorprenderíalle a vostede saber cantos millóns de euros temos gastados en miradores con cartos europeos que hoxe son literalmente leiras de xestas absolutamente abandonadas, invadidas polo lume de vez en cando, cando non destrozadas polos xabarís, porque non hai quen os controle –eses si que proliferan e teñen unha natalidade altísima–. (*Murmurios.*) A iso chamáballe a miña compañeira Dolores Villarino “choiva fina”, aquilo de contentar a todo o mundo con cartos europeos, porque nos viñan de clo cló para conseguir votos, pero non para outra cousa.

A realidade demográfica de Galicia é a que é. E temos o país en perigo literal de desaparecer, porque se non hai dinamismo e se só somos clases pasivas, incluso somos dependentes do exterior. Porque no momento en que algún diga que non quere seguir mantendo as pensións dos galegos imos ter un problema, porque nós agora mesmo coas cotizacións non somos capaces de cubrir os pensionistas que temos dentro do país.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora SONEIRA TAJES: Se quere un pacto, señor conselleiro, dígallo ao xefe, ao presidente, e no próximo pleno vémonos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Soneira.

Rolda de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moi ben, moitas grazas, señor presidente.

Señorías, efectivamente, creo que fai falta un pacto, non sei se é no próximo pleno ou cando os grupos o desexen. Pero, dende logo, no reto demográfico cómpren políticas claras, transversais e con continuidade no tempo, que sobrepassen os gobernos, pero, sobre todo, que sexan capaces de sobrepasar os partidos, porque non só se trata de sobrepasar a mente dos partidos que ocupan o goberno, senón que en moitas outras ocasións se trata de que sobrepassen mentes, tácticas que moitas veces existen entre partidos, cando penso que é un tema moi claro e que temos exemplos de países onde teñen funcionado precisamente por iso. Por poñer algún exemplo, en Francia dende os anos trinta as políticas demográficas teñen estabilidade. Mire se pasaron repúblicas en Francia e gobernos en Francia, pero seguen aplicando, dende logo, políticas moi serias en materia demográfica, que teñen feito os seus efectos.

Non existen políticas máxicas, como saben, pero dende logo existen fórmulas para facer da nosa comunidade un lugar mellor para vivir e un lugar mellor para ter familia, para ter nenos e tamén para ter maiores, de verdade. Porque, efectivamente, hai algúns datos que se distorsionan como consecuencia de que en Galicia existen máis maiores que noutras comunidades. Posiblemente a palabra tan utilizada de “avellentamento” creo que é unha palabra demasiado técnica (*Murmurios.*) para definir o que son os maiores na nosa comunidade. (*Murmurios.*) Por iso creo que (*Murmurios.*) non debemos de ter a menos, senón considerar unha oportunidade e non un problema, ter moitos maiores na nosa comunidade. (*Murmurios.*) Ten que ser compatible, obviamente, para que a ecuación económica funcione con ter máis xoves, con ter máis nenos e con ter máis nenas.

Preguntábame se ten deseñado a Xunta de Galicia algún mecanismo de estudo, análise e diagnose das causas, evolución e consecuencias do fenómeno migratorio. Xa o dixeran antes, dende o Goberno temos tomado a iniciativa institucional de crear o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, que se creou moi recentemente, con funcións específicas: recopilar, analizar e intercambiar información relevante dende o punto de vista demográfico; definir e aplicar indicadores que permitan medir as variables demográficas; realizar e divulgar os estudos e traballos que resulten de interese dende o punto de vista demográfico; identificar as iniciativas e experiencias, proxectos piloto, recursos e programas de referencia en materia de dinamización demográfica; formular propostas e recomendacións en canto a estratexias e prioridades de actuacións das políticas públicas de Galicia; realizar un seguimento permanente da evolución das dinámicas demográficas; e elaborar informes sobre esta

situación. Xa lles digo que antes de que remate esta lexislatura terán todos os integrantes desta cámara información sobre todos os retos previstos neste observatorio, porque estaremos traballando todo o verán nesta iniciativa.

A segunda pregunta é sobre se existe algún proxecto, iniciativa ou estratexia ante a actual deriva demográfica. O Plan de dinamización demográfica e o Programa de apoio á natalidade, o PAN Galicia, cos seus tres eixes de actuación: o PAN axudas, o PAN servizos e o PAN conciliación.

A terceira. Hoxe Galicia dedica máis recursos que nunca a políticas sociais, e as de familia, infancia e dinamización demográfica están cerca por primeira vez e moi lonxe do que tiveron en toda a historia da autonomía. Cerca de cen millóns de euros estamos destinando neste ano 2016, que nos permiten implementar moitas actuacións novas polas que aposta decididamente o Goberno de Galicia. ¿Con que obxectivo? –preguntan–: poñer as bases para vivir nunha Galicia con máis anos, pero tamén nunha Galicia con maior esperanza de vida. Por iso este goberno inclúe a perspectiva demográfica no deseño e desenvolvemento das súas estratexias, accións e políticas para xerar contornos favorables para o desenvolvemento dos proxectos vitais dos e das galegas. Así o entenden esta consellería e este goberno, e tamén outros gobernos autonómicos, de distintos partidos políticos, cos que estamos a traballar, con obxectivos propostos para este mes de setembro, no próximo Foro de Rexións Españolas con Desafíos Demográficos.

Señorías, a nosa prioridade, de verdade, son as persoas, as persoas que máis nos precisan: os novos nenos, as novas nenas, os nenos que xa están en Galicia e os nosos maiores. Por iso imos seguir traballando para eles, considerar que son unha parte importante da nosa sociedade, porque teñen aportado moito á nosa sociedade.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Por iso tamén como conselleiro me alegro moitísimo do que temos aprobado hai poucos minutos neste parlamento para axudar a aqueles que máis nos precisan.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Interpelación de D^a María Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política de prevención e defensa contra os incendios forestais da Xunta de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señores deputados, señoras deputadas, señora conselleira.

Benvidos aos traballadores e traballadoras de Seaga que nos acompañan desde a tribuna de convidados no pleno de hoxe.

Señora conselleira, cando deixe ou remate a tertulia co conselleiro de Política Social, pois igual pode atender, porque as preguntas, se non recordo mal, van dirixidas a vostede, concretamente, e para iso está aquí, para responder ás preguntas.

Estamos a dous días de que comece a temporada de máximo risco de incendios do noso país e, polo tanto, desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego cremos que é máis que oportuno facer unha revisión de cal é a situación de partida para enfrontarnos a esa campaña de máximo risco.

En primeiro lugar, teño que dicir que hai poucas semanas se aprobou e se fixo público o Pladiga para o ano 2016, que se podería –digamos– resumir con tres rasgos:

Por un lado, que se trata por un simple corta e pega en relación cos plans de anos anteriores.

En segundo lugar, que é absolutamente acientífico, porque o Goberno da Xunta de Galiza, unha vez aprobado o Pladiga saíu en todos os medios de comunicación facendo unha estimación de que este ano se ían reducir nun 8 % os incendios forestais en Galiza. E eu xúrolles que revisei a memoria, os anexos, o terceiro documento e non atopei por ningún lado en que se basea o Goberno da Xunta de Galiza para facer esa estimación, se é que nos van repartir máis candeas aos galegos e ás galegas para que cando vexamos que leva catro ou cinco días sen chover poñamos unhas candeas, e que, polo tanto, sexa ese o método para reducir os incendios, porque, desde logo, non hai ningunha outra evidencia nin datos empíricos nos que se poida basear unha estimación ou unha previsión dese tipo.

E, finalmente, podemos caracterizar o Pladiga con outra afirmación, que é que coma sempre é unha gran mentira; á parte de ser acientífico é unha gran mentira. ¿Por que é unha gran mentira?

En primeiro lugar, –e diso falaremos despois– porque non aparece a prevención en serio por ningún lado no Pladiga, xa empezando porque se se aproba no mes de xuño dificilmente pode ser un plan orientado á prevención dos incendios forestais.

É unha gran mentira porque vostedes todos os anos repiten o mantra de que hai 7.000 persoas traballando no monte cando, se se analiza pormenorizadamente o Pladiga, pode verse que vostedes inclúen prazas que non están cubertas, prazas que están vacantes por calquera circunstancia, e inclúen, por suposto, este ano ademais medios aéreos que non vai haber, porque inclúen vostedes no Pladiga catro avións de carga en terra, dous con base en Ourense e dous con base en Lugo, que xa sabemos que para esta temporada non os vai haber, precisamente nunha das provincias, nunha das zonas do noso territorio sur da provincia de Lugo e toda a provincia de Ourense onde hai máis incendios forestais.

É tamén mentira porque vostedes no Pladiga poñen que hai unha serie de bases de helicópteros e, polo menos, a de Valdeorras, segundo parece, non se sabe tampouco se vai funcionar este ano.

É unha gran mentira porque vostedes fan unha relación de zonas de alto risco de incendios forestais, e nós non atopamos ningunha correlación en que iso comporte esa detección de que nesas zonas hai un elevado risco de incendios forestais e que nesas zonas se teña feito máis prevención, nin que esas zonas se doten de máis medios para loitar contra os incendios forestais.

Pero o máis grave do Pladiga, con todo, non é ningunha destas cuestións que acabo de enumerar. Para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o máis grave do Pladiga para o ano 2016 é que persiste nun modelo de prevención e loita contra incendios forestais absolutamente fracasado. Pode vostede aquí sacar as cifras de 2006 todas as veces que lle dea a gana, pero o certo é que se destinan cada vez máis recursos a extinguir incendios no noso país, cada vez hai menos incendios forestais, pero cada vez arde proporcionalmente máis superficie do monte do noso país. Se iso non lle parece un fracaso, señora conselleira, con menos incendios, máis cartos gastados, maior superficie queimada, pois que veña Deus e que o vexa.

A min gustaríame que vostede fixera unha reflexión e me respondese aquí. Con estes datos dos últimos anos, de como a pesar de que baixa o número de incendios, un 60 %, non se reduce nesa mesma proporción a superficie queimada, gustaríame que vostede dixera aquí, se é capaz de responder, se nun contexto adverso no que se puidesen chegar a producir douscentos incendios diarios, por poñer unha cifra, que ten habido temporadas de máis cantidade de incendios diarios, que pasaría neste país, se vostedes o ano pasado, un día como o día do incendio de Cualedro, que había cinco incendios activos en toda Galiza, non foron capaces de apagar un incendio como o de Cualedro, e chegou a devastar unha cantidade inmensa de hectáreas.

O máis grave desta situación é que persisten nun modelo, señora conselleira, absolutamente fraccionado, tendente cada vez máis á privatización e á precarización dese modelo de extinción de incendios e que, por desgraza, tende á desprofesionalización. Xa sei que os do PP van dicir que cando falamos de desprofesionalización estamos criticando os traballadores; non, non, non estamos criticando os traballadores, estamos criticando unha política da Xunta de Galiza que precisamente descapitaliza e desprofesionaliza un dispositivo que conta con moi bos profesionais, que ten traballadores con moita formación, con moita experiencia e con moita capacidade. Pero aos que, desde logo, non lles podemos pedir, nin aos que se contratan todos os anos como fixos descontínuos a través das listas de contratación da Xunta de Galiza, nin aos que se contratan a través da empresa pública Seaga para a temporada de máximo risco, que sexan os mellores profesionais, os mellor formados, os que teñan máis capacidade, os que mellor coñezan o territorio, e que estean á disposición da Xunta todo o ano para traballar tres meses cun pouco de sorte.

Digo cun pouco de sorte, señora conselleira, porque acaba de saír unha sentenza nun conflito colectivo presentado precisamente polos traballadores da empresa pública Seaga contra esa empresa, porque nin sequera se cumpren os tempos da encomenda de xestión. E o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza dálles a razón aos traballadores da empresa pública Seaga, de que, polo menos, se ten que cumprir o tempo da encomenda de xestión á hora de contratalos. Hoxe é día 29 de xuño, e aínda non se fixo a encomenda á empresa pública. Di vostede nos medios de comunicación que seica a van facer mañá no Consello da Xunta. ¿Sabe vostede que día representa iso que van estar contratados e á disposición súa, do seu goberno e do

seu dispositivo os traballadores de Seaga? Pois calcúllelle que sobre o 20 de xullo, como moi pronto, cun pouco de sorte.

Polo tanto, señora conselleira, recapacite vostede, que é o primeiro ano que se vai enfrontar aos incendios forestais no noso país, e, por certo, aínda que non o pense, deséxolle moita sorte nesa tarefa, recapacite vostede e díganos se cre que é conveniente seguir mantendo un servizo con traballadores cada vez máis precarizados e que, desde logo, o normal é que escapen en canto poidan dese servizo para buscar un traballo en mellores condicións. E, polo tanto, non podemos ter os mellores á disposición da Xunta se só os temos traballando durante tres meses ao ano.

E, desde logo, non é porque non haxa nada que facer no monte galego á parte de apagar lumes cando se producen, porque outro aspecto que teñen vostedes absolutamente descoñecido é a prevención. É inaudito, señora conselleira: vostedes contratan os traballadores durante tres meses e pretenden que fagan prevención e apaguen incendios ao mesmo tempo. A min gustaríame vela a vostede, señora conselleira, entrar a traballar ás oito da mañá, pasarse catro ou cinco horas coa desbrozadora facendo traballos de prevención e ás doce da mañá ou á unha saia un incendio e que teña que coller e ir correr polo monte coa manguera e co batelumes para apagar ese incendio, a ver en que condicións se pode facer ese traballo.

Polo tanto, a conclusión é que iso non vale nin para facer prevención, nin para facer extinción, o único que vale é para poñer en risco, no mellor dos casos, a integridade física e a vida das persoas.

E falando de prevención, ¿pode vostede desmentirme aquí, ás empresas, que tamén privatizaron os traballos de prevención en lugar de facer unha encomenda á empresa pública Seaga, que ten nove meses ao ano os traballadores sen cobrar, nin subsidios, mesmo en moitos casos tiveron que devolver subsidios que lles foran concedidos polo Servizo Público de Emprego? Pois en lugar de contratalo coa empresa pública Seaga, contrataron máis de setenta millóns de euros con empresas privadas para facer traballos de prevención. ¿Pode vostede asegurarme de que eses traballos de prevención van estar rematados antes de mediados de agosto, que foi a data que...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...deron as empresas ás que se lles concederon?

Esas, entre outras, ademais das que ten vostede inscritas, son as preguntas ás que queremos que nos dea resposta. Porque consideramos, señora conselleira, que coas medidas que levan adoptado desde a súa consellería, Galiza no día de hoxe, 29 de xuño de 2016, non está en condicións de facer fronte a unha continxencia adversa en incendios forestais.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

Réplica, conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Señora Paz, moitas grazas por desexarme sorte, pero a sorte é para toda Galicia, non é só para min. E a sorte tamén é para eses profesionais que vostede di –que para min son auténticos profesionais–, cos cales vivín e convivín cando me tocou estar nun incendio. Por suposto, non o fun sufocar, pero tampouco o sufocan vostedes traendo esa camiseta, créanme, hai que axudalos doutro xeito e non só cunha camiseta.

Independentemente de todo iso eu... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) hai, eu hoxe... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Vexo demasiado alborotamento nestas bancadas, non sei en realidade ao que se debe.

Independentemente das preguntas que vostede estivo formulando, eu teño oito escritas, e eu creo que hai algunhas que responderei a posteriori, porque creo que se solapan uns compañeiros con outros; é dicir, puxéronse de acordo para hoxe preguntar sobre os lumes, sobre Seaga, pero dividiron as preguntas en si, e penso que é bo que responda en función das que vou tendo.

Entón, bueno, dicirlle, en primeiro lugar, que hai veces que tiven que escoitar aquí que non tiñamos nin idea do que facían os distritos porque en realidade os distritos non facían nada. É dicir, que cando hai persoal no público, poñémonos ao lado deles, e cando non hai persoal no público, pois dise que a ver que fai a xente dos distritos que nós non temos nin idea nin tampouco eles. Non foi en concreto vostede, señora Paz, pero foi algún dos outros compañeiros. E iso, ademais, aí está –supoño que no *Diario de Sesións*– recollido.

¿Que é o que estou facendo? Pois, por suposto, non estou collendo a manguera, pero algo avanzamos en positivo, e é, en primeiro lugar, que se cubriron integramente o 100 % as vacantes, señora Paz; o 100 % as vacantes. Iso por un lado. (*Murmurios.*)

Por suposto, non imos repartir velas, o que hai que repartir é concienciación de que non haxa incendiarios, para que a partir do día 1 non haxa lumes, e nesa liña é na que intentaremos traballar.

Pero como unha das primeiras preguntas é: ¿Que ten previsto acometer en relación coa configuración do dispositivo de loita contra incendios forestais en Galicia e tendo en conta a nova tipoloxía de incendios?, ¿que é o que temos previsto? Pois permítame, en primeiro lugar, mostrar a miña sorpresa pola súa manifestación acerca dunha nova tipoloxía de incendios forestais. Créanme que é a miña primeira noticia, eu non sei a que se refire.

Galicia conta con máis de 30.000 entidades locais de poboación, e, polo tanto, ese elevado número de lugares espallados polo territorio ocasiona que, ás veces, os incendios forestais se produzan, efectivamente, preto deles.

Para protexer estes núcleos, xa que vostede me preguntaba nesa liña –aínda que despois aquí viñeron outras preguntas a colación, que serán respondidas ao longo desta tarde–, xa

se contempla na lexislación existente a obrigatoriedade de manter as faixas secundarias de vexetación con biomasa xestionada; é dicir, en 30 metros non pode haber piñeiros, eucaliptos ou acacias, e despois, nos seguintes, han de estar desbrozados e con arborado aclarado.

E aquí temos todos unha responsabilidade: esta Administración, que é a autonómica, a Consellería do Medio Rural e tamén os concellos, e eu, anteriormente, tamén tiña esa responsabilidade.

O deseño deste dispositivo de incendios realízase con base na ocorrencia dos incendios previstos segundo as estatísticas dos últimos anos. É dicir, segundo o que foi sucedendo e adaptándose aos tempos. Os orzamentos destinados anualmente tamén veñen deseñados neste mesmo sentido, polo que no caso de que se producise unha variación moi importante dese escenario, habería que modificar, así mesmo, esas previsións.

E vostede falaba de Cualedro o ano pasado, pero vostedes que gobernaron nun momento determinado –e eu tamén gobernaba, pero noutra entidade–, creo que co lume non se xoga, porque nos podemos acabar queimando, e ese foi un momento dramático; e á parte do de Cualedro, tamén cando vostedes estaban gobernando.

Unha planificación debe desenvolverse con base en datos previos, que é exactamente o que fai o Pladiga, cuxo dispositivo de persoal de extinción de incendios o compoñen brigadas propias, brigadas de empresas públicas, brigadas de concellos e de empresas.

E, efectivamente, mañá no Consello da Xunta –e aínda que eu estarei en Madrid defendendo a PAC en Galicia, que supoño que tamén o farán os restos dos partidos políticos, en contra do que pide Andalucía– irá, igualmente, ao Consello da Xunta a encomenda de xestión para contratar o persoal de Seaga.

Este dispositivo funciona, en todo momento, baixo un mando único, un mando único que se estrutura, a nivel de incendios: co director de extinción de distrito, co centro de coordinación do distrito provincial, co centro de coordinación provincial e, nos servizos centrais, a través do centro de coordinación central. O funcionamento e a eficacia do mando operativo único é independente da pertenza das brigadas de extinción, xa que baixo ese mando se unifica todo o dispositivo e se garante unha axeitada coordinación.

E estou segura de que así se fai non só a coordinación, senón o persoal que se contrata tanto a través de Seaga como a través dos concellos ou de distintas empresas, ao igual que o persoal que pertence directamente á Consellería do Medio Rural.

Polo tanto, non existe ningunha fragmentación do dispositivo, o dispositivo fundaméntase –insisto– nun principio, e ese principio é o de mando único.

Ademais, e de acordo coa lexislación vixente, incendio forestal é o lume que se estende sen control baixo combustibles forestais situados no monte, pero xa sabemos que unha cousa é o que se diga no que é a lexislación vixente e outra cousa é a realidade, porque esa realidade é que o lume non entende de atrancos e, polo tanto, non afecta só zonas forestais, afecta

tamén as agrarias, pero incluso os núcleos urbanos e tamén os núcleos rurais. Por iso é tan necesaria a colaboración de todas as administracións que poden estar implicadas, e que cada vez están máis implicadas, é o caso da Administración local.

Ademais, a Xunta de Galicia colabora cos concellos con convenios, e convenios nos que contratan persoal, e ese persoal estou segurísima de que é totalmente profesional, ao igual que o resto do persoal que traballa a través de Seaga eses tres meses. Hai xente que, reiteradamente, traballa nos concellos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Xa só faltaría que aquí dixeran vostedes que esa xente non era profesional. É dicir, eu entendo que a xente que, dun xeito ou doutro, está traballando é porque pasou unhas probas, e, polo tanto, despois de pasar esas probas fai todo o posible para ser auténticos profesionais.

¿E como participa a Xunta de Galicia? Fálame do Pladiga e como se desenvolve o Pladiga, aínda que despois cambiaran vostedes para Seaga nesta pregunta. Pois participase a través da defensa contra incendios mediante a actuación con vehículos motobombas de propiedade municipal, financiados con fondos propios da Comunidade Autónoma; tamén coa realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado, financiados con fondos Feader; coa contratación de brigadas para o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa, financiados con fondos propios da Comunidade Autónoma; e para a realización de traballos de prevención de forma manual, financiados con fondos Feader.

Tamén contamos co convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as deputacións provinciais en materia de emerxencias. En materia de emerxencias o que hai é que unir prevención e defensa contra incendios forestais na creación dos denominados GES, Grupos de Emerxencia Supramunicipais.

Esta cooperación vén recollida no artigo 8 da Lei 3/2007, do 9 de abril, e, polo tanto, non estamos a falar –tal e como dicía vostede na exposición de motivos, e despois nas súas preguntas– de que estamos a retroceder, de que é un modelo que xa non ten razón de ser, senón todo o contrario. É dicir, nos lumes debemos estar todos implicados, e non para que eu teña sorte, senón para que Galicia teña a sorte que se merece.

Por estes motivos para este ano, e segundo se contempla no Pladiga, non se prevén modificacións do deseño do operativo respecto dos últimos anos.

Señorías, o obxectivo real do Pladiga é reducir ao mínimo posible os danos ambientais e económicos producidos polos lumes forestais na Comunidade Autónoma de Galicia, dentro dos recursos dispoñibles. Pero dentro dos recursos dispoñibles dicirlles que Galicia é a que ten o maior operativo, sen dúbida, contra incendios.

De acordo co obxectivo real establécense –como en anos anteriores– unhas previsións, previsións certas e previsións nas que non só se trata de números aleatorios que dea a Consellería do Medio Rural, senón que detrás hai auténticos profesionais, que son os que nos dan as liñas a seguir.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Mire, señora conselleira, con todo o respecto. Despois da intervención que tivo vostede en relación cos incendios forestais, coa cantidade de lugares comúns e tópicos que veu repetirnos aquí en relación cos incendios forestais, que vostede se atreva a falar de profesionalidade ten cachondeo; e que diga que todos, incluídos os das brigadas municipais, pasan unhas probas, pois deben de ser como as que pasou vostede para ser conselleira e para ter acreditación para ser a responsable da política de incendios e da política forestal deste país. (*Aplausos.*) Dito con todo o respecto, señora conselleira.

Porque mire, que unha conselleira do Medio Rural de Galiza veña aquí cachondearse e intentar obviar que hai unha nova tipoloxía de incendios forestais no noso país, que se produce de forma recorrente dende o ano 2005, debería ser motivo de dimisión. E que vostedes... (*Murmurios.*) Si, si, debería ser motivo de dimisión, señora conselleira, que vostede non saiba que a tipoloxía de incendios forestais no noso país está cambiando, que están cambiando, seguramente, tamén, as causas que hai detrás dos incendios forestais.

Pero vostedes como pasan de todo e dismantelan as brigadas de investigación de incendios forestais –que xa non existen en ningún sitio máis que no papel–, dismantelan absolutamente todo porque son uns auténticos irresponsables, pode permitirse o luxo aquí, sen pñerse colorada, de vir dicir que é iso da nova tipoloxía de incendios forestais.

Pois mire, dígolle, vaia a calquera distrito do país e pregúntelle a calquera traballador do dispositivo, dos que traballan tres meses, quince días, nove meses ou todo o ano, funcionarios, laborais ou de Seaga, e pregúntelles se hai ou non unha nova tipoloxía de incendios forestais. E se hai que investigar ou non cales son as causas e que hai detrás desa nova tipoloxía de incendios forestais. E pregúntelle se iso non obrigaría a un goberno responsable a repensar a súa política de loita contra incendios forestais.

E mire, señora conselleira, nós na terceira pregunta que ten vostede por escrito falabamos de se vai seguir mantendo a opción de fraccionar o dispositivo e se cre que iso é eficaz. A min, de verdade, terá que convencerme con datos de que é eficaz substituír os traballadores das belugas –que antes se contrataban a través da empresa pública Seaga e que eran eficaces, que era xente profesional e que estaba formada–, se é máis eficaz contratárllelos a Natutechnia.

Deberá convencerme, se iso é así. Se é máis eficaz que en lugar de que se encomenden 2.000 traballadores –como se viña facendo– a través da empresa pública Seaga, agora se lle encomenden 500 a Seaga e o resto se contraten a través das brigadas municipais, ¿que sabe como lles chaman en moitos concellos? Os barrefollas. Porque ao final os concellos utilizan eses traballadores para todo menos para facer o traballo que teñen que facer, que é prevención e loita contra os incendios forestais. E poden vostedes darlle á cabeza todo o que queiran, pero esa é a realidade. É a realidade que hai nas aldeas do noso país, e iso é un auténtico dismantelamento do dispositivo de loita contra incendios forestais no noso país.

Mire, poderíamos –é que non teño tempo, quedame un minuto e vinte e oito–, pero vostede igual non o sabe, porque ao tempo non era conselleira e vostede estaba tan ricamente alí en Melide intentando convencer os gandeiros de que non se mobilizaran polos prezos do leite. Pero o ano pasado nese incendio de Cualedro esas brigadas municipais, tan profesionais, cando os chamaron –non vou dicir o concello, porque os traballadores non teñen a culpa– dun concello do sur da provincia de Lugo para ir a Cualedro, resulta que como son tan profesionais eran as 11 da noite cando tiñan que saír e resulta que a motobomba non tiña gasóleo, e tiveron que ir desde un concello ao suroeste da provincia de Lugo ata un concello ao sueste da provincia de Lugo, a 40 quilómetros, a ver se atopaban algunha gasoleneira aberta un domingo ás 11 da noite. E cando chegaron a Cualedro para intentar axudar a apagar o incendio, resulta que se lles acabara o turno e tiveron que coller e dar a volta, e marchar outra vez de volta.

Pero é que isto non é unha anécdota, esta é a realidade dun dispositivo que está concibido non para apagar incendios, senón para pagarlles favores aos alcaldes con esas brigadas municipais e para que os alcaldes, á súa vez, fagan o que máis lles pareza para manter o seu chiringuito con esas brigadas municipais.

E convídoa, señora conselleira, a que lle pida ao arquivo deste Parlamento que lle dean –debería telos vostede tamén na súa consellería– os informes dos axentes forestais do ano 2006 e que lle digan o que pasaba coas brigadas municipais. Caeráselle a alma aos pés, caeríaselle a alma aos pés de como se puxeron en perigo vidas de persoas neste país, casas, propiedades, montes, vidas dos traballadores do dispositivo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...porque as brigadas municipais son patrimonio dos alcaldes, e das motobombas ten a chave o alcalde, ou a chave do garaxe o alcalde, e se non lle daba a gana non lle daba a chave a ninguén. Iso está en informes de funcionarios públicos. Pode poñer toda a cara de estupor que queira, señora conselleira. E eses informes están nos arquivos deste Parlamento.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: E eu o único que lle digo, señora conselleira, é que por desgraza neste país temos un problema moi grave no noso monte. E a frivolidade, a frivolidade de aproveitarse de que levamos moitos veráns, por fortuna, nos que as condicións meteorolóxicas foron bastantes favorables...

O señor PRESIDENTE: Remate, señora Paz.

Mire o tempo, mire o tempo.

A señora PAZ FRANCO: ...para que non ocorrera unha desgraza para desmantelar, privatizar e deixar desprotexido o noso monte...

O señor PRESIDENTE: Mire o tempo, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: ...é iso, unha frivolidade, e eu pídolle que non saia na frivolidade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

Turno de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Señora Tareixa, non sei que méritos tiven –Teresa, Teresa, perdón, ou Tareixa, ¿non?, tamén se di así en galego, que eu saiba–. Señora Paz, pois veña, señora Paz, non sei que méritos tiven eu para ser conselleira, preséntese vostede a unhas municipais, quite o 60 % dos votos e despois pasará vostede, si ou non, un exame. (*Aplausos.*)

Por outro lado, gustaríame, preséntense vostedes, quiten ese resultado e a partir de aí pois xa teñen un pequeno exame, e que mellor exame que o ter a carón da súa casa.

Eu creo que debería de pedir perdón, e debería de pedir perdón a esas 1.500 persoas que son contratadas a través das brigadas que piden os concellos, que por certo non son só concellos do Partido Popular, son tamén concellos do BNG e do PSOE. É dicir, aquí os alcaldes son todos uns mercaderes e, polo tanto, non existe a libre concorrência, e son todos enchufismos, e, ¡pobrecito!, que é o máis tonto do pueblo o que vai varrer. ¡Que non, que non, señora Paz!, ¡iso non é así! Son 1.500 persoas que fan un traballo moi importante, e os alcaldes, que eu saiba, non son ningún mercaderes.

Independentemente de todo iso, dicirlles que traballamos, e traballamos moito, e eu síntome orgullosa diso. Por exemplo, oposicións, hai moitos anos que non se convocan e hai 188 prazas, ¡ogallá foran 1.800, pero son 188!

Dicíalle, anteriormente, que se cobren o cen por cento das vacantes, entre outras cousas, e que o persoal de Seaga ten opción –e de feito moitos non están en Seaga porque teñen esa opción– a poder cubrir esas vacantes.

Por exemplo, di nun momento determinado que non hai equipos de investigación. Bueno, eu dicirlles que estiven a semana pasada reunida con eles, pero bueno, é que igual me enganaron e non son tales equipos de investigación, igual é que cobran por iso pero son uns ninguéns; é dicir, váiase, váiase vostede a Pontevedra e atopará equipos de investigación, por exemplo.

Bueno, eu, independentemente de moitas outras cousas, señora Paz, que podía seguir unha tras outra dicíndolle, creo que temos que ser un pouco máis serios e respectuosos, e que non se trata só dunha simple camiseta, que temos que tratar o tema dos incendios con maior profundidade. E que dentro desa maior profundidade –e como dicía vostede– non vai haber eses avións.

Efectivamente, comezamos un proceso, un proceso no cal a primeira convocatoria non queda deserta, unha segunda convocatoria que queda deserta, e optamos pola contratación de he-

licópteros. E para que si, efectivamente, todo o mundo estea calmado, pois dicirlles que xa hai trece helicópteros contratados, por exemplo, porque parece que de repente non imos ter ningún helicóptero.

Á parte deses trece helicópteros contratados pola Xunta de Galicia, están en concurso outros tres máis, así como outro de coordinación, cada un deles con dúas brigadas helitransportadas, dispositivos aos que temos que sumar dous helicópteros do Ministerio de Agricultura e dous de vixilancia policial, que tamén son máis que necesarios. Ademais, temos que sumar os dous avións anfibios do ministerio, operativos dende pasadomañá, e dous máis de carga en terra. Cómpre, tamén, sinalar que se incorporarán un total de trinta e dúas brigadas helitransportadas, co cal as horas dos medios aéreos con brigadas son maiores que en anos anteriores.

Xa que os avións non levan a correspondente brigada, pero si a levan os helicópteros, ao contrario dos helicópteros, haberá máis efectivos apagando lume sobre o terreo. Como resulta facilmente deducible do exposto, os medios aéreos, xunto co persoal en terra, van ser superiores este ano. Pero non só se trata de apagar lumes, trátase tamén dunha vixilancia continuada e dunha concienciación, porque os lumes non aparecen porque si, os lumes aparecen porque alguén prende lume, e dá a impresión de que temos un interese para que isto sexa unha hecatombe e hai xente sensata en Galicia, e, polo tanto, iso non ha de ser así.

Independentemente, a prevención realízase ao longo de todo o ano e é unha prevención que non só fai a administración pública, senón que tamén é obrigación dos particulares; é dicir, cada un ten obrigación de manter o seu terreo limpo, e iso demandámolo dende aquí, pero tamén o demandan os concellos dende o lugar que lles corresponde.

A Xunta, polo tanto, ten neste momento cuberto amplamente o seu dispositivo e continúa unha liña de traballo, liña de traballo que, como ben vostede dicía, está no Pladiga; polo tanto, non se trata de deixar unha mensaxe sinxela, unha mensaxe de catástrofe, senón todo o contrario, cun resumo, e este resumo é: realízase un esforzo e a min gustaríame que o persoal de Seaga, igual que o persoal fixo discontinuo da Xunta de Galicia, igual que o persoal dos concellos, en vez de ter tres meses de traballo tiveran máis meses de traballo, pero esa é unha encomenda para un momento determinado, que son os incendios, e son durante tres meses.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Interpelación de D^a María Concepción Burgo López e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a diminución do persoal docente e investigador no Sistema universitario de Galicia nos últimos anos

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes de novo, señorías, señor conselleiro.

Ben, queremos debater esta tarde dun problema que vostede coñece perfectamente, dun dos graves problemas que está tendo agora o Sistema universitario galego, as tres universidades de Galicia; tres universidades que xa sufriron as consecuencias importantes e graves do forte recorte orzamentario.

Como vostede sabe, os recortes que fixo a Xunta de Galicia fixeron perder o 15 % dos ingresos ás universidades nestes anos, levándoas a un nivel económico semellante ao ano 2005. Pero tamén por riba, ademais disto, temos outro problema, que é a taxa de reposición imposta polo Goberno do señor Rajoy, primeiro do 10 % nas xubilacións e logo pasado ao 50 %.

Unha taxa de reposición que está traendo unhas importantísimas consecuencias en forma de descenso de persoal docente e investigador no Sistema universitario galego, e tamén de persoal de administración e servizos, se ben é certo que este en menor medida. Unhas universidades que están perdendo, vostede sábeo, señor conselleiro, o capital máis importante, o recurso máis importante, que é o recurso humano.

Utilizando datos oficiais das universidades, nas universidades sabe vostede que entre o ano 2010 e o 2014 o Sistema universitario galego perdeu un mínimo de 400 profesores, un 7,5 % da plantilla que tiña no ano 2010, unha perda moi considerable que é confirmada polo último informe da CRUE, que reflicte a diminución do profesorado dun 7,5 % na Universidade de Vigo e dun 7,3 % na Universidade de Santiago, moi por riba da media nacional –como vostede sabe, señor conselleiro–, que se atopa nun 5,74 %.

No persoal investigador a perda é aínda maior, porque ten outros carrís, outras maneiras de perder persoal. Entre 2010 e 2014 desapareceron 467 investigadores nas universidades, un 19,5 % dos existentes en 2010.

Como vostede xa unha vez me dixo que todo isto dependía –era a súa culpa– de Zapatero, que impuxera a taxa, e para que poidamos ter un debate cordial e rigoroso, fixen as contas de canto perdemos con Zapatero e canto perdemos co señor Rajoy. E coa taxa de reposición do señor Zapatero o número de profesores do Sistema universitario galego descendeu un 0,5 %, un 0,5 que son 27 profesores, nada máis. No período do señor Rajoy, señor conselleiro, descendieron 373 profesores, un 7 %.

Aclarado quen ten o maior número de perda aquí, que non é o señor Zapatero, loxicamente –como vostede sabe–, senón o señor Rajoy, podemos seguir, creo, este debate buscando solucións, que é o que pretendemos, saber a súa opinión e buscar solucións.

Son cifras moi importantes que –como vostede sabe tamén– inciden nunhas plantillas moi envellecidas, porque a media do profesorado no Sistema universitario galego é de máis de 50 anos, na nosa universidade –como vostede sabe– aínda maior. Polo tanto, é un problema moitísimo máis grave. Como vostede sabe perfectamente, non teño eu que dicirillo, nos próximos catro anos calcúlase que 300 profesores e profesoras da Universidade de Santiago deixarán a universidade, 300 profesores, señor conselleiro, e sei que vostede –estou segura– está preocupado por esta situación, porque é extremadamente grave.

E queremos saber que vai facer con isto. O que non nos parece normal é que vostede e o seu Goberno, o Partido Popular, apoiem a única medida que parece tomar o Goberno de Rajoy – que quere tomar o Goberno de Rajoy– para solucionar isto e cambiar os graos de catro anos a tres, porque se necesita menos profesorado desa maneira e, polo tanto, as carencias serán menores. Iso sabe vostede que leva a un descenso da calidade da docencia, e ademais leva a unha elitización da universidade, porque os másters, que pasarían a dous anos, son moito máis caros, e, por certo, xeralmente máis importantes ou con maior peso nas privadas.

A taxa de reposición do cen por cento que agora temos, señor conselleiro, sabe vostede que non arranxa esta situación, porque as perdas son irrecuperables, se non facemos algo, porque o cen por cento soamente se refire a xubilacións deste ano, non ás anteriores; polo tanto, as perdas están aí e algo haberá que facer.

E por riba de todo isto, sabe vostede perfectamente, señor conselleiro, que se está producindo unha precarización absoluta da plantilla das universidades: como non se poden ter funcionarios, estanse cambiando por contratos temporais, contratos precarios, contratos que –vostede sábeo– están a pagar ás veces 250 euros por traballar en dúas asignaturas todo o ano, 250 euros netos, a un persoal absolutamente cualificado.

Polo tanto, unha precarización absoluta da situación: contratos precarios, que son aos que vostede se refire cada vez que falamos disto e me di que hai 200 ou 280, ou non sei cantos, contratos que se fixeron. ¡Claro!, fixéronse contratos porque era a única maneira de cubrir a docencia de todos os profesores desaparecidos, pero é que estamos cambiando, señor conselleiro, emprego de calidade, fixo e de calidade –como era o anterior–, por un emprego precario, temporal e –por riba– extremadamente mal pagado, iso é o que está pasando na universidade.

Non hai maneira, vostede sábeo, de facer agora mesmo carreira universitaria, non hai forma, porque non hai nin existen os cauces, e vostedes non están poñendo os cauces nin para asentar o profesorado existente –é dicir, para permitirlle unha promoción interna– nin, por suposto, para facer unha carreira universitaria, docente e investigadora, e por iso moitos xóvenes –como vostede sabe– se están marchando de aquí para buscar novas oportunidades noutros países.

As cifras de profesores de Santiago, como vostede coñece, pon a situación no seu lugar, señor conselleiro. Se a plantilla total de profesores e investigadores en Santiago descendeu de 2.300 a 2.043 en total, de 2010 a 2015, o número de interinos e temporais pasou de 47 profesores a 122. Señor conselleiro, isto é precarización do emprego, nuns profesionais que –sabe vostede– están altamente cualificados e que non se improvisan, porque un profesor universitario non se improvisa de hoxe para mañá; tardamos dez..., ás veces máis, en ter un profesor que é capaz de gañar unha oposición ou de ter a calidade docente que se lle solicita, como debe ser.

Polo tanto, se esta situación non se frea, se vostedes non poñen algunha maneira de arranxar esta situación, o único que imos ter é unha rebaixa profunda da calidade docente e da calidade investigadora, señor conselleiro. Porque sabe vostede que cando a docencia non hai

profesores para dala, entón, multiplícase, e se os profesores cada vez teñen máis docencia, cada vez teñen menos tempo para facer investigación, porque tamén para os profesores universitarios os días teñen 24 horas, non teñen máis.

E hai, ademais, señor conselleiro –sei que me vai dicir que non, pero os textos, incluíndo a Lei de orzamentos, están aí–, houbo unha intromisión brutal da consellería nas plantillas das universidades, porque se necesita unha autorización da Consellería de Facenda para contratar un profesor ou profesora substituta, substituindo unha enfermidade nada máis. Sabe vostede que houbo unha intromisión que fixo que a xestión das plantillas fose aínda peor. Polo tanto, por favor, señor conselleiro, non me diga que teñen autonomía e que poden contratar a quen queiran. Primeiro, porque non teñen diñeiro para facelo e soamente teñen para multiplicar eses contratos que non chegan ao soldo mínimo de persoal, cun persoal moi cualificado. Non chega para facelo e ademais están, dalgunha maneira, intervidos pola Consellería de Facenda.

Señor conselleiro, o que queremos saber é que, ante esta situación, ante esta escaseza de recursos, ante o panorama que se nos presenta ás universidades públicas, señor conselleiro, porque resulta que, mentres as públicas rebaixaron os profesores, as privadas multiplicaron o cen por cento o seu profesorado, e iso depende das políticas que está levando a cabo o Partido Popular –o Partido Popular de Rajoy no Goberno de Madrid e o Partido Popular de Feijóo aquí–; polo tanto, queremos saber, señor conselleiro, como valora esta situación e que medidas vai adoptar para frear unha situación tan complexa como coa que se está enfrontando o Sistema Universitario de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Burgo.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moi boas tardes, señora presidenta e señorías.

Señora Burgo, vostede cumpriu a súa palabra. Lembro que no último pleno ameazou con que ía facer unha interpelación sobre o profesorado universitario aportando máis datos e, bueno, pois si o fixo. Eu creo que gran parte do que vou dicir xa foi respondido no pleno pasado na pregunta ao conselleiro, pero a verdade é que –enténdame ben– creo que despois de escoitala quedei un pouco preocupado porque vostede, coma min, que procedemos do mundo universitario, parece que nos esquecemos dalgunhas cousas. E quizais hoxe vostede na súa exposición esqueceu algunhas cousas: esqueceu que as universidades son unha administración pública, tamén esqueceu que as universidades teñen recoñecida por lei a súa autonomía, esqueceu que as competencias de planificación e xestión de persoal son unha responsabilidade directa da universidade e tamén esqueceu que a taxa de reposición a puxo un goberno socialista, no ano 2010.

Pero, bueno, eu voulle responder ás súas preguntas, ás que me plantexa aquí na interpelación, obviamente, para que non diga que non respecto, nin moito menos, a súa tarefa e o

seu labor de control. Pero, quixera poñer encima da mesa unha serie de datos que creo que son coñecidos –e estou seguro de que vostede os coñece– respecto á evolución do que é a dinámica de profesorado das universidades, que se plantexa en documentos e que son os datos oficiais das universidades. E estou seguro de que vostede coñece os datos plantexados na memoria do Plan de financiamento 2016–2020, onde se fai unha diagnose da situación en materia de profesorado.

Aí os datos son creo que moi concretos e moi precisos: no ano 2005, en plena bonanza económica, no curso 2005–2006, o número de profesores, o número de PDI era en Galicia de 5.085; no curso 2012–2013 o número de PDI era de 5.021, tanto para grao como para posgrao. Mentres, o número de alumnado, tamén de xeito correlativo, no curso 2005–2006, era 78.682, tamén en grao e posgrao; no curso 2012–2013 estamos a falar de 66.564 alumnos. É dicir, temos unha estabilidade nos datos oficiais, practicamente estable do PDI, só baixamos un 1,2 %, de 5.085 a 5.021, e si hai unha caída de alumnado importante do 15,4 %, obviamente por razóns moi diversas.

Vostede dirame: “bueno, é que estes datos están desactualizados” ou “estes datos son de grao e posgrao”. Vaiamos a datos máis concretos, máis actuais; vaiamos aos datos só de grao, de primeiro e segundo ciclo dos graos universitarios de Galicia. Os datos dispoñibles a día de hoxe, é dicir, os do curso 2014–2015, dinnos que a dinámica comparativa –só graos– entre o curso 2005–2006 é de 74.786 alumnos fronte a 55.322; son os datos de alumnado en grao. Mentres, no PDI estamos a falar de 5.085 fronte a 4.937. É dicir, unha caída practicamente mínima dos profesores, do PDI, e unha caída –en gran parte debido a cuestións demográficas– moito máis importante no ámbito do alumnado.

E, vistos estes datos, vostede comprenderá que en Galicia o sistema universitario conta cunha das mellores, non diría a mellor pero si das mellores ratios profesor-alumno dentro do sistema. Estamos a falar de 11,2 alumnos por profesor universitario; iso é unha das mellores ratios de España, sen dúbida. E eu son consciente de que estes datos son unha media estatística, obviamente que non se fai relación, pero no resto das comunidades autónomas tampouco se fai relación, e non é o mesmo unhas carreiras que outras e non é o mesmo uns ciclos que outros, pero temos un número de PDI no sistema universitario entendemos que dos mellores.

E, con estes datos, non vou ser eu o que poña en dúbida que as tres universidades galegas –Vigo, Santiago e A Coruña– contan cun persoal docente investigador, co PDI, necesario para atender as necesidades dos alumnos que cursan os seus estudos en Galicia. E, por suposto, tampouco dúbidos –eu non dubido en ningún momento– da cualificación e da capacitación profesional dos docentes universitarios, de ningún, e eu estou seguro de que vostede tampouco.

Pero, claro, cando falamos da taxa de reposición, eu perdóeme que me sinta un pouco preocupado, porque vostede sabe perfectamente que quen impulsou a taxa de reposición no Estado español, e por extensión en Galicia, foi o Goberno do señor Zapatero. Eu non vou aquí defender o señor Zapatero, que xa o defende o señor Pablo Iglesias; eu non o vou defender nin moito menos, pero o que si non é menos certo é que foi un goberno do Partido Popular –cando a situación económica o permitiu– o que puxo en marcha unha taxa reposición do 50 % e, actualmente, tamén un Goberno do Partido Popular puxo en marcha unha taxa de reposición do 100 %. E,

obviamente, se hai algunha problemática en calquera servizo público –educativo ou non educativo– vencellada á taxa de reposición, vostede sabe perfectamente que a responsabilidade e as causas desas debilidades son debidas a unha decisión do Partido Socialista, que o Partido Popular as corrixiu. Co cal, que vostede veña aquí cuestionar a taxa de reposición intentando trasladar esa debilidade aos gobernos do Partido Popular sinxelamente é pouco crible.

Pero, bueno, tamén dicirle que a maiores da taxa de reposición, que afecta efectivamente só a persoal funcionario –a titulares e a catedráticos–, non a outras figuras docentes que as universidades teñen para cubrir as vacantes necesarias, tamén lle direi que a Xunta de Galicia autorizou a contratación con base na Lei de orzamentos xerais do Estado en 2013, en 2014 e en 2015 de, respectivamente, 271, 312 e 287 prazas de PDI. É dicir, que houbo, con base nos requirimentos das universidades, unha correspondencia a esas autorizacións, fundamentalmente porque a comunidade autónoma galega ten unha boa xestión económica e unha boa solvencia económica. Obviamente, no ano 2016 xa non fai falta, porque estamos na taxa de reposición do cen por cento.

Co cal, señora Burgo, a min tamén me sorprende que vostede persevere –utilizando algo habitual tamén no seu compañeiro Docasar–, en certa medida, en contradicirse tamén a si mesma, porque intenta trasladarlle á Xunta de Galicia responsabilidade, por unha parte, da taxa de reposición do Goberno socialista e, por outra, intentando trasladarlle á Xunta de Galicia unha responsabilidade que é basicamente dos ámbitos propiamente universitarios; porque, neste caso, as competencias de planificación de persoal son responsabilidade directa de cada universidade.

Hai unha cuestión que tamén me preocupou –e intentarei non facer un chascarrillo– porque, claro, vostede di que as plantillas están moi envellecidas na universidade, porque teñen cincuenta anos de idade media. Home, neste Parlamento a idade media non sei se está en cincuenta, pero creo que un profesional aos cincuenta anos está na máxima plenitude profesional. Dicir que é un problema que os profesionais universitarios, que os profesores universitarios, teñan unha media de cincuenta anos... Bueno, home, estamos cerca deles, eu polo menos, pero cuestionar a valía profesional dun profesor pola súa idade é, francamente, cando menos sorprendente. Porque, claro, vostede me poderá dicir que ao mellor un profesor ou un catedrático de sesenta anos é peor que un profesor de corenta –eu non lle vou dicir que si nin que non, dependerá de cada un–, pero utilízalo como un argumento para atacar o Goberno, pois, francamente, señora Burgo, eu non o comparto; nese caso, en ningún momento o comparto. (*Aplausos.*)

E, mire, vostede tamén nos fala da universidade pública e privada. Home, en Galicia non hai ningunha universidade privada, (*Murmurios.*) aquí só hai universidade pública. Noutras comunidades autónomas, algunhas rexidas dende sempre, dende sempre, por gobernos socialistas, si hai universidades privadas, en Galicia non as hai. As universidades galegas tiveron un escenario orzamentario, no peor momento posible, no peor momento da crise, bastante máis solvente, bastante máis tranquilo e bastante máis coherente ca inmensa maioría dos sistemas universitarios autonómicos, onde se chegaron a adiar pagos incluso das nóminas, onde se quitaron todas as convocatorias e onde houbo uns niveis de endebedamento absolutamente brutais. E Galicia, afortunadamente, as nosas universidades, en parte por unha xes-

tión responsable dos propios reitores pero tamén en parte por unha planificación económica vencellada tanto ao Plan de financiamento 2011-2015 como ao actual Plan de financiamento 2016-2020 –por certo, que incrementa os fondos económicos, o financiamento público, en máis dun 18 % para as universidades e que foi consensuado e apoiado polas propias universidades–, pois certamente non queda de todo responsable plantexalo.

E hai unha cuestión que tampouco podo compartir: vostede fala de que baixa a calidade da docencia universitaria porque hai contratos precarios, porque hai contratos temporais ou porque hai contratos de formación. Mire, eu nunca dubidaría, nunca dubidaría, da capacidade e da profesionalidade dos profesores universitarios, aínda que sexan substitutos ou interinos. Vostede e mais eu, seguramente, nos nosos departamentos...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...teremos profesores que están substituindo a nosa docencia e vostede sabe que non debemos crítico; non se poden criticar os contratos que fan as universidades, ou polo menos eu non o faría, no exercicio da súa autonomía. E, claro, eu tamén fun profesor asociado, e vostede sábeo –vostede foi a miña decana na Facultade de Humanidades de Lugo–, e eu tiña un contrato naquel momento no que estaba entre os 180 e os 200 euros. É dicir, que ese tipo de contratos os houbo sempre e mantéñense sempre para cubrir determinadas prazas de docencia. En todo caso creo, señora Burgo, que a Xunta está a cumprir coa súa responsabilidade de coordinación e de financiamento das propias universidades. Creo que ambas institucións, sistema universitario...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ... e Xunta, estamos a desenvolver un traballo leal, un traballo cooperativo, en clave de país, con respecto mutuo, moi coordinado e, en todo caso, os datos que puxemos da evolución do profesorado encima da mesa, creo que converten a súa interpelación nunha interpelación excesivamente alarmista.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra a señora Burgo López.

A señora BURGO LÓPEZ: Grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, se un non asume a realidade que ten enfronte, non é capaz de transformala. Vostede sábeo perfectamente. E se vostede non o asume e non quere asumir nin un só dos problemas –que vostede sei que sabe– que teñen as universidades e terxiversa os datos e manipula os datos e manipula o que dicimos os demais, está facendo un fraco favor –vostede sábeo– ao seu partido, tamén, porque está tendo soamente unha visión partidista pero,

sobre todo, está facendo un gran dano a quen ten vostede que administrar que son, neste caso, as universidades públicas.

A min, de verdade, a alguén que é especialista e que seguramente sabe moito máis ca min de estatística, dáme non sei que dicirle que non pode manipular así. Claro, que se compara vostede desde 2005... pero é que o profesorado universitario entre 2005 e 2010 tivo unha evolución a alza, claro, entón claro que lle parece que son parecidos, pero é que resulta que dende 2005 e dende 2010 tiveron unha evolución positiva. O problema é que 2015 temos o mesmo nivel que tiñamos no 2005, é dicir, que perdemos dez anos de presuposto das universidades, e perdemos 10 anos de consolidación das plantillas, señor conselleiro. O que vostede quere poñer como bo é malísimo, é o indicativo do grave problema que están tendo as universidades. Autonomía, señor conselleiro, a que vostede lle deixaron ter, nada máis, porque é que está nas propias leis de orzamento, que non puideron facer absolutamente nada sen permiso, sen permiso, da Consellería de Facenda. E o que é máis grave, vostede está mantendo unha circular que di que se non hai profesor nunha área que dean as materias as áreas afíns. As áreas afíns, o nunca visto en educación superior, señor conselleiro, que o estamos criticando nos institutos, ¿que imos dicir entón nas universidades? E vostedes están mantendo, vostede está mantendo esa orden.

Ratio por alumno, señor conselleiro, a ver, é que xa non sei que me dá dicirle o que vostede sabe. Hai áreas que teñen suficiente profesorado e hai áreas que son claramente deficitarias, e por iso os alumnos de algunhas facultades están protestando encerrados e con problemas e vostede sabe que esas medias non serven absolutamente para nada. E en canto á idade, non, eu non creo... eu son mellor profesora agora, estou segura, cos anos que teño, que cando empecei, claro, o problema é que eu tiven –dende que comecei– a posibilidade de ir promocionando e crecendo na miña carreira universitaria. Claro, o problema é que agora non hai eses profesores xóvenes e que cando nós nos xubilemos, ninguén está preparado para cubrir o noso posto de traballo, porque resulta que un profesor universitario –e vostede sábeo perfectamente– empeza pola necesidade dunha tese doutoral e continúa pola necesidade de saír ao estranxeiro, continúa coa necesidade de investigación e ten que ter uns méritos que se necesitan, como mínimo, entre 10 e 12 anos. Entón, ¿quen nos vai substituír? cando eu, dentro dunha serie de anos, me xubile, ¿quen me vai substituír? Dígolle eu quen: ninguén, porque no meu departamento ninguén ten a posibilidade de facer esa carreira universitaria e substituírme e vostede, polo tanto, por favor, non manipule estas cousas. Claro que está moi ben que teñamos cincuenta anos.

Por outra parte, señor conselleiro, eu non dixen que os precarios sexan malos profesores, o que é malo é o emprego, señor conselleiro. Ou sexa, que vostede pretende que alguén se quede na universidade, faga investigación, traballe, vaia a congresos, faga todo o que ten que facer cun soldo de 500 euros. E vostede esquécese, gañaba máis, cando estaba na Facultade de Humanidades gañaba máis, máis diso. Pero vostede, ¿a que agora cando volva ao seu posto de traballo, vai gañar o mesmo, señor conselleiro?, ¿non, verdade? Non porque vostede é profesor titular ¿e por que vostede é profesor titular igual que eu? porque tivemos a posibilidade de facer esa carreira universitaria pero alguén que non ten futuro –porque soamente ten un contrato de substitución–, que en canto vostede ou eu cheguemos outra vez á nosa facultade, esa persoa marcha e marcha sen ningunha posibilidade nin de volver,

nin de facer nada na universidade. ¿Iso que é, carreira universitaria? Señor conselleiro, pí-dollo por favor, faga unha análise seria, porque vostede a pode facer. Non pode vostede tratar este tema dunha maneira tan absolutamente manipuladora.

Ademais, sobre Zapatero, e que xa non sei como vostede se atreve a dicirme iso, por favor. Xa lle dixen –porque o sabía– 27 profesores perdidos na época de Zapatero, 373 perdidos na época de Rajoy, en tres anos, nada máis que iso. Zapatero non tivo a taxa de reposición do 10 % nin para os médicos, nin para o I+D, nin para moita da docencia, nin para sectores necesarios, señor conselleiro, e a taxa do 100 % non cubre as perdas que tivemos antes. Mire, estou segura de que vostede quere deixar...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora BURGO LÓPEZ: ...unha universidade –remato– mellor da que colleu. Para iso, señor conselleiro, ten que ver a realidade como é e non a manipular e non a negar, porque entón nada poderá ser cambiado.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Burgo.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Bueno, señora Burgo, se algo é este Goberno e este partido político é realista, dende sempre o foi. Outros partidos, cando falan de realismo, deberían ver a súa propia historia, pero xa non unha historia moi lonxana, a historia de cando negaban a crise para tal realismo. Iso é o que debían facer porque intentar vostede vir aquí e dicirnos que manipulamos os datos, e dicirnos que os datos que eu plantexei aquí de PDI son datos que intenta manipular, pois sinceramente, eu voulle dar datos máis concretos da dinámica da evolución estatística dos PDI: no ano 2005, no curso 2005-2006, 5.085 PDI; ano 2012-2013 –un ano intermedio–, 5.021; ano 2014-2015, 4.937; nós non lle negamos que haxa menos PDI que hai uns anos, é que non llo negamos. Agora, o número e a caída de PDI é practicamente inexistente ou mínima en comparación coa caída do alumnado, iso é que é algo que simplemente había que poñer os números nun lado e poñer os números noutro. Agora, se vostede me fala de persoal funcionario, aí é diferente, ¿e por que é diferente? porque a famosa taxa de reposición que ao parecer pois ao mellor non foi posta polo señor Zapatero, que ademais de deixar a taxa de reposición ao partido del, tamén deixou a caixa bastante baleira e bastantes débedas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por certo, ese gran estadista apoiado por grandes líderes nacionais, como acabamos de ver, realmente aí cambia. Pero claro, aí non se podían convocar prazas porque a taxa de reposición do Goberno socialista era do 10 % e tivemos que esperar a que o Partido Popular primeiro puxese o país a camiño e despois puxese a taxa de reposición nun 50 % e, actualmente, e afortunadamente a un 50 %. Co cal cada un ten as súas culpas –a un 100 %, perdón, a un 100 %– e os seus sambenitos, pero non intenten vostedes pasar ese sambenito –que é seu, para o bo e para o malo, é seu– a esta parte porque non ten moito sentido, señora Burgo.

Mire, eu son absolutamente consciente –cando vostede fala de autonomía– de quen lles quitou a autonomía ás universidades, ¿quen llela quitou? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pois eu creo que si, señora Burgo, porque a taxa de reposición, ¿quen a puxo? sendo unha autonomía universitaria ¿quen puxo a taxa de reposición? foi claramente o Goberno Zapatero nesta materia. E, claro, vostede dime que non hai reemprazo. É dicir, que os profesores funcionarios, como vostede ou coma min, ou como os catedráticos, pois non van ter reemprazo xeracional. É certo que nos últimos catro ou cinco anos debido e a causa da taxa de reposición do señor Zapatero, pois non houbo convocatorias, pero si entraron profesores xóvenes na universidade, como cando entrei eu, que non ganaba o que vostede di, non, non, seiño eu que gañaba 38.000 pesetas.

Insisto, no ano 2013, 271 profesores novos, non sei se de 24, 28 ou 27 pero novos profesores reais, novos, 271 –que algúns entrarían con contratos pequenos como entrei eu, e seguro que tamén entrou vostede–, pero no ano 2014, 312 e no ano 2015, 277. Estes profesores que temos agora mesmo no sistema universitario serán os que teñan que, dalgún xeito, ir reemprazando as novas prazas que vaian xurdindo, iso é basicamente o que se plantexa.

E, claro, vostede tamén nos fala de que non existe futuro para a universidade practicamente, ou para os xóvenes profesores. Eu lamento que o diga así con tanta soltura, porque ao final, realmente, a universidade galega nos últimos anos, igual que todas as universidades do conxunto de España e igual que todas as administracións –porque unha universidade é unha administración–, tivo momentos complexos. Algunhas universidades, de feito, están co plan de axuste pola xestión económica interna, outras teñen superávit, é dicir, non hai unha correlación directa entre a xestión interna de cada universidade. Pero o que si é certo é que dende o ano 2011 ao ano 2015, as universidades galegas –ao contrario doutras– tiveron un horizonte moi estabilizado, tiveron capacidade de planificar, tiveron capacidade de ter unha seguridade nos ingresos públicos, que son en torno ao 70% ou 80 % –depende de cada universidade, do orzamento total– e, co novo Plan de financiamento, todo o que é o custe estrutural das universidades está absolutamente garantido nun Plan de financiamento que incrementa ao 18 % o financiamento público das universidades e que garante o custe estrutural, é dicir, o custe de profesorado ao custe dado ao servizo público, e que plantexa, tamén, unha partida moi significativa en torno ao 33 % para un horizonte do 40 % no ano 2020, por resultados para favorecer e estimular todo o que é a produción científica. Co cal, eu creo que as universidades galegas... obviamente, se vostede me di se precisa máis financiamento ou se o merece, eu dígolle que si, por suposto que si. Agora, moi poucas universidades, moi poucos sistemas universitarios autonómicos, poden ter ou teñen un marco económico e orzamentario tan estable e vostede pode preguntar en comunidades autónomas gobernadas dende sempre polas forzas socialistas como é. Sen ir máis lonxe preguntelle vostede ás universidades andaluzas cal é a súa situación orzamentaria, e como están esas universidades. Dende sempre este goberno tivo unha actitude leal, construtiva, de cooperación, de busca de consensos e de busca de grandes acordos coas universidades...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...supoño que a vostedes iso non lles gusta, pero é a realidade, e demos-

trouse, demostrouse nos grandes eixos estratéxicos, na Lei de universidades, no Decreto de titulacións, nos propios plans de financiamento, co cal, señoría, eu entendo que vostedes intenten introducir cuñas, introducir previsións entre a administración autonómica e as universidades pero realmente creo que con este tipo de iniciativas –por encima os datos non son realistas–, pois non o van conquistar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Garzas, señor conselleiro.

Pasamos ao punto oitavo, preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Juan Manuel Fajardo Recouso e cinco deputados/as máis, do G.P. de Alternativa Galega de Esquerda, sobre as medidas que vai implementar o Goberno galego para evitar o incremento dos accidentes laborais graves

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Boa tarde, señor conselleiro.

Hai vinte anos morría nun accidente laboral o que, sen ser o meu irmán, era o meu irmán, Víctor. E aquel día eu comprendín a necesidade da implicación política, da implicación sindical, para que nunca máis un traballador deixara a súa vida nun posto de traballo simplemente porque alguén pretendía aforrar os seus cartos.

Vinte anos despois temos que lamentar que neste primeiro trimestre do ano 2016 se incrementaran os accidentes graves e mortais en Galicia un 47,5 %. Nos tres primeiros meses deste ano morreron en Galicia 11 traballadores ou traballadoras nos seus postos de traballo. Un morto cada semana, catro cada día no conxunto do Estado. Iso nos momentos en que menos horas traballadas se fan non só en Galicia, senón no conxunto do Estado. Ao respecto do 2009 un 25 % menos de horas traballadoras; trabállase menos tempo, pero morre máis xente nos postos de traballo.

Nós entendemos que ten que ver coa precariedade, coa desigualdade, coa inxustiza laboral, coa presión que se lles fai aos traballadores para que acepten calquera condición laboral, pero, sobre todo, coa relaxación no control das medidas de seguridade e saúde nos postos de traballo. A seguridade e saúde custa cartos e nestes momentos, coa escusa da crise, o que se está facendo é deixar de utilizar esas medidas de seguridade e saúde no traballo.

¿Como se entende que a día de hoxe continúan crescendo dunha forma moi importante os accidentes laborais?, no 2015 un 2 % respecto do 2014, xustamente canto máis dificultades hai para traballar.

Nesta conxuntura, nesta realidade social, nós preguntámoslle, baixo a súa responsabilidade, que medidas está a adoptar o Goberno da Xunta de Galicia para evitar esta sangría; esta san-

gría absolutamente inaceptable nunha sociedade que debера de ser xusta e que debера de controlar o que nós damos en chamar, moitas veces, terrorismo patronal. ¿Como van facer vostedes para controlar, por exemplo, esa sangría nun sector tan importante como a pesca, que acumula a metade dos accidentes mortais no conxunto do país? Pero, sobre todo, ¿como é posible que ante este incremento tan importante non haxa ningunha medida concreta que vostedes adoptaran para mellorar esta situación?

Nosoutros cremos que non basta só con aplicar a Lei de prevención de riscos nos postos de traballo. Temos, ademais, que implementar medidas para que esa lei se implemente dunha forma concreta e aqueles que non a cumpran non só reciban sancións administrativas, porque en moitos casos –e así se está explicando a moitos empresarios– é máis barato pagar o accidente que solventar con medidas aquelas cuestións que poden provocar o accidente.

Polo tanto, nós queremos tamén medidas penais. Así como se perseguen os traballadores, deberían de perseguirse aqueles empresarios que son capaces de evitar medidas de seguridade e saúde nos seus postos de traballo simplemente para aforrar cartos.

Polo tanto, a nosa pregunta é concreta, ¿que están a facer vostedes para evitar esta sangría e que medidas vai implementar o Partido Popular dende o Goberno para evitar esta absoluta lacra nos postos de traballo deste país?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Fajardo.

Para responder ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitísimas grazas, señora presidenta.

Señor Fajardo, eu creo que un tema destas características, sinceramente, require dun tratamento cun mínimo de seriedade, un tratamento minimamente documentado, e, claro, vir dicir a esta Cámara que non se están a aplicar medidas e que non se está a actuar contra a sinistralidade e a seguridade no traballo, creo que é simplemente descoñecer a realidade dende o punto de vista da acción do Goberno e descoñecer, absolutamente, a realidade dende un punto de vista de actuación non só do Goberno, señor Fajardo, senón tamén das organizacións sindicais, tamén das organizacións empresariais e tamén, por suposto, un descoñecemento absoluto respecto aos nosos empresarios.

Mire, todos, absolutamente todos, o Goberno, as organizacións sindicais, as organizacións empresariais, os empresarios, todos, salvo Podemos, compartimos o obxectivo de conseguir a máxima seguridade no traballo. E todos, señor Fajardo, salvo Podemos, tamén cremos nunha cultura, nunha cultura que estea baseada na prevención desde o consenso e desde a colaboración.

De feito, señor Fajardo –porque vexo que non veu documentado a esta pregunta–, debería recordarlle que hai un plan de actuación, que hai un plan de actuación do Instituto Galego

de Seguridade e Saúde Pública que foi aprobado pola comisión de goberno, onde están presentes, señor Fajardo, os axentes sociais. Foi aprobado para este ano 2016, e téñolle que recordar, tamén, que este marco de consenso existe desde o ano 2010, cando se concretou o I Plan estratéxico para a prevención de riscos laborais deste Goberno, e continúa, señor Fajardo –porque vexo que non ten a información–, coa Estratexia galega de seguridade e saúde no traballo 2016-2020, que tamén conta co acordo dos axentes sociais.

Polo tanto, creo, señor Fajardo, que hai que falar con datos concretos e coas actuacións que estamos a desenvolver. Pero, loxicamente, claro que estamos preocupados polo pequeno repunte, pero repunte, que se está producindo no número de accidentes, (*O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.*) estamos investigando as causas dese repunte, presentaremos un informe e un plan de acción específico para actuar, reforzaremos a actividade inspectora en materia de seguridade e saúde laboral, señor Fajardo, que no ano 2015 se incrementou un 6 %, pero que no ano 2016 esa actividade inspectora a incrementamos nun 24 %, e seguiremos desenvolvendo programas de redución da sinistralidade en sectores estratéxicos, tamén no sector primario, cun programa de prevención para os autónomos, que non nomeou os autónomos, o cal demostra o seu descoñecemento sobre a realidade deste ámbito de actuación, e seguiremos tamén con esa tarefa de sensibilización e de formación e de asesoramento técnico.

Polo tanto, señor Fajardo, estamos actuando, estamos actuando co consenso das organizacións sindicais e das organizacións empresariais, e, por suposto, este Goberno cre, profundamente, na política de prevención e cre, profundamente, na actuación para evitar calquera tipo de accidente no desenvolvemento da actividade empresarial.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra o señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: A verdade é que eu lamento seriamente a indignidade do conselleiro nesta comparecencia falando de que se preocupan pola situación laboral todos menos os de Podemos. Eu non son de Podemos, pero moléstanme ese tipo de intervencións.

Mire, eu non teño por que dicir nada aquí, pero son técnico medio en prevención de riscos laborais, dediqueime durante unha parte da vida profesional a ese tema e teño que dicir unha cousa: os datos que eu saco son informes da Xunta que indican un 45 % de incremento. Polo tanto, é indigno que vostede veña aquí dicir o que a propia consellería di. Desde que vostede asumiu as responsabilidades de emprego demostra non só incapacidade, senón desinterese por todo aquilo que teña que ver coa mellora das situacións de traballo. E, sobre todo, hai que velo cos datos.

Miren os orzamentos da Xunta de Galicia: 2016, orzamento para mellora do sistema de saúde e seguridade no traballo, 3.470.000 euros; no 2015, 7.821.000 euros. Quere dicir iso que reducion á metade os orzamentos para a prevención, para a mellora da formación na prevención nos postos de traballo. ¿Que significa iso? Que ao mellor algo ten que ver que se

incrementen os accidentes laborais con morte neste país coa redución do 50 % dos orzamentos no seu departamento no que ten que respectar coa formación dos traballadores en temas de seguridade e saúde. E non só iso, senón que tamén no Issga reduciron o seu orzamento dunha forma moi importante ao respecto do 2015.

Polo tanto, eu cando se fala de seriedade gustaríame que tiveramos un conselleiro serio e que en temas de emprego non fale con esta fragilidade do que estamos a falar, de 11 mortos no primeiro trimestre, onde se atrasan as investigacións, onde –en moitos casos– se está permitindo que empresarios sen escrúpulos extorsionen as familias para que non denuncien a cambio de pagar o accidente dun familiar. Iso está a pasar todos os días neste país, e vos tede, con esa indignidade, vén aquí falar como se non pasara nada.

Claro, ¿cal é o problema? Seguramente o problema é que ningún membro do Goberno ten que sufrir e ir traballar sabendo que pode morrer no seu posto de traballo, como pasa neste país en moitos sectores, dende a pesca, á construción ou á industria, sen que vostedes o tomen en serio. Polo tanto, dende logo, moléstame moito a súa indignidade, pero moléstame, ademais, que non fixeran nada para dicirme que van facer plans que se levan desenvolvendo dende hai catro anos e que as cifras demostran que non funcionan.

Un 45 % máis de incremento neste primeiro trimestre, pero durante o ano pasado un 2 % máis de incremento cando se traballan o 25 % menos de horas. Trabállase menos que nunca e morren máis que nunca nos postos de traballo. ¿Que van facer?, pregúntolle que van facer vostedes para solucionar este tema que é dunha gravidade que non é, digamos, correspondente coa súa actitude hoxe nesta comparecencia.

Lamento profundamente...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor FAJARDO RECOUSO: ...que a súa consellería, que a súa persoa, sexa a máxima responsable en temas de emprego, porque cada vez que comparece non só demostra irresponsabilidade, senón un total descoñecemento en materia laboral.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas.

Para a réplica ten a palabra o conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Grazas, señora presidenta.

Señor Fajardo, mire, intentar relacionar o repunte da sinistralidade laboral coa temporalidade e coas políticas deste Goberno, voutlo resumir moi sinxelamente: é mesquiño. *(Pro-*

núncianse palabras que non se perciben.) É absolutamente mesquiño, é absolutamente repro-
bable dende o punto de vista moral. (*Protestas.*) (*A señora Martínez García pronuncia palabras
que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Señora Martínez.

¡Señora Martínez, silencio! ¡Silencio! (*A señora Martínez García pronuncia palabras que non se
perciben.*)

Ten unha chamada á orde, é a segunda; sabe vostede o que pode pasar coa terceira. Queda
avisada.

Continúe, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas
grazas.

Pero se quere, loxicamente, falamos de datos, por suposto que podemos falar de datos.

Mire, no ano 2006, cando a crise aínda non asomara e ademais eran outros os que governa-
ban, había máis de 9 accidentes mortais por cada 100.000 persoas traballadoras en Galicia;
lamentablemente, ese era o dato. No ano 2015 ese índice reduciuse nun 20 %. Lamentable-
mente, todavía está nun 7,41 %, pero reduciuse nun 20 %.

E no caso dos accidentes graves, señor Fajardo, esta redución nos accidentes graves chega
ao 55 % e pasa de 113 accidentes graves a 52. Pero debería de reflectir nesta Cámara que vos-
tedes teñen esa facultade de trasladar uns datos, pero non todos, que o 98 % dos accidentes
laborais que suceden en Galicia son leves. Esa é, señor Fajardo, a realidade. (*Pronúncianse
palabras que non se perciben.*)

Pero se quere a comparativa con España, e se quere a evolución –como ve neste gráfico–
dos accidentes graves é unha tendencia continuamente descendente, dende o ano 2006 ata
o ano 2015, señor Fajardo. E seguimos traballando nunha serie de actuacións que eu lle tras-
ladei, pero que vostede non quere escoitar, porque cando a vostedes se lles fala de datos e
de programas concretos non queren falar deles.

Señor Fajardo, evidentemente, calquera política que vaia vinculada á seguridade e á saúde
laboral sempre é insuficiente, claro que si. Por iso seguiremos traballando coas empresas,
cos traballadores e cos axentes sociais para impulsar unha política eficaz que mellore as
condicións de traballo; seguiremos asesorando dende un punto de vista técnico, seguiremos
informando, seguiremos formando e seguiremos traballando na cultura da prevención.

E, por suposto, señor Fajardo, seguiremos vixiando, seguiremos controlando e seguiremos
desenvolvendo os plans de inspección –que vexo eu que vostede descoñece–, porque xa
temos realizadas máis de 50.000 inspeccións; repítolle o dato, 50.000 inspeccións, resoltos
5.142 expedientes sancionadores, e seguiremos, polo tanto, co plan de inspección.

E con respecto ao Issga, debería de dar os datos, porque xa vexo que nin coñece nin sabe nada de política de seguridade e saúde laboral, pero tampouco sabe nada de ler un orzamento desta Comunidade Autónoma. Debería saber que, efectivamente, o Issga mantén totalmente a súa estrutura, mantén totalmente a súa actividade ordinaria, e debería de saber que a diminución que vostede reflicte son os recursos que se deben á finalización dun proxecto de prevención de riscos laborais no sector primario financiado polo Estado; pero que o Issga mantén, absolutamente, toda a súa actividade ordinaria.

E debería de saber, tamén, que mantemos, que non as coñece –pero que vostede a súa ignorancia é máxima–, que descoñece, tamén, as axudas dos organismos intermedios...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...para o fomento da prevención de riscos laborais, porque colaboramos cos organismos intermedios, con actuacións dun millón e medio de euros que vostede segue a descoñecer, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) por iso eu lle traslado a miña recomendación, que é que, cando menos, coñeza a Memoria de actividades do Issga, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que coñeza o orzamento da Comunidade Autónoma e que, polo menos, señor Fajardo, se documente un pouquiño.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Ricardo Vicente Docasar Docasar e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración pola Xunta de Galicia da posibilidade de dotar de tabletas os centros educativos que imparten a etapa de educación infantil

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, boas tardes, como ve, aquí estou perseverando. (*Murmurios.*)

Señor conselleiro, vostede sabe perfectamente que as novas tecnoloxías deben servir para transformar a didáctica e personalizar a educación, porque non todos os alumnos e alumnas teñen as mesmas posibilidades nin van ao mesmo ritmo na súa aprendizaxe, e polo que, se son ben usadas, están chamadas a permitir mudar a educación homoxénea que temos a día de hoxe.

Ninguén dubida de que a introdución das novas tecnoloxías nas escolas galegas tería como vantaxes máis acreditadas a educación personalizada, a motivación e a potenciación do traballo en equipo. Entendemos que a pesar da implantación paulatina das novas tecnoloxías que se ten producido nos centros educativos galegos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Como? ¿Non se escoita? Vale.

Entendemos que, a pesar da implantación paulatina das novas tecnoloxías que se ten producido nos centros educativos galegos, estas tan só chegan a alcanzar a unha parte do alumnado do ensino obrigatorio. E os recortes levados a cabo en educación nos últimos anos fixeron, por desgraza, que a velocidade desta introdución se vira freada de maneira importante.

E ¿que dicir, señor conselleiro, das maneiras de introducilas en moitos colexios e institutos, que viron como se dotaban con retroproectores as aulas Abalar a principios de ano e que, seis meses despois, seguen con problemas de funcionamento, tal e como nos comentaban hai uns días, en concreto, dende a provincia de Pontevedra? Pídlle hoxe que solucione este asunto dando as indicacións oportunas a quen considere vostede oportuno que sexa responsable desta circunstancia.

Entendo tamén, señor conselleiro, que falta moito camiño por percorrer. E non debemos esquecer que estes mecanismos de aprendizaxe teñen que chegar a todas as idades, incluída a etapa da educación infantil. Pois a introdución de elementos informáticos, como as denominadas *tablets*, na educación infantil debe servir para reforzar os coñecementos e para potenciar a capacidade creativa do noso alumnado. Experiencias como as que se están a vivir nalgunhas comunidades autónomas, e mesmo en pequenos lugares de Galicia, como Tui, fálannos da importancia que ten que a educación infantil sexa tamén partícipe dos novos retos da sociedade. E Galicia non pode nin debe quedar atrás nestas novas experiencias de ensino nin tampouco deixalas en mans da xenerosidade privada.

Por iso, señor conselleiro, entende o Grupo Socialista que o Goberno galego debe facer unha aposta clara para que as novas escolas infantís –incluídas as escolas unitarias e os centros rurais agrupados, os chamados CRA– dispoñan nas súas aulas de *tablets* para que os nosos nenos e nenas poidan acceder en igualdade de condicións ás novas tecnoloxías, vivan onde vivan ou procedan do entorno social do que procedan. Entendemos asemade, señor conselleiro, que o éxito dun proxecto desas características pasa necesariamente por formar axeitadamente o profesorado, pois sen unha formación axeitada do profesorado non existirá un investimento rendible e ben aproveitado.

Por todo iso, preguntolle, señor conselleiro, se contempla a Xunta de Galicia a posibilidade de dotar os centros educativos galegos que imparten a etapa de educación infantil coas denominadas *tablets*.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Docasar.

Para responder ten a palabra o señor conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Boas tardes, señor Docasar.

A verdade é que lle agradezo a súa pregunta, incluso agradezo a súa exposición, porque realmente escoitalo a vostede hoxe pois é escoitar outro Partido Socialista. Eu lembro,

como deputado, cando se puxo en marcha o Programa Abalar, unhas críticas feroces do Partido Socialista respecto do proxecto do Programa Abalar. Eu sempre dicía que o tempo pon a cada un no seu lugar, e por iso lle agradezo que a día de hoxe –uns anos despois da posta en marcha deste proxecto– vostede recoñeza e fale en positivo do que é a inserción das novas tecnoloxías no sistema educativo. E, é máis, que incluso pida que se estenda ao ámbito infantil, un ámbito onde vostede entenderá que hai que ser tremendamente coidadosos, porque estamos a falar de nenos de 3 a 6 anos, co cal temos que ser tremendamente coidadosos.

E o compromiso desta administración e deste goberno coas novas tecnoloxías no ensino creo que está fóra de toda dúbida. Despois de superar as grandes críticas efectuadas no seu momento polo Partido Socialista e por outras formacións políticas, creo que hoxe hai un balance moi positivo do que é a inserción das novas tecnoloxías no proceso educativo.

Mire, un balance moi rápido: Abalar, 531 centros e 52.000 alumnos. Aulas dixitais postas recentemente: o cen por cento das aulas públicas dende quinto de primaria ata bacharelato, o cen por cento das aulas públicas. Formación en uso das novas tecnoloxías: estamos falando de 23.000 profesores que se formaron en novas tecnoloxías, porque a inserción en novas tecnoloxías non é só meter –perdóeme a expresión– cacharrería, senón que hai que formar os profesores –e hai 23.000 formados–, e hai que formar incluso as familias para que participen neste proceso. Porque é moito máis que substituír o libro pola pantalla dixital, é moito máis, e creo que aquí temos marcado unha liña moi positiva. E-DIXGAL: 107 centros; o repositorio Abalar: 2.900 elementos.

É dicir, estamos a falar de formación, estamos a falar dun proceso paulatino de inserción de novas tecnoloxías no ensino. Pero, insisto, hai que ser coidadosos ¿Por que? Hai experiencias piloto –en Galicia tamén e en zonas rurais tamén– moi positivas de uso das *tablets*, das novas tecnoloxías, no proceso educativo de 3 a 6 anos, hai moitas experiencias. E hai tamén tendencias dispares. Algúns pedagogos din que o uso das tabletas é moi positivo, estimula a creatividade, estimula a curiosidade. Outros, sen embargo, non o din tan claro –incluso a nivel de pediatría–, din que hai que ter moito coidado porque é unha idade na cal se está estabilizando o sistema de racionalización dos nenos, estase medindo todo o que é a capacidade de aprendizaxe, todo o que ten que ver tamén coa atención dos propios nenos de 3 a 6 anos. Co cal hai que ser moi cautos.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): E eu creo que dicir, así, de xeito xenérico, que se poña en marcha un proxecto deste tipo cando temos boas experiencias en Galicia pois é sinxelamente arriscado. En todo caso, volvo como empecei. Agradezo a súa postura e agradezo que neste caso o Partido Socialista teña mudado de opinión respecto do pasado e estea corrixindo en certa medida a opinión que tiñan tan pexorativa sobre a inserción das TIC no proceso educativo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, ten a palabra o señor Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, creo que non me escoitou na primeira parte da miña intervención, cando eu lle dicía que o que estou a pedir é unha experiencia piloto, non lle estou a pedir xeneralizar o tema. Son consciente de que hai pedagogos que evidentemente critican tamén esa cuestión. Do que non hai ningunha dúbida é de que é un tema que se pode facer. Pero para facer isto hai que facer –ao entender do Grupo Parlamentario Socialista– varias cousas. A primeira cuestión, señor conselleiro –e isto tamén é moi importante–, é tomar a decisión política de apostar por estas novas tecnoloxías e facelo formando axeitadamente –tamén xa o dixen antes– a un grupo de profesores e profesoras para levar adiante este proxecto. Vostede falaba de cacharrería e, efectivamente, non se trata de introducir cacharrería, senón de facer que estas cuestións que levan aos centros e que custan un investimento, custa diñeiro, que se poidan rentabilizar. Iso é importante.

Unha segunda cuestión tamén moi importante é que se trata de dotar coas *tablets* necesarias un grupo de centros, nunha experiencia piloto, perfectamente distribuídos polo noso territorio, espallados polas catro provincias galegas e non deixando –insisto– neste proxecto tirada ningunha provincia. Hai un momentíño tamén lle dicía que hai unha experiencia exitosa, concretamente nun CRA na cidade de Tui. Aí temos unha experiencia que funciona perfectamente, pero estase facendo grazas á doazón da Fundación Paideia de cinco *tablets* que custan en torno a 600 euros, señor conselleiro. Polo tanto, xa ve que non é un tema que custe moito diñeiro.

E, en terceiro lugar, ao entender do Grupo Socialista, e á vista dos resultados obtidos con esta experiencia piloto, trataríase de ir espallando paulatinamente esa experiencia ao resto de centros de formación de Galicia. Agardo, señor conselleiro, que esta aportación en positivo que lle fai hoxe o Grupo Socialista non caia, coma sempre, en saco roto.

Señor conselleiro, como lle dicía hai un momento, xa hai algunha pequena experiencia que está a funcionar perfectamente, e póñolle como exemplo o CRA de Tui, que co entusiasmo e implicación do seu profesorado e unha pequena axuda dunha entidade privada está sendo quen de levar adiante un proxecto destas características de maneira exitosa. Aproveiten vostedes, señor conselleiro, esas pequenas experiencias exitosas como a de Tui e póñanse mans á obra para liderar o futuro. Iso si, mentres tanto –e insisto– claro que falo ben do Proxecto Abalar. Eu fun dun dos centros piloto en Galicia que implantou o Proxecto Abalar; polo tanto, a min ¿que me vai contar?

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor DOCASAR DOCASAR: Naquel momento era un centro experimental de Abalar. Funciona perfectamente. Pero aínda esta mesma tarde me chegou unha queixa dende a provincia de Pontevedra, onde me din que se instalaron un montón de equipos de retroproectores e non están funcionando, non teñen son. Polo tanto, vostede debe solucionar ese tema porque

hai queixas dun montón de centros da provincia de Pontevedra. Entendo que eses equipos están pagados e, polo tanto, haberá que lles exixir responsabilidades ás empresas...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor DOCASAR DOCASAR: ...que puxeron en marcha ese proxecto.

Pola miña parte, máis nada. E agardo, e insisto, señor conselleiro, que tome vostede en conta esta iniciativa en positivo do Grupo Socialista e que fagan algo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Docasar.

Réplica do Goberno.

Señor conselleiro, ten vostede a palabra.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Pois, señor Docasar, eu voulle contar que esta Cámara foi testigo no seu momento dun ataque político moi forte ao Proxecto Abalar, fortísimo. E tamén lle conto que agradezo que rectifiquen e que se dean conta de que era un proxecto positivo para o ensino galego.

E aquí está unha cuestión importante. Mire, moitos proxectos que se impulsaron por parte da Administración educativa, por parte da Xunta, nestes anos tiveron sempre un rexeitamento frontal directo por parte dos partidos da oposición –tivérono case en todo–. E hai unha cousa positiva que eu creo que nos enche de satisfacción a nós como Xunta e a vostedes tamén –ata fala ben de vostedes–, e é que co paso do tempo nos dan a razón. E iso é bo, e que, como San Pedro, caían do cabalo e se dean conta de que está ben criticar pero que, cando as cousas se implantan –por certo, cunha comunidade educativa que as asimila ben–, os contratos programa, o Plan Proxecta, plurilingüismo, Abalar..., sempre foron ben recibidos pola comunidade educativa, pese ao rexeitamento político por parte súa. E agora que están funcionando, vostedes din que funcionan ben. E eu agradézollo, agradézolle, neste sentido, que se dean conta de que as medidas estaban ben encamiñadas pese a que as criticaron constantemente.

E tamén lle direi que en Galicia hai moitas experiencias, varias experiencias á parte da de Tui, onde nenos de 3 a 6 anos están utilizando novas tecnoloxías. En moitísimas unitarias hai pantallas dixitais, en moitísimas, non nunha nin en dúas, en moitísimas. E están poñendo en marcha proxectos de ensino con base neste uso.

Pero insisto no que dixen antes: hai que ser absolutamente cautelosos, moi cautelosos, porque vostede sabe coma min que non hai unha tendencia clara por parte dos pedagogos e incluso dos pediatras sobre os efectos na concepción, na racionalización e na capacidade de comprensión do alumnado. Co cal hai que ser moi coidadosos e hai que ter moita precaución, porque estamos xogando cunha materia moi delicada, nenos de 3 a 6 anos.

E vostede entenderá que esta consellería non está racaneando nin 10 nin 100 nin 1.000 *tablets*, cando pode plantexar un balance como o que acabamos de ver; é dicir, 531 centros Abalar, 6.000 aulas dixitais... É un proxecto constante de implementación de novas tecnoloxías no sistema educativo. E eu sempre digo que as novas tecnoloxías son unha ferramenta máis, non podemos caer na obsesión puramente tecnolóxica, temos que fomentar a tecnoloxía e a aprendizaxe con tecnoloxía, absolutamente. Porque, xa non o futuro, o presente está aí, e é unha cuestión de equidade social. Porque estamos chegando, por exemplo, en pantallas dixitais ao cen por cento dos centros educativos galegos, rachando a fenda dixital. Ou en conectividade estamos impulsando –como vostede ben sabe– un proxecto, xunto co Ministerio, para dotar de medios de conectividade...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...o cen por cento dos centros públicos.

Co cal creo que hai un compromiso moi claro deste goberno coas novas tecnoloxías. É un piar estratéxico no modelo educativo. E, insisto, agradezo a súa rectificación, e, como sempre me gusta dicir, o tempo dá e quita razóns.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a María Carmen Acuña do Campo e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do disposto na Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Acuña do Campo.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidenta.

Boas tardes, señorías.

Señor Almuíña, eu non sei se sabe vostede que en decembro de 2014 debatemos nesta mesma Cámara a toma en consideración da Lei de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais. Porque daquela vostede non era conselleiro de Sanidade, a conselleira de Sanidade era a señora Mosquera –esa á que a min me gustaba chamarlle “nin dimitida nin cesada”–. E ao mellor tampouco sabe vostede que despois esa lei pasou medio ano metida no caixón do Grupo Parlamentario Popular ata que por fin foi debatida, e teño que dicir que aprobada por unanimidade, en xuño do 2015.

Pero o que, sen embargo, ten vostede que saber, señor Almuíña, é que esa lei que xa está aprobada e en vigor contempla unha disposición adicional na que se recolle que, no prazo de

tres meses dende a aprobación e entrada en vigor da lei, o Goberno debería de levar a cabo as actuacións precisas para darlle unha correcta difusión e promoción a esa lei entre os profesionais e as profesionais, e ademais promover na poboación, na cidadanía, o documento de instrucións previas. E o que tamén debería de saber vostede en relación con esa lei é que veu traer para a cidadanía galega un novo dereito: o dereito das persoas a morrer con dignidade. Pois esa lei e ese novo dereito obrigaba o Goberno a que todas as persoas, toda a cidadanía galega, puidera gozar dese dereito, viva a persoa onde viva. Tanto se esa situación terminal se produce nunha aldea do Courel como no centro de Santiago deben de ter o mesmo dereito, igual que se se produce na súa casa ou se produce nunha cama do hospital; e tamén independentemente da idade en que se produza esa situación, trátase dun neno ou dun ancián.

E para poder asegurar, señor Almuíña, ese dereito por igual en todo o territorio e a todas as persoas, a Consellería que vostede xestiona debería de ter feito algo, debería de ter incrementado os recursos humanos e os recursos materiais para poder –insisto– dar esa nova prestación a toda a cidadanía, empezando por conseguir unha adecuada formación en cuidados paliativos para os profesionais e as profesionais da atención primaria.

Pois ben, señor Almuíña, hoxe o Grupo Parlamentario Socialista, un ano máis tarde, queremos preguntarlle que leva feito vostede ou, mellor dito, que leva feito o Goberno Feijóo en relación coa lei e con ese novo dereito que ten agora a cidadanía galega.

Espero a súa resposta, e, de momento, máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Acuña.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi boas tardes, señora vicepresidenta.

Señora Acuña, señora Carmen Gallego, señora María Quintas e señorías, boas tardes a todos.

A Estratexia Sergas 2014 xa recollía de xeito explícito, dentro dos seus obxectivos, a necesidade de potenciar os cuidados ao paciente con enfermidade avanzada e complexa. Establecía un modelo de atención centrado nas súas necesidades, en particular, os cuidados paliativos, aqueles dirixidos a pacientes e a familias con enfermidades cunha expectativa de vida limitada en etapas avanzadas que presentan moitos problemas e necesidades físicas, sociais, psicolóxicas e espirituais.

A identificación da situación de necesidades paliativas está enmarcada no proceso de atención da enfermidade crónica; así, a medicina paliativa, de acordo coa Organización Mundial da Saúde, considera que o proceso de morrer é un feito natural –afirma– e promove a vida; non pretende alongala de forma innecesaria nin tampouco acurtala especificamente, senón fomentar a súa calidade. O respecto pola dignidade da persoa e a aceptación do finito da condición humana son as dúas actitudes fundamentais que orientan a súa práctica.

Os cuidados paliativos sitúanse, pois, dentro dun marco ético de notable calidade. Creo que era algo que viña da práctica de moitos anos, e eu creo que vostede e eu –que fomos asistenciais–, aínda sen a lei aprobada no ano 2015, xa a practicabamos. A aprobación da lei, evidentemente, da Lei 5/2015, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais, ofrece a oportunidade de desenvolver unha atención paliativa integrada e interdisciplinar, en liña co expresado no Plan galego de cuidados paliativos. Existe para iso un amplo consenso que, como ben di vostede, foi aprobado por unanimidade. Incluso creo que foi presentada polo Grupo Socialista e, despois de modificacións... Contaba incluso o presidente como foi aquela discusión para mellorar a lei e conseguir iso, unanimidade en algo no que todos debemos de estar de acordo, que é en aplicalo cando o paciente inicia unha enfermidade sintomática, activa, progresiva incurable, ameazante para a súa vida, e nunca esperar para a súa aplicación a que os tratamentos específicos de base estean esgotados. Polo tanto, na atención ás persoas que se encontran neste proceso, deben estar comprometidos todos os profesionais dos recursos sanitarios e sociosanitarios de Galicia.

Esta visión holística da atención paliativa, xunto coa inclusión na Lei 5/2015, tanto dos servizos sanitarios como dos sociosanitarios, fan necesario dotar a composición da actual Comisión Galega de Cuidados Paliativos, adaptala a esta nova lei, en liña cos obxectivos da lei, procurando que estean representados e implicados dentro dela os axentes sanitarios e sociosanitarios que teñan relación non só cos doentes terminais e as súas familias senón tamén coas persoas que están nunha enfermidade avanzada e complexa.

Polo tanto, como primeira medida en función destes motivos, establécese a redefinición do perfil de vogais e a función da Comisión Galega de Cuidados Paliativos, regulada polo Decreto 18/2010, polo que se crea esta Comisión galega, cun novo decreto agora en fase de alegacións –supoño que o coñecerá–. Ademais, e para cumprir o precepto establecido na disposición adicional única da lei en canto á difusión nun prazo de tres meses, o boletín de actualización en cuidados paliativos de setembro de 2015, que se publica na páxina web do Sergas, adicou ao documento as instrucións previas. E recórdase que a Lei de dereitos e garantías de dignidade ás persoas enfermas terminais establece que tanto os profesionais como os centros sanitarios deben garantir que os valores e instrucións contidos no documento, as instrucións previas ou outorgadas polos pacientes, deben ser respectados. Tanto a lei como toda a documentación relativa ás instrucións previas están dispoñibles na web do Servizo Galego de Saúde.

Ademais, teño que dicir que houbo un incremento importante debido a todas as medidas de promoción, como incluso a creación dun vídeo promocional que de forma importante tratou de aumentar as instrucións previas para que a xente poida, loxicamente, establecelas moito antes de que teña unha enfermidade terminal.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra a señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Mire, señor conselleiro, eu non lle preguntei polo interese da lei –nós témolo clarísimo–, eu preguntáballe polo que tiña feito a súa consellería para cumprir coa lei, para desenrolar a lei. E vostede non me contestou, e non me contestou porque non levan feito nada. Efectivamente, figura na páxina web da Consellería o documento de instrucións previas. Non me parece moi axeitado para que unha persoa anciá dunha aldea do Courel acceda a ese documento de instrucións previas, por poñerlle un exemplo.

Mire, ¿sabe como e cando promocionou o Goberno Feijóo esta lei, a lei que a xente na calle coñece como a Lei da morte digna? Pois cando, saltándose a lei, a ética e os dereitos humanos, lle denegaron unha morte digna, lle denegaron ese dereito, a unha nena cunha enfermidade terminal. ¿Recorda, señor conselleiro, o caso Andrea? ¡Lamentable e intolerable promoción a que fixo este goberno desta lei! (*Aplausos.*) Por certo, que agora, e para evitar algo así, non están vostedes desenrolando a lei, non, o que están a facer é cambiar o decreto que regula a composición do Comité de Ética; algo para o que non teño palabras, é algo vergonzante. Agora, para non ter problemas co Comité de Ética, deciden vostedes que sexa a Consellería a que conforme ese comité.

Mire, señor conselleiro, non pode vostede denegarlle este novo dereito á cidadanía, non pode vostede non cumprir a lei, porque ¿sabe o que pasa? Que, despois, acaban vostedes no xulgado; e o señor presidente, o señor Feijóo, polas radios por aí adiante cuestionando os profesionais e os xuíces. ¡Algo increíble! Mire, faciliten a tramitación das instrucións previas, informen os doentes da existencia da lei, formen os profesionais e as profesionais adecuadamente nos cuidados paliativos. En definitiva, señor conselleiro, cumpra coa lei; que as persoas en Galicia en situación terminal poidan morrer dignamente e déixense dunha vez de contarnos mentiras. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Acuña.

Réplica do Goberno.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Si, dona Carmen, a verdade é que sempre dá igual o que digamos nós, porque todas as medidas que imos dicindo a vostede non lle interesan.

Comentabamos o que estabamos facendo co tema da promoción. Evidentemente, a formación tamén é importante dentro da programación que temos na ACIS, na Axencia do Coñecemento. Tamén actuacións como levar a cabo un estudo de investigación cualitativo que se enmarque na avaliación e mellora do Plan de cuidados paliativos do Servizo Galego de Saúde. É un obxectivo xeral deste estudo obter, precisamente, información de primeira man acerca de que actitudes e percepcións de diferentes grupos de interese poidan ter sobre os cuidados paliativos, un cambio cultural na sociedade que tamén é importante.

E quero dicirlle que a parte asistencial é unha parte tamén importante; parece que para vostede é a única, pero para nós é moito máis importante a fase previa. A asistencial está cu-

berta, e estanse mellorando as instalacións dos servizos que están en cada un dos grandes hospitais levando a cabo este tipo de coidados. Pero é moi importante dar un coñecemento á sociedade, unha formación a profesionais, pero tamén á cidadanía. E o que a nós nos parece peor de todo é utilizar nenos ou falecidos para tratar, oito meses ou dez meses despois, de elevar unha pregunta parlamentaria. Podemos facelo sen utilizar ese tipo de comentarios ante unha familia destrozada pola enfermidade ou pola morte dunha filla. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero a min o que me chama a atención é que, cando falamos disto, parece que se quere desprestixiar o conselleiro de turno –a conselleira, como me chamaba vostede hai un momento–, porque o que hai detrás diso é un servizo, como o servizo de Pediatría do Clínico de Santiago –que creo que é un gran servizo de pediatría–, onde esa nena foi tratada durante moito tempo. Por iso me parece que podemos discutir sobre estratexias, sobre o que estamos facendo, sobre os coidados paliativos, pero utilizar a pacientes –sobre todo a nenos– non é o máis importante. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Para nós é esencial adecuar as intervencións da situación clínica de cada persoa para diminuír ese sufrimento. O desenvolvemento dos coidados paliativos supuxo unha mellora da atención do enfermo cando non ten posibilidades de curación. Ademais, a limitación dese esforzo terapéutico cando as circunstancias así o indican forma parte tamén da boa práctica clínica. Non é unha decisión opcional senón unha obriga moral e normativa dos profesionais. Consiste en non instaurar ou en retirar medidas terapéuticas que non lle achegan beneficio claro cando se percibe unha desproporción entre os fins e os medios terapéuticos. Retirar ou non ou iniciar as ditas medidas permítenlle á enfermidade continuar o seu curso evolutivo, que, de forma inexorable, conduce ao falecemento da persoa.

Hoxe en día o dereito de toda persoa a recibir unha atención adecuada e a non sufrir de xeito innecesario é incuestionable. É unha evidencia que a morte constitúe a única certeza que temos os seres humanos desde o momento mesmo en que nacemos. Dada a evolución da nosa sociedade, véñse producindo unha participación cada vez maior do sistema sanitario no proceso de morrer, aínda que non sempre da maneira máis axeitada. Procurar unha boa morte na que a dor e o sufrimento se produzan mediante uns coidados paliativos axeitados, na que nunca se abandone nin se desatenda a persoa e na cal os coidados se consideren tan importantes para os que non vaian sufrir, como vai ser así, é unha obriga para todos os profesionais.

Moitas grazas, señora Acuña. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a María do Carme Adán Villamarín e D^a María Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns do Goberno galego para non asinar un convenio colectivo cos traballadores do Consorcio Galego Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Moitas grazas, presidenta.

Boa tarde.

Dende o Grupo Parlamentar do BNG queremos saudar os traballadores e as traballadoras do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, tanto os que nos acompañan na tribuna como os que están fóra, ás portas do Parlamento.

Señor conselleiro, mire, hoxe traemos unha pregunta moi moi concreta e para a que agardamos unha resposta concreta. A situación é a seguinte: os primeiros traballadores e traballadoras do Consorcio comezaron en 2007 –como vostede ben sabe–, pero realmente prometéuselles o convenio de forma inmediata no 2014. No 2014 o departamento que vostede dirixe díxolles textualmente que unha vez que estiveran integrados na Axencia Galega de Benestar pasarían a asinar ese V convenio, equiparándoos, polo tanto, ao persoal da Xunta. Agora que vostedes xa decidiron que non van pasar os centros á Axencia de Benestar –que nos terá que nalgún momento tamén explicar esa decisión, e que se mantén o Consorcio; cuestión que entendemos como algo positivo porque é unha forma de funcionamento que ata o de agora servía de colaboración entre a Xunta e os concellos–, a pregunta é moi simple: ¿por que non teñen asinado o V convenio? E a pregunta seguinte é: ¿cando o van asinar? ¿Van ter estes traballadores e traballadoras que sacar á rúa os nenos e as nenas, as persoas dos centros de día, as persoas dependentes? ¿Ou vostede vai cumprir as promesas realizadas polo seu departamento? Promesas en firme, porque incluso formaban parte dunha disposición adicional segunda do Decreto 40/2014, na cal estes centros pasaban a formar parte da Axencia Galega de Benestar. Polo tanto, unha promesa feita verbalmente e escrita tamén a través dun decreto.

Polo tanto, estas persoas que non teñen trienios, que non teñen listas de agarda que realmente se poidan comprobar, que non teñen complementos, pero que si se lles aplicou unha redución, primeiro, do 5 % e despois do 4 %, cando se lle aplicou ao resto do persoal da Xunta, teñen dereito a ter dereitos, señor conselleiro. Levan exactamente oito anos agardando a que se asine ese V Convenio. Pero é que levan dous anos dende que se lles dixo “xa, vaise asinar xa, porque ides pasar a formar parte do persoal da Axencia Galega de Benestar”.

Polo tanto, señor conselleiro, diante dos propios traballadores e traballadoras, diante de persoas que ven como se lles reduce a parella educativa, como nos centros de día cada vez teñen condicións laborais peores e como teñen peores posibilidades de dar atención e servizos, queren saber se vostede, antes de acabar esta lexislatura, se vai sentar con eles e vai asinar ese V Convenio, tal e como se lles prometeu verbalmente e a través dun decreto.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Adán.

Ten a palabra o señor conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Señora presidenta.

Señora Adán, señorías, en resposta á súa pregunta sobre a situación do persoal do Consorcio Galego, quero subliñar antes que nada que, como vostede saberá, o pasado 11 de maio a Con-

sellería de Política Social formalizaba coa Federación Galega de Municipios e Provinciais un importante acordo marco. Este texto, froito da negociación de meses e do consenso cos representantes dos alcaldes dos concellos de Galicia –teño que dicir que alcaldes do Partido Popular, alcaldes do Partido Socialista, alcaldes do BNG e alcaldes das Mareas–, garante a viabilidade presente e, sobre todo, futura dos servizos sociais que se prestan no ámbito local e que se xestionan a través deste ente instrumental. Tamén teño que dicir que este acordo pon fin a dez anos de discusións entre a Administración autonómica e os concellos. O acordo de verdade que é un fito clave para o que me está preguntando. Non é que me estea preguntando unha cousa e lle estea contestando outra. Porque ese acordo asegura a solvencia económica da rede que está prevista no propio despliegue de centros de atención aos maiores e de nenos de 0 a 3 anos.

Ese entendemento entre a Xunta de Galicia e os concellos de Galicia establece un sistema de coparticipación e cofinanciamento por primeira vez con criterios claros, o que evitará que se repitan discrepancias xurídicas constantes dende o nacemento deste ente instrumental ata estes momentos, discutindo os diferentes convenios que se foron asinando.

Facemos fincapé na importancia deste acordo porque este e o seu desenvolvemento normativo pon fin, ademais, a unha situación de inestabilidade e incerteza que vivían os concellos e o Goberno autonómico. Pero, sobre todo, este acordo garante tamén certeza para os concellos e para a Administración autonómica porque permitirá os ingresos que precisamos para manter os servizos públicos que prestamos en atención aos nenos e en atención aos maiores.

Este ano o orzamento do Consorcio, froito do compromiso da Xunta de Galicia coas escolas infantís e os centros de día, increméntase, por primeira vez nos últimos anos, nun 14,26 % ata acadar os 67 millóns de euros –34 millóns de euros destinados ao capítulo de persoal–. Polo tanto, unha vez postas as bases para a viabilidade económica do Consorcio e dos servizos que presta, afrontamos tamén a situación do persoal, que atravesamos, como vostede sabe, diferentes situacións: traballadores interinos, traballadores indefinidos, traballadores acollidos a unhas listaxes e outras; un total de 1.543. Comprenderán vostedes que esa diversidade do estatus laboral do persoal do Consorcio complica a solución para todos, porque o noso compromiso é unha solución para todos. Pódolle asegurar que o benestar dos nosos traballadores é unha preocupación, pero tamén unha ocupación deste conselleiro. Por iso adoptamos xa medidas que non se tiñan adoptado nestes dez anos, como estender o mesmo réxime que o da Xunta de Galicia en materia de permisos e vacacións: vacacións, permisos, traslados, concorrencia, lactancia, nacemento de fillos, a posibilidade de redución de xornada...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Autoricei hai uns días a apertura doutro proceso que quero anunciar agora –por suposto, negociado cos sindicatos– para autorizar as listaxes de agarda. E comprométome hoxe na Cámara a un terceiro avance: a que tan pronto o acordo cos concellos e a modificación legal que leva aparellada e que xa está en tramitación teña plenos efectos, cos ingresos necesarios para o seu cumprimento, abriremos

a negociación para dotar dun convenio os traballadores aos que fai referencia a súa pregunta. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra a señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Si, moitas grazas.

Mire, somos moi fans, moi fans, do protagonista dunha novela de George Orwell que se chama 1984. ¿Sabe o máis difícil do seu traballo no Ministerio da Verdade? Non era escribir a historia, era destruír a historia anterior. Porque, claro, con cada nova noticia tiñas que destruír todas as anteriores. Entón o Goberno Feijóo e a Consellería de Benestar pasou literalmente sete anos convencéndonos a nós de que ata que houbera a Axencia de Benestar estes señores e señoras que están aquí arriba e están fóra non podían ter V Convenio. ¡Pero aí, dende esa tribuna! Non sei se se desfán os diarios de sesións, ou se van quedar, ou se aquí hai funcionarios tamén triturando, como ocorría en 1984, eses diarios de sesións.

Pero, efectivamente, aquí a señora conselleira comprometeuse a que existira ese V Convenio, que non ten nada, nada que ver, coa dotación orzamentaria, con que a poña a Xunta, con que a poñan os concellos, con que a poña a Enterprise. O importante é que se lles garantan os dereitos a eses traballadores e esas traballadoras, independentemente de cal é a administración que poña esa dotación orzamentaria. Polo tanto, non nos intente enganar a nós, aos señores e señoras que están aquí arriba, aos que están fóra e aos que están nos seus centros de traballo.

¿Como que ao persoal da Xunta? Tamén hai interinos, hai persoas contratadas, hai substitutos. E vostede saberá perfectamente que todas as persoas están reguladas por un convenio, o V Convenio; en concreto, o do persoal laboral. Por certo, sabe vostede que teñen bastantes problemas, ademais, para os centros de día e para outros centros.

Entón, a pregunta non é se vai negociar un convenio, senón se vai cumprir a palabra que deu o Goberno Feijóo, que dixo exactamente no 2014 que, unha vez que pasaran a formar parte da Axencia de Benestar, terían asinado o V Convenio. Non é se van cumprir a legalidade e negociar un convenio, como todos os traballadores e traballadoras. Entenderá que, despois de dez anos, que nos veña anunciar como terceiro gran anuncio que se empezará a negociar un convenio, vergoña lle tería que dar, vergoña lle tería que dar dicir vostede aquí que non van asinar ese V Convenio. Estas persoas sufriron os mesmos recortes que o persoal funcionario e laboral da Xunta de Galiza e, en cambio, non teñen dereito nin a trienios, non teñen dereito a complementos e cobran un salario inferior, entre o 25 % e o 30 %, que as persoas que traballan para a Xunta de Galiza. Un exemplo: as escolas infantís cobran un 30 % menos de media, se non imos compatibilizar os trienios e os complementos, que as que traballan nas escolas infantís da Xunta.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: E vostede, que se comprometeu a que tiveran os mesmos dereitos –o seu departamento, o señor Feijóo– unha vez que pasaran á Axencia, agora intenta aquí convencernos de que o problema son os concellos. Non, independentemente de cal sexa a partida orzamentaria, os traballadores e as traballadoras teñen dereitos, e vostede debería asinar ese convenio.

E a pregunta é clara: ¿cando se vai asinar o V Convenio?

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ¿Ou debemos entender que xa non se vai asinar? ¿Esa é a súa resposta? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Adán.

Réplica do Goberno.

Señor conselleiro, ten a palabra.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): A verdade é que eu trato de vir sempre á Cámara a contestar o que se me pregunta. E, dende logo, o que se me pregunta non coincide co que me está dicindo. Vostede pregúntame por escrito: “¿Por que o Goberno galego non asina o convenio cos e coas traballadoras e traballadores do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar?”. Esa foi a súa pregunta. Eu contesteille exactamente a súa pregunta. Nós imos negociar e aprobar un convenio para eses traballadores, porque estamos preocupados e ocupados nesa solución. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Porque, dende logo, eu non lle vou falar do pasado. Se fora tan fácil esa equiparación da que vostede fala, sabe perfectamente o que lle podería dicir, que non llo vou dicir. Porque aquí estamos para buscar solucións onde outros non as encontraron. E, dende logo, unha solución que imos poñer enriba da mesa o que precisa é financiamento. E os concellos non son o problema, os concellos son a solución. Porque, despois de dez anos, acadamos un modelo de cofinanciamento consensuado, que implica uns ingresos que nos van permitir entre todos manter as escolas infantís e manter os centros de día.

E xa lle digo que ese acordo ten vocación de estabilidade, porque buscamos un acordo para todos. Ese acordo está subscrito por alcaldes do Partido Popular, por alcaldes do Partido Socialista, por alcaldes do BNG e por alcaldes das Mareas. Polo tanto, garantimos os ingresos necesarios para a aplicación.

Porque, mire, prometer algo que non se pode cumprir, dende logo, non é –creo– o máis adecuado, xogando cos intereses das persoas. Eu dígolle: mire, nestes últimos meses, ademais deste acordo, equiparamos en materia de permisos e vacacións o persoal do Consorcio co persoal da Xunta de Galicia, por primeira vez en dez anos, por primeira vez en dez anos. Neste momento abrimos as listaxes para evitar problemas moi serios que están existindo

nas escolas infantís e nos centros de día; segunda solución. E a terceira – teñen o meu compromiso esta Cámara e os traballadores – é que, tan pronto teña plenos efectos legais, iniciaremos a negociación para acadar un convenio. Porque, despois de dez anos, os traballadores merecen un convenio con efectos económicos para as súas retribucións.

Polo tanto, contéstolle á pregunta afirmativamente. Negociaremos e aprobaremos ese convenio, porque o Consorcio neste momento ten garantidos os ingresos. ¿O momento exacto? Os plenos efectos xurídicos do acordo ao que chegamos cos concellos, porque é o que garante que isto non é unha promesa, senón que será unha realidade inmediata. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a Consuelo Martínez García, do G.P. Mixto, sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa ampliación dos contratos dos traballadores e traballadoras de Seaga

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Martínez García.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidenta.

Como saben, Seaga leva dende o ano 2006 sendo unha empresa pública que foi creada precisamente para a prestación de servizos en materias forestais, especialmente as relacionadas coa prevención e a extinción de incendios. E traballa conxuntamente con brigadas contratadas directamente pola Consellería, non habendo diferenzas funcionais. Están, ademais, baixo o mesmo mando e actúan conxuntamente.

Sen embargo, a pesar de que non haxa estas diferenzas, os traballadores e as traballadoras de Seaga mantéñense con diferenzas en dereitos laborais que condenan o persoal de Seaga a unha precariedade laboral indecente, impropia dun goberno democrático, impropia dun goberno europeo, impropia dun goberno do século XXI. O persoal contratado a través de Seaga non ten convenio propio, como vostede sabe, nin se lle aplica o V Convenio colectivo para o persoal laboral da Xunta de Galiza, polo cal vostedes están condenando o persoal de Seaga a vivir na miseria, a que se lle aplique simplemente o Estatuto dos traballadores e o salario mínimo.

A pesar desta maior precariedade de Seaga, a Xunta tivo o valor de aplicarlle os mesmos recortes que lles aplicou aos traballadores e traballadoras públicos. Ademais, o tempo traballado en Seaga non se recoñece para o acceso ás listas de contratación da Xunta, e a duración dos contratos limítase a tres meses ao ano, tendo que atender á prevención e extinción os meses de IRDI alto, o cal os obriga a facer xornadas que chegan ás 12 horas. Pero, o que é peor, aínda así nin sequera se chega aos tres meses, porque como o ano pasado, e dá a impresión de que este ano tamén –pódenolo aclarar–, os traballadores aínda non van estar contratados o día 1 –igual pasou o ano pasado–. Empezarán a traballar máis tarde, habendo unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, do 14 de xuño deste ano, que di que están obrigados a contratar este persoal dende o día 1 como mínimo.

Ademais, vostedes están incumprindo a Lofaxga, que é do ano 2010 e que daba un período de dous anos para aplicar este convenio colectivo aos traballadores de Seaga. Polo tanto, levan vostedes catro anos roubándolles o diñeiro aos traballadores de Seaga. Seis anos despois desa lei, seguen vostedes sen cumprir algo tan básico como iso. Pero non soamente iso, e non me vou meter porque AGE ten unha pregunta relacionada con iso.

Vostedes agora contratan a limpeza dos montes con outras empresas. Ademais, a razón que dan é que sae máis barato, é dicir, poñen a precariedade por diante dos dereitos dos traballadores de Seaga e traballadores, xa, que levan anos contratando e facendo ese traballo, para abaratar, e despois veñen aquí dicir que a precariedade non ten nada que ver coas mortes en accidentes laborais, que debe de ser que os traballadores van ás súas empresas suicidarse ou que a culpa é dos traballadores por aceptar traballos precarios.

Dende logo, eu pído lle, por favor, un pouco de respecto cando conteste sobre os traballadores de Seaga e se están dispostos a facer ese contrato efectivo o día 1 este ano, e se están dispostos ademais a ampliar o seu contrato...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...para que poidan facer prevención nos meses de índice baixo.

Nada máis.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Martínez.

Ten a palabra a conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Grazas, presidenta.

Señora Martínez, por suposto que vou sempre responder con seriedade, con seriedade e con contundencia, e con moito respecto, que é o que se merecen os traballadores de defensa contra incendios, porque, sen dúbida, é un traballo duro, é un traballo arduo, onde a palabra morte soa forte, non; soa fortísimo, como en calquera outro traballo, pero é certo que cunha perigosidade maior que calquera outro traballador. De aí os meus respectos aos de Seaga e os meus respectos a todos os traballadores que traballan nas brigadas contra incendios.

Dicir lles, señorías, que, tal e como anunciaba anteriormente, e á parte como lles dixeran, vou responder cada unha das preguntas que me formularon os distintos grupos, que para iso se puxeron de acordo, e é bo que se poñan de acordo para defender o persoal de Seaga, pero fágano con sentido común e fágano non enganando ese persoal.

Dicialles que no día de mañá vai ao Consello da Xunta a encomenda de xestión. Dígolles, ademais, que a sentenza non di que ten que ser o día 1, senón que di que son tres meses; é dicir, se comezan o 13 de xullo, serán tres meses consecutivos. De aí que non enganen vostedes dicindo que é que se lles rouban 13 días. Non, en absoluto, se empezan o día 13 de xullo, cóntanse tres meses a partir do día 13 de xullo.

En primeiro lugar, á parte, gustaríame matizar as súas apreciacións sobre Seaga derivadas da súa característica de medio propio da Administración autonómica. En efecto, e como vostede sinala, esta sociedade mercantil autonómica nace cunha finalidade: a de ser un ente instrumental do sector público autonómico, de ser, polo tanto, un medio propio da Administración pública. Como tal medio propio, a actividade a realizar por Seaga non é libre, senón que, precisamente, só pode cumprir aqueles encargos, efectivamente, que lle realiza a Xunta de Galicia dentro do seu obxecto social.

O obxecto social da sociedade abarca, tamén, a realización doutro tipo de actuacións, obras, traballos e prestacións de servizos de materias agrícolas, gandeiras, forestais, acuícolas, pesqueiras, marisqueiras, de desenvolvemento rural, de conservación e protección do medio natural e do medio ambiente, así como as necesarias para o mellor uso e xestión dos recursos naturais e para a mellora dos servizos e recursos públicos.

Esta foi unha modificación, e esta modificación fai que cada vez teñan máis encomendas e, polo tanto, que cada vez poida máis persoal traballar neste ente público que é Seaga.

Deste xeito, e cando Seaga recibe as encomendas de prevención e extinción de incendios dentro do período alto de incendios forestais, está obrigada a facer o chamamento das ditas brigadas polo período de tres meses, tres meses que este ano comezarán o día 13 de xullo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora conselleira.

Para a réplica, ten a palabra a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Señora conselleira, reconece vostede que é un traballo duro e moi perigoso, pero condena estes traballadores a xornadas de doce horas diarias. Xa me dirá como hai seguridade con doce horas diarias de traballo perigoso. E dígolle máis, déixese de dicir aquí e de declarar o seu respecto polos traballadores e demóstreo con feitos; respecte, realmente, o seu traballo.

Pero mire, vostede acaba de mentir como unha campioa, ou non se leu a sentenza, señora conselleira. (*Murmurios.*)

O día 13 de xuño deste ano sae no DOG que se declara como época de perigo alto de incendios forestais a comprendida entre o 1 de xullo e o 30 de setembro. E a sentenza do Tribunal Superior di: “Declaramos o dereito do persoal con contrato indefinido discontinuo da empresa demandada, que realiza tarefas de xestión no campo da prevención e defensa contra incendios forestais nas categorías de peón, peón especialista, capataz, xefe de brigada, enxeñeiro, técnico forestal, administrativo e auxiliar administrativo, a que os seus períodos de actividade coincidan, cando menos, cos períodos nos cales se encuentre vixente a orde de execución de encomendas administrativas en relación coa prevención e extinción de incendios nos períodos de perigo alto de incendios, e condenamos a empresa a estar ao así declarado”.

Acaba de mentir, ¿o que di a sentenza é que o contrato ten que ter a duración –si, é certo– dos tres meses? Non, o que di é que ten que ter a duración que a propia consellería establece como meses de índice alto. E aí é onde vostedes non están cumprindo a sentenza, incúm-prena. Non di o día 1, o día 1 póñeno vostedes no DOG. A empresa di que teñen que empezar o día que vostedes poñen no DOG. Polo tanto, non minta aos traballadores de Seaga, non minta aos galegos e galegas; polo menos, teñan a decencia de aceptar que son os campións da precariedade laboral.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Martínez.

Réplica do Goberno, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidenta.

É tres meses dende que se realice a encomenda, e a encomenda vaise realizar no Consello da Xunta de mañá. Tres meses a partir do día 13 de xullo. O que di a sentenza son tres meses. (*Murmurios.*) Primeiro din que xa non son tres meses, despois din que si son tres meses, pero que non pode ser o día 13, senón que pode ser o día 1. Bueno, saiban vostedes que son tres meses, léase vostede ben a sentenza e, por suposto, de novo respecto, respecto e non andar cos traballadores dun lado para outro. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Á parte disto, dicirlles que nos primeiros meses do exercicio en curso, 2016, Seaga tivo a máis de 100 traballadores en encomendas de xestión para a execución de tratamentos silvícolas e loita contra pragas en montes de xestión pública. O 80 % destes traballadores desenvolven funcións no dispositivo de incendios, posto que ocupan os primeiros lugares nas listas de contratación temporal ao acreditar máis experiencia, criterio preferente nos baremos.

Dentro deste marco, e de conformidade coa súa planificación, trasladar que as distintas consellerías van seguir realizando encomendas a Seaga. Que ao incrementar, polo tanto, as necesidades, tamén se incrementa o número de persoal en Seaga.

Esta é a realidade e non outra, outra que vostedes queren vislumbrar ou mesmo azuzar, porque lles interesa agora, neste momento determinado, agora que comeza o período de incendios, pero da cal non se preocuparon a principios de ano. (*Murmurios.*)

Debo matizar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Terei que dicir que si estiveron en precariedade en épocas anteriores, incluso dende que se creou Seaga. E, efectivamente, no momento en que se puxo en marcha tiñan un contrato de obra e servizo; contrato de obra e servizo que non teñen agora mesmo, e non o teñen agora mesmo porque foron capaces de loitar, e fixeron a súa loita, e, ademais, o Tribunal Superior recoñeceu, e recoñeceu, a figura de fixo discontinuo. (*Murmurios.*)

E foi como consecuencia desta sentenza como durante o ano 2012 se modificou o cadro de persoal, creando 528 prazas de persoal, por suposto tal e como dicía a sentenza: persoal fixo discontinuo.

E a pesar de todo iso, e, por suposto, recoñecendo que hai que adaptarse á Lofaxga, e vendo o acontecido nos últimos tempos, dicirlles que é intención desta consellería apoiar a continuidade das negociacións entre as organizacións sindicais e a sociedade mercantil cara a avanzar na procura de mellores condicións de traballo. Por suposto, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) dentro do marco normativo aplicable tanto no ámbito laboral como no ámbito de emprego público e no ámbito presupostario.

Moitas grazas. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. Antón Sánchez García e cinco deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as razóns da Xunta de Galicia para recorrer a traballadores do sector privado en lugar do persoal de Seaga para os traballos de limpeza dos montes

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a pregunta, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) –silencio, por favor– ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señora conselleira, mente tanto que non me dá tempo nin a contestarlle a todas as mentiras que dixo.

Que nos preocupamos a última hora. Levamos toda a lexislatura facendo iniciativas sobre Seaga. Pregúntelles aos traballadores.

A min o que me gustaría é que puideran falar hoxe os traballadores para que a puxeran no seu sitio, despois de que fixese un festival de despropósitos.

Mire, vostede acaba de recoñecer a loita dos traballadores que conseguiron no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que se lles recoñeceran os seus dereitos. Vostedes forzáronos a gastar esforzo e a gastar diñeiro en loitar por uns dereitos que vostedes tiñan que térllelos concedidos sen ter que pasar pola xustiza, e aínda encima agora vén recoñecerlles a súa loita. Isto é recochineo xa, recochineo. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Se son vostedes –aínda encima– incompetentes, son incompetentes, acaban de perder unha sentenza máis. Xa perdemos a conta de cantas sentenzas: o eólico, as rutas de autobuses e agora isto, que custará diñeiro aos galegos e galegas, porque lles van ter que dar 35 días, que vostede nin se le as sentenzas, nin as coñece. Se as le non as coñece, porque non é nada de tres meses, é que lles teñen que dar 35 días que lles corresponden, a diferenza entre o período de encomenda e cando se iniciaron os traballos, e o período que acabaron os traballos e que acabou a encomenda. É que, por favor, un pouquiño de rigor e de coñecemento.

Léolle a sentenza: “*Declaramos el derecho del personal con contrato indefinido discontinuo de la empresa demandada, que realiza tareas de gestión y de campo en la prevención y defensa contra incendios forestales, en las categorías de peón, peón especialista, capataz, jefe de brigada, ingeniero técnico forestal, administrativo y auxiliar administrativo, a que sus periodos de actividad coincidan, cuando menos, con los periodos en los cuales se encuentre vigente la orden de ejecución de las enco-*

miendas administrativas subscritas por la empresa con la consellería competente de la Xunta de Galicia en relación con la prevención y extinción de incendios en los periodos de peligro alto de incendios, y condenamos a la empresa a estar a lo así declarado, sin motivos para la imposición de las costas”.

¿Onde está o dos tres meses, señora conselleira, que acaba de dicir, que di que é de tres meses? ¿Onde está? Explíqueme onde está. Con este é o rigor que trata.

Vostedes levan hostigando e acosando os traballadores de Seaga estes últimos sete anos para forzalos a que desistan, a que desistan de loitar polos seus dereitos. Téñenos nunha situación de precariedade laboral total, teñen que loitar na xustiza por uns dereitos que vostedes xa lles tiñan que conseguir. Vostedes tiñan que estar xa cumprindo co convenio, co V Convenio ou coa Lofaxga, e vostedes incumpren despois de anos esa promesa. Non vale nada a súa palabra, non vale de nada.

E vostedes acaban de contratar por 9 millóns de euros, máis IVE, a empresas privadas uns traballos que poderían facer os traballadores de Seaga perfectamente, porque non son traballos nada extraordinarios, son previsibles todos os anos. Pero non, porque iso significaría darlles futuro a estes traballadores. E vostedes queren que non o teñan, queren que desistan e que se vaian, señora conselleira, queren que desistan e que se vaian. Por iso contratan 9 millóns de euros con empresas privadas.

E dígame que números botaron vostedes para dicir...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...que iso é máis barato que que o fixeran os traballadores de Seaga. Porque, ¿vostede coñece os soldos dos traballadores de Seaga, señora conselleira? ¿Como é posible que a empresa privada, téndolles que pagar un 21 % de IVE...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...faga os traballos máis baratos que uns traballadores que cobran uns salarios bastantes baixos, señora conselleira.

Contésteme, se pode.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Ten a palabra a conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Grazas, señora presidenta.

Cando se poñan vostedes de acordo, igual a resposta pode ser outra. Primeiro dicíase que non había tres meses, despois que tiñamos que empezar o día 1, eu volvo reiterar que se comeza o día 13.

A pregunta que me formulaba vostede é: ¿cal é o motivo polo que a Xunta de Galicia recorre a traballos do sector privado en lugar de a traballadores de Seaga para as tarefas de limpeza do monte? E eu, por suposto, voulle responder.

A contratación de obras públicas forestais, mediante procedemento aberto, procedemento negociado ou contratación menor, é o sistema habitual que emprega a Consellería do Medio Rural para a licitación de traballos nos montes. Independentemente de que lle dixen anteriormente que ao longo dos primeiros meses do ano 100 traballadores de Seaga estiveron realizando traballos de silvicultura nos montes galegos. Non se trata dunha novidade, e non se trata dunha novidade dende que se creou, e cando se creou non estaba gobernando o Partido Popular.

Naturalmente, isto non quere dicir que Seaga, como ente instrumental da Administración, non cumpra un labor de máxima importancia no eido da prevención de incendios forestais e no desenvolvemento rural de Galicia. Pero o que non se pode afirmar é dicir que un contrato aberto é unha privatización.

De feito, dicirlles que se ben o PDR de Galicia 2014-2020 non exclúe expresamente a posibilidade de que os investimentos forestais, cofinanciados con fondos Feader –que son a gran maioría dos que se levan a cabo a través da Consellería do Medio Rural, e a gran maioría van destinados á prevención–, sexan realizados por entes instrumentais da Administración, son as autoridades comunitarias as que fan fincapé en que a moderación de custos nos investimentos ten a máxima prioridade, polo que estes traballos só poderán encomendarse a Seaga en casos moi concretos. E neses casos concretos a Consellería do Medio Rural fixo a encomenda a Seaga.

Señorías, é certo que a Subdirección Xeral de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e a Subdirección Xeral de Recursos Forestais publicaron na Plataforma de contratos da Xunta de Galicia a licitación de case 100 obras forestais, mais non de xeito exclusivo; estes eran no ámbito dos montes e de prevención contra incendios forestais e outras catástrofes.

Estes contratos non se licitaron –como vostedes afirman no discorrer da pregunta que formulan– case que con invitación ás empresas que se queren, senón todo o contrario, a consellería non convidou a ningunha empresa e recibiu, efectivamente, milleiros de ofertas económicas para realizar estas obras. E isto dino os distintos técnicos da Comisión Europea, que se ben no PDR non hai unha negativa contundente, si que se di que hai que...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): ...argumentalo cun fin. E cando ese fin se pode argumentar, Seaga leva a encomenda de xestión.

Moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora conselleira.

Para a réplica, señor Sánchez, ten vostede a palabra.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señora conselleira, ás veces hai que ter bo perder.

Non é que non nos puxeramos de acordo, é que eu lle lin a sentenza. A sentenza di o que di e vostede ten que admitir que antes mentiu, como mente moi a diario.

Mire, estes traballadores levan... (*Murmurios.*) Si, si mentiu, pois eu linlle a sentenza e non di nada de tres meses. Claro que mentiu, si señor, e hai que chamarlles ás cousas polo seu nome, ¡mentiu!; ou non coñece ben a sentenza, ¡claro!

Mire, estes traballadores levan anos pelexando porque se lles incrementa o período de traballo de tres meses –vostede comprenderá a precariedade na que viven estas persoas traballando tres meses, digo eu– e demandando que se lles fagan contratos, polo menos, de seis meses para poder vivir. Pode ser que sexa unha profesión na que non haxa traballo, pode ser. Pero é que se dá a casualidade de que hai traballo e vostedes teñen a vontade política de non darlles traballo aos traballadores de Seaga, máis ben forzalos a que se vaian.

E vostede volve mentir cando di que as autoridades comunitarias prohiben contratar este tipo de traballos con Seaga. É mentira, é mentira. E se non dígame onde está iso no PDR, que eu coñezoo bastante ben.

Mire, os traballos que vostedes contrataron: traballos silvícolas preventivos no concello da Pobra de Trives, traballos silvícolas para a prevención, traballos preventivos no concello da Merca; traballos preventivos é o que fan estes traballadores. Se vostedes tivesen vontade política de darlles traballo a estes traballadores, estes traballadores podían estar traballando seis ou nove meses; pero vostedes prefiren gastarse 9 millóns de euros en contratar a empresas privadas. ¡É así!

Deixen de xogar coa vida das persoas, digan que queren pechar Seaga, digan que non contan con estes traballadores, pero non estea mentindo, sexan valentes e díganlo. Pero vostedes acaban de gastar 9 millóns de euros nestes contratos e non me acaba de dicir –unha vez máis, porque non pode–, non me acaba de xustificar por que é máis barato o traballo destas empresas que o dos traballadores.

Aínda encima, coñecendo como fan vostedes as adxudicacións, non lle vou volver recordar, evidentemente...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...que detrás de todo isto hai o negocio que sempre queren facer vostedes co lume, como fixeron cos helicópteros, polo cal están investigados no Xulgado de Instrución número 3 de Santiago, por dar a dedo contratos de 6 millóns e de 12 millóns...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...e entón, ¿imos ter que cernos que é máis barato? Pois demóstrame que é máis barato e como pode ser máis barato cando estes traballadores...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...cobran os salarios que cobran, ¿como pode ser máis barato? E entón pódeme calar a boca, se me xustifica con números que iso é así.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Non o cremos, señora conselleira. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas.

Réplica do Goberno.

Ten a palabra a conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Sánchez, eu creo que os números non son o seu, non os leva moi ben. E digo que non os leva moi ben porque antes falábame de 9 millóns de euros, despois dicíame 9 millóns máis IVE, despois falábame de 11 millóns de euros, e eu, se lle parece ben, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* se lle parece ben, ou ben lle paso a vostede a relación de obras ou ben lla paso á presidenta para que sume..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ...para que sume.

É que non son 11 millóns de euros, señor Antón, é que son 3 millóns de euros; é que encima non son bos traballadores vostedes, os de Seaga si, os de Seaga si. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero vostedes non, porque fan un copia e pega e, polo tanto, non coinciden en absoluto. Así que, se lle parece ben, trasladémoslla á presidenta para que vostede poida recoller as obras que, por suposto, son capaces de dicir continuamente que as obras se dan a dedo. Cando quedan desertos din, ¡pobriños, que non o souberon facer!; se o procedemento é libre e se presentan *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* 1.000 empresas, entón din, ¡que barbaridade! e, ¿por que non o leva Seaga?

A ver, centrémonos un pouco. E entón direille: son 3.338.611 euros, dos cales 1,5 millóns son da Subdirección Xeral de Prevención e Defensa contra incendios forestais e 1,7 millóns son da Subdirección Xeral de Recursos Forestais. Isto foi o que se sacou a concurso e, polo tanto, vostede debería de revisalo de novo.

Efectivamente, a Xunta de Galicia realiza un forte investimento para a prevención de incendios forestais e, concretamente, no ano 2015 investiu máis de 22 millóns de euros para a realización de actuacións preventivas dirixidas ao territorio; 7,7 millóns de euros a través de investimento directo da Xunta de Galicia; 7,9 millóns en colaboración cos 264 concellos de Galicia, e 6,5 millóns mediante a concesión de axudas aos montes veciñais en man común.

E unha parte, máis grande ou menos grande, é a través de encomendas de xestión que se lle realizan a Seaga e outra é a través de contratación pública mediante procedementos abertos; os procedementos que vostede pasou de 3 millóns de euros a 9, e co IVE, por suposto, daban os 11, e que non ten nada que ver co que vostede nos estaba dicindo.

Anualmente o investimento realizado pola Consellería do Medio Rural para a execución dos traballos de prevención contra incendios forestais encoméndase a Seaga. É de, aproximadamente, 1,6 millóns de euros anuais.

A isto hai que engadir que eses datos que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Perdón? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben desde a tribuna de invitados.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Rogo que abandonen a tribuna de invitados, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben desde a tribuna de invitados.)*

Rogo aos servizos da Cámara que acompañen os invitados para que abandonen a tribuna, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben desde a tribuna de invitados.)*

Abandonen a tribuna, por favor. Abandonen a tribuna, por favor. Abandonen a tribuna, por favor.

Rógolles aos servizos da Cámara que acompañen as persoas que abandonen a tribuna, por favor. *(Protestas.)*

Suspendemos o pleno dous minutos mentres abandonan a tribuna.

Grazas.

Suspendemos o pleno durante dous minutos mentres abandonan a tribuna, por favor.

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Continuamos coa sesión.

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre as actuacións concretas susceptibles de realización, ao abeiro do convenio de colaboración proposto a través da Consellería do Medio Rural aos concellos galegos, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a pregunta, señor Balseiro, ten vostede a palabra.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, como vostede sabe ben, e así o acaba de demostrar, os incendios forestais son unha ameaza que afecta hoxe en día de xeito xeral non só o patrimonio forestal público e privado, montes de particulares, montes veciñais en man común e montes de varas, senón tamén os recursos naturais e o desenvolvemento da actividade humana no medio rural.

É certo que nos últimos anos se avanzou, dun xeito significativo, neste eido coa redución do número de hectáreas queimadas e tamén coa redución do número de lumes. Non hai que pensar que non hai tanto tempo estabamos en 10.000 e agora estamos, aproximadamente, en 4.000, co despregamento dun sistema de prevención e de extinción moito máis eficaz e moito máis eficiente, en especial grazas ao bo traballo dos profesionais deste servizo; de máis 7.000 persoas que durante o período de alto risco protexen os nosos montes.

Pois ben, hoxe sabemos que, como unha ferramenta útil máis para o combate dos lumes, a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, vén de propoñer aos distintos concellos galegos un convenio de colaboración. O Goberno galego, a consellería que vostede dirixe, quere colaborar e quere sumar esforzos coas entidades locais para a participación na prevención e na defensa contra os incendios forestais. E facelo, ademais, durante os anos 2016, 2017 e 2018.

A loita contra os lumes exige o compromiso de todos, de todas as persoas e de todas as institucións: perseguir a acción dos incendiarios e ter un monte máis ordenado e un monte máis limpo, prever situacións de risco e desenvolver tarefas preventivas.

Ese debe ser un esforzo e debe ser unha responsabilidade de todos, dos deste lado e dos dese lado tamén. Unha obriga legal e un compromiso social.

E por iso lle preguntamos, ¿en que materias e que actuacións concretas son susceptibles de desenvolverse ao abeiro destes convenios?

E, señora conselleira, aos que hoxe aquí a están criticando a vostede..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) algúns deles dicindo que se os traballadores de Seaga traballan tres meses –e pídenlles que traballen nove meses–, hai que dicirlles que cando eles gobernaban traballaban un mes ou dous, os mesmos traballadores. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Nada máis e moitas grazas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Trapalleira es ti! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Balseiro.

Ten a palabra a conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Grazas, señora presidenta. Señor Balseiro, dende os anos noventa a Xunta de Galicia viña subscribindo convenios de colaboración cos concellos para motobombas e posteriormente tamén para rozas de vías de

titularidade municipal. Foi no ano 2013 cando se incorporou a posibilidade de subscribilos tamén para brigadas de prevención e defensa. No ano 2015 unificáronse. O que se viña asinando como tres convenios independentes pasou a asinarse como un convenio único anual. Este ano incorporamos como principal novidade tres anos nas súas actuacións; é dicir, os concellos xa non van ter que estar pendentes de cando a Consellería do Medio Rural subscribe o convenio, senón que lles damos a seguridade de que durante tres anos, e neses tres anos durante tres meses consecutivos, eles poden organizar e reorganizar a prevención e tamén a extinción de lumes forestais.

Veñen de asinarse estes convenios con máis de 284 concellos para os anos 2016, 2017 e 2018. Polo tanto, permíteselles ás entidades locais realizar esa planificación, que é fundamental en aras de conseguir unha mellor organización e, polo tanto, que eles teñan ao carón dos seus lugares profesionais, porque tamén son profesionais os que realizan eses traballos.

As actuacións concretas susceptibles de realizar ao abeiro destes convenios son, por un lado, a participación na defensa contra incendios forestais mediante actuacións con vehículos motobombas, que hai que lembrar, ademais, o impulso que deu a Consellería do Medio Rural nos últimos anos para que teñan seguridade os traballadores, e, polo tanto, para que teñan vehículos en debidas condicións, e son varios para a Consellería de Medio Rural e varios para os distintos concellos, de xeito que estas motobombas, de propiedade municipal, financiadas con fondos propios da Comunidade Autónoma, estean á disposición de todo o territorio.

Estes vehículos intégranse no dispositivo de emerxencias do distrito forestal onde se sitúa a entidade local, dando prioridade nas actuacións á extinción de incendios forestais respecto doutros traballos. Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias de emerxencia, o órgano autonómico poderá decidir a mobilización destes medios fóra do seu termo municipal.

Outra das actuacións incluídas nos convenios é a realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado financiados con fondos Feader.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora conselleira.

Señor Balseiro, ten vostede a palabra.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señora conselleira, pola súa resposta.

Supón un feito satisfactorio saber que os concellos galegos son uns máis na loita contra o lume.

É certo que o Goberno actual de Galicia e o Grupo Popular sempre defendemos as brigadas municipais, non só as defendemos senón que os nosos alcaldes as piden; igual que as piden os alcaldes do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego. ¡Home!, cando menos, iso leva a pensar que os deputados do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego que no

Parlamento de Galicia critican as brigadas municipais non deben estar moito en contacto con eses alcaldes do partido deles que as piden. E agora, a maiores, creo que foi unha boa decisión o que queren facer vostedes: 2016, 2017 e 2018; e creo que ademais é unha decisión acertada.

Efectivamente, hai un dispositivo do lume que en calquera momento –e sen ánimo de ningún triunfalismo, porque nisto non debe haber ningún triunfalismo– funcionou, porque o número de hectáreas queimadas se reduciu e o número de lumes se reduciu en dez anos máis do 60 %, e iso quere dicir que funcionou. E hai outro que tamén o coñecemos e que o coñecen os galegos todos. Como comprenderá, eu non quero nomear aquí o que pasou no ano 2006 cos lumes, non o quero nomear aquí, pero quen lles está a falar era deputado neste Parlamento, e todos o sabemos, igual que tamén o souberon os galegos, e nós non queremos retroceder. Por iso lle digo, señora conselleira, que non lle faga caso á oposición nas políticas do lume, porque facerlle caso á oposición é retroceder ao ano 2006, (*Murmurios.*) e nós queremos seguir no ano 2016 e non retroceder ao ano 2006. (*Aplausos.*)

O que fixeron o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego sábeno algúns deputados desta Cámara, pero sobre todo sábeo Galicia e sábeno os galegos e as galegas. Non queremos retroceder ao ano 2006, queremos mirar para diante; estamos no ano 2016 e queremos falar de futuro. E temos datos, ademais, que demostran que o Partido Popular fixo unha boa política en incendios.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Balseiro.

Réplica do Goberno.

A conselleira do Medio Rural ten a palabra.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Moitas grazas.

Señor Balseiro, señorías, o esforzo da Xunta de Galicia, tanto administrativo como orzamentario, permitiu atender todos os concellos que o solicitaron –sen siglas, sen nomes–. E, efectivamente –tal e como dicía vostede e a pesar do que ás veces se escoita nesta Cámara–, son alcaldes de distintas cores políticas os que, por suposto, non están de acordo con algúns dos que aquí moitas veces falan. Polo tanto, quedou distribuído da seguinte maneira: no caso da Coruña, 62 brigadas; o número de motobombas é 18, o número de hectáreas, 5.137 e o importe anual, 2,6 millóns de euros. No caso de Lugo, 3,3 millóns de euros. No caso de Ourense, 4 millóns de euros. E, no caso de Pontevedra, 929.000 euros. O importe total para os tres anos é de 32.825.812,48 euros. Son 1.500 persoas as que serán contratadas por parte dos concellos para realizar estes traballos; traballos que, como digo, son, por un lado, preventivos, e, por outro lado, de extinción.

Ten unha grande importancia, por suposto, a prevención que se fai dende a Consellería do Medio Rural, a prevención que se fai dende os concellos e a prevención que cada un como titular dos seus montes e das súas terras ten que levar a cabo.

Como ben coñecen, dentro das accións dirixidas ao territorio e recollidas no Plan de prevención e defensa contra incendios forestais establécense, entre outras, as seguintes: o control selectivo de combustible forestal. Trátase de actuacións non produtivas pero de grande importancia polo seu carácter preventivo e de defensa. Son traballos que se encamiñan especialmente a romper a continuidade horizontal e vertical do combustible forestal. E como exemplos temos as áreas cortalumes, temos os desbroces e temos as franxas auxiliares de pista. Ademais, realízase o mantemento de infraestruturas preventivas de defensa, que son fundamentais na posta en valor do monte, así como na súa vixilancia, detección e extinción dos lumes.

Con estas accións trátase de acadar unha densidade óptima de infraestruturas forestais, de mellorar os tempos de reacción mediante unha rede de pistas que posibiliten o acceso rápido e seguro para todos os traballadores, e a extinción do lume, rompendo a descontinuidade horizontal e vertical do combustible e a capitalización do lume e así facilitar a súa activación económica e o seu uso social. Se somos quen de poñer en valor o lume, se somos quen de seguir mantendo no noso rural esas empresas de transformación, esas empresas de deseño e, polo tanto, seguir relanzando, e que iso supoña os 1.770 millóns de euros de economía e os 70.000 postos de traballo, será un éxito de todos excepto dalgúns, que parece que teñen ganas de que haxa lume.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. Juan Manuel Fajardo Recouso e cinco deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as previsións do Goberno galego respecto da instalación dos medios técnicos necesarios para posibilitarlles aos mariscadores da ría de Ferrol a obtención das guías de transporte de xeito telemático sen necesidade de desprazarse fisicamente á máquina de expedición do documento

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Boa tarde-noite a todos.

A verdade é que ter que esperar, despois de dous aprazamentos, para tratar este tema concreto que afecta a vida e o traballo dun colectivo de traballadores do mar da ría de Ferrol, pero sobre todo tratalo despois de ter que observar –e por iso a miña solidariedade cos traballadores de Seaga– o desprezo co que foron tratados por parte da conselleira é certamente lamentable. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Silencio, por favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor FAJARDO RECOUSO: Lamento profundamente que non só sexa desprezo por parte da conselleira senón tamén por parte dos deputados do Partido Popular, que non entenden que

un traballador veña aquí reivindicar que quere un traballo digno e que, cando menos, o teña os meses necesarios para poder manter a súa familia. ¡A ver se é que eles non teñen eses problemas de manter a súa familia a través dun traballo! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Continúo coa pregunta. Vimos preguntar sobre unha cuestión concreta que ten que ver coa necesidade de articular un mecanismo que permita aos percebeiros da Confraría de Ferrol que traballan en Meira, que lles facilite, non só a súa vida, senón a conciliación, e que mellore a súa seguridade. Como ben sabe a conselleira e os que estamos aquí, a Orde do 8 de febreiro determina as condicións que deben de facerse para trasladar os bivalvos ou a produción de produtos do mar entre o seu desembarco e o punto de venda cando non é o mesmo, as chamadas guías de transporte. Vostede sabe que estes percebeiros se ven obrigados a incrementar o desprazamento para obter esa guía de transporte nunha media de entre 60 e 90 quilómetros cada día, o cal supón un incremento do custo e un incremento da súa inseguridade, porque, ademais, supón que teñen que ir a unhas velocidades importantes para poder chegar á lonxa de venda antes de que esta peche. E o que teñen que facer estes mariscadores é, ao saír da súa faena do mar, dirixirse ao porto de Ferrol, onde está a máquina de expedición destas guías de transporte, para logo volver con esa guía de transporte ata Cedeira para poder vender o seu produto.

Nós o que lle preguntamos é: ¿por que non se habilita un mecanismo que lles permita de forma telemática a estes mariscadores ter no seu dispositivo nada máis desembarcar estas guías de transporte? Porque a realidade é que eses mecanismos informáticos xa existen. Existe directamente unha aplicación e, cando non funciona a máquina, a través da propia confraría dáselles unha autorización para esa guía de transporte. E tamén existe un mecanismo de que cando, por exemplo, na máquina de expedición non hai papel, se lles facilita un código, co cal poden transportar ese mecanismo. Porque ademais o propio decreto establece dunha forma moi clara no seu artigo 2.1 que esta orde facilitará as aplicacións informáticas necesarias para facilitar a súa expedición. Polo tanto, existe a aplicación, existe a facilidade legal para facelo; o que nós non entendemos é por que se lles complica a vida a estes mariscadores e non se lles facilita un mecanismo, desde logo, que signifique aforrar custos, que non teñan que xogar a vida na carretera e, sobre todo, que non teñan a necesidade dun mecanismo que non ten ningún sentido, salvo que alguén se estea beneficiando da utilización dese tipo de máquina expendedora.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas.

Ten a palabra a conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señora presidenta.

Señorías, señor Fajardo.

En primeiro lugar, quixera ter nesta Cámara unha mensaxe de lembranza para Julio Videira, ex patrón maior da Confraría de Ferrol, que tristemente perdía a súa vida esta semana. Dende

aquí quero enviar o noso recoñecemento ao traballo que fixo a prol da xente do mar desa confraría e enviar un agarimoso saúdo á súa familia e aos seus amigos.

Indo á súa pregunta, señor Fajardo, claro que esta consellería ten por obxectivo facilitar a vida da nosa xente do mar. Sabemos que o sector marítimo-pesqueiro é o sétimo eido da economía máis regulamentado, e debemos axear a normativa e a práctica para que non colisionen ambos os dous conceptos. Nesa liña están deseñados os Ticpesc. Os terminais Ticpesc son unha ferramenta de acceso á administración electrónica que a Consellería do Mar pon ao servizo do sector pesqueiro e dos cultivos mariños. Nestes terminais –como vos- tede ben sabe– os armadores de embarcacións con porto base en Galicia, ou os acuicultores, poden emitir documentos de transporte, documentos de orixe, documentos de rexistro e documentos de alternancia de artes. Entre os obxectivos deste proxecto está dotar a todos os portos pesqueiros de terminais Ticpesc, de xeito que presten servizo durante as 24 horas dos 365 días do ano e que non dependan dos horarios de atención das confrarías de pescadores ou das lonxas.

Entre as principais funcións destes terminais está a disposición dun servizo necesario para o traslado de mercancías vía terrestre. E entenderá vostede, xa que logo, que se comezasen a instalar por aqueles puntos e portos de maior movemento de peixe e marisco.

Con esta iniciativa fomos pioneiros en España e en Europa na mellora da trazabilidade e do seguimento, ao tempo que se cumprían as normas que establece a Unión Europea sobre esta materia, e a súa positividade mesmo se recoñeceu no Parlamento Europeo nun informe sobre a organización común dos mercados da pesca durante a reforma da política pesqueira común.

Temos, nestes momentos, 56 Ticpesc instalados ao longo da costa galega, dos cales, 25 están en Pontevedra, 26 na Coruña e 5 en Lugo, e veñen acompañados de 4.711 tarxetas activas. Con tal despregamento, permitiuse a emisión de preto de 50.000 documentos no ano 2015.

A tendencia é a medrar, xa que a día de hoxe se están instalando dous novos terminais: un no porto de Carril e outro en Moaña, e o seguinte pode ser Ferrol, porque xa en 2014 se iniciaron contactos para solucionar este problema que hoxe vostede nos plantexa. Este tema xa se tratou hai dous anos co grupo de percebeiros interesados. Propúxoselles a posibilidade de buscar unha localización próxima ao punto de descarga onde se puidesen instalar os medios telemáticos para a elaboración dos documentos baixo o control dunha persoa responsable.

Tamén se lles indicou que para tal fin sería necesario o acordo da confraría, pois é o organismo de quen dependen. A merma de ingresos que supoñía a perda das vendas non facilitou daquela este paso, pero estou segura de que neste momento e en breve tempo teremos solución para o problema.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Para a réplica ten a palabra o señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Señora conselleira, vou tratar de ser claro.

Eu non quería falar da problemática de toda Galicia, senón dun problema en concreto, dos percebeiros de Meira, que, como vostede sabe, para obter estas guías teñen que desprazarse case 19 quilómetros ata o porto de Ferrol, coller a guía e volver correr outros 19 quilómetros para atrás, para ir vender o seu produto a Cedeira. O que eu me pregunto é que se vostede di que é posible, ¿por que non se instala xa ese mecanismo onde eles extraen o produto ou onde chegan a terra? Por certo, o señor Hipólito Fariñas comprometeuse con eles a facelo xa no 2014, como el dixo, incluso había ubicación, que era a Cooperativa do Val. ¿Por que non se fixo? Deberían vostedes plantexar por que non se fixo.

Pero é que non só é iso, é que o propio decreto determina que se pode facer mediante unha aplicación informática. Non é necesario ter un papel, pódese facer a través do teléfono móbil. A aplicación existe e funciona, porque, cando non está a terminal operativa, na propia confraría se lles dá o código para que poidan trasladar ese produto. Polo tanto, existe unha aplicación informática. Ante esta situación, que se obriga a estes mariscadores a percorrer de ida e volta un camiño absolutamente innecesario, a miña pregunta é: ¿por que a estes mariscadores non se lles facilita este punto? E, ademais, ¿por que non se facilita a todos os mariscadores do conxunto do país a aplicación informática para que dende os seus teléfonos móbiles teñan directamente ese código?, que é o que precisamente pon o seu decreto. Nós é o que non entendemos, salvo que exista algún tipo de negocio vencellado a estas cabinas que impida que isto se utilice. A aplicación xa existe, que está en Pesca de Galicia, e pódese utilizar nos teléfonos móbiles de todos para que sexa directamente utilizable polos mariscadores.

Esa é a nosa pregunta: ¿por que se lles obriga, precisamente, a estes a percorrer eses quilómetros de máis, que poñen en risco a súa seguridade viaria, pero que tamén iso pon en risco, seguramente, a súa economía, porque vostede debe saber que ese proceso significa que cada día deben perder entre 10, 15 ou 20 euros a maiores en gasóleo, cando a súa situación económica é a que é –porque sabe cal é o recurso que traen do mar e cales son os seus ingresos–?

Polo tanto, eu dígolle: se vostede cre que se pode facer en Carril, ¿por que non se fai xa neste entorno dunha forma inmediata? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Fajardo.

Réplica do Goberno.

Señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor Fajardo, a ver como llo explico. Mire, nós empezamos a deseñar esta ferramenta informática xa no ano 2005. Naquel momento instalamos xa o primeiro Ticpesc no porto do Bueu, e quedaban outros tres a proba, que se instalaron durante o Goberno bipartito. Pero ata que non chegamos de novo á Xunta, non se lle deu o impulso a esta ferramenta. (*Murmurios.*) Si, si, pero voullo explicar, voullo explicar, porque vostede, ás veces, eu non sei que pretende e di que nós queremos sacrificar o sector pesqueiro. Nós estamos a traballar dende sempre na defensa do sector pesqueiro e en facilitarlle o máximo cumprimento das normativas, tanto comunitarias como estatais como autonómicas.

Pero mire, verá vostede, as ferramentas están deseñadas. No ano 2014, como vostede moi ben dicía, un deputado do Partido Popular tivo unha xuntanza xa coa confraría naquel momento, cos percebeiros e coa Xunta de Galicia. E nós lles dixemos que as ferramentas estaban. A confraría foi a que naquel momento non aceptou que se puxera alí un punto de control porque entendían que aos percebeiros así se lles facilitaba moito que puideran levar o percebe a vender a Cedeira, deixando os beneficios todos desa extracción no porto de Cedeira e non no porto de Ferrol.

É evidente, e vostede ten que ler... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, pero non sexa vostede tan mal pensado, que sempre está dándolle voltas á súa cabeciña de quen saca aquí un negocio. Ten que entender a lexislación no seu conxunto. As confrarías son as que xestionan as súas zonas e a autorización dentro dos plans de explotación. As confrarías son as responsables da vixilancia e do control dese ámbito de autorización. E, polo tanto, son as encargadas do control dos produtos que desas zonas se extraen. Polo tanto, é ben lóxico que as persoas que traballan nesas zonas de autorización contribúan a manter os servizos que lles presta a confraría. Por iso están deseñadas estas aplicacións informáticas de tal maneira que sexan os propios traballadores da confraría os que vexan o cumprimento da legalidade polo que teñen que apostar.

Nós o que dicimos é que todos os produtos que saen do mar, por normativa comunitaria, teñen que pasar por un punto de control ou por un punto de descarga, e iso é o que se lles está dicindo, que se ten que habilitar onde pasen o control estes percebeiros antes de ir facer a súa venda á lonxa de Cedeira.

Estoulle dicindo: estamos en reunións constantes coa Confraría de Ferrol. Lamentablemente, houbo que retrasar dúas veces a reunión por problemas sobrevidos á propia confraría –un deles, precisamente, a lamentable perda do ex patrón maior da confraría de Ferrol–, pero dende o 10 de maio hai xa tamén unha comunicación estreita coa confraría, dicíndolle a posibilidade que teñen cando teñen de acceder por códigos informáticos a través dos seus ordenadores. Cada armador pode facelo, pero o control de descargas é outro distinto. O que se pode facer dende o ordenador é a posibilidade de cambio de alternancia de artes. O control das descargas por regulamento comunitario hai que facelo nun punto onde exista alguén responsable da confraría que xestione o plan, e por iso estamos nesta situación.

Pero non se preocupe, non hai ningún interese de ninguén de sacar aquí ningún beneficio. A ferramenta informática deseñouse dende a Xunta de Galicia para darlles servizo, como


sempre, aos noso pescadores, aos nosos mariscadores e aos nosos percebeiros. Nesa liña imos seguir traballando, señor Farjardo.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Estea vostede tranquilo. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Non habendo máis asuntos na orde do día, ér-guese a sesión.

Remata a sesión ás nove e dous minutos do serán.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25